Nos últimos anos, a biblioteca escolar foi evolucionando nas súas funcións, organización e usos, en paralelo ás novas demandas e retos da sociedade, converténdose nun elemento fundamental da escola, nun eixo básico de acción educativa. Neste contexto aparece un novo modelo de biblioteca escolar, entendida como un "centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, como un contorno educativo específico integrado na vida da institución escolar, que apoia o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensino e facilita ao alumnado a aprendizaxe de contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa" (Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares, 2011, p. 12).

Na sociedade actual do coñecemento e da información, a biblioteca escolar é considerada como un centro de recursos e documentación para o desenvolvemento do currículo e a actividade docente en xeral, ademais de ser un espazo idóneo para a innovación educativa. Un dos principais obxectivos da biblioteca escolar será servir aos intereses do alumnado e do profesorado nos procesos de ensinanza-aprendizaxe, ademais de ser un recurso fundamental para a implementación de plans, proxectos ou programas de centro dirixidos á adquisición de competencias básicas e hábitos de lectura. Pero, se ben é certo que o profesorado e o alumnado son os colectivos aos que se dirixen principalmente as iniciativas da biblioteca escolar, esta non é allea ao importante papel das familias na formación lectora do alumnado, e por iso debe fomentar a súa implicación a través da participación en actividades de dinamización lectora, narracións, etc.

A *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación* (LOE) no seu artigo 2.2 destaca o fomento da lectura e o uso da biblioteca entre os factores que favorecen a calidade do ensino e aos que os poderes públicos deben prestar atención prioritaria. No seu artigo 113, afonda nestes aspectos sinalando que todos os centros de ensino disporán dunha biblioteca escolar que contribuirá a fomentar

a lectura e a que os alumnos e as alumnas accedan á información e a outros recursos para a aprendizaxe das distintas áreas e materias.

A biblioteca escolar constitúe, polo tanto, unha contorna privilexiada para o desenvolvemento de competencias relacionadas coa lectura e o tratamento da información. A formación lectora do alumnado, a adquisición de procedementos que permitan o uso de múltiples fontes de información e documentación, o fomento de valores en relación coa abundante información da que hoxe dispoñemos e o desenvolvemento de estratexias para a aprendizaxe autónoma ao longo da vida, son algúns dos obxectivos a cuxo logro contribúe a biblioteca escolar.

O papel da biblioteca como instrumento fundamental na formación lectora aparece contemplado no desenvolvemento curricular da Comunidade Autónoma de Galicia (*Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* e o *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o curriculo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*). Neste marco normativo contémplase a obrigatoriedade de que todos os centros docentes elaboren os seus proxectos lectores de centro no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Para mellorar o funcionamento da biblioteca escolar desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria véñense desenvolvendo plans, programas e iniciativas capaces de dar resposta aos novos retos da sociedade actual. Concretamente, en marzo de 2005 publícase a primeira convocatoria do "Plan de mellora de bibliotecas escolares" (Plambe) para o curso 2005/2006. Este plan, dirixido a todos os centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, trata de incentivar a elaboración e posta en marcha de proxectos que recollan a organización, actualización e dinamización da biblioteca escolar e a súa integración nos procesos de ensino e aprendizaxe, a realización de actividades de formación de usuarios/as e educación documental, o fomento da lectura e a dinamización cultural entre toda a comunidade escolar.

Posteriormente, no ano 2010, ponse en marcha o Plan LÍA 2010-2015 de bibliotecas escolares para a lectura, a información, e a aprendizaxe. No marco deste Plan prevese, entre outras actuacións, a continuidade das convocatorias anuais do Plan de mellora de bibliotecas escolares (Plambe), o afianzamento da Rede de bibliotecas escolares de Galicia e a colaboración con outros axentes

sociais, a formación do profesorado, a implicación das familias e a mellora do programa *Hora de ler*, que ampara diversas iniciativas como a edición anual de carteis destinados a poñer en valor a biblioteca escolar e a lectura entre os distintos sectores da comunidade educativa. Así mesmo, no marco deste programa realízase a convocatoria anual de *Clubs de Lectura* e o *Proxecto E-LBE*, de dispositivos electrónicos de lectura como impulso da lectura dixital nas bibliotecas escolares.

A biblioteca escolar serve, ademais, de canle para a integración nos centros educativos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) nas actividades de aprendizaxe. Da intensidade do traballo que en torno á rede se vén desenvolvendo dan conta as iniciativas levadas a cabo nos centros educativos, derivadas do Plambe, e que se recollen a través da propia web dinámica de Bibliotecas Escolares (http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/), e noutros espazos web tales como os espazos web *Ler en mancomún*, *Libros a eito*, *Rede Lectura*, o *Boletín en Scoop.it: Bibliotecas Escolares de Galicia* ou os seus perfís en *Facebook* e *Twitter*, así como os numerosos blogs das bibliotecas escolares dos centros de educación primaria e secundaria.

Nos distintos traballos de investigación sobre a biblioteca escolar, en xeral, perséguense obxectivos dirixidos a impulsar o seu desenvolvemento como motor dunha cultura pedagóxica renovada que incorpore os cambios necesarios para responder aos retos que a sociedade presenta hoxe á escola (Fierro, 2008).

Atópanse tamén investigacións sobre a percepción e posta en valor da biblioteca escolar, cuestión de gran relevancia para a comunidade educativa, especialmente no caso galego, sobre todo se temos en conta que, por un lado, a *Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia* alude ás bibliotecas escolares como integrantes do Sistema galego de bibliotecas e subliña o seu papel e importancia.

Pola nosa parte, ao enfrontarnos co estudo da biblioteca escolar formulamos algunhas preguntas como:

- Cales son os usos que se fan da biblioteca escolar?
- Como valoran os usuarios e as usuarias a biblioteca escolar en relación aos servizos que ofrece?
- Como son os recursos cos que conta?
- Está a biblioteca escolar integrada na actividade diaria dos centros?
- Que impacto teñen os plans institucionais no funcionamento da biblioteca escolar?
- Que impacto teñen os plans institucionais nos usos, prácticas e hábitos do alumnado e profesorado?

Para dar resposta a estas cuestións, o traballo que realizamos estrutúrase en tres partes: unha primeira dedicada ao estudo dos fundamentos teóricos e lexislativos relacionados co funcionamento da biblioteca escolar. Unha segunda na que se expón a metodoloxía utilizada. E unha terceira na que se recolle a análise da información cuantitativa e cualitativa facilitada polos distintos sectores da comunidade educativa máis directamente relacionados coa biblioteca escolar e que interveñen na xestión, dinamización e uso (responsable da biblioteca, director/a, profesorado do equipo de apoio á biblioteca, alumnado e nais e pais) e algunhas consideracións finais. Por último, achéganse as conclusións finais e unha serie de propostas de mellora referidas aos distintos aspectos estudados.

Estas distintas partes supuxeron una tarefa de coordinación, análise e interpretación, nas que se tratou de acadar unha síntese dos aspectos máis relevantes proporcionados por cada sector en cada un dos aspectos ou dimensións da biblioteca escolar sobre os que se suscitaron cuestións, o que supuxo o traballo combinado de moitas persoas.

Finalmente, desde estas liñas introdutorias queremos expresar o noso agradecemento ao presidente, vicepresidente, secretario e demais membros do Consello Escolar de Galicia que confiaron ao Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela a elaboración deste Informe, a todos e todas os/as responsables da biblioteca, directores e directoras, profesorado do equipo de apoio á biblioteca, alumnado, nais e pais e á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia polas súas contribucións; sen a súa colaboración a realización deste traballo non sería posible. Así mesmo, agradecemos a todos os profesores e profesoras e aos investigadores e investigadoras que participaron no estudo o traballo realizado; aos aplicadores e aplicadoras dos instrumentos de recollida de datos; as codificadoras de datos; ás bolseiras e, por último, ás persoas anónimas que non figuran no informe pero cuxa contribución foi imprescindible para poder realizalo e melloralo.

Ana Mª Porto Castro
Mª Josefa Mosteiro García
Directoras do informe

Parte Teórica

I

A biblioteca escolar. evolución histórica e lexislativa

CAPÍTULO 1

Este estudo sobre o funcionamento das bibliotecas escolares de Galicia, aínda que non ten como obxectivo fundamental profundar na evolución do concepto de biblioteca escolar ao longo do tempo, esixe un breve percorrido pola súa andadura en relación con outros conceptos próximos, aos que iremos facendo referencia neste primeiro capítulo.

Neste percorrido, a título ilustrativo e non necesariamente exhaustivo, farase mención tanto a unha selección de aqueles aspectos lexislativos máis importantes, como a outros ámbitos que incidiron no desenvolvemento normativo e/ou de sensibilización social e educativa das bibliotecas como ámbito e espazo para a lectura, como unha oportunidade para o desenvolvemento dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, que pode achegarnos unha dimensión máis completa do estudo que presentamos.

1.1. Os primeiros pasos en España ao longo do século XIX

Coa creación do sistema educativo español contemporáneo a partir do constitucionalismo do século XIX, comezaron a sentarse as bases das bibliotecas escolares. A Ilustración amosara xa a súa preocupación polo impulso das bibliotecas públicas e pola lectura. As ideas renovadoras do *Rapport de Condorcet e da Enquisse* de Jullien de París, despois da Revolución Francesa, ou do *Informe* de Quintana en 1814, rematada a Guerra da Independencia, foron importantes neste contexto. A sesión das Cortes de 28 de novembro de 1813 presentaba o *Regulamento de Creación das Bibliotecas Públicas Provinciales*, regulamento que sinala o momento fundacional e o programa ideolóxico sobre a importancia das bibliotecas públicas provinciais (Bartolomé Martínez, 1992, p. 310).

A chegada dos liberais ao poder e as leis desamortizadoras de Mendizábal foron unha ocasión propicia para o establecemento máis efectivo das bibliotecas públicas provinciais. Coa colaboración das deputacións comezaron a chegar fondos ás bibliotecas dos institutos acabados de fundar e ás universidades. Insistíase na necesidade de creación dun novo concepto das ensinanzas, mellores libros de texto e na apertura de boas bibliotecas para apoiar ese desenvolvemento. Nese sentido, o *Plan del Duque de Rivas* (1836) e o *Plan General de Estudios* de Pedro José Pidal (1845) encamiñaron a cuestión das bibliotecas públicas, coa presenza de Antonio Gil de Zárate, director xeral de instrución pública. No *Real Decreto de 4 de agosto de 1836,* o Cap. IV, De los bibliotecarios, sinala no art. 82: "En los Institutos elementales y Facultades mayores, la biblioteca estará, por ahora, a cargo de un catedrático nombrado por el claustro general, al cual se le dará una gratificación proporcionada a su trabajo". E no artigo seguinte (art. 83) concrétase que será obriga dos catedráticos coidar da biblioteca. Pola súa banda, o *Plan General de Estudios,* aprobado por *Real Decreto de 17 de*

setembro de 1845, no seu art. 107, referíndose aos "regentes-agregados", entre as súas obrigas figura ter ao seu cargo as bibliotecas.

Grazas ás xestións de Pablo Montesino, que tivo un cometido importante tanto na implantación das escolas de párvulos como na formación dos mestres coa creación da Escola Normal Central, entre 1847 e 1849 ditáronse as primeiras disposicións legais sobre a participación dos mestres na creación das bibliotecas. Un *Real Decreto de 23 de setembro de 1847* dicía que "las Academias de Profesores, de acuerdo con los Ayuntamientos y Comisión superior, procurarán formar Bibliotecas populares, a cargo de los Maestros que la Comisión designará, y que se abrirían a disposición del público por las noches o en los días festivos" (art. 54). E o artigo 18 da *Real Orde de 12 de outubro de 1849* encargaba aos inspectores que investigaran os medios de establecer bibliotecas populares, indicasen os libros que debían adquirirse, interviñesen na formación dos regulamentos e vixiasen o seu exacto cumprimento.

Pero a aparición da nosa primeira lei marco do sistema escolar, a *Lei de Instrucción Pública de 1857* (coñecida como Lei Moyano) amosou unha total despreocupación por esta temática, que non queda recollida no seu articulado, agás no que se refería ás bibliotecas públicas (art. 163):

> El Gobierno promoverá los aumentos y mejoras de las bibliotecas existentes; cuidará de que en ninguna provincia deje de haber a lo menos una biblioteca pública, y dictará las disposiciones convenientes para que en cada una haya aquellas obras cuya lectura pueda ser más útil, atendidas las circunstancias especiales de la localidad y del establecimiento a que pertenezca

Serían as posteriores disposicións legais as que trataron de cubrir esa lagoa. A responsabilidade recaeu na figura do mestre, quen "levará a lista de libros servidos, confeccionará unha estatística semestral e unha memoria anual. Fixará o horario de apertura e facilitará acomodo aos lectores, así como papel e tinta se desexaran copiar algo" (Escolar, 1990, p. 446).

Durante o denominado Sexenio Revolucionario ou Democrático (1868-1874), o art. 2º do *Decreto de 18 de xaneiro de 1869* esixía que os edificios construídos para escolas tivesen unha sala destinada á biblioteca, esixencia que volvería máis tarde a recollerse no art. 14 do *Real Decreto de 5 de outubro de 1883*, xa nos comezos da Restauración. E unha extensa e pormenorizada *Orde de 28 de setembro de 1869*, dirixida ás bibliotecas populares, aprobaba unha serie de disposicións sobre as funcións que deberían desempeñar as xuntas provinciais de instrución primaria, os concellos (que costearían, ademais, os armarios e demais mobles necesarios), o labor dos mestres coas estratexias de control dos libros, as memorias comprensivas ao final de cada ano, co establecemento, incluso,

de propostas de lecturas populares ao seu cargo ou doutra persoa ilustrada da localidade. Outra *Orde de 6 de marzo de 1870* dispuxo que se admitiran nas administracións de correos, francos de porte, todos os libros, paquetes e coleccións destinadas a bibliotecas populares.

Desde o ámbito do ensino privado, foi importante a preocupación dos institucionistas polo tema da formación nas institucións escolares, coa respectiva dotación de material e estratexias educativas. Nos propios Estatutos da Institución Libre de Enseñanza (ILE), aprobados en 1876, no art. 16º figuraba o establecemento de "una biblioteca y los gabinetes dotados de material correspondiente" (art. 6º). E Manuel B. Cossío, o alumno predilecto de Francisco Giner de los Ríos, na súa intervención no Primeiro Congreso Nacional Pedagóxico de 1882, facía referencia á biblioteca escolar e a súa importancia.

Para mellorar as condicións da primeira ensinanza, e baixo a influencia da ILE, por *Real Decreto do 6 de maio de 1882*, con José Luis Albareda no Ministerio de Fomento, créase en Madrid un Museo de Instrución Primaria, do que Cossío ocuparía a dirección durante moitos anos. O Museo cómprendería, entre outros apartados e cometidos, "una biblioteca de instrucción primaria" (art. 1, 5º). O Regulamento do Museo de Instrución Primaria, aprobado pola *Real Orde do 8 de xullo de 1882*, establecía que unha sección circulante de préstamos gratuítos, coas debidas garantías, atendidos preferentemente polos mestres das escolas normais e das escolas públicas de primeira ensinanza, organizaría a correspondente Biblioteca (art. 3º). O mesmo Cossío, en *La reforma escolar* (1899), un texto que, entre as reformas especiais para a Primeira ensinanza, pedía ao Estado: "creación inmediata de bibliotecas pedagógicas en las cabezas de partido. Selectas, pequeñas, baratas y con ejemplares dobles (por lo menos), para que circulen entre todos los maestros de los pueblos» (1899, p. 344).

1.2. A chegada do século XX

Coa chegada do século XX, a nivel europeo figuran principalmente dúas tendencias. Por un lado, os países nos que as bibliotecas públicas suplen ás demais bibliotecas, coa correspondente transmisión da cultura a través dos libros. Neste modelo inclúense Austria, Portugal ou tamén España. Por outra banda, atopamos ao Reino Unido, Suecia ou Finlandia, cun modelo no que as bibliotecas públicas se centran na transmisión de información, deixando o seu propio espazo ás bibliotecas escolares.

A achega ás formulacións da denominada Escuela Nueva, tanto na vertente europea como na *Progressive Education* americana, permítenos coñecer de cerca novas propostas co novo século XX. Mentres en Estados Unidos, figuras

como Dewey e seguidores, impulsan a Escola Laboratorio e substitúen os pasos formais de Herbart por unha nova metodoloxía de investigación, a nivel europeo, desde distintos ámbitos, Ferrière coa súa *escola activa*, Decroly e os Centros de interese, Kerschensteiner e a Escola do Traballo, María Montessori e a Pedagoxía da autoeducación, Freinet e as súas técnicas (Correspondencia interescolar, Implantación da imprenta e demais) revolucionan o apartado dos medios, recursos e materiais didácticos.

A creación en España do Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes (*Real decreto do 18 de abril de 1900*) significou novos avances. Despois do breve período de García Alix no Ministerio, foi no ministerio seguinte, na obra reformista de Álvaro Figueroa, Conde de Romanones, cando se deron pasos importantes con respecto aos estudos de maxisterio, aínda mantendo a división en elementais e superiores para as escolas de primeira ensinanza.

A nivel oficial, a presenza institucionista de Rafael Altamira na Dirección Xeral de Primeira Ensinanza (1911-1913), nun goberno do liberal José Canalejas, posibilitou a creación da Biblioteca circulante, con seccións en todas as provincias, aínda que a falta de recursos non permitiu o seu total desenvolvemento. E baixo a influencia da ILE, coa creación da Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (1907), van aparecendo unha serie de institucións (Residencia de Estudiantes en 1910, Residencia de Señoritas, en 1915, Instituto-Escuela, en 1918), importantes para o tema das bibliotecas, posto que todas elas as potenciaban no seu seo, servindo de modelo para outros centros. Xa coa proclamación da Segunda República, na ponencia de Lorenzo Luzuriaga diante das Cortes Constituíntes de 1931, figuraba:

> 10º. Las instituciones circum y postescolares educativas (cooperativas, colonias, campos de juego, talleres, bibliotecas (…) se integrarán en la escuela como parte de ella.

No contexto da Segunda República, baixo a guía de Manuel B. Cossío, aparece o Patronato de Misiones Pedagógicas. Con Marcelino Domingo Sanjuán no Ministerio de Instrución Pública e Rodolfo Llopis na Dirección Xeral de Primeira ensinanza, segundo a introdución do *Decreto do 29 de maio de 1931*, tratábase de,

> …llevar a las gentes, con preferencia a las que habitan en localidades rurales, el aliento del progreso y los medios de participar en él, en sus estímulos morales y en los ejemplos del avance universal, de modo que los pueblos todos de España, aun los apartados, participen en las ventajas y goces nobles reservados hoy a los centros urbanos.

Segundo o artigo 3º do referido decreto, as Misións Pedagóxicas comprendían tres apartados, relacionados co fomento da cultura xeral, coa orientación pedagóxica e coa educación cidadá. En relación co fomento da cultura xeral, entre outras estratexias (audicións, exposicións, etc.), decrétase,

> 1. Establecimiento de Bibliotecas populares, fijas y circulantes, a base de los elementos existentes, de la actividad en este sentido del Museo Pedagógico Nacional, de la contribución directa del Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes y otras dependencias del Estado y de la colaboración de los particulares y los organismos locales y provinciales.
>
> 2. Organización de lecturas y conferencias públicas, en relación con estas Bibliotecas…

Así pois, un dos servizos máis importantes do Padroado de Misións constituíuno a creación de bibliotecas. O 8 de agosto de 1931, a *Gaceta* publicaba o Decreto do día anterior, que daba paso á creación de bibliotecas escolares. A biblioteca escolar convertíase, así, nun dos elementos fundamentais da escola. Para iso, a primeira atención do Padroado neste servizo foi seleccionar as obras que debían integrar as bibliotecas, tarefa que ofrecía importantes dificultades, polo público ao que ían dirixidas e polas resistencias ofrecidas nos ámbitos rurais.

A experiencia do Museo Pedagóxico Nacional e o ensaio de Bbibliotecas circulantes iniciado en 1912, xunto co consello de persoas coñecedoras da bibliografía recomendable, facilitaron o labor. Por unha *Orde do 25 de abril de 1932 (Gaceta do 26)*, dábanse instrucións para cumprir o decreto anterior. As peticións de bibliotecas faríanas os mestres e mestras ou os Consellos Locais ao Padroado de Misións, tramitadas e informadas por conduto da inspección, con gran responsabilidade neste servizo. Antes de marchar de cada lugar visitado, a Misión deixaría nas escolas as bibliotecas, animando á veciñanza para que dedicasen o seu ocio á lectura dos libros, escolas que farían de «misioneros permanentes». Os libros quedaban en calidade de depósito: "Las Bibliotecas deben estar en un pueblo mientras de ellas se haga uso, pero si por causas imputables al maestro o ajenas a su voluntad los libros no circularan en la medida de lo necesario, deben ir a satisfacer las ansias de lectura que en otros lugares se experimenten, y en ese sentido la Inspección ha de ser leal y eficaz colaboradora del Patronato".

O *Decreto de 22 de agosto de 1931* (*Gaceta* do 23) establecía seccións circulantes en todas as bibliotecas dependentes do Ministerio de Instrución Pública. Unha *Orde de 15 de marzo de 1934* (*Gaceta* do 18) obrigaba a todas as bibliotecas do Estado, provinciais, municipais ou subvencinadas, a formalizar o servizo

estatístico segundo as normas e modelos que se inserían. E outra *Orde de 17 de maio de 1934* (*Gaceta do 18*), ao publicar a relación de libros seleccionados, referíase tamén a aqueles destinados a bibliotecas.

As memorias redactadas polo Padroado de Misións Pedagóxicas (1934 e 1935) poñen de manifesto o papel desempeñado por estes pequenos centros culturais, nos que lían os nenos, os seus familiares e o público en xeral. O control da biblioteca correspondía ao profesional do ensino, mestre ou mestra. A inspección, nos seus informes do *Libro de Visitas Escolares* da época, deixa constancia das recomendacións ao respecto, referidas incluso ao moble ou "armario", que había que solicitar ao Padroado.

1.3. A situación durante o franquismo

A chegada da Guerra Civil significou un antes e un despois, frustrando a acción do anterior Padroado de Misións Pedagóxicas. Respecto ao sistema educativo, a través da Comisión de Cultura y Enseñanza, creada o 29 de setembro de 1936, ademais da depuración do profesorado, foi importante o labor de "limpeza" no ensino, que afectou igualmente á depuración de libros de texto, cun control exhaustivo dos mesmos, revisión de contidos e demais. A nivel provincial, créanse as Comisións Depuradoras de Bibliotecas Escolares, ordenando os libros que debían ser retirados e remitidos á Comisión respectiva no prazo máis breve posible, aínda que tamén é verdade que, a medida que foi pasando o tempo, irían suavizándose os comportamentos.

Nese contexto, a *Lei de 17 de xullo de 1945 sobre Educación Primaria* sinalaba no art. 45 o conxunto de institucións que poderían organizarse na Escola, entre elas,

> a) La constitución de bibliotecas infantiles, con auxilio obligatorio del Estado y de las Corporaciones locales en el suministro de los libros necesarios, y el servicio de biblioteca circulante. Los fondos de estas bibliotecas serán seleccionados, de acuerdo con los principios de esta Ley, por los organismos competentes.

Por medio dunha instancia dirixida ao presidente do Padroado de Cultura Popular, cada mestre solicitaría a correspondente biblioteca infantil. Inclúese o formulario de solicitude, que comprende o número de lectores de cada escola, de idades entre nove e trece anos, tramitada por conduto da Comisión Provincial de Educación e co informe da Inspección de Ensinanza Primaria. O mestre comprometíase a ter disposto un armario que servise perfectamente para a instalación da biblioteca. O inspector da zona interviña co seu «informe» comprensivo das condicións que reunía a escola para a institución en cuestión, «que considera

eficaz y beneficiosa, o, por lo contrario, que no cree conveniente su concesión, por las razones que estime oportunas» (Onieva e Piedrahita, 1950, pp.108-109).

Atrás quedaba a obra da *Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas,* substituída en 1939 polo *Consejo Superior de Investigaciones Científicas* (CSIC). E o Museo Pedagógico Nacional daría paso ao Instituto San José de Calasanz dependente de dito consello. A referida *Lei de 17 de xullo de 1945*, que concebía a escola como unha "comunidad activa de maestros y escolares", e que introducía, "en su lenguaje más que en sus aplicaciones reales algunos elementos técnicos para regular la enseñanza" (Escolano Benito, 2002, p. 214) anuncia a creación do Museo y Biblioteca Pedagógica Nacionales:

> art. 71. Un Museo Pedagógico Nacional recogerá, clasificará metódicamente y expondrá en instalaciones apropiadas las manifestaciones y productos del trabajo escolar, las novedades de carácter pedagógico que les sean remitidas por los organismos oficiales, la Inspección o los particulares y cuanto se refiera a la infancia en su aspecto histórico y folklórico.
>
> Del mismo modo se creará una Biblioteca Pedagógica Nacional, que cómprenderá, aparte de los libros de valor histórico, las Secciones apropiadas para el niño y el Maestro, de tal modo que ofrezcan al día la producción bibliográfica de la materia.

No Preámbulo da *Orde Ministerial do 6 de febreiro de 1953 sobre os Cuestionarios Nacionales para la Enseñanza Primaria* destinados a orientar o labor das escolas primarias, dentro da linguaxe retórica da época, aínda que se potencia o libro de texto, hai tamén referencia ás bibliotecas escolares:

> Entre los elementos didácticos hay que subrayar la importancia del libro. Aficionar a la lectura a los niños, enseñarles a cuidarlos, a seleccionarlos, a utilizarlos fecundamente, son deberes esenciales de la escuela. Si ésta pudiera contar con una pequeña biblioteca donde los alumnos ampliasen sus conocimientos y se les ofreciera una fuente de sano solaz, hecho hábito de sus vidas, la enseñanza primaria habría cumplido con plenitud lo que de ella se espera.

Despois da Guerra Civil configurarase o Sistema Bibliotecario Español. En 1947 o Servicio Nacional de Lectura busca achegar o libro a todo o territorio español.

Ata os anos 60, cada escola ou institución escolar recibía unha determinada cantidade, "ridícula en general" da que dispuña libremente para a adquisición de libros e material pedagóxico funxible (García Hoz, 1980, p.246). Foi nos anos 60, na denominada época tecnocrática, cando se intenta aproximar aos demais países europeos, coa solicitude de creación dunha rede de bibliotecas

escolares. Porén, aínda que se insiste na formación do maxisterio para poñer en marcha bibliotecas, continuaranse enviando libros por correo aos centros, especialmente ás escolas. E, sorprendentemente, coa *Lei Xeral de Educación de 1970*, a pesar do impulso da educación personalizada e da programación do ensino, tampouco se contemplou a creación de bibliotecas escolares, non xurdindo, desta maneira, iniciativas interesantes ou innovadoras a nivel de centro. O mesmo García Hoz aínda se queixaba así no citado texto publicado en 1980 (p. 246):

> La llamativa escasez de medios que se destinan a las bibliotecas escolares, llamativa incluso dentro de la penuria en la que se desenvuelven las arefas educativas, no solo se manifesta en la tremenda insuficiencia de libros, sino también en la falta de un persoal técnico especialmente preparado y dedicado a las bibliotecas escolares.

1.4. O desenvolvemento das bibliotecas escolares a partir da Constitución de 1978

A situación continuou nos anos inmediatamente seguintes, coas campañas de formento de lectura infantil e xuvenil desde 1979 a 1986; a Dirección Xeral do Libro e Bibliotecas dependente do MEC, en colaboración posteriormente coas respectivas consellerías, artellou campañas para promocionar as bibliotecas escolares que consistían esencialmente no envío de lotes de libros, audiovisuais, materiais de formación para os docentes e demais. O *Real decreto 582/1989, de 19 de maio, sobre reglamento de bibliotecas públicas del Estado y del sistema español de bibliotecas*, excluía ás escolares.

É verdade que, pouco a pouco, vai calando na década dos 90 e principios do século XXI a necesidade de compromiso da creación da biblioteca como recurso imprescindible no desenvolvemento do currículo, de espazo no que existan recursos de lectura, aprendizaxe e información. No ano 1990, coa publicación da *LOXSE*, e no *Real decreto 1004/1991*, no que se establecen os requisitos mínimos dos centros, tense en conta a creación dun local destinado á biblioteca no recinto escolar, que debería ter 45m^2 en centros de Educación Primaria, e 60 m^2 en centros de Educación Secundaria e de Formación Profesional.

No ano 1997 celébrase no noso país o Primeiro Encontro Nacional sobre Bibliotecas Escolares e no ano 2000 publícase o Manifesto da UNESCO/IFLA (The International Federation of Library Associations and Institutions). Segundo o Manifesto do 2000 a biblioteca escolar facilita información, elemento fundamental para desenvolverse na sociedade actual, e proporciona ao alumnado competencias para continuar coa aprendizaxe ao longo da vida, potenciando a imaxinación e a formación de cidadáns responsables. O citado Manifesto afirma:

> A persoa encargada da biblioteca escolar será o membro do persoal da escola profesionalmente cualificado para planificar e administrar o seu funcionamento e contará, no posible, coa axuda de persoal suficiente. Este profesional cooperará con todos os membros da comunidade escolar e actuará de enlace coa biblioteca pública e outros centros de documentación (UNESCO/IFLA, 2000).

A partir da publicación da LOCE (2002), polo *Real Decreto 1537/2003* de requisitos mínimos, establécese o requisito da mesma superficie contemplada na normativa derivada da LOXSE, e precisa que haberá "una biblioteca de al menos 45 metros cuadrados, que contribuya a cumplir los objetivos curriculares del centro y que disponga de fondos bibliográficos y de dotación de equipos informáticos suficientes para agilizar sugestión y el fomento de la lectura en los alumnos" (Art 13, 1.e).

Coa publicación no ano 2006 da LOE, a *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, xorde o concepto de biblioteca escolar como elemento básico na formación e educación, e o seu uso como recurso de apoio no fomento das competencias dos escolares; co fin de que a información sexa eficiente e se converta nun espazo de aprendizaxe e adquisicións dos obxectivos que de forma transversal se deseñen nos currículos correspondentes.

A LOE, no seu art. 113 recoñece a necesidade de que todos os centros teñan unha biblioteca escolar, e aclara as súas finalidades:

> 1.Os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar.
>
> 2. As Administracións educativas completarán a dotación das bibliotecas dos centros públicos de forma progresiva. A tal fin elaborarán un plan que permita alcanzar o dito obxectivo dentro do período de implantación da presente Lei.
>
> 3. As bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda á información e a outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poda formarse no uso crítico dos mesmos. Igualmente, contribuirán a facer efectivo o disposto nos artigos 19.3. e 26.2 da presente Lei.
>
> 4. A organización das bibliotecas escolares deberá permitir que funcionen como un espazo aberto á comunidade educativa dos centros respectivos.
>
> 5. Os centros poderán chegar a acordos cos municipios respectivos, para o uso de bibliotecas municipais coas finalidades previstas neste artigo.

No anexo dos decretos de ensinanzas mínimas de educación primaria e secundaria Obrigatoria, ao falar das competencias básicas, di:

> O traballo nas áreas e materias do currículo para contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas debe complementarse con diversas medidas organizativas e funcionais, imprescindibles para o seu desenvolvemento. Así, a organización e o funcionamento dos centros e as aulas, a participación do alumnado, as normas de réxime interno, o uso de determinadas metodoloxías e recursos didácticos, ou a concepción, organización e funcionamento da biblioteca escolar, entre outros aspectos, poden favorecer ou dificultar o desenvolvemento de competencias asociadas á comunicación, á análise do entorno físico, á creación, á convivencia e á cidadanía, ou á alfabetización dixital. Igualmente, a acción titorial permanente pode contribuír de modo determinante a adquisición de competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional ou as habilidades sociais.

A LOMCE (2013) dedica tamén o artigo 113 ás bibliotecas escolares, pero non introduce modificacións respecto ao mesmo artigo da LOE.

1.5. O Estado das autonomías: a biblioteca escolar en Galicia

Nestes últimos anos asistimos a un cambio na lexislación educativa en materia de bibliotecas. As distintas comunidades autónomas, entre elas a Comunidade Autónoma Galega, foron recollendo nas súas normativas curriculares, a necesidade da presenza da biblioteca escolar nos centros.

Desde o ano 2003, coa creación da Asesoría de Bibliotecas Escolares por parte da Consellería de Educación, impúlsase a incorporación das TIC nas bibliotecas escolares, e sitúan á biblioteca como lugar propicio para apoiar procesos de ensinanza, e consolídaa como centro de recursos. Foi coa chegada da LOE en 2006 cando este cambio se fixo máis notable, pois menciona a necesidade de fomentar a lectura e de usar a biblioteca escolar:

> Os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza e, en especial, a cualificación e formación do profesorado, o seu traballo en equipo, a dotación de recursos educativos, a investigación, a experimentación e a renovación educativa, o fomento da lectura e o uso de bibliotecas, a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión, a función directiva, a orientación educativa e profesional, a inspección educativa e a avaliación (Título preliminar, Capítulo I, artigo 2 da LOE).

A propia lei, establece como principio xeral (Art. 16 do título I) que unha das finalidades da educación debe ser a de adquirir as habilidades culturais básicas relativas á lectura, feito que recolle de igual forma o *Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* (artigo 2), como un dos principais fins da educación. Desta

forma, a LOE establece no art. 19.2, como principio pedagóxico: "Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballaranse en todas as áreas". Así como que "co fin de fomentar o hábito da lectura dedicarase un tempo diario á mesma" (art. 19.3).

En canto aos hábitos de lectura, recóllese tanto na LOE como no *Real Decreto 1513/2006 de 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas en Educación Primaria*, como un obxectivo xeral de Educación Primaria o seguinte: "Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e, se a houbera, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma e desenvolver hábitos de lectura" (art. 17.e), e deste modo queda especificado como obxectivo no *Decreto 130/2007* (art. 3) a importancia de desenvolver hábitos de lectura tanto en galego como en castelán.

O papel da biblioteca como instrumento fundamental na formación lectora aparece tamén contemplado nos últimos Decretos que regulan o currículo da educación primaria e secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, concretamente no art. 18 do *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o curriculo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* e no art.38 do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o curriculo da Educación Secundaria obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*.

O fomento da lectura e o uso da biblioteca son, entre outros, factores que favorecen a calidade da ensinanza. A tal fin, no desenvolvemento curricular da Comunidade Autónoma de Galicia (*Decretos 130/2007, do 28 de xuño, e o 133/2007, do 5 de xullo, que regulan as ensinanzas de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*) contémplase a obrigatoriedade de que todos os centros de ensino non universitario elaboren os seus proxectos lectores de centro, en coordinación coa persoa responsable da biblioteca, co fin de articular as actuacións de todo o profesorado destinadas á consecución dos obxectivos pedagóxicos referidos á adquisición da competencia lingüística e das habilidades no uso da información, así como á adquisición e consolidación do hábito da lectura.

O *Decreto 130/2007* contén un anexo específico, o IV, no cal se afirma que "coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector que se axustará ás liñas básicas que se publican como anexo IV ao presente decreto, asegurándose como mínimo media hora diaria". O seu deseño e execución son competencia de todo o equipo docente, coordinados pola persoa dinamizadora da biblioteca escolar. Este proxecto debe ser elaborado

a medio prazo pola Comisión de Biblioteca, equipo integrado por membros das distintas instancias da comunidade escolar, coa presenza ineludible do responsable da biblioteca. Tras a aprobación do proxecto lector por parte da comisión, debe procurarse un consenso con todos os membros do Claustro e do Consello Escolar para incorporalo ao Proxecto Educativo de Centro. Neste documento, a partir da análise do contexto en materia de lectura, deben artellarse todas as intervencións relacionadas coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que teñen o seu reflexo na Programación Xeral Anual.

No *Decreto 86/2015, de 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*, afírmase no art. 38.3 que os centros docentes disporán dunha biblioteca escolar e que se tomarán as medidas organizativas necesarias para que a biblioteca escolar teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do proxecto lector de centro. Nas *Instrucións de 1 de setembro de 2015 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares durante o curso 2015/2016*, precísanse as medidas para desenvolver polo miúdo o papel da biblioteca escolar.

No proxecto lector de centro articúlanse todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, coa escritura e coas habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, e incorporando a biblioteca escolar como recurso fundamental para a súa posta en marcha.

A biblioteca escolar é imprescindible como instrumento para o desenvolvemento do proxecto lector de centro, posto novamente en valor no *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* e no *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o curriculo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*. No artigo 18 do Decreto 105/2014 e no artigo 38 do Decreto 86/2015 fálase tamén da biblioteca escolar como centro de recursos e oportunidades para a lectura, da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilita a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo, ademais de estimular os intercambios culturais no centro.

Se ben é certo que o profesorado e o alumnado son os colectivos aos que se dirixen principalmente as iniciativas da biblioteca, esta non é allea ao importante

papel das familias na formación lectora do alumnado, e tratan de fomentar a súa implicación a través da participación en actividades de dinamización lectora, lendo e compartindo cos seus/súas fillos/as, narrando ou escoitando, etc.

Outra cuestión a ter en conta é a dos responsables da biblioteca escolar. Segundo a *Orde de 17 de xullo de 2007, que regula as dinamizacións específicas nos centros educativos*, son os equipos directivos os que deben nomear a este responsable, tendo en conta a súa formación e dispoñibilidade horaria, así como o seu interese.

En aras a mellorar o funcionamento da biblioteca escolar desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria véñense desenvolvendo plans, programas e iniciativas para dar respostas aos novos retos da sociedade actual. Concretamente, en marzo de 2005 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publica a primeira convocatoria do Plambe para o curso 2005/2006. Este plan, dirixido a todos os centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, trata de incentivar a elaboración e posta en marcha de proxectos de biblioteca escolar que recollan a organización, actualización e dinamización da biblioteca do centro, entendida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe e a súa integración nos procesos de ensinanza e aprendizaxe, a realización de actividades de formación de usuarios/as e educación documental, o fomento da lectura e a dinamización cultural na comunidade escolar. Na actualidade son 550 os centros integrantes do Plambe. Os centros acollidos neste Plan reciben orzamentos para a dotación de novos fondos, equipos informáticos ou mobiliario. Ademais, os responsables dispoñen dun correo onde reciben información, comparten materiais e incluso reciben formación específica ou se manteñen coordinados.

Posteriormente, no ano 2010, ponse en marcha o Plan LÍA 2010/2015 de Bibliotecas Escolares para a Lectura, a Información, e a Aprendizaxe que ten como fin estabilizar a Rede de bibliotecas escolares de Galicia como centro de recursos. Un dos obxectivos xerais deste plan é o de incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas aproveitando os seus recursos para unha mellor atención á diversidade, e unha máis óptima atención á multiculturalidade, ás necesidades educativas específicas e ao plurilingüismo. No marco deste plan, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria prevé, entre outras actuacións, a continuidade das convocatorias anuais do Plan de mellora de bibliotecas escolares (Plambe), o afianzamento da Rede de bibliotecas escolares de Galicia e a colaboración con outros axentes sociais, a formación do profesorado, a implicación das familias e a mellora do programa Hora de ler, programa para o fomento da lectura nos centros de ensino iniciado

en 2006, que inclúe diversas propostas como a edición anual de carteis destinados a poñer en valor a biblioteca escolar e a lectura entre os distintos sectores da comunidade educativa. Asemade, amparada no marco deste programa realízase a convocatoria anual de Clubs de Lectura e o Proxecto E-LBE, de dispositivos electrónicos de lectura como impulso da lectura dixital nas bibliotecas escolares.

A biblioteca escolar serve, ademais, de canle para a integración nos centros educativos das TIC nas actividades de aprendizaxe. A necesidade da integración das TIC ao servizo da biblioteca escolar é hoxe evidente como "medio para facer chegar ao profesorado propostas, informacións e documentos que faciliten o traballo aos que se responsabilizan da súa organización e dinamización, e fagan visibles as bibliotecas escolares" (Novoa, 2007, p. 94).

Da intensidade do traballo que en torno á rede se ven desenvolvendo dan conta as iniciativas levadas a cabo nos centros educativos, derivadas do Plambe, e que se recollen a través da propia web dinámica de Bibliotecas Escolares (http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/), e noutros espazos web tales como Ler en mancomún, Libros a eito, Rede Lectura, o Boletín en Scoop.it: Bibliotecas Escolares de Galicia ou os seus perfís en Facebook e Twitter, así como os numerosos blogs das bibliotecas escolares dos centros de educación primaria e secundaria.

A *Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia*, recoñece no seu artigo 5 as bibliotecas escolares como integrantes do Sistema galego de bibliotecas, e no artigo 6 sinala como obrigas das persoas físicas ou xurídicas titulares das bibliotecas integradas neste Sistema galego de bibliotecas a de promover, no ámbito das súas competencias, un desenvolvemento sostible, coherente, innovador e constante dos seus propios servizos bibliotecarios.

1.6. Modelos de biblioteca escolar

Como pode observarse polo desenvolvemento histórico e lexislativo, lévanse dado ao longo do tempo distintos modelos de biblioteca, supeditados tamén á concepción da instrución e á propia evolución do sistema educativo. Analizaremos sucintamente as propostas xurdidas.

A partir do impulso da Ilustración polo tema da lectura, o constitucionalismo español do século XIX optou en primeiro lugar polo modelo de biblioteca pública provincial, principalmente na ensinanza secundaria coa creación dos institutos e coa colaboración das respectivas Deputacións. Apréciase no *Plan General de Instrucción Pública* (1836), coñecido como Plan Duque de Rivas e no Plan Pidal (1845), coa presenza de Antonio Gil de Zárate.

A nivel de instrución primaria, cabe destacar por esa época a figura de Pablo Montesino Cáceres, quen despois do exilio en Inglaterra, onde entrou en contacto coas experiencias do socialismo utópico de Owens, e as ideas e métodos de Pestalozzi, Lancaster e seguidores, despregou unha ampla actividade no mundo do ensino, especialmente a través da creación das escolas de párvulos e das escolas normais, así como no *Boletín Oficial de Instrución Pública*, do que foi director entre 1841 e 1844. A finais dos anos 40, dítanse as primeiras disposicións legais sobre a participación dos mestres na creación das chamadas *bibliotecas populares*.

Diante da despreocupación polo tema das bibliotecas na Lei Moyano, serían os institucionistas a través de Manuel B. Cossío, os que impulsan a nivel oficial en Madrid un Museo de Instrución primaria (1882), que comprendería unha Biblioteca de instrución primaria, establecendo unha sección circulante de préstamos gratuítos e a organización de bibliotecas nas escolas públicas de instrución primaria. O mesmo Cossío reclama a finais do XIX, entre as necesarias reformas, a creación de Bibliotecas pedagóxicas nas cabezas de partido.

Coa chegada do século XX, a nivel europeo figuran principalmente dous modelos de bibliotecas. Por un lado, os países do norte europeo, nos que a biblioteca escolar ocupa o seu propio espazo, e outros máis cara o sur, entre eles España, nos que a transmisión cultural se leva a cabo a través dos libros de texto e nos que as bibliotecas públicas suplen ás demais. Un paso importante deuse no noso país con Rafael Altamira na Dirección Xeral de Primeira Ensinanza (1911-1913), que posibilitou a creación da Biblioteca circulante, con seccións en todas as provincias. Dentro dese espírito institucionista, durante a Segunda República, coa creación do Padroado de Misións Pedagóxicas, xorden as Bibliotecas populares, fijas y circulantes, que supuxeron un grande avance, coa colaboración dos organismos locais e provinciais, os mestres e os propios particulares. Neste contexto, aínda que con carácter reducido na súa implantación, é de destacar tamén a presenza da pedagoxía freinetiana en España, con distintas técnicas, entre elas a Imprenta escolar, o Diario, o Libro de vida, o Ficheiro e a Correspondencia interescolar, que se retomaría máis tarde, cos intentos de renovación pedagóxica dos anos 70.

A chegada da Guerra Civil significou un retroceso en moitos campos, entre eles no educativo, no que tiveron un gran protagonismo as comisión de depuración, entre elas as Comisións Depuradoras de Bibliotecas Escolares. Coa *Lei de 1945 sobre Educación Primaria*, entre o conxunto de institucións que poderían organizarse a título orientativo na Escola, sinálase a constitución de Bibliotecas infantís, mediante a participación do Estado e das Corporacións locais, pero subliñando sempre a importancia do libro de texto.

No tardofranquismo dos anos 60, na denominada época tecnocrática, inténtase unha aproximación aos demais países europeos avanzados, coa solicitude de creación dunha rede de bibliotecas escolares. Non obstante, continuouse enviando libros por correo aos centros, especialmente ás escolas. E a *Lei Xeral de Educación de 1970*, aínda que contén cuestións innovadoras como a graduación do ensino, a educación personalizada e a programación do traballo escolar, sorprendentemente tampouco contemplou a creación de bibliotecas escolares, o que retrasou o proceso.

Nos anos 90, de implantación da LOXSE, avánzase, coa creación dun local destinado á biblioteca no recinto escolar dos centros de educación primaria e secundaria. A chegada do século XXI supón novos avances, seguindo as orientacións da UNESCO, no contexto dunha nova sociedade, coa presenza das Tecnoloxías da Información e do Coñecemento. Ao mesmo tempo, pénsase na figura do/a bibliotecario/a como persoa encargada da biblioteca escolar, membro do persoal da escola e profesionalmente cualificado, tendo en conta a dispoñibilidade horaria, quedando así consolidada a biblioteca escolar como un auténtico centro de recursos a nivel de centro. Ademais da axuda doutros membros de cada centro, establécese a cooperación con todos os membros da comunidade escolar e con outros centros de documentación.

A LOE (2006) establece que as administracións educativas completarán a dotación progresiva de bibliotecas escolares en todos os centros. No desenvolvemento da lei, insístese no *"sentido de biblioteca escolar"* para fomentar a lectura e as competencias básicas, como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural da institución escolar, coa integración de fontes informativas de calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares e como factor de compensación social. O modelo de biblioteca escolar está contemplado no *Marco de referencia para las bibliotecas escolares,* elaborado pola Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares en abril do 2011. A LOMCE do 2013 non introduce modificacións ao respecto.

Seguindo estas orientacións, no desenvolvemento lexislativo para Galicia a biblioteca escolar ocupa un lugar determinante na posta en marcha de distintas e actuais estratexias educativas a nivel de centro, de novas iniciativas na sociedade da información e do coñecemento, de achegamento aos sistemas educativos máis desenvolvidos.

A biblioteca escolar e as súas dimensións

CAPÍTULO 2

A concepción da biblioteca escolar foi evolucionando nos últimos anos, paralelamente aos cambios e ás demandas da propia sociedade. As súas funcións e as actividades que nela se levan a cabo son hoxe moi variadas e tentan dar resposta ás necesidades do alumnado, do profesorado e do conxunto da comunidade educativa.

Neste segundo capítulo farase unha aproximación ao concepto e modelo actual de biblioteca escolar, ás súas funcións e obxectivos e mesmo ás dimensións que deberán ser contempladas ao analizar a biblioteca escolar.

2.1. Concepto de biblioteca escolar na actualidade

Nos últimos anos, a biblioteca escolar foi evolucionando nas súas funcións, organización e usos, en paralelo ás novas demandas e retos da sociedade actual.

Neste contexto aparece un novo modelo de biblioteca entendida como un "centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, como un contorno educativo específico integrado na vida da institución escolar, que apoia o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensino e facilita ao alumnado a aprendizaxe de contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa" (Junta de Andalucía, 2013, p. 2). Polo tanto, o principal obxectivo da biblioteca escolar é o de servir aos intereses do alumnado e do profesorado nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

A biblioteca escolar é un recurso e espazo fundamental nos centros educativos xa que estes teñen como misión formar persoas competentes no uso eficiente de información e, para logralo, o tratamento da lectura como eixo transversal resulta máis necesario que nunca. Así mesmo, a biblioteca xoga un papel imprescindible na implementación de plans, proxectos ou programas de centro dirixidos á adquisición de competencias básicas e hábitos de lectura, tal e como se contempla na *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación* (modificada pola *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*), na que se recolle, no artigo 113, a necesidade de que todos os centros dispoñan dunha biblioteca escolar.

A biblioteca escolar debe contribuír ao fomento da lectura, achegando ao alumnado á información e outros recursos para a aprendizaxe das distintas áreas e materias, co fin de que poida formarse no uso crítico deles. Con esta tarefa a biblioteca axuda a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, así como dispón que a organización permita o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros (*Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, artigo 113).

Á hora de realizar un estudo en torno á biblioteca escolar deben terse en conta tanto aspectos de carácter cuantitativo (por exemplo, número mínimo de documentos da colección, número de documentos por estudante, asignación presupostaria anual,…) como outras cuestións que permitirán implantar unha biblioteca activa e en funcionamento.

Do apuntado anteriormente infírese que a biblioteca escolar é un espazo educativo, un centro de recursos documentais multimedia ao servizo da comunidade educativa (I Encuentro Nacional de Bibliotecas Escolares, 1997).

Para Cencerrado e López (2006, p.111) a biblioteca escolar é, "…un proxecto colectivo para o cambio e a mellora do sistema escolar porque introduce nos centros educativos outras posibilidades para que profesores e alumnos se relacionen de maneiras distintas. Relacións que se basean na axuda para construir o coñecemento a partir da selección, a comparación e o contraste entre fontes de información variadas. A biblioteca escolar é o espazo idóneo para acercarse á multiplicidade de textos (informativos, periodísticos e literarios…) e a unha gran variedade de formas de ler: para encontrar un dato, para realizar un traballo en profundidade, para presentar unha noticia, para xustificar unha opinión…".

Pola súa parte, a norma UNE 50-113-92 (citado en Gómez Hernández, 2002, p.41), define o termo biblioteca escolar en dous sentidos:

- Calquera colección organizada de libros e publicacións en serie impresos, ou outros tipos de documentos gráficos ou audiovisuais, dispoñibles para préstamo ou consulta.

- Organismo, ou parte del, cuxa principal función consiste en constituir bibliotecas, mantelas, actualizalas, e facilitar o uso dos documentos que precisen os usuarios para satisfacer as súas necesidades de información, de investigación, educativas e de esparcemento, contando para iso con persoal especializado.

A Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares (2011, p.12), considera que "as bibliotecas escolares que se precisan na actualidade son centros de recursos de lectura, de información e de aprendizaxe: entornos educativos específicos integrados na vida da institución escolar. Apoian ó profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitan ó alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa".

Unha concepción clarificadora sobre a biblioteca escolar é aquela que realiza o Ministerio de Educación cando afirma, na súa convocatoria do Concurso nacional de buenas prácticas para la dinamización e innovación de las bibliotecas de los

centros escolares, para o ano 2010, "a biblioteca escolar é un recurso educativo ao servizo do currículo e do Proxecto Educativo e concíbese na actualidade como un espazo dinámico no que os recursos e servizos de información teñen unha función primordial no proceso de ensinanza-aprendizaxe, e como tal, é un instrumento de índole pedagóxica que apoia o labor docente e favorece a construción do coñecemento tanto de forma individual como colectiva, enriquecendo a actividade na aula, sentando as bases para a aprendizaxe autónoma".

A biblioteca escolar é un asunto da escola; é un recurso pedagóxico ao servizo do Proxecto educativo do centro. A súa razón de ser está supeditada ao Proxecto Educativo da escola e a súa utilización polo profesorado e polo alumnado obedece a unha actividade e unha necesidade que emana do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

A biblioteca escolar non é unha institución paralela ao centro, nin un asunto "do/a bibliotecario/a". "É unha cuestión de carácter curricular, de tal xeito que os servizos e programas que ofrece e articula están vinculados o plan de traballo do centro educativo do que depende" (García Guerrero, 2007, p.3).

Pola súa parte, Castán (citado en Osoro, 2006. p.4) avoga por "un modelo de biblioteca entendido non só como un centro de información e de recursos materiais, senón tamén, e na mesma medida, como un centro de recursos intelectuais capaz de xerar nas escolas unha dinámica transformadora. En resumidas contas, tal e como a concibimos nós, a biblioteca escolar está chamada a constituír a estrutura necesaria para o cambio curricular". Nesta mesma liña, García Guerrero (2007, p.22) sinala que "a biblioteca escolar é un recurso que debe dar resposta aos requirimentos e demandas do Proxecto educativo do centro e estar ao servizo do desenvolvemento curricular e da programación docente. O traballo en e coa biblioteca escolar debe dirixirse a apoiar, favorecer, acompañar e enriquecer o desenvolvemento da programación docente".

A biblioteca debe entenderse, por tanto, como un espazo de aprendizaxe no que o profesorado e alumnado se comprometen coa lectura e información en diversos soportes, con diferentes graos de complexidade, para construír coñecementos dos temas curriculares e sobre si mesmos. Así, as bibliotecas deixan de ser meros espazos de almacenamento de libros e papeis impresos e tampouco enfocan a súa actividade unicamente á conservación e disposición destes recursos, senón que se converten en espazos híbridos que dan cabida a materiais impresos e electrónicos a fin de responder ás necesidades daqueles a quen se deben (alumnado, profesorado, comunidade educativa), de aí que

deban gañar en visibilidade e capacidade de adaptación (Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares, 2011).

Este novo modelo de biblioteca require compromisos por parte de toda a comunidade educativa, en especial por parte de todo o claustro. É urxente desterrar a idea de que a biblioteca, a súa xestión e sobre todo o seu uso, atinxe unicamente ao profesorado de lingua ou literatura ou ao alumnado por propia vontade. Esta postura, alimentada por unha visión restritiva da biblioteca, oriéntaa unicamente ao préstamo e á conservación de materiais, ou a unha función exclusiva de fomento da lectura literaria, esquecendo o importante papel como espazo educativo con todo tipo de recursos para a formación integral do alumnado.

2.2. Funcións e obxectivos da biblioteca escolar

A biblioteca escolar na actualidade debe ser e actuar como centro de recursos, espazo ideal para a didáctica interdisciplinar e a transversalidade, así como constituir un vínculo perfecto entre a escola e o exterior, tanto co contorno próximo como co afastado, con todos os axentes da comunidade educativa, como docentes ou institucións relacionadas coa cultura e o coñecemento (Osoro, 2006).

Desde esta perspectiva, a biblioteca escolar, convenientemente dotada, organizada e atendida, favorece (Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares, 2011, pp. 15-16):

- Os procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- A adquisición de competencias básicas e a aprendizaxe autónoma.
- O acceso aos distintos medios para a transmisión da información e a lectura.
- A integración das tecnoloxías da comunicación e da información na busca, localización, selección, recollida, tratamento e produción de información na selección de lecturas.
- A educación no uso eficiente da información.
- A creación e consolidación de hábitos de lectura e de escritura.
- O tratamento da lectura comprensiva en todas as áreas e materias curriculares, e en todo tipo de soportes.
- Un acceso igualitario aos recursos culturais.
- A experiencia lectora como práctica positiva no tempo de ocio.
- Apoiar ao alumnado con necesidades educativas específicas.

- Dispoñer de fondos documentais e recursos variados, apropiados, suficientes e actualizados para o fomento da lectura e o tratamento das diversas áreas curriculares.
- Resolver peticións de materiais.
- Seleccionar recursos impresos ou electrónicos para as bibliotecas e seccións de aula ou departamentos en función das necesidades das áreas curriculares do proxecto lector de centro, etc.
- Deseñar accións de dinamización tales como exposicións temáticas, traballos de alumnado, accións formativas de educación documental, propostas de proxectos documentais e de carácter interdisciplinar, actividades de lectura compartida, encontros literarios...
- Dar a coñecer e orientar no uso de novos materiais, especialmente en soporte electrónico, dispoñibles para as distintas áreas curriculares ou para a educación da competencia en comunicación lingüística.
- Deseñar e apoiar o desenvolvemento de programas para a educación en información, fomento da lectura e da escritura, etc.
- Facilitar a cohesión entre diferentes programas e actuacións do centro para a adquisición das competencias básicas contempladas no currículo ao ser a lectura e a escritura un eixo transversal imprescindible a todas as áreas e materias.
- Organizar tempos e espazos para o apoio ao estudo e outras medidas de carácter compensatorio das desigualdades e de atención á diversidade.
- Facilitar a orientación para a selección de lecturas.
- Propiciar a participación das familias en actividades compartidas dentro e fóra do centro en relación coa formación de lectores.

Noutras palabras, a biblioteca escolar configúrase como un pilar fundamental para a innovación, é un elemento capaz de revitalizar a praxe educativa e mesmo a vida cultural dos centros. Neste sentido as súas actuacións poden ir dirixidas a:

- Respaldar e axudar na consecución dos obxectivos do Proxecto educativo do centro Escolar e do plan de estudos.
- Inculcar e fomentar nos/as nenos/as o hábito e o pracer pola lectura, a aprendizaxe e o emprego das bibliotecas ao longo da súa vida.

- Ofrecer oportunidades para realizar experiencias de creación e emprego de información a fin de adquirir coñecementos, comprender, desenvolver a imaxinación e entreterse.
- Prestar apoio a todos/as os/as alumnos/as para a adquisición e aplicación de capacidades que permitan avaliar e empregar a información, independentemente do seu soporte, formato e medio de difusión, tendo en conta a sensibilidade ante as formas de comunicación que existen na comunidade.
- Facilitar o acceso aos recursos e posibilidades locais, rexionais, nacionais e mundiais para que os/as alumnos/as teñan contacto con ideas, experiencias e opinións varias, organizar actividades que estimulen a concienciación e a sensibilización no plano cultural e social.
- Traballar co alumnado, o profesorado, a administración e as familias para realizar o Proxecto educativo do centro escolar; proclamar a idea de que a liberdade intelectual e o acceso á información son fundamentais para exercer a cidadanía e participar nunha democracia con eficiencia e responsabilidade.
- Fomentar a lectura e promover os recursos e servizos da biblioteca escolar dentro e fóra do conxunto da comunidade escolar.

En síntese, debemos apuntar que a biblioteca escolar debe favorecer por tanto, o cumprimento de todos os obxectivos educativos e non só os académicos: transversalidade, igualdade de oportunidades, acceso á cultura en igualdade de condicións, e especificamente o fomento da lectura.

2.3. Dimensións da biblioteca escolar

Para coñecer en profundidade a biblioteca escolar é preciso facer unha avaliación sobre a realidade que se encerra neste espazo, contemplando aos diferentes membros da comunidade educativa entendidos como eixos clave para o mantemento e axeitado funcionamento. Tamén estudaremos as dimensións que a literatura indica que se deben analizar arredor da biblioteca escolar. Estas dimensións poden concretarse nas seguintes (IFLA/UNESCO, 2002; Ministerio de Educación, 2011):

2.3.1. A biblioteca no centro

A biblioteca escolar debe estar presente nos distintos documentos que regulan o funcionamento do centro, isto é, no Proxecto Educativo, nos Proxectos Curriculares, na Programación Xeral Anual, no proxecto lector de centro, no Plan Anual de Lectura, no Plan de TIC e no Proxecto Lingüístico.

A biblioteca escolar require implicación e compromiso de toda a comunidade educativa. A súa actuación, vinculada ao Proxecto educativo do centro, debe ir encamiñada a apoiar o logro dos obxectivos e o desenvolvemento dos programas deseñados no propio centro.

Neste sentido, é fundamental atender á forma de organización e á xestión dos recursos humanos e materiais, ás normas de funcionamento e ao uso dos fondos e recursos da biblioteca. Así mesmo, é importante definir o grao de responsabilidade da comunidade educativa nas distintas accións da biblioteca escolar, a súa visibilidade e proxección dentro e fóra do centro e a súa vinculación coas propostas de innovación do centro.

Nesta liña, a biblioteca escolar pode ser "un elemento estratéxico para a innovación pedagóxica, que axude a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural dos centros, proporcionándolle ao profesorado e ao alumnado a oportunidade de empregar múltiples recursos e propostas didácticas que permitan unha progresiva autonomía na aprendizaxe" (Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares, 2011, p.16).

2.3.2. Equipamento, instalacións e tecnoloxías

A normativa básica pola que se establecen os requisitos mínimos nos centros educativos de ensino obrigatorio indica a superficie mínima, en metros cadrados, da biblioteca escolar para cada etapa educativa; así mesmo, tamén sinala a necesidade de contar cuns recursos informáticos que garanten o acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación. Estes "requisitos mínimos garanten a prestación do servizo educativo en condicións de calidade e igualdade" (Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares, 2011, p.15).

A localización da biblioteca é tamén unha cuestión fundamental, polo que debe ser o máis accesible posible, tanto desde dentro do propio centro como desde o exterior. Do mesmo xeito, a biblioteca debe reunir unhas boas condicións de iluminación, temperatura e seguridade.

Polo que se refire ao mobiliario, é preciso subliñar a importancia da súa distribución. Neste sentido, a súa combinación, debe axudar a crear distintas zonas debidamente sinalizadas, como por exemplo: zona de xestión, zona de estudo e investigación, zona de lectura informal, zona de audiovisuais, zona informática, zona de información variada ou zona para as familias (Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares, 2011).

Así mesmo, nesta dimensión é necesario considerar os equipamentos informáticos para xestión e consulta do alumnado e mesmo realizar as accións necesarias para facilitar o uso dunha tecnoloxía dixital móbil, con redes sen fíos.

2.3.3. Recursos documentais

A composición da colección e a diversidade de soportes, a cantidade de documentos existentes na biblioteca e a súa procedencia son indicadores fundamentais do funcionamento da biblioteca. Segundo as directrices IFLA/UNESCO (2002) a biblioteca escolar deberá contar cun número suficiente de títulos relevantes, actuais, para todas as idades, e relacionados tanto co coñecemento e a información, como coa ficción; tamén deberá estar dotada de materiais audiovisuais, publicacións periódicas ou documentos informáticos en papel e/ou dixitais.

En suma, "a composición do fondo documental dunha biblioteca escolar é equilibrada cando ten un número total de exemplares suficiente con respecto ao número total de estudantes; cando a porcentaxe de obras de consulta e coñecemento é superior ao de obras literarias ou de ficción, cando existe variedade de tipos de documentos (libros impresos, revistas, prensa, recursos electrónicos e dixitais) e cando se dispón de seccións de especial importancia tales como o fondo para a atención á diversidade, o plurilingüismo ou o fondo local" (Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares, 2011, p. 27).

Por outra banda, o tratamento técnico da documentación é un aspecto ao que se ten que prestar atención. Neste sentido, a utilización de sistemas estandarizados de catalogación é de gran utilidade, facilitando o intercambio interbibliotecario e a formación de usuarios/as de biblioteca.

2.3.4. Persoal

As actuacións da biblioteca escolar precisan da figura dunha persoa responsable, cualificada e con estabilidade no posto de traballo para poder coordinar, representar e encargarse da súa organización e funcionamento. O desempeño das súas funcións require unha formación inicial contrastada e unha actualización constante, segundo as necesidades percibidas.

Para o desenvolvemento das súas tarefas, o/a responsable da biblioteca debe estar apoiado por un equipo interdisciplinar de profesores e profesoras do centro, o denominado equipo de apoio á biblioteca. De ambos os dous depende a elaboración de propostas e o desenvolvemento de actividades para o adecuado funcionamento da biblioteca escolar.

A posibilidade de dedicar un tempo suficiente para dar cumprida conta das funcións e tarefas que lle son propias, e a participación dinámica nos órganos de coordinación docente da persoa responsable da biblioteca escolar e do equipo de apoio son elementos clave para acadar a implicación do profesorado do centro no uso dos recursos dispoñibles na biblioteca escolar e no aproveitamento das

propostas e iniciativas da biblioteca escolar destinadas á mellora da acción educativa.

2.3.5. Xestión

O uso pedagóxico da biblioteca escolar como centro de recursos que apoia a aprendizaxe activa de todas as áreas do currículo é fundamental, por iso as tarefas de organización e xestión da biblioteca deben ser coidadosamente atendidas.

Por unha banda, é preciso que a biblioteca escolar conte cun presuposto para o seu mantemento. Neste sentido, a dirección do centro deberá establecer un orzamento anual ordinario, que normalmente deberá ser entre o 5% e o 10% do total do centro.

Por outra banda, unha tarefa fundamental da que se debe ocupar a persoa responsable da biblioteca escolar é a renovación e actualización dos fondos. Esta tarefa debe estar baseada na calidade, no equilibrio e na atención a todas as necesidades e nela convén que participe todo o profesorado, o alumnado ou algún outro membro da comunidade educativa.

Outra cuestión relevante é o establecemento dunha política de préstamo e uso dos fondos da biblioteca escolar e a súa difusión. A comunidade educativa na súa totalidade debe estar informada das normas e tipo de préstamo. Para iso, convén elaborar unha guía da biblioteca escolar para os usuarios e as usuarias, na que se indiquen os servizos dispoñibles na mesma (horarios, plano, condicións de préstamo, normas de funcionamento,...).

Asemade, a biblioteca escolar debe trasladar a toda a comunidade educativa información sobre as actividades que realiza e os recursos dispoñibles, a través de distintos medios, entre eles: paneis informativos, boletíns, comunicados impresos, blog da biblioteca, ou espazo na páxina web do centro.

Finalmente, é necesario avaliar o uso da biblioteca escolar, dos seus servizos e actividades recollendo a información necesaria para comprobar o cumprimento do plan de traballo e actuación.

2.3.6. Dinámica, uso e redes de colaboración

A difusión da biblioteca e as súas accións entre a comunidade educativa é un aspecto fundamental, o mesmo que o son os usos por parte do alumnado e do profesorado.

Por unha banda, o horario de apertura da biblioteca escolar debería ser o máis amplo posible (dentro do horario lectivo do centro e tamén en horario extraescolar). Debe asegurar tamén o establecemento das medidas necesarias

que contemplen a atención dos/as usuarios/as nese horario. Na organización dos horarios da biblioteca escolar é preciso ter en conta a súa utilización por parte dos grupos-clase, establecendo fórmulas que garanten a reserva de espazos e o mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles.

Por outra banda, a biblioteca escolar debe procurar a participación, creación e promoción de redes de colaboración como unha vía para intercambiar coñecementos, experiencias e prácticas educativas. Na actualidade, no ámbito da biblioteca escolar, existen redes institucionais de centros promovidas desde a propia Administración Educativa Autonómica. Pero, ademais, é posible atopar redes institucionais de docentes ou redes profesionais nas que participan voluntariamente docentes que comparten o seu traballo, investigación e formación. Así mesmo, cabe a posibilidade de participar en redes máis informais, non institucionais, ligadas xeralmente a grupos de renovación pedagóxica ou a grupos docentes que comparten intereses similares.

2.3.7. Biblioteca e currículo

A biblioteca escolar proporcionalle ao profesorado fontes diversas e múltiples metodoloxías activas e innovadoras para o ensino; o alumnado ten na biblioteca escolar unha gran variedade de recursos e a oportunidade de experimentar dun xeito diferente a aprendizaxe, de modo individual ou grupal. Neste sentido, a biblioteca escolar debe servir aos intereses do profesorado e alumnado nos procesos de ensinanza-aprendizaxe, proporcionando materiais que faciliten a aprendizaxe nas distintas áreas e materias do currículo.

A participación da biblioteca escolar no desenvolvemento das competencias de lectura e escritura, así coma nos procesos de alfabetización dixital e na información é fundamental. O seu papel é esencial na selección de materiais, na creación de ambientes apropiados para a lectura, na proposta de itinerarios lectores, na integración das fontes informativas e das tecnoloxías da comunicación, no deseño e realización de actividades para o fomento da lectura e escritura (Ministerio de Educación, 2011). Así mesmo, a súa intervención e apoio cobra unha especial relevancia nos plans e programas de centro relacionados coas TIC, a convivencia, a coeducación, o plurilingüismo, proporcionando materiais informativos e orientando sobre lecturas, ou no deseño e realización de actividades e na dinamización cultural, como por exemplo exposicións, encontro con autores, presentación de libros, talleres de escritura, clubs de lectura, etc.

Finalmente, a biblioteca é un nexo de unión e colaboración coas familias; pais e nais poden participar en actividades de dinamización lectora, tanto no centro (clubs de lectura, lecturas compartidas, tertulias literarias...), como na propia casa (compartindo lecturas cos seus fillos/as, narrando, escoitando…),

na organización de actividades, ou incluso na apertura da biblioteca en horario extraescolar.

2.3.8. Tecnoloxías da información e da comunicación

Coñecer a incidencia das tecnoloxías da información e da comunicación na biblioteca escolar é fundamental e ten que ver con distintos ámbitos: funcións; integración de recursos en distintos formatos e soportes; programas de alfabetización en información e alfabetización dixital; novos servizos electrónicos; impacto en difusión da biblioteca, entre outros.

A biblioteca escolar ten un papel fundamental na adquisición da competencia informacional, e disporá os recursos de forma efectiva, orientando na súa utilización, deseñando programas de formación de busca, selección e uso das fontes de información e traballo documental, e axudando ao profesorado no reforzo destas aprendizaxes (Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares, 2011).

2.3.9. Programas institucionais

Desde a biblioteca, pódese desenvolver unha importante tarefa de proxección cultural conectando o centro coa realidade social e cultural próxima. En efecto, a biblioteca pode contribuír a promover a cooperación con outros centros, sendo un elemento de unión cos plans das administracións, institucións e centros educativos, o que facilitará o intercambio de experiencias enriquecedoras.

2.3.10. Valoracións

A identificación dos puntos fortes e febles da biblioteca escolar é fundamental pois de aí deriva a posibilidade de adecuar as actuacións e os usos da biblioteca escolar á súa realidade. A valoración debe estar referida, por unha banda aos aspectos organizativos da biblioteca como son o espazo onde se localiza, os recursos documentais, as instalacións e a súa dotación, entre outros; por outra banda, debe atender ás cuestións pedagóxicas como o fomento da lectura, acceso, uso e tratamento da información, actividades de aprendizaxe, actividades de busca de información e traballos académicos, etc. Tamén debe ter en conta a promoción de actividades que impliquen a participación de toda a comunidade educativa e mesmo a colaboración con outros organismos e institucións da contorna.

En definitiva, é necesario coñecer o nivel de desempeño das principais funcións da biblioteca (logros principais) e dos diversos aspectos que a configuran, así como as posibles propostas de mellora.

Parte empírica

II

Metodoloxía

CAPÍTULO 3

Despois de presentar, na primeira parte do Informe, unha perspectiva xeral dos fundamentos teóricos relacionados coas bibliotecas escolares, iniciamos esta segunda parte co capítulo terceiro, no que mostraremos a planificación do estudo empírico que comeza coa información sobre os obxectivos, a poboación e a mostra obxecto de estudo e os instrumentos empregados para a recollida de información.

3.1. Obxectivos

O presente estudo pretende achegar un diagnóstico completo e actualizado da biblioteca escolar dos centros educativos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia. Para iso atenderase a cuestións referidas tanto ao seu funcionamento como ás formas de utilización e incorporación á actividade pedagóxica dos centros.

En concreto, preténdense analizar as distintas dimensións que inciden no funcionamento da biblioteca escolar, para obter una visión descritiva dos requisitos para o seu funcionamento e os que afectan aos usos, valoración e grao de satisfacción percibida polas persoas usuarias, facendo especial fincapé na biblioteca escolar dos centros acollidos ao Plambe)[1].

Para isto é necesario integrar a visión dos diferentes axentes que interveñen na xestión, dinamización e uso da biblioteca escolar: responsable da biblioteca, director/a, profesorado do equipo de apoio á biblioteca, alumnado e nais e pais, así como o emprego de ferramentas axeitadas para conseguir tanto datos cuantitativos coma cualitativos.

Tendo isto en conta o estudo diríxese á consecución dos seguintes obxectivos:

- Coñecer as percepcións e valoracións dos diferentes sectores da comunidade educativa (responsable da biblioteca, director/a, profesorado do equipo de apoio á biblioteca, alumnado e nais e pais) sobre a situación na que se atopa a biblioteca escolar nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia no referente ao seu funcionamento e satisfacción en relación cos servizos que ofrece.
- Ofrecer un diagnóstico actualizado das distintas dimensións da biblioteca escolar entre as que se contemplan tanto os recursos materiais e humanos

1 Os centros con Plambe son aqueles centros adscritos ao Programa de mellora de bibliotecas escolares da Xunta de Galicia, iniciado no ano 2005 a fin de impulsar a transformación dos centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe, entendendo a biblioteca máis alá dun mero centro de recursos, senón como instrumento esencial para a innovación educativa, na medida en que propician e lideran a utilización de metodoloxías activas, a integración das TIC en contextos reais de aprendizaxe e o traballo por proxectos. Os centros sen Plambe, son aqueles centros que non se atopan adscritos ao dito programa.

como os usos, a súa integración na actividade académica dos centros ou a extensión cultural da biblioteca escolar cara á comunidade.

- Analizar o impacto dos plans institucionais promovidos desde a administración educativa, así como os cambios nos usos, prácticas e hábitos de profesorado e alumnado.
- Obter datos sobre ámbitos cada vez máis relevantes como son, entre outros, o proxecto lector de centro, a integración da biblioteca escolar no desenvolvemento do currículo e as TIC e a comunicación na biblioteca escolar.
- Extraer conclusións que permitan formular recomendacións e propostas que contribúan á mellora do funcionamento da biblioteca escolar nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.2. Variables

As variables que se van a estudar concrétanse nas seguintes:

Variables de identificación do centro

Centro, titularidade, provincia, tipo de centro, centro con Plambe/sen Plambe.

Variables persoais

Sexo, especialidade, departamento, situación administrativa, antigüidade no posto, curso, pertenza á Comisión da biblioteca escolar, pertenza á ANPA.

A biblioteca no centro

Funcionamiento da biblioteca. Proxectos de mellora nos últimos anos. Integración na toma de decisións e vinculación cos proxectos de innovación do centro. Visibilidade dentro e fóra do centro. Biblioteca e proxecto lector de centro. Importancia concedida por distintos axentes.

Equipamento, instalacións, e tecnoloxías

Situación, acceso e sinalización. Capacidade, distribución e condicións para a lectura e a investigación. Telecomunicacións e equipamentos informáticos. Seguridade.

Recursos documentais

Composición da colección e diversidade de soportes. Cantidade de documentos e procedencia. Selección (axentes, criterios e fontes). Actualización do fondo. Tratamento técnico. Ordenación. Suficiencia para cubrir distintas necesidades. Accesibilidade.

Persoal

Perfil do responsable (titulación, ciclo, antigüidade no posto, criterios de designación, dependencia funcional, formación inicial e específica para o cargo, actualización e necesidades percibidas de formación). Dedicación horaria. Funcións. Outro persoal con funcións na biblioteca (perfil e dedicación). Comisión de Biblioteca, equipos de apoio e persoal en horario extraescolar.

Xestión

Proxecto de Biblioteca e plan de traballo Anual. Recursos económicos (orzamento ordinario, recursos extraordinarios). Outras axudas externas (formación, infraestruturas, asesoramento…). Avaliación periódica.

Dinámica, uso e redes de colaboración

Horario da biblioteca (escolar e extraescolar). Visitas de estudantes (frecuencia, momentos, modalidades). Visitas de docentes (frecuencia, modalidades). Servizos xerais e servizos de información. Difusión entre a comunidade educativa. Usos por parte do alumnado. Usos por parte do profesorado. Outros usos do espazo da biblioteca. Colaboración con outras bibliotecas e centros de documentación.

Biblioteca e currículo

Participación da biblioteca no desenvolvemento das competencias de lectura e escritura. Papel da biblioteca nos procesos de alfabetización dixital e en información. Integración da biblioteca no desenvolvemento do currículo das diferentes áreas (como recurso, como contorna formativa, como apoio ao docente…). Coordinación entre o profesorado e o responsable de biblioteca en distintos procesos relacionados co desenvolvemento do currículo.

Tecnoloxías da información e da comunicación

Incidencia da biblioteca en distintos ámbitos. Funcións. Integración de recursos en distintos formatos e soportes. Programas de alfabetización en información e alfabetización dixital. Novos servizos electrónicos. Impacto en difusión da biblioteca...

Programas institucionais

Impacto dos apoios e recursos achegados polos programas institucionais para o desenvolvemento da biblioteca escolar.

Valoracións

Grao de satisfacción co funcionamento da biblioteca. Melloras desexadas.

3.3. Poboación

A poboación obxecto de estudo está composta polos centros públicos e privados de ensino primario, secundario e postobrigatorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Como dato poboacional utilizouse a información que consta na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para o curso académico 2014/2015, un total de 1.428 centros. Cómpre sinalar tamén que o total de centros participantes no Plambe neste curso académico é de 550. A distribución destes centros, segundo a provincia, titularidade e participación, con Plambe ou sen Plambe recóllese nas seguintes táboas nº 1 e nº 2.

3.4. Mostra

Para a selección da mostra invitada tivéronse en conta o total de centros públicos e privados de ensino primario, secundario e postobrigatorio existentes na Comunidade Autónoma de Galicia e o número total deles acollidos ao Plambe.

A fórmula empregada para a selección da mostra de centros foi a seguinte:

$$n = \frac{Z^2 pqN}{NE^2 + Z^2 pq}$$

Onde:

n é o tamaño da mostra;

Z é o nivel de confianza;

p é a variable positiva;

q é a variable negativa;

N é o tamaño da poboación;

E é a precisión ou erro.

Tendo en conta as características do estudo, óptase por realizar unha organización dos datos en relación a dúas subpoboacións definidas:

1. Centros acollidos ao Plambe.
2. Centros non acollidos ao Plambe.
3. A partir da poboación total (N = 1.428), o tamaño da mostra para cada unha das subpoboacións indicadas, considerando unha marxe de erro do 5%, é o seguinte:

- Mostra centros acollidos ao Plambe:

$$n = \frac{1{,}96^2\ x0{,}50x0{,}50x550}{550x0{,}05^2\ +\ 1{,}96^2\,x0{,}50x0{,}50} = 226{,}18 \sim 226$$

- Mostra centros non acollidos ao Plambe:

$$n = \frac{1{,}96^2\ x0{,}50x0{,}50x878}{878x0{,}05^2\ +\ 1{,}96^2\,x0{,}50x0{,}50} = 267{,}23 \sim 267$$

Polo tanto, a mostra total invitada a participar constitúese a partir de 493 centros, dos cales, no curso académico 2014/2015, 226 están acollidos ao Plambe e os 267 restantes non son participantes do mesmo.

$$\text{Nt} = 226{,}18\ +\ 267{,}23 = 493{,}41 \sim 493 \text{ centros}$$

Para cada unha das submostras anteriores -centros con Plambe *vs.* centros sen Plambe - realizouse una mostraxe multietápica estratificada proporcional. Os estratos están definidos por tres variables:

1. Provincia
2. Etapa educativa
3. Titularidade

Na primeira etapa da mostraxe seleccionáronse os centros educativos a partir dos marcos mostrais de cada provincia, tendo en conta as dúas subpoboacións indicadas. O número de centros seleccionados en cada unha das provincias estableceuse proporcionalmente ao tamaño da poboación total de centros nas mesmas, segundo consta na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Táboa 1 e Táboa 2)

Táboa 1[2]. Centros de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas que imparte. Curso 2014/15. Estimacións. Centros públicos

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
C. de Educación Infantil	56	4	4	68	132
C. de Educación Infantil e Primaria (1)	232	89	84	214	619
C. de Educación Primaria e ESO (2)	30	12	9	18	69
C. de ESO	17	3	1	15	36
C. de ESO e Ensinanzas Postobrigatorias	78	34	23	68	203
C. de Ensinanzas Postobrigatorias	23	9	8	15	55
C. de Educación Primaria, ESO e Ensinanzas Postobrigatorias (2)	0	0	0	0	0
C. de Persoas Adultas (3)	0	1	1	0	2
C. de Educación Especial	6	2	2	4	14
Total	442	154	132	402	1.130

Fonte: CCEOU. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos. Subárea de Estatísticas Educativas

2 Nota: cada centro aparece contabilizado unha soa vez.
Non se inclúen os centros que imparten exclusivamente o primeiro ciclo de Educación Infantil.
As ensinanzas postobrigatorias comprenden o Bacharelato (ordinario e de adultos), os Ciclos Formativos ordinarios e a oferta modular de ciclos formativos de persoas adultas.
Os centros que, ademais de ensinanzas ordinarias de réxime xeral, imparten ensinanzas de persoas adultas, clasifícanse tendo en conta exclusivamente as ensinanzas ordinarias.
(1) Inclúense os centros que imparten só Educación Primaria.
(2) Inclúense os centros que, ademais das ensinanzas especificadas, imparten o segundo ciclo de Educación Infantil.
(3) Inclúense nesta categoría os centros que imparten exclusivamente ensinanzas de persoas adultas.

Táboa 2[3]. Centros de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas que imparte. Curso 2014/15. Estimacións. Centros privados

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
C. de Educación Infantil	10	0	1	7	18
C. de Educación Infantil e Primaria (1)	12	4	1	6	23
C.de Educación Primaria e ESO (2)	26	13	14	49	102
C. de ESO	0	0	1	2	3
C. de ESO e Ensinanzas Postobrigatorias	3	1	2	2	8
C. de Ensinanzas Postobrigatorias	25	7	7	18	57
C. de Educación Primaria, ESO e Ensinanzas Postobrigatorias (2)	32	3	6	25	66
C. de Persoas Adultas (3)	1	0	0	0	1
C. de Educación Especial	8	0	1	11	20
Total	117	28	33	120	298

Fonte: CCEOU. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos. Subárea de Estatísticas Educativas

Na segunda etapa seleccionouse un número proporcional de centros de cada etapa educativa e titularidade, tendo en conta as dúas subpoboacións definidas que debían participar en cada provincia (Táboa 3).

3 Nota: cada centro aparece contabilizado unha soa vez.
Non se inclúen os centros que imparten exclusivamente o primeiro ciclo de Educación Infantil.
As ensinanzas postobrigatorias comprenden o Bacharelato (ordinario e de adultos), os Ciclos Formativos ordinarios e a oferta modular de ciclos formativos de persoas adultas.
Os centros que, ademais de ensinanzas ordinarias de réxime xeral, imparten ensinanzas de persoas adultas, clasifícanse tendo en conta exclusivamente as ensinanzas ordinarias.
(1) Inclúense os centros que imparten só Educación Primaria.
(2) Inclúense os centros que, ademais das ensinanzas especificadas, imparten o segundo ciclo de Educación Infantil.
(3) Inclúense nesta categoría os centros que imparten exclusivamente ensinanzas de persoas adultas.

Táboa 3[4]. Centros de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas que imparte. Curso 2014/15. Estimacións. Centros públicos e privados

	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Púb	Prv	Total	Púb	Prv	Total	Púb	Prv	Total	Púb	Prv	Total
C. de Educación Infantil	56	10	66	4	0	4	4	1	5	68	7	75
C. de Educación Infantil e Primaria (1)	232	12	244	89	4	93	84	1	85	214	6	220
C.de Educación Primaria e ESO (2)	30	26	56	12	13	25	9	14	23	18	49	67
C. de ESO	17	0	17	3	0	3	1	1	2	15	2	17
C. de ESO e Ensinanzas Postobrigatorias	78	3	81	34	1	35	23	2	25	68	2	70
C. de Ensinanzas Postobrigatorias	23	25	48	9	7	16	8	7	15	15	18	33
C. de Educación Primaria, ESO e Ensinanzas Postobrigatorias (2)	0	32	32	0	3	3	0	6	6	0	25	25
C. de Persoas Adultas (3)	0	1	1	1	0	1	1	0	1	0	0	0
C. de Educación Especial	6	8	14	2	0	2	2	1	3	4	11	15
Total	442	117	559	154	28	182	132	33	165	402	120	522

Fonte: CCEOU. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos. Subárea de Estatísticas Educativas

A selección de centros para completar a mostra realizouse, dentro de cada estrato, mediante mostraxe aleatoria simple. Seleccionáronse os centros titulares ata conseguir completar a devandita mostra, e un 12% dos centros restantes como suplentes.

Unha vez seleccionados os centros segundo provincia, etapa educativa e titularidade, procedeuse á mostraxe das aulas en cada un deles. O procedemento seguido foi o seguinte:

4 Nota: cada centro aparece contabilizado unha soa vez.
Non se inclúen os centros que imparten exclusivamente o primeiro ciclo de Educación Infantil.
As ensinanzas postobrigatorias comprenden o Bacharelato (ordinario e de adultos), os Ciclos Formativos ordinarios e a oferta modular de ciclos formativos de persoas adultas.
Os centros que, ademais de ensinanzas ordinarias de réxime xeral, imparten ensinanzas de persoas adultas, clasifícanse tendo en conta exclusivamente as ensinanzas ordinarias.
(1) Inclúense os centros que imparten só Educación Primaria.
(2) Inclúense os centros que, ademais das ensinanzas especificadas, imparten o segundo ciclo de Educación Infantil.
(3) Inclúense nesta categoría os centros que imparten exclusivamente ensinanzas de persoas adultas.

- Unha aula ao chou de 6º de Primaria.
- Tres aulas ao chou, unha de 4º de ESO, unha de 2º de Bacharelato e outra de Ciclos Formativos.

Tomando todo isto en conta, a distribución da mostra invitada de centros quedou constituída por un total de 539 centros (493 titulares e 46 suplentes), segundo a provincia na que se atopan, a titularidade e se participan, ou non, do Plambe, tal como aparece recollida na seguinte táboa.

Táboa 4. Distribución dos centros da mostra invitada segundo a provincia, titularidade e se participan do Plambe

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total
	Plambe	Non P	Plambe	Non P	Plambe	Non P	Plambe	Non P	
Público	98	66	32	31	29	32	94	55	437
Privado	0	40	0	10	0	11	0	41	102
TOTAL	**98**	**106**	**32**	**41**	**29**	**43**	**94**	**96**	**539**

Fonte: Elaboración propia

En cada un dos centros seleccionados a información foi proporcionada por diferentes sectores da comunidade educativa implicados e vinculados ao centro. Máis especificamente:

- Profesorado responsable da biblioteca escolar.
- Profesorado membro do equipo de apoio á biblioteca escolar.
- Persoas que ostentan a dirección do centro educativo, durante o ano académico 2014/2015.
- Alumnado que cursa 6º de Educación Primaria, durante o ano académico 2014/2015, e as súas familias.
- Alumnado que cursa 4º de Educación Secundaria Obrigatoria, durante o ano académico 2014/2015, e as súas familias.
- Alumnado que cursa 2º de Bacharelato, durante o ano académico 2014/2015, e as súas familias.
- Alumnado do 2º ou último curso, no ano académico 2014/2015, de calquera ciclo formativo (de grao medio ou superior), e as súas familias.

Do total de centros da mostra invitada determinouse que, nunha porcentaxe do 12% de centros, se recollería a información do/a responsable da biblioteca mediante entrevista. Nestes mesmos centros realizaríase unha observación da biblioteca escolar, por parte dun/dunha observador/a externo/a do equipo de investigación, e recolleríase a información do alumnado e as súas familias de xeito presencial. A selección destes centros fíxose ao chou entre os 539 centros previamente seleccionados e invitados a formar parte da mostra. O número total destes centros foi de 64, aos que se engadiron 16 centros suplentes.

Táboa 5. Distribución dos centros invitados nos que se recolle a información de xeito presencial segundo a provincia, titularidade e se participan do Plambe

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total
	Plambe	Non P	Plambe	Non P	Plambe	Non P	Plambe	Non P	
Público	18	7	7	4	6	4	19	6	71
Privado	0	3	0	1	0	1	0	4	9
TOTAL	18	10	7	5	6	5	19	10	80

Fonte: Elaboración propia

Finalmente, a mostra produtora de datos quedou integrada por un total de 358 centros, segundo a provincia na que se atopan, a súa titularidade e se participan ou non do Plambe, tal como aparece recollido na táboa 6.

Táboa 6. Distribución dos centros da mostra produtora de datos segundo a provincia, titularidade e se participan do Plambe

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total
	Plambe	Non P	Plambe	Non P	Plambe	Non P	Plambe	Non P	
Público	85	36	30	16	24	11	79	36	317
Privado	0	16	0	2	0	5	0	18	41
TOTAL	85	52	30	18	24	16	79	54	358

Fonte: Elaboración propia

Asemade, a distribución dos centros nos que se recolle a información de xeito presencial, segundo a provincia na que se atopan, a súa titularidade e se participan ou non do Plambe, aparece recollida na táboa 7.

Táboa 7. Distribución dos centros da mostra produtora de datos nos que se recolle a información de xeito presencial segundo a provincia, titularidade e se participan do Plambe

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total
	Plambe	Non P	Plambe	Non P	Plambe	Non P	Plambe	Non P	
Público	16	5	8	2	6	3	15	5	60
Privado	0	1	0	0	0	1	0	2	4
TOTAL	16	6	8	2	6	4	15	7	64

Fonte: Elaboración propia

3.5. Instrumentos de recollida de datos

Para a recollida de información sobre as percepcións e as valoracións das dimensións de avaliación da biblioteca escolar por parte dos diferentes sectores implicados, elaborouse un cuestionario para cada colectivo, unha ficha de observación e unha entrevista semiestruturada.

3.5.1. Cuestionario

Elaboráronse un total de cinco cuestionarios, un por cada colectivo, configurados maioritariamente por preguntas pechadas de resposta simple, múltiple e valoración e algunha pregunta aberta: cuestionario para o/a responsable da biblioteca, cuestionario para o/a director/a, cuestionario para o profesorado do equipo de apoio á biblioteca, cuestionario para o alumnado e cuestionario para nais e pais.

▶ Cuestionario para o/a responsable da biblioteca

Ao/á responsable da biblioteca escolar formulábanselle un total de 59 cuestións, distribuídas do seguinte xeito: 30 ítems de carácter aberto, 4 de selección múltiple, 5 de selección única, 20 ítems de resposta si/non, así como 20 de escala tipo Likert5. O cuestionario está estruturado en doce bloques:

- O primeiro e o segundo bloque céntranse na recollida dos datos de identificación do centro escolar (ítem do 1 ao 5) e na recollida dos datos de identificación da persoa que contesta (ítem do 6 ao 10), respectivamente.
- O terceiro bloque indaga sobre a biblioteca no centro (ítem 1 e 2).
- O cuarto bloque inclúe cuestións referidas ao equipamento, instalacións e tecnoloxías (ítem 3).

5 Os datos referentes ao número de ítems e carácter dos mesmos non coinciden, xa que dentro dunha mesma cuestión preséntanse ítems de diferente tipo.

- O quinto bloque dedícase á valoración dos recursos documentais no tocante á suficiencia, calidade, cantidade... (ítem do 4 ao 8).
- O sexto bloque refírese ao desempeño do persoal da biblioteca (ítem do 9 ao 18).
- O sétimo bloque inclúe cuestións referidas á xestión da biblioteca (ítem do 19 ao 27).
- O oitavo bloque afonda na dinámica, uso e redes de colaboración da biblioteca (ítem do 28 ao 38).
- O noveno bloque alude á relación biblioteca e currículo (ítem do 39 ao 41).
- O décimo bloque incide nas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da Información e da comunicación no contexto da biblioteca (ítem do 42 ao 44).
- O décimo primeiro bloque refírese aos posibles programas institucionais (ítem 45 e 46).
- O décimo segundo bloque recolle dúas preguntas de valoración sobre cuestións relevantes da biblioteca (ítem 47 e 48).

▸ Cuestionario para o/a director/a

Aos/as directores/as formulábanselles un total de 40 cuestións, das cales 14 teñen carácter aberto, 4 de selección múltiple, 5 de selección única, 17 ítems de resposta si/non e 10 de escala tipo Likert. O cuestionario está estruturado en 12 bloques de contido:

- O primeiro e o segundo bloque céntranse na recollida dos datos de identificación do centro escolar (ítem 1 ao 5) e na recollida dos datos de identificación da persoa que contesta (ítem 6 e 7), respectivamente.
- O terceiro bloque indaga sobre a biblioteca no centro (ítem 1 ao 5).
- O cuarto bloque inclúe cuestións referidas ao equipamento, instalacións e tecnoloxías (ítem 6).
- O quinto bloque dedícase á valoración dos recursos documentais no tocante a suficiencia, calidade, cantidade... (ítem 7).
- O sexto bloque refírese ao desempeño do persoal da biblioteca (ítem 8 ao 13).
- O sétimo bloque centra a súa atención no ámbito da xestión (ítem 14 ao 20).

- O oitavo bloque afonda na dinámica, uso e redes de colaboración da biblioteca (ítem 21 e 22).
- O noveno bloque alude á relación biblioteca e currículo (ítem 23 e 24).
- O décimo bloque incide nas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da Información e da comunicación no contexto da biblioteca (ítem 21 ao 29).
- O décimo primeiro bloque refírese aos programas institucionais (ítem 30 e 31).
- O décimo segundo bloque ten como fin recoller a valoración sobre cuestións relevantes da biblioteca (ítem 32).

Cuestionario para o equipo de apoio á biblioteca

Ao profesorado do equipo de apoio da biblioteca formuláronselles un total de 30 cuestións, nas cales atopamos 8 de carácter aberto, 1 de selección múltiple, 5 de selección única, 8 ítems de resposta si/non e 10 de escala tipo Likert6. O cuestionario está estruturado en 12 bloques de contido:

- O primeiro e o segundo bloque céntranse na recollida dos datos de identificación do centro escolar (ítem 1 ao 5) e na recollida dos datos de identificación da persoa que contesta (ítem 6 ao 8) respectivamente.
- O terceiro bloque indaga sobre a biblioteca no centro (ítem 1).
- O cuarto bloque inclúe cuestións referidas ao equipamento, instalacións e tecnoloxías (ítem 2).
- O quinto bloque dedícase á valoración dos recursos documentais no tocante a suficiencia, calidade, cantidade... (ítem 3).
- O sexto bloque refírese ao desempeño do persoal da biblioteca (ítem 4 ao 8).
- O sétimo bloque centra a súa atención no ámbito da xestión (ítem 9 ao 11).
- O oitavo bloque afonda na dinámica, uso e redes de colaboración da biblioteca (ítem 12 e 13).
- O noveno bloque alude á relación biblioteca e currículo (ítem 14).

6 Os datos referentes ao número de ítems e carácter dos mesmos non coinciden dado que dentro dunha mesma cuestión preséntanse ítems de diferente tipo.

- O décimo bloque incide nas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da Información e da comunicación no contexto da biblioteca (ítem 15 ao 18).
- O décimo primeiro bloque refírese aos posibles programas institucionais (ítem 19 e 20).
- O décimo segundo bloque ten como fin recoller a valoración sobre cuestións relevantes da biblioteca (ítem 21).

Cuestionario para o alumnado

O instrumento deseñado para obter información deste colectivo componse de 25 cuestións, nas cales atopamos 5 ítems abertos, 2 de selección múltiple, 5 de selección única, 5 ítems de resposta si/non, así como 11 de escala tipo Likert[7]. A súa estrutura xira en torno a 11 bloques de contido:

- O primeiro e o segundo bloque céntranse na recollida dos datos de identificación do centro escolar (ítem 1 ao 4) e na recollida dos datos de identificación da persoa que contesta (ítem 5 e 6) respectivamente.
- O terceiro bloque indaga sobre a biblioteca no centro (ítem 1).
- O cuarto bloque inclúe cuestións referidas ao equipamento, instalacións e tecnoloxías (ítem 2).
- O quinto bloque dedícase á valoración dos recursos documentais no tocante a suficiencia, calidade, cantidade... (ítem 3 ao 5).
- O sexto bloque refírese ao desempeño do persoal da biblioteca (ítem 6).
- O sétimo bloque centra a súa atención no ámbito da xestión (ítem 7).
- O oitavo bloque afonda na dinámica, uso e redes de colaboración da biblioteca (ítem 8 ao 12).
- O noveno bloque alude á relación biblioteca e currículo (ítem 13).
- O décimo bloque incide nas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da Información e da comunicación no contexto da biblioteca (ítem 14 ao 17).
- O décimo primeiro bloque ten como fin recoller a valoración sobre cuestións relevantes da biblioteca (ítem 18).

7 Os datos referentes ao número de ítems e carácter dos mesmos non coinciden, xa que dentro dunha mesma cuestión preséntanse ítems de diferente tipo.

Cuestionario para nais e pais

O instrumento deseñado para obter información deste colectivo componse de 20 cuestións, entre as cales atopamos 3 ítems abertos, 1 de selección múltiple, 5 de selección única, 4 ítems de resposta si/non, así como 8 de escala tipo Likert. A súa estrutura xira en torno a 11 bloques de contido.

- O primeiro e o segundo bloque céntranse na recollida dos datos de identificación do centro escolar (ítem 1 ao 4) e na recollida dos datos de identificación da persoa que contesta e do seu/súa fillo/a (ítem 5 ao 8) respectivamente.
- O terceiro bloque indaga sobre a biblioteca no centro (ítem 1).
- O cuarto bloque inclúe cuestións referidas ao equipamento, instalacións e tecnoloxías (ítem 2).
- O quinto bloque dedícase á valoración dos recursos documentais no tocante a suficiencia, calidade, cantidade (ítem 3).
- O sexto bloque refírese ao desempeño do persoal da biblioteca (ítem 4).
- O sétimo bloque centra a súa atención no ámbito da xestión (ítem 5).
- O oitavo bloque afonda na dinámica, uso e redes de colaboración da biblioteca (ítem 6 ao 8).
- O noveno bloque alude á relación biblioteca e currículo (ítem 9).
- O décimo bloque incide nas posibilidades que ofrecen as Tecnoloxías da Información e a Comunicación no contexto da biblioteca (ítem 10).
- O décimo primeiro bloque ten como fin recoller a valoración sobre cuestións relevantes da biblioteca (ítem 11).

3.5.2. Entrevista

Este instrumento foi confeccionado para obter información en profundidade sobre as instalacións da biblioteca, o seu funcionamento e os servizos que oferta á comunidade educativa desde a perspectiva do/a responsable da biblioteca. A entrevista semiestruturada consta de 107 cuestións.

- O primeiro, o segundo e o terceiro bloque recollen información sobre os datos do/a entrevistador/a, os datos de identificación do centro e os datos persoais do entrevistado/a.

- O cuarto bloque busca indagar sobre a biblioteca do centro, o seu funcionamento, os proxectos e plans vinculados, desenvoltos e promovidos por dito espazo.
- O quinto bloque inclúe cuestións referidas á ubicación, acceso e accesibilidade, sinalización da biblioteca, capacidade, distribución do espazo, equipamento, instalacións e tecnoloxías.
- O sexto bloque dedícase á valoración dos recursos documentais no tocante á composición, á diversidade, á cantidade, á calidade, á actualización de fondos, á accesibilidade.
- O sétimo bloque refírese ao desempeño do persoal da biblioteca, aos criterios de designación do responsable, á dependencia funcional, ás necesidades de formación, á dedicación horaria, ás funcións, aos equipos de apoio.
- O oitavo bloque centra a súa atención no ámbito da xestión, nos recursos económicos, nas axudas externas.
- O noveno bloque afonda na dinámica, no uso e redes de colaboración da biblioteca, o horario da mesma, nas visitas dos docentes, nos servizos xerais e servizos de información, na difusión entre a comunidade educativa, nos usos por parte do alumnado e do profesorado.
- O décimo bloque alude á relación biblioteca e currículo.
- O décimo primeiro bloque incide nas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da Información e da comunicación no contexto da biblioteca.
- O décimo segundo bloque refírese aos posibles programas institucionais aos que pode estar adherida a biblioteca.
- O décimo terceiro bloque ten como fin recoller a valoración do/a entrevistado/a.
- O décimo cuarto bloque remata con cuestións destinadas a ser cumprimentadas polo/a entrevistador/a sobre a entrevista e o seu transcurso.

3.5.3. Ficha de observación

Este instrumento foi deseñado para obter información directa e obxectiva sobre as instalacións da biblioteca, o seu funcionamento e os servizos que oferta á comunidade educativa. Consta de 48 aspectos que se deben observar, agrupados en nove bloques de contido:

- O primeiro bloque céntrase en recoller información sobre o centro e as súas singularidades.

- O segundo bloque, dedicado ao coñecemento das instalacións da biblioteca: a situación; o espazo e o mobiliario e as súas características.
- O terceiro bloque refírese ao papel das responsabilidades do persoal da biblioteca.
- O cuarto bloque vincúlase ao anterior e fai referencia á colaboración e contribución da comunidade educativa de cara ao bo funcionamento da biblioteca.
- O quinto bloque busca recompilar información sobre a xestión e os proxectos que marcan a actividade diaria da biblioteca.
- O sexto e o sétimo bloque indagan sobre a oferta dos servizos xerais e os servizos de información respectivamente.
- O oitavo e o noveno bloque inclúen cuestións referidas as actividades que promove e/ou desenvolve a biblioteca e os medios de difusión das mesmas.

3.6. Procedemento de aplicación dos instrumentos de recollida de datos

Os instrumentos de recollida de información foron aplicados vía web ou mediante enquisadores/as, atendendo á seguinte distribución en función do colectivo e o tipo de instrumento.

- Aplicación on line do cuestionario a todos os/as directores/as, profesorado do equipo de apoio á biblioteca e os/as responsables da biblioteca, así como a unha aula de 6º de Primaria, 4º da ESO e 2º de Bacharelato e Ciclos formativos de cada centro seleccionado.
- Aplicación do cuestionario a través de enquisadores/as a alumnado de 6º de Primaria, 4º da ESO e 2º de Bacharelato e Ciclos formativos de oitenta centros.
- Cubrimento individual dos cuestionarios por parte das nais e pais de oitenta dos centros seleccionados aos que se lles fixo chegar o cuestionario a través dos seus fillos/as.
- Realización dunha entrevista ao responsable da biblioteca escolar e dunha observación da biblioteca escolar en oitenta centros.

A cada centro invitado remitíuselle, por correo electrónico, unha carta informativa solicitando a súa colaboración. Posteriormente, nun segundo correo electrónico, acompañáronse os enlaces electrónicos onde proceder a cumprimentar os cuestionarios dirixidos aos distintos sectores da comunidade escolar. Este primeiro envío tivo lugar o 22 e 23 de abril e o 4 de maio de 2015. O segundo

recordatorio e a solicitude para cubrir os cuestionarios realizouse entre o 18 e o 22 de maio de 2015. Finalmente, o terceiro e último recordatorio tivo lugar o 22 de xuño de 2015. A recollida da información finalizou o 30 de xuño.

A data de realización das entrevistas, a observación e a aplicación dos cuestionarios ao alumnado, así como as enquisas ás nais e pais acordouse directamente cos centros, entre o mes de abril e xuño de 2015.

3.7. Análise técnica dos instrumentos de recollida de datos

Para comprobar a súa validez, os instrumentos sometéronse a unha revisión por expertos de distintos ámbitos do sistema educativo, no que se inclúen: profesorado universitario e do ensino non universitario, responsables da biblioteca escolar, directores/as, alumnado e nais e pais.

Para avaliar a fiabilidade empregouse o coeficiente Alpha de Cronbach. Os valores obtidos foron, respectivamente: 0,947 para o Cuestionario destinado o/a responsable da biblioteca escolar; 0,823 para o cuestionario dirixido o/a director/a do centro escolar; 0,891 para o cuestionario destinado ao profesorado do equipo de apoio á biblioteca escolar; 0,946 para o cuestionario dirixido ao alumnado e 0,969 para o cuestionario destinado ás nais e os pais do alumando participante no estudo, o que demostra unha fiabilidade relativamente alta de todos os instrumentos empregados.

Resultados

III

Funcionamento da biblioteca escolar segundo o/a responsable da biblioteca escolar

CAPÍTULO 4

Neste terceira parte, presentamos a análise de datos correspondentes aos distintos sectores da comunidade educativa que participan no estudo e os principais resultados acadados.

O primeiro capítulo desta parte, cuarto do informe, recolle, en primeiro lugar, a información proporcionada polos/as responsables da biblioteca que cumprimentaron o cuestionario, unha descrición deste colectivo e das respostas dadas, organizadas segundo as distintas dimensións da biblioteca escolar obxecto de estudo e a presentación dos resultados acadados ao comparar os integrantes dos centros con Plambe e sen Plambe. En segundo lugar, analízase e interprétase a información obtida a partir da entrevista realizada, tendo tamén en conta a súa pertenza a centros con Plambe e sen Plambe. Para finalizar, preséntanse as principais conclusións.

4.1. Análise e interpretación dos datos obtidos a través do cuestionario

4.1.1. Datos sociodemográficos

Do total de responsables da biblioteca participantes no estudo (256), o 90,8% traballan en centros de titularidade pública e o 9,2% pertencen a centros de titularidade privada.

O 65,3% traballan en centros que participan no Plan de mellora de bibliotecas escolares (Plambe), fronte ao 34,7% que non están incluídos neste Plan.

Gráfica 1. Titularidade do centro



A maioría dos/as responsables da biblioteca traballan en centros das provincias de A Coruña (40,6%) e Pontevedra (36,3%). Nunha porcentaxe moito más baixa traballan en centros da provincia de Lugo (13,5%) e Ourense (9,6%).

Gráfica 2. Distribución por provincia do centro



Os/as responsables da biblioteca, tal e como se recolle na seguinte gráfica, traballan maioritariamente en Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP) (48,1%) e Institutos de Educación Secundaria (IES) (29,9%). Cunha incidencia de mostraxe inferior atópanse os Centros Privados (CPR) (9,2%), os Centros Públicos Integrados (CPI) 8,8%, as Escolas de Educación Infantil (EEI) (4,0%), os Colexios Rurais Agrupados (CRA) (2,8%), os Colexios de Educación Primaria (CEP) (2,0%), os Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP) (1,2%) e as Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) (0,4%).

Gráfica 3. Tipo de centro



Do total de responsables da biblioteca un 81,3% son mulleres e o 18,7% homes.

Gráfica 4. Distribución por sexo



Un 84,4% das persoas responsables da biblioteca son funcionarios/as e un 2,0% interinos/as. O 13,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 5. Situación administrativa do/a responsable da biblioteca



A maioría dos/as responsables da biblioteca que respostan ao cuestionario levan no cargo entre 1 e 5 anos (68,5%) e 6 e 10 anos (20,3%). Moi poucos levan máis de 11 anos (7,6%) e entre 6 e 10 meses (1,6%).

Gráfica 6. Antigüidade como responsable da biblioteca



4.1.2. A biblioteca no centro

1. Presenza da biblioteca escolar nos documentos do centro

Globalmente podemos dicir que case a totalidade dos/as responsables da biblioteca sinalan que a biblioteca escolar está presente no Proxecto Educativo (94,0% total; 94,5% con Plambe; 93,1% sen Plambe), na Programación Xeral Anual (97,6%; 98,8% e 95,4%) e no Proxecto Lector de Centro (94,4%; 94,5% e 94,3%). Con porcentaxes ao redor do 70% e o 90% afirman que a biblioteca escolar está presente nos Proxectos Curriculares (85,7%; 85,4% e 86,2%), no Plan Anual de Lectura (86,5%, 90,2% e 79,3%) e no Proxecto Lingüístico (77,7%, 80,5% e 72,4%).

Por outra banda, un 62,5% dos/as responsables do total, e un 69,5% de centros con Plambe afirman que se recollen referencias á biblioteca no Plan de TIC do centro, porcentaxe que non alcanza o 50% no caso de centros sen Plambe.

Táboa 1. Presenza da biblioteca escolar nos documentos do centro

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Proxecto Educativo	Si	94,0	94,5	93,1
	Non	4,0	4,3	3,4
	Ns/Nc	2,0	1,2	3,4
Proxectos Curriculares	Si	85,7	85,4	86,2
	Non	7,6	6,7	9,2
	Ns/Nc	6,8	7,9	4,6
Programación Xeral Anual	Si	97,6	98,8	95,4
	Non	1,2	0,6	2,3
	Ns/Nc	1,2	0,6	2,3
Proxecto Lector de Centro	Si	94,4	94,5	94,3
	Non	2,8	3,0	2,3
	Ns/Nc	2,8	2,4	3,4
Plan Anual de Lectura	Si	86,5	90,2	79,3
	Non	6,4	4,3	10,3
	Ns/Nc	7,2	5,5	10,3
Plan de TIC	Si	62,5	69,5	49,4
	Non	20,7	14,0	33,3
	Ns/Nc	16,7	16,5	17,2
Proxecto Lingüistico	Si	77,7	80,5	72,4
	Non	12,7	9,1	19,5
	Ns/Nc	9,6	10,4	8,0
Outros, especifique no espazo a continuación	Si	13,1	13,4	12,6
	Non	14,7	11,6	20,7
	Ns/Nc	72,1	75,0	66,7

Nesta cuestión, comparando os centros con e sen Plambe, o valor de Chi-cadrado[1] é 11,437 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas, a este nivel, entre ambos, en relación á presenza da biblioteca no Plan de TIC e a favor dos primeiros.

2. A biblioteca é un elemento esencial para a consecución dos obxectivos do proxecto lector de centro

A maioría dos/as responsables da biblioteca do total de centros do estudo sinalan que esta é un elemento moi (56,6%) ou bastante (32,7%) esencial para a consecución dos obxectivos do proxecto lector de centro ao igual que o afirman os/as responsables de centros con Plambe (64,6% moito e 29,3% bastante) e sen Plambe (41,4% moito e 39,1% bastante).

1 A proba de Chi-cadrado emprégase cando se desexa verificar se as diferenzas que se observan na distribución das respostas dos suxeitos nas diversas categorías nas que se divide a variable obxecto de estudo son reais e por iso significativas estatisticamente, indo máis alá dos límites esperados polo azar, ou polo contrario, son explicables polo azar e, neste caso, non deben considerarse.

Gráfica 7. A biblioteca é un elemento esencial para a consecución dos obxectivos do proxecto lector de centro



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	0,4	2,4	5,2	32,7	56,6	2,8
Con Plambe	0,0	1,8	1,2	29,3	64,6	3,0
Sen Plambe	1,1	3,4	12,6	39,1	41,4	2,3

Comparando os centros con e sen Plambe, o valor de t^2 é 3,943 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas na valoración dos/as responsables da biblioteca e a favor dos primeiros.

3. O equipo directivo considera a biblioteca como unha das súas prioridades

Segundo a maioría do total de responsables da biblioteca (43,0%) e os/as de centros con Plambe (54,3%) o equipo directivo considera á biblioteca como unha das súas prioridades; no caso dos/as responsables de centros sen Plambe é bastante miaoritario para o 44,8%.

Gráfica 8. O equipo directivo considera a biblioteca como unha das súas prioridades



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,2	8,0	13,1	33,5	43,0	1,2
Con Plambe	1,2	7,3	8,5	27,4	54,3	1,2
Sen Plambe	1,1	9,2	21,8	44,8	21,8	1,1

2 A proba t de Student emprégase cando se desexa verificar se as diferenzas que se observan entre unha variable cuantitativa e outra cualitativa son reais e por iso significativas estatisticamente, indo máis alá dos límites esperados polo azar, ou polo contrario, son explicables polo azar e, neste caso, non deben considerarse.

Cando comparamos nesta cuestión os resultados de centros con e sen Plambe, comprobamos que o valor de t é 3,777 e $p < 0,05$, polo tanto, hai diferenzas significativas entre ambos, en relación á consideración, por parte do equipo directivo do centro, da biblioteca escolar como unha das súas prioridades, diferenzas que se poñen de manifesto a favor dos primeiros.

4. A biblioteca amósase como un factor de calidade do centro

Para os/as responsables do total e para os/as de centros con Plambe a biblioteca é un factor moi (40,2% e 51,2%) ou bastante importante (37,8% e 36,0%) para a mellora da calidade do centro. Pola súa parte, nos centros sen Plambe afirman, na súa maioría, que a biblioteca é un factor bastante (41,4%) ou algo importante (28,7%).

Gráfica 9. A biblioteca amósase como un factor de calidade do centro



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,6	3,2	16,3	37,8	40,2	0,8
Con Plambe	0,6	1,2	9,8	36,0	51,2	1,2
Sen Plambe	3,4	6,9	28,7	41,4	19,5	0,0

As diferenzas atopadas nas valoracións dos/as responsables da biblioteca de centros con e sen Plambe a esta cuestion son significativas ($t = 5,980$, $p < 0,05$) e a favor dos centros Plambe.

5. O equipo directivo do centro colabora na xestión da biblioteca escolar

A maioría dos/as responsables do total e de centros con Plambe afirma que o equipo directivo colabora de forma moi (40,6% e 50,6%) e bastante activa (29,9% e 24,4%) na xestión da biblioteca escolar. Pola contra, para os/as de centros sen Plambe a colaboración do equipo directivo na xestión escolar é menor, pois un 40,2% afirma que colaboran bastante e un 21,8% moito.

Gráfica 10. O equipo directivo do centro colabora na xestión da biblioteca escolar



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	3,2	10,8	13,9	29,9	40,6	1,6
Con Plambe	2,4	9,8	11,0	24,4	50,6	1,8
Sen Plambe	4,6	12,6	19,5	40,2	21,8	1,1

Cando comparamos os resultados de centros con e sen Plambe, comprobamos que o valor de t é 3,157 e $p < 0,05$, polo tanto, hai diferenzas significativas entre ambos, a favor dos primeiros.

4.1.3. Equipamento, instalacións e tecnoloxías

1. Valoración do equipamento, instalacións e tecnoloxías da biblioteca

Para a maioría (34,7%) do total, así como os/as de centros con Plambe (35,4%) e sen Plambe (33,3%) é moi adecuada a accesibilidade para persoas con discapacidade. É bastante adecuada a sinalización (45,0%, 45,1% e 44,8%), os espazos que hai para o traballo en grupo (43,4%, 43,9% e 42,5%), o espazo (36,7%, 37,2% e 35,6%), a súa distribución (47,0%, 49,4% e 42,5%) e o mobiliario (47,8%, 56,1% e 32,2%).

O acceso e a iluminación son moi adecuados para os/as responsables do total (40,6% e 44,2%) e de centros con Plambe (45,7% e 50,6%), mentres que tan só son bastante adecuados para a maioría dos/as de centros sen Plambe (37,9% e 49,4%).

O lugar onde está situada a biblioteca é bastante adecuado para os/as responsables do total (42,6%) e de centros sen Plambe (48,3%), mentres que o é moito para a maioría dos/as de centros con Plambe (41,5%).

En canto á valoración do número de ordenadores, o 34,3% e 40,2% do total e de centros con Plambe, consideran que é bastante adecuado; é pouco adecuado para a maioría dos/as de centros sen Plambe (41,4%).

Táboa 2. Valoración do equipamento, instalacións e tecnoloxías da biblioteca

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Lugar onde está situada	Nada	2,0	2,4	1,1
	Pouco	8,4	4,9	14,9
	Algo	11,6	11,0	12,6
	Bastante	42,6	39,6	48,3
	Moito	34,7	41,5	21,8
	Ns/Nc	0,8	0,6	1,1
O acceso	Nada	0,8	0,6	1,1
	Pouco	9,6	6,7	14,9
	Algo	14,3	14,0	14,9
	Bastante	34,3	32,3	37,9
	Moito	40,6	45,7	31,0
	Ns/Nc	0,4	0,6	0,0
A sinalización	Nada	1,2	1,2	1,1
	Pouco	6,0	4,3	9,2
	Algo	17,9	15,2	23,0
	Bastante	45,0	45,1	44,8
	Moito	29,1	33,5	20,7
	Ns/Nc	0,8	0,6	1,1
Os espazos que hai para o traballo en grupo	Nada	1,6	0,0	4,6
	Pouco	8,0	6,1	11,5
	Algo	18,3	14,6	25,3
	Bastante	43,4	43,9	42,5
	Moito	28,3	34,8	16,1
	Ns/Nc	0,4	0,6	0,0
O número de ordenadores	Nada	6,4	0,6	17,2
	Pouco	27,9	20,7	41,4
	Algo	23,1	27,4	14,9
	Bastante	34,3	40,2	23,0
	Moito	7,2	9,8	2,3
	Ns/Nc	1,2	1,2	1,1
O espazo	Nada	1,6	1,2	2,3
	Pouco	12,0	10,4	14,9
	Algo	24,3	19,5	33,3
	Bastante	36,7	37,2	35,6
	Moito	24,3	29,9	13,8
	Ns/Nc	1,2	1,8	0,0
A distribución	Nada	1,6	0,6	3,4
	Pouco	7,6	3,0	16,1
	Algo	17,9	13,4	26,4
	Bastante	47,0	49,4	42,5
	Moito	25,1	32,3	11,5
	Ns/Nc	0,8	1,2	0,0
O mobiliario	Nada	1,6	0,6	3,4
	Pouco	10	2,4	24,1
	Algo	20,7	15,9	29,9
	Bastante	47,8	56,1	32,2
	Moito	18,7	23,8	9,2
	Ns/Nc	1,2	1,2	1,1
A accesibilidade para persoas con discapacidade	Nada	12,7	12,2	13,8
	Pouco	11,6	11,6	11,5
	Algo	13,5	12,2	16,1
	Bastante	26,7	27,4	25,3
	Moito	34,7	35,4	33,3
	Ns/Nc	0,8	1,2	0,0
A iluminación	Nada	0,8	0,0	2,3
	Pouco	2,8	1,8	4,6
	Algo	10	9,1	11,5
	Bastante	41,8	37,8	49,4
	Moito	44,2	50,6	32,2
	Ns/Nc	0,4	0,6	0,0

2. Superficie da biblioteca

Para o total dos/as responsables da biblioteca (37,3%) e os/as de centros con Plambe (55,0%) a superficie da biblioteca está entre 51 e 100 m². Nos centros sen Plambe é, para a maioría, inferior a 50 m² (41,5%).

Táboa 3. Superficie da biblioteca

	Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
< 50 m²	22,0	23,5	41,5
51 m² - 100 m²	37,3	55,0	26,8
101 - 150 m²	14,8	14,4	5,5
151 - 200 m²	4,8	3,0	4,4
> 200 m²	1,6	2,4	0,0
Ns/Nc	19,5	1,7	21,8

4.1.4. Recursos documentais

1. Valoración dos fondos da biblioteca escolar

Segundo o conxunto de responsables os fondos son bastante suficientes (65,7%, 74,4% e 49,4%), están bastante actualizados (56,6%, 65,9% e 39,1%) e ben conservados (74,9%, 78,0% e 69,0%); consideran que na selección dos fondos se teñen moi en conta as demandas dos/as profesores/as do equipo de apoio (61,4%, 70,7% e 43,7%), e afirman que moitos están informatizados (51,4%, 61,6% e 32,2%).

Na súa opinión, bastantes fondos están rexistrados na sala da biblioteca (50,2%, 57,3% e 36,8%) e cobren as necesidades de todas as áreas curriculares (61,8%, 70,1% e 46,0%), ao igual que din que son bastante axeitados para o alumnado do centro (63,3%, 65,2% e 59,8%). Por outra parte, afirman que a biblioteca conta con algúns materiais axeitados para alumnado con necesidades educativas específicas (39,8%, 40,9% e 37,9%).

Táboa 4. Valoración dos fondos da biblioteca escolar

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Os fondos son suficientes	Nada	1,2	0,6	2,3
	Pouco	6,4	1,8	14,9
	Algo	20,7	15,2	31,0
	Bastante	65,7	74,4	49,4
	Moito	5,6	7,3	2,3
	Ns/Nc	0,4	0,6	0,0
Os fondos están actualizados	Nada	1,6	0,6	3,4
	Pouco	4,8	0,6	12,6
	Algo	17,5	8,5	34,5
	Bastante	56,6	65,9	39,1
	Moito	19,1	23,8	10,3
	Ns/Nc	0,4	0,6	0,0
Os fondos están ben conservados	Nada	0,4	0,6	0,0
	Pouco	1,6	0,0	4,6
	Algo	9,6	4,3	19,5
	Bastante	74,9	78,0	69,0
	Moito	12,7	15,9	6,9
	Ns/Nc	0,8	1,2	0,0
Na selección dos fondos téñense en conta as demandas dos/as profesores/as do equipo de apoio	Nada	1,2	0,6	2,3
	Pouco	1,6	0,0	4,6
	Algo	7,2	2,4	16,1
	Bastante	27,9	25,0	33,3
	Moito	61,4	70,7	43,7
	Ns/Nc	0,8	1,2	0,0
Conta con materiais axeitados para o alumnado con necesidades educativas específicas	Nada	3,6	1,2	8,0
	Pouco	19,9	12,2	34,5
	Algo	39,8	40,9	37,9
	Bastante	32,7	40,9	17,2
	Moito	3,6	4,3	2,3
	Ns/Nc	0,4	0,6	0,0
Están cubertas as necesidades de todas as áreas curriculares	Nada	0,8	0,6	1,1
	Pouco	5,6	1,2	13,8
	Algo	23,1	17,7	33,3
	Bastante	61,8	70,1	46,0
	Moito	8,0	9,1	5,7
	Ns/Nc	0,8	1,2	0,0
Todos os fondos rexistrados están na sala da biblioteca	Nada	4,8	4,3	5,7
	Pouco	8,4	6,1	12,6
	Algo	19,1	15,2	26,4
	Bastante	50,2	57,3	36,8
	Moito	16,3	15,9	17,2
	Ns/Nc	1,2	1,2	1,1
Os fondos están informatizados	Nada	5,2	0,0	14,9
	Pouco	3,6	0,6	9,2
	Algo	5,2	3,0	9,2
	Bastante	33,1	33,5	32,2
	Moito	51,4	61,6	32,2
	Ns/Nc	1,6	1,2	2,3
Os fondos son axeitados ao alumnado do centro	Nada	0,8	0,6	1,1
	Pouco	2,8	0,0	8,0
	Algo	11,2	5,5	21,8
	Bastante	63,3	65,2	59,8
	Moito	21,5	28,0	9,2
	Ns/Nc	0,4	0,6	0,0

Cando comparamos os centros con e sen Plambe en relación aos fondos da biblioteca escolar atopamos diferenzas significativas entre os indicadores valorados. Estas diferenzas son, en todos os casos, a favor dos centros con Plambe.

Táboa 5. Comparación de centros con Plambe e sen Plambe na valoración dos fondos da biblioteca escolar

	Proba t de Student	
	Valor	Significación bilateral*
Son suficientes	5,231	0,000
Están actualizados	6,425	0,000
Están ben conservados	4,462	0,000
Na selección dos fondos da biblioteca téñense en conta as demandas do profesorado do equipo de apoio á biblioteca	4,907	0,000
A biblioteca conta con materiais axeitados para o alumando con necesidades educativas específicas	5,676	0,000
Están cubertas as necesidades de todas as áreas curriculares	4,586	0,000
Todos os fondos están rexistrados na sala da biblioteca	1,963	0,051
Os fondos están informatizados	6,327	0,000
Os fondos son axeitados ao alumnado do Centro	5,540	0,000

*p < 0,05

2. O rexistro dos fondos está informatizado

O 91,2% dos/as responsables da biblioteca do total e o 98,8% de centros con Plambe afirman que o rexistro de fondos está informatizado; nos centros sen Plambe esta porcentaxe é do 77,0%, aínda que destaca tamén un 21,8% que sinala que non están informatizados.

Gráfica 11. O rexistro dos fondos está informatizado



	Si	Non	Ns/Nc
Total	91,2	8,0	0,8
Con Plambe	98,8	0,6	0,6
Sen Plambe	77,0	21,8	1,1

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, comprobamos que o valor de Chi-cadrado é 32,303 e $p < 0,05$, polo tanto, hai diferenzas significativas en relación á informatización do rexistro dos fondos, a favor dos primeiros.

3. O préstamo está automatizado

Segundo un 80,9% do total de responsables e un 90,9% de centros con Plambe o préstamo está automatizado. No caso dos centros sen Plambe a porcentaxe dos que comparten a mesma opinión é do 62,1%.

Gráfica 12. O préstamo está automatizado



	Si	Non	Ns/Nc
Total	80,9	18,3	0,8
Con Plambe	90,9	8,5	0,6
Sen Plambe	62,1	36,8	1,1

As diferenzas atopadas nas respostas dos/as responsables da biblioteca dos centros con e sen Plambe son significativas (Chi-cadrado = 28,700, $p < 0,05$) e a favor dos centros con Plambe.

4. A biblioteca dispón dun catálogo en liña

A maioría dos/as responsables do total (76,9%), de centros con Plambe (87,8%), e sen Plambe (56,3%) sinala que a biblioteca dispón dun catalógo en liña.

Gráfica 13. A biblioteca dispón dun catálogo en liña



	Si	Non	Ns/Nc
Total	76,9	21,5	1,6
Con Plambe	87,8	10,4	1,8
Sen Plambe	56,3	42,5	1,1

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, comprobamos que o valor de Chi-cadrado é 28,700 e $p < 0,05$, polo tanto, hai diferenzas significativas a favor dos centros con Plambe.

5. A biblioteca dispón dun sistema de clasificación de fondos

Unha gran maioría das respostas dadas polo conxunto de responsables da biblioteca enquisados confirma que os fondos están catalogados en base a un sistema de clasificación (90,8% total; 97,0% con Plambe; 79,3% sen Plambe).

Gráfica 14. A biblioteca dispón dun sistema de clasificación de fondos



	Si	Non	Ns/Nc
Total	90,8	6,8	2,4
Con Plambe	97,0	1,2	1,8
Sen Plambe	79,3	17,2	3,4

6. Tipo de sistema de clasificación de fondos

Na maioria dos centros se emprega o sistema de clasificación de fondos Clasificación Decimal Universal (CDU) (79,7%, total; 88,4% con Plambe; 63,2% sen Plambe). Un 10,8%, 8,5% e 14,9% dos centros empregan outros sistemas de clasificación, tales como CDU adaptada.

Gráfica 15. Tipo de sistema de clasificación de fondos



	CDU	Outros	Ns/Nc
Total	79,7	10,8	9,6
Con Plambe	88,4	8,5	3,0
Sen Plambe	63,2	14,9	21,8

7. Valore en que medida na selección dos materiais se teñen en conta as demandas dos seguintes axentes

Para a maioría de responsables da biblioteca do total, de centros con Plambe e sen Plambe tense moi en conta, á hora de seleccionar os materiais da biblioteca, as demandas do alumnado (50,2%, 56,1% e 39,1%), do equipo de apoio á biblioteca (59,8%, 69,5% e 41,4%) e do profesorado (55,8%, 62,8% e 42,5%); bastante a opinión da Comisión de Coordinación Pedagóxica (33,9%, 36,0% e 29,9%) e do equipo directivo (37,8%, 37,8% e 37,9%) e pouco a das familias (33,1%, 31,7% e 35,6%). As demandas da comisión de biblioteca e do equipo de ciclo e/ou departamento son tidas moi en conta según os/as responsables do total de centros (49,8% e 41,4%) e de centros Plambe (57,3% e 48,2%) e tan só bastante nos centros sen Plambe (37,9% e 35,6%).

Táboa 6. Selección dos materiais en base ás demandas de diferentes axentes

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Familias	Nada	17,1	12,2	26,4
	Pouco	33,1	31,7	35,6
	Algo	23,9	26,2	19,5
	Bastante	16,7	20.1	10,3
	Moito	7,6	8,5	5,7
	Ns/Nc	1,6	1,2	2,3
Comisión de Coordinación pedagóxica	Nada	7,2	4,3	12,6
	Pouco	12,4	11.6	13,6
	Algo	22,7	20,7	26,4
	Bastante	33,9	36,0	29,9
	Moito	19,5	22,6	13,8
	Ns/Nc	4,4	4,9	3,4
Comisión de Biblioteca	Nada	6,0	3,0	11,5
	Pouco	2,8	3,0	2,3
	Algo	4,4	2,4	8,0
	Bastante	32,3	29,3	37,9
	Moito	49,8	57,3	35,6
	Ns/Nc	4,8	4,9	4,6
Equipo Directivo	Nada	4,8	4,3	5,7
	Pouco	8,4	9,1	6,9
	Algo	21,9	17,1	31,0
	Bastante	37,8	37,8	37,9
	Moito	25,5	31,1	14,9
	Ns/Nc	1,6	0,6	3,4
Alumnado	Nada	1,2	0,6	2,3
	Pouco	2,8	3,0	2,3
	Algo	12,7	6,1	25,3
	Bastante	31,5	32,3	29,9
	Moito	50,2	56,1	39,1
	Ns/Nc	1,6	1,8	1,1
Equipo de ciclo e/ou departamento	Nada	2,4	0,6	5,7
	Pouco	4,0	1,8	8,0
	Algo	10,8	7,3	17,2
	Bastante	37,5	38,4	35,6
	Moito	41,4	48,2	28,7
	Ns/Nc	4,0	3,7	4,6
Profesorado	Nada	1,2	0,0	3,4
	Pouco	2,0	1,8	2,3
	Algo	7,2	3,7	13,8
	Bastante	33,5	31,1	37,9
	Moito	55,8	62,8	42,5
	Ns/Nc	0,4	0,6	0,0
Equipo de apoio á biblioteca	Nada	3,6	0,6	9,2
	Pouco	1,2	0,6	2,3
	Algo	3,6	0,6	9,2
	Bastante	30,7	28,0	35,6
	Moito	59,8	69,5	41,4
	Ns/Nc	1,2	0,6	2,3

4.1.5. Persoal

1. Número de horas semanais de atención á biblioteca escolar contempladas no horario

A maioría de responsables do total de centros dedican entre dúas e seis horas semanais á atención a biblioteca, e son catro (19,2%) e cinco horas (18,4%) semanais o máis frecuente.

No centros con Plambe dedican maioritariamente entre catro (24%) e cinco (21%) horas semanais e nos sen Plambe, a atención horaria á biblioteca distribúese, sobre todo, entre tres horas (18,0%), unha hora (16,8%) e dúas (14,6%).

Táboa 7. Número de horas semanais de atención á biblioteca escolar contempladas no horario

	Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
0	2,7	0,6	6,7
1	7,4	2,4	16,8
2	12,5	11,4	14,6
3	16,4	15,6	18,0
4	19,2	24,0	10,1
5	18,4	21,0	13,5
6	10,2	12,6	5,6
7	4,3	4,8	3,4
8	3,1	4,2	1,1
9	1,6	1,2	2,2
10	0,4	0,6	0,0
11	0,4	0,0	1,1
14	0,4	0,6	0,0
20	0,4	0,0	1,1
30	0,4	0,0	1,1
34	0,4	0,0	0,0

2. Criterios tidos en conta na designación do responsable da biblioteca escolar

Para a maioría de responsables do total de centros, tívose bastante en conta na súa elección a experiencia (24,3%) e a dispoñibilidade horaria (28,7%); algo a formación específica en materia de bibliotecas e de lectura/información (25,5%); o interese foi o criterio máis considerado á hora da designación (53,0%).

Nos centros con Plambe, a maioría afirma que a experiencia foi un criterio que tivo bastante peso (26,8%) á hora da súa elección, xunto coa formación en materia de bibliotecas e de lectura/información (28,0%) e a dispoñibilidade horaria (29,9%). O interese é considerado como moi importante (60,4%) por máis da metade deles/as.

Nos centros sen Plambe na súa designación tívose moi en conta o interese (39,1%), mentres que a dispoñibilidade horaria (29,9%) foi tida pouco en conta, e algo a experiencia (23,0%), o mesmo que a formación específica en materia de bibliotecas e de lectura/información (26,4%).

Táboa 8. Criterios tidos en conta na designación do responsable da biblioteca escolar

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Experiencia	Nada	16,7	15,2	19,5
	Pouco	15,5	12,8	20,7
	Algo	23,9	24,4	23,0
	Bastante	24,3	26,8	19,5
	Moito	15,5	17,1	12,6
	Ns/Nc	4,0	3,7	4,6
Formación específica en materia de bibliotecas e de lectura/información	Nada	13,9	12,2	17,2
	Pouco	16,3	13,4	21,8
	Algo	25,5	25,0	26,4
	Bastante	23,5	28,0	14,9
	Moito	16,3	18,3	12,6
	Ns/Nc	4,4	3,0	6,9
Interese	Nada	2,0	1,8	2,3
	Pouco	0,4	0,6	0,0
	Algo	12,0	7,9	19,5
	Bastante	29,5	26,8	34,5
	Moito	53,0	60,4	39,1
	Ns/Nc	3,2	2,4	4,6
Dispoñibilidade horaria	Nada	10,4	9,1	12,6
	Pouco	16,7	9,8	29,9
	Algo	22,3	26,8	13,8
	Bastante	28,7	29,9	26,4
	Moito	17,5	18,9	14,9
	Ns/Nc	4,4	5,5	2,3
Outros	Nada	9,2	6,1	14,9
	Pouco	0,4	0,6	0,0
	Algo	0,8	0,6	1,1
	Bastante	5,6	4,3	8,0
	Moito	8,8	8,5	9,2
	Ns/Nc	75,3	79,9	66,7

Cando comparamos os centros con e sen Plambe en relación aos criterios tidos en conta na designación do responsable da biblioteca atopamos diferenzas significativas nos seguintes indicadores valorados: formación específica en materia de bibliotecas e de lectura/información, interese e dispoñibilidade horaria. Estas diferenzas son, en todos os casos, a favor dos centros con Plambe.

Táboa 9. Comparación de centros con Plambe e sen Plambe nos criterios tidos en conta na designación do responsable da biblioteca escolar

	Proba t de Student	
	Valor	Significación bilateral*
Formación específica en materia de bibliotecas e de lectura/información	9,792	0,044
Interese	14,648	0,005
Dispoñibilidade horaria	19,266	0,001

*p < 0,05

3. Funcións do/a responsable da biblioteca

Os/as responsables da biblioteca do total de centros afirman que a formación de usuarios/as, a selección e elaboración de materiais para a formación do alumnado, e as actividades de extensión cultural as realizan en bastantes ocasións (35,5%, 39,4%, 31,9% e 32,2%). Na mesma medida se posicionan os/as responsables de centros con Plambe (43,3%, 38,4% e 37,2%), que indican, maioritariamente, que realizan de xeito bastante habitual estas funcións, a excepción da formación de usuarios e usuarias (42,7%) que a fan moi habitualmente.

Nos centros sen Plambe son desenvolvidas maioritariamente en bastantes ocasións a formación de usuarios/as (31,0%) e a selección de materiais para a formación do alumnado (32,2%), mentres que a elaboración de materiais para a formación do alumnado (27,6%) e a realización de actividades de extensión cultural as levan a cabo algunha que outra vez (28,7%).

Táboa 10. Funcións de formación

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Formar usuarios e usuarias	Nada	5,2	2,4	10,3
	Pouco	7,2	2,4	16,1
	Algo	16,7	12,8	24,1
	Bastante	35,5	37,8	31,0
	Moito	33,5	42,7	16,1
	Ns/Nc	2,0	1,8	2,3
Seleccionar materias para o formación do alumnado	Nada	2,4	1,2	4,6
	Pouco	12,7	7,9	21,8
	Algo	19,9	17,1	25,3
	Bastante	39,4	43,3	32,2
	Moito	24,3	29,9	13,8
	Ns/Nc	1,2	0,6	2,3
Elaborar materiais para a formación do alumnado	Nada	6,8	2,4	14,9
	Pouco	17,5	14,0	24,1
	Algo	25,9	25,0	27,6
	Bastante	31,9	38,4	19,5
	Moito	15,5	19,5	8,0
	Ns/Nc	2,4	0,6	5,7
Actividades de extensión cultural	Nada	4,4	1,2	10,3
	Pouco	13,1	10,4	18,4
	Algo	24,3	22,0	28,7
	Bastante	32,3	37,2	23,0
	Moito	21,9	26,2	13,8
	Ns/Nc	4,0	3,0	5,7

Tanto para os/as responsables do total como para os/as de centros con e sen Plambe entre as funcións de xestión que realizan moi habitualmente destacan a elaboración da Programación Anual da Biblioteca (65,7%, 76,8% e 44,8%) e a elaboración da Memoria Anual da Biblioteca (73,7%, 84,8% e 52,9%).

Táboa 11. Funcións de xestión

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Elaborar a Programación Anual da Biblioteca	Nada	3,2	0,6	8,0
	Pouco	2,0	0,6	4,6
	Algo	6,8	3,7	12,6
	Bastante	21,5	17,7	28,7
	Moito	65,7	76,8	44,8
	Ns/Nc	0,8	0,6	1,1
Elaborar a Memoria Anual da Biblioteca	Nada	3,6	0,6	9,2
	Pouco	0,4	0,0	1,1
	Algo	3,2	0,6	8,0
	Bastante	17,9	13,4	26,4
	Moito	73,7	84,8	52,9
	Ns/Nc	1,2	0,6	2,3

A colaboración no deseño e posta en práctica do proxecto lector de centro e a coordinación do mesmo son funcións que realizan moi habitualmente os/as responsables do total (42,6%, 39,8%) e de centros con Plambe (48,2% e 46,3%); nos centros sen Plambe lévanse a cabo bastantes veces (35,6% e 43,7%).

Táboa 12. Funcións relacionadas co proxecto lector de centro

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Colaborar no deseño e posta en práctica do proxecto lector de centro	Nada	2,0	1,8	2,3
	Pouco	2,8	2,4	3,4
	Algo	12,4	7,9	20,7
	Bastante	36,3	36,6	35,6
	Moito	42,6	48,2	32,2
	Ns/Nc	4,0	3,0	5,7
Colaborar na coordinación do proxecto lector de centro	Nada	2,0	1,8	2,3
	Pouco	3,6	3,7	3,4
	Algo	13,1	11,0	17,2
	Bastante	37,1	33,5	43,7
	Moito	39,8	46,3	27,6
	Ns/Nc	4,4	3,7	5,7

Informar ao Claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións é unha función que realiza moi frecuentemente algo máis da metade de responsables do total (55,4%), de centros con Plambe (63,4%) e sen Plambe (40,2%). A difusión dos fondos existentes na biblioteca e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar lévase a cabo en bastantes ocasións segundo o 40,6% do total e o 37,9% dos/as de centros sen Plambe; nos centros con Plambe é realizada de xeito moi habitual segundo o 44,5% dos/as enquisados/as.

Táboa 13. Funcións de información e difusión

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Informar ao claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións	Nada	2,0	0,6	4,6
	Pouco	3,2	1,2	6,9
	Algo	6,0	3,0	11,5
	Bastante	31,9	29,9	35,6
	Moito	55,4	63,4	40,2
	Ns/Nc	1,6	1,8	1,1
Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar	Nada	1,2	0,6	2,3
	Pouco	4,0	1,8	8,0
	Algo	13,1	9,8	19,5
	Bastante	40,6	42,1	37,9
	Moito	39,4	44,5	29,9
	Ns/Nc	1,6	1,2	2,3

Para o 59,4% dos/as responsables do total, o 68,9% de centros con Plambe e o 41,4% sen Plambe coordinar ao equipo de apoio á biblioteca é unha función que realizan a maioría moi habitualmente.O asesoramento ao profesorado en técnicas de fomento á lectura é unha práctica bastante habitual para o 28,7% e 32,3% do total e con Plambe; nos centros sen Plambe lévase a cabo nalgunha que outra ocasión segundo o 27,6% dos/as enquisados/as. Ademais, é moi habitual que os/as responsables do total (36,7%) e de centros con Plambe (46,3%) desenvolvan estratexias de dinamización da biblioteca. Nos centros sen Plambe esta función é bastante habitual (33,3%).

Táboa 14. Funcións de coordinación e asesoramento

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Coordinar ao equipo de apoio á biblioteca	Nada	4,0	0,6	10,3
	Pouco	2,0	1,2	3,4
	Algo	5,6	3,7	9,2
	Bastante	26,3	23,8	31,0
	Moito	59,4	68,9	41,4
	Ns/Nc	2,8	1,8	4,6
Asesorar ao profesorado en técnicas de fomento á lectura	Nada	10,0	4,9	19,5
	Pouco	14,3	14,0	14,9
	Algo	28,7	29,3	27,6
	Bastante	28,7	32,3	21,8
	Moito	16,3	18,3	12,6
	Ns/Nc	2,0	1,2	3,4
Desenvolver estratexias de dinamización	Nada	2,8	0,0	8,0
	Pouco	3,6	1,8	6,9
	Algo	18,3	11,6	31,0
	Bastante	37,5	39,6	33,3
	Moito	36,7	46,3	18,4
	Ns/Nc	1,2	0,6	2,3

Unha porcentaxe próxima ao 50% de responsables afirma que a realización do tratamento técnico dos fondos, a definición dos criterios para o préstamo e a atención ao servizo de préstamo xunto co equipo de apoio á biblioteca son funcións que realizan moi habitualmente, mentres que o traballo documental realízase con bastante frecuencia segundo o 33,1% do total e o 39,6% de centros con Plambe. Nos centros sen Plambe, a fan nalgunha que outra ocasión (29,9%)

.

Táboa 15. Funcións de catalogación e preparación de materiais

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Realizar o tratamento técnico dos fondos	Nada	4,0	2,4	6,9
	Pouco	6,4	7,3	4,6
	Algo	8,8	8,5	9,2
	Bastante	30,3	29,3	32,2
	Moito	49,8	51,8	46,0
	Ns/Nc	0,8	0,6	1,1
Definir os criterios para o préstamo	Nada	1,6	0,6	3,4
	Pouco	2,4	0,6	5,7
	Algo	9,2	7,3	12,6
	Bastante	34,3	34,1	34,5
	Moito	50,6	56,1	40,2
	Ns/Nc	2,0	1,2	3,4
Atender o servizo de préstamo xunto co equipo de apoio á biblioteca	Nada	3,6	1,8	6,9
	Pouco	4,8	4,3	5,7
	Algo	9,2	7,9	11,5
	Bastante	29,5	26,8	34,5
	Moito	50,6	57,3	37,9
	Ns/Nc	2,4	1,8	3,4
Traballo documental	Nada	6,0	2,4	12,6
	Pouco	10	6,1	17,2
	Algo	24,7	22,0	29,9
	Bastante	33,1	39,6	20,7
	Moito	21,9	25,6	14,9
	Ns/Nc	4,4	4,3	4,6

4. Asistencia a actividades formativas vinculadas ás tarefas como responsable da biblioteca

O 74,9% dos/as responsables do total e case o 90% (89,6%) dos/as de centros con Plambe asisten regularmente a actividades de formación. Algo máis da metade dos/as de centros sen Plambe (51,7%) afirman non asistir, porcentaxe moi próximo aos que si o fan (47,1%).

Gráfica 16. Asistencia a actividades formativas vinculadas ás tarefas como responsable da biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	74,9	22,7	2,4
Con Plambe	89,6	7,3	3,0
Sen Plambe	47,1	51,7	1,1

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, comprobamos que o valor de Chi-cadrado é 62,520 e $p < 0,05$, polo tanto, hai diferenzas significativas entre ambos e a favor dos centros con Plambe.

5. Formación específica respecto das seguintes temáticas

A maioría dos/as responsables do total confirma que ten bastante formación en lectura e literatura infantil e xuvenil (43,8%), xestión e dinamizacion (43,0%), formación de usuarios (40,2%), tecnoloxías da Información e da comunicación (39,0%). Teñen algunha en alfabetización en informatización/ educación documental (41,8%), traballo por proxectos (31,9%) e ningunha (34,3%) ou pouca (24,7%) en biblioteconomía.

No caso de centros con e sen Plambe a formación é abundante en lectura e literatura infantil e xuvenil (45,1% e 41,4%) e mesmo teñen algunha en alfabetización en información/educación documental (42,1% e 41,4%). Por outra parte, mentres os/as de centros con Plambe están bastante formados en tecnoloxías da Información e da comunicación (42,1%), formación de usuarios (45,7%), xestión e dinamización (50,6%) e traballo por proxectos (36,6%), os/as de centros sen Plambe só algo (40,2%, 33,3%, 32,2% e 29,9%).

Doutra banda, o 29,3% e 27,4% de centros con Plambe non teñen ou teñen algunha formación en biblioteconomía e os/as de centros sen Plambe tampouco a teñen (43,7%) ou é escasa (21,8%).

Táboa 16. Formación específica respecto das seguintes temáticas

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Biblioteconomía	Nada	34,3	29,3	43,7
	Pouco	24,7	26,2	21,8
	Algo	24,7	27,4	19,5
	Bastante	13,1	14,6	10,3
	Moito	0,8	0,0	2,3
	Ns/Nc	2,4	2,4	2,3
Lectura e Literatura Infantil e Xuvenil	Nada	5,6	4,3	8,0
	Pouco	9,2	6,7	13,8
	Algo	31,5	31,1	32,2
	Bastante	43,8	45,1	41,4
	Moito	7,6	9,8	3,4
	Ns/Nc	2,4	3,0	1,1
Alfabetización en Información/ Educación documental	Nada	11,2	6,7	19,5
	Pouco	12,7	9,8	18,4
	Algo	41,8	42,1	41,4
	Bastante	27,1	32,9	16,1
	Moito	4,8	6,1	2,3
	Ns/Nc	2,4	2,4	2,3
Tecnoloxías da Información e da comunicación	Nada	2,8	1,8	4,6
	Pouco	10,0	6,1	17,2
	Algo	38,2	37,2	40,2
	Bastante	39,0	42,1	33,3
	Moito	7,6	9,8	3,4
	Ns/Nc	2,4	3,0	1,1
Formación de usuarios	Nada	6,8	1,2	17,2
	Pouco	9,2	8,5	10,3
	Algo	31,5	30,5	33,3
	Bastante	40,2	45,7	29,9
	Moito	8,8	11,0	4,6
	Ns/Nc	3,6	3,0	4,6
Xestión e dinamización	Nada	6,4	2,4	13,8
	Pouco	6,8	2,4	14,9
	Algo	27,1	24,4	32,2
	Bastante	43,0	50,6	28,7
	Moito	14,7	17,7	9,2
	Ns/Nc	2,0	2,4	1,1
Traballo por proxectos	Nada	8,4	6,7	11,5
	Pouco	17,1	11,6	27,6
	Algo	31,9	32,9	29,9
	Bastante	31,5	36,6	21,8
	Moito	7,6	9,1	4,6
	Ns/Nc	3,6	3,0	4,6
Outros	Nada	6,8	4,3	11,5
	Pouco	0,8	0,6	1,1
	Algo	1,2	0,6	2,3
	Bastante	0,8	1,2	0,0
	Moito	2,4	2,4	2,3
	Ns/Nc	88,0	90,9	82,8

6. Necesidade de formación respecto das seguintes temáticas

Os/as responsables do totaI de centros din que necesitan bastante máis formación en traballos por proxectos (36,7%), alfabetización en información/educación documental (43,8%) e biblioteconomía (34,3%). Tamén precisan algunha formación en lectura e literatura infantil e xuvenil (42,2%), tecnoloxías da Información e da comunicación (35,9%), formación de usuarios/as (37,1%) e xestión e dinamización (35,5%).

Nos centros con Plambe e sen Plambe requiren bastante formación en traballo por proxectos (32,9% e 43,7%), alfabetización en información/educación documental (48,2% e 35,6%), e biblioteconomía (36,0% e 31,0%); algunha en lectura e literatura infantil e xuvenil (41,5% e 43,7%), formación de usuarios (39,6% e 32,2%) e xestión e dinamización (37,8% e 31,0%); en tecnoloxías da Información e da comunicación a formación é bastante necesaria para os centros con Plambe (37,8%) e algo (37,9%) para os sen Plambe.

Táboa 17. Necesidade de formación respecto das seguintes temáticas

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Biblioteconomía	Nada	3,2	3,0	3,4
	Pouco	11,2	11,0	11,5
	Algo	23,9	26,8	18,4
	Bastante	34,3	36,0	31,0
	Moito	24,3	21,3	29,9
	Ns/Nc	3,2	1,8	5,7
Lectura e Literatura Infantil e Xuvenil	Nada	0,8	0,6	1,1
	Pouco	8,0	9,1	5,7
	Algo	42,2	41,5	43,7
	Bastante	35,5	37,2	32,2
	Moito	8,8	7,9	10,3
	Ns/Nc	4,8	3,7	6,9
Alfabetización en Información/ Educación documental	Nada	1,2	0,6	2,3
	Pouco	3,6	3,0	4,6
	Algo	34,3	34,1	34,5
	Ns/Nc	88,0	87,8	88,5

16. Actividades levadas a cabo para a promoción da lectura

Para a maioría de responsables do total de centros na promoción da lectura lévanse a cabo moitas veces celebracións (42,2%), Mochilas viaxeiras (37,8%) e actividades sistemáticas de Hora de ler (45,0%). En bastantes ocasións lévanse a cabo exposicións (36,3%), concursos (36,7%), lecturas compartidas (37,5%) e contacontos (30,3%). Realízanse obradoiros (28,7%), encontros con autores/as (33,5%) e presentación de libros (32,3%) algunhas veces, mentres que, segundo o 39,4%, 36,3% e 42,2%, non se levan a cabo clubs de lectura e actividades de fomento da lectura destinadas as familias, nin actividades nas que estas participan.

Segundo a maioría de responsables de centros con Plambe realízanse moitas veces na biblioteca actividades para promover a lectura como celebracións (54,3%), clubs de Lectura (33,5%), Mochilas viaxeiras (49,4%) e actividades sistemáticas de Hora de ler (55,5%). Tamén se fan en bastantes ocasións obradoiros (29,9%), exposicións (40,9%), concursos (40,2%), encontros con autores e autoras (32,3%), lecturas compartidas (40,2%) e contacontos (29,9%) mentres que se fan algunhas veces presentación de libros (32,3%). Por último, o 36,6% e o 31,1% afirma que nunca se realizan Actividades de fomento da lectura nas que participan as familias, nin destinadas a este colectivo.

Nos centros sen Plambe para promover a lectura lévanse a cabo en bastantes ocasións celebracións (43,7%), lecturas compartidas (32,2%), contacontos (31,0%) e concursos (29,9%). Nalgunhas ocasións realízanse obradoiros (29,9%), exposicións (32,2%), encontros con autores/as (41,4%), presentación de libros (32,2%) e actividades sistemáticas de Hora de ler (25,3%). Os clubs de lectura (50,6%) así como as Mochilas viaxeiras (40,2%) e as actividades de fomento da lectura destinadas ás familias (46,0%) e nas que participan (52,9%) son actividades que non se realizan habitualmente.

Táboa 35. Actividades levadas a cabo para a promoción da lectura

		Total(%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Obradoiros	Nada	14,7	9,1	25,3
	Pouco	14,3	17,1	9,2
	Algo	28,7	28,0	29,9
	Bastante	27,1	29,9	21,8
	Moito	8,0	9,1	5,7
	Ns/Nc	7,2	6,7	8,0
Exposicións	Nada	2,8	1,2	5,7
	Pouco	6,8	2,4	14,9
	Algo	21,1	15,2	32,2
	Bastante	36,3	40,9	27,6
	Moito	29,9	39,0	12,6
	Ns/Nc	3,2	1,2	6,9
Encontros con autores e/ou autoras	Nada	6,8	4,3	11,5
	Pouco	13,1	12,2	14,9
	Algo	33,5	29,3	41,4
	Bastante	29,9	32,3	25,3
	Moito	13,9	19,5	3,4
	Ns/Nc	2,8	2,4	3,4
Celebracións	Nada	0,4	6,1	1,1
	Pouco	4,8	0,0	13,8
	Algo	10,4	0,0	18,4
	Bastante	40,6	39,0	43,7
	Moito	42,2	54,3	19,5
	Ns/Nc	1,6	0,6	3,4
Lecturas compartidas	Nada	9,2	5,5	16,1
	Pouco	10,0	10,4	9,2
	Algo	19,5	17,7	23,0
	Bastante	37,5	40,2	32,2
	Moito	21,1	25,0	13,8
	Ns/Nc	2,8	1,2	5,7
Concursos	Nada	6,8	4,3	11,5
	Pouco	12,7	11,6	14,9
	Algo	23,5	20,7	28,7
	Bastante	36,7	40,2	29,9
	Moito	16,3	20,1	9,2
	Ns/Nc	4,0	3,0	5,7
Contacontos	Nada	0,0	0,0	0,0
	Pouco	10,8	10,4	11,5
	Algo	23,1	21,3	26,4
	Bastante	30,3	29,9	31,0
	Moito	23,1	28,7	12,6
	Ns/Nc	2,4	1,2	4,6

Táboa 35. Actividades levadas a cabo para a promoción da lectura (continuación)

		Total(%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Presentacións de libros	Nada	20,3	14,6	31,0
	Pouco	19,9	22,0	16,1
	Algo	32,3	32,3	32,2
	Bastante	17,9	22,0	10,3
	Moito	4,4	5,5	2,3
	Ns/Nc	5,2	3,7	8,0
Clubs de lectura	Nada	39,4	32,9	50,6
	Pouco	12,7	10,4	17,2
	Algo	8,8	9,8	6,9
	Bastante	8,8	9,1	8,0
	Moito	25,1	33,5	10,3
	Ns/Nc	5,2	4,3	6,9
Mochilas viaxeiras	Nada	27,9	21,3	40,2
	Pouco	7,2	4,3	12,6
	Algo	13,5	12,2	16,1
	Bastante	10,8	11,0	10,3
	Moito	37,8	49,4	16,1
	Ns/Nc	2,8	1,8	4,6
Actividades sistemáticas de "Hora de ler"	Nada	12,4	11,0	14,9
	Pouco	7,6	4,3	13,8
	Algo	12,7	6,7	25,3
	Bastante	18,7	20,1	16,1
	Moito	45,0	55,5	24,1
	Ns/Nc	3,6	2,4	5,7
Actividades de fomento da lectura coa participación das familias	Nada	42,2	36,6	52,9
	Pouco	18,3	22,0	11,5
	Algo	17,1	17,7	16,1
	Bastante	13,5	15,2	10,3
	Moito	5,2	6,7	2,3
	Ns/Nc	3,6	1,8	6,9
Actividades de fomento da lectura destinadas ás familias	Nada	36,3	31,1	46,0
	Pouco	19,1	20,1	17,2
	Algo	22,7	24,4	19,5
	Bastante	14,3	17,1	9,2
	Moito	4,4	5,5	2,3
	Ns/Nc	3,2	1,8	5,7
Outros	Nada	4,4	2,4	8,0
	Pouco	0,0	0,0	0,0
	Algo	0,0	0,0	0,0
	Bastante	0,4	0,0	1,1
	Moito	0,8	1,2	0,0
	Ns/Nc	94,4	96,3	90,8

4.1.9. Tecnoloxías da información e da comunicación

1. A biblioteca escolar ten acceso a internet

En conxunto, practicamente a totalidade de responsables enquisados/as afirma que a biblioteca ten acceso a internet (95,2% total; 97,0% con Plambe; 92,0% sen Plambe).

Gráfica 48. A biblioteca escolar ten acceso a internet



	Si	Non	Ns/Nc
Total	95,2	2,0	2,8
Con Plambe	97,0	0,6	2,4
Sen Plambe	92,0	4,6	3,4

2. A biblioteca facilita a educación para o uso de información (alfabetización informacional)

Tanto no total como nos centros con Plambe os/as responsables indican que a biblioteca facilita bastante (35,5% e 42,1%) e algo (32,7% e 30,5%) a educación para o uso da información (alfabetización informacional). Un 36,8% e un 23,0% dos/as responsables de centros sen Plambe din que o facilita algo ou bastante respectivamente.

Gráfica 49. A biblioteca facilita a educación para o uso de información



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	8,3	8,0	32,7	35,5	13,1	2,4
Con Plambe	3,0	4,9	30,5	42,1	18,3	1,2
Sen Plambe	18,4	13,8	36,8	23,0	3,4	4,6

As diferenzas atopadas na valoración desta cuestion polos/as responsables da biblioteca de centros con e sen Plambe son significativas ($t = 6{,}500$, $p < 0{,}05$) e a favor dos centros con Plambe.

3. A biblioteca facilita a formación no uso das tecnoloxías da comunicación

Tanto no total como nos centros con Plambe, os/as responsables indican que a biblioteca facilita bastante (34,3% e 40,9%) e algo (34,3% e 32,9%) a formación no uso das tecnoloxías da comunicación. Nos centros sen Plambe, o 36,8% e 21,8% de responsables afirma que a facilita algo ou bastante respectivamente.

Gráfica 50. A biblioteca facilita a formación no uso das tecnoloxías da comunicación



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	8,0	9,6	34,3	34,3	11,6	2,4
Con Plambe	2,4	6,1	32,9	40,9	16,5	1,2
Sen Plambe	18,4	16,1	36,8	21,8	2,3	4,6

Comparando as valoracións dos/as responsables da biblioteca de centros con e sen Plambe comprobamos que despois de aplicar a proba t as diferenzas atopadas son significativas ($t = 6{,}500$, $p < 0{,}05$) e a favor dos centros con Plambe.

4. Medios de difusión dos servizos e actividades da biblioteca escolar

Para os/as responsables do total e de centros con Plambe os servizos e actividades da biblioteca difúndense a través do profesorado (89,2% e 91,5%), o blog da biblioteca (66,1% e 82,9%) e a páxina web do centro (74,1% e 81,1%); non se realiza habitualmente por correo electrónico (54,6% total e 52,4% con Plambe) nin a través do boletín informativo (54,2% total e 48,8% Plambe).

Nos centros sen Plambe a difusión realízaa maioritariamente o profesorado (85,1%), e tamén se fai a través da páxina web do centro (60,9%). Non obstante, non se realiza a través do correo electrónico (58,6%), do blog da biblioteca (55,2%) nin do boletín informativo (64,4%).

Táboa 36. Medios de difusión dos servizos e actividades da biblioteca escolar

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Correo electrónico	Si	35,5	39,0	28,7
	Non	54,6	52,4	58,6
	Ns/Nc	10,0	8,5	12,6
Blog da biblioteca	Si	66,1	82,9	34,5
	Non	28,3	14,0	55,2
	Ns/Nc	5,6	3,0	10,3
Páxina web do centro	Si	74,1	81,1	60,9
	Non	19,9	14,6	29,9
	Ns/Nc	6,0	4,3	9,2
Boletín informativo	Si	34,3	41,5	20,7
	Non	54,2	48,8	64,4
	Ns/Nc	11,6	9,8	14,9
Profesorado	Si	89,2	91,5	85,1
	Non	6,8	4,9	10,3
	Ns/Nc	4,0	3,7	4,6
Outros	Si	13,1	14,0	11,5
	Non	4,8	3,0	8,0
	Ns/Nc	82,1	82,9	80,5

4.1.10. Programas institucionais

1. Participación da biblioteca nalgún programa de apoio á biblioteca escolar promovido pola Administración pública e/ou entidades privadas

Un pouco máis da metade de responsables do total (54,2%) e un 77,4% dos/as de centros con Plambe sinalan que a biblioteca escolar participa nalgún programa de apoio a biblioteca escolar. Pola contra, un 85,1% dos/as de centros sen Plambe sinalan que non participan neste tipo de programas.

Gráfica 51. Participación da biblioteca nalgún programa de apoio á biblioteca escolar promovido pola Administración pública e/ou entidades privadas



	Si	Non	Ns/Nc
Total	54,2	42,2	3,6
Con Plambe	77,4	19,5	3,0
Sen Plambe	10,3	85,1	4,6

2. Tipo de administración ou entidade que promove a participación da biblioteca nalgún programa de apoio á biblioteca escolar promovido pola Administración Publica e/ou entidades privadas

O tipo de administración ou entidade que promove esta participación é a Administración Autonómica segundo o 50,6% e 73,2% dos/as responsables da biblioteca do total e de centros con Plambe. Nos centros sen Plambe unha maioría (92,0%) non contestan a esta cuestión.

Táboa 37. Tipo de administración ou entidade que promove a participación da biblioteca nalgún programa de apoio á biblioteca escolar promovido pola Administración pública e/ou entidades privadas

	Total (%)	Con Plambe(%)	Sen Plambe (%)
Administración autonómica	50,6	73,2	8,0
Administración Local	0,0	0,0	0,0
Administración do Estado	0,0	0,0	0,0
Entidades privadas	0,4	0,6	0,0
Administración autonómica e local	1,6	2,4	0,0
Administración autonómica e do estado	0,4	0,6	0,0
Administración local e entidades privadas	0,4	0,6	0,0
Administración autonómica e entidades privadas	0,4	0,6	0,0
Outras	0,0	0,0	0,0
Ns/Nc	46,2	22,0	92,0

4.1.11. Valoracións

1. Realización dunha avaliación periódica da biblioteca

Para un 75,7% dos/as responsables do total e un 84,1% de centros con Plambe realízase unha avaliación periódica da biblioteca, ao igual que ocorre nos centros sen Plambe, aínda que en menor medida, pois un 59,8% afirma que si e un 36,8% o contrario.

Gráfica 52. Realización dunha avaliación periódica da biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	75,7	20,7	3,6
Con Plambe	84,1	12,2	3,7
Sen Plambe	59,8	36,8	3,4

As diferenzas atopadas na valoración desta cuestion polos/as responsables da biblioteca de centros con e sen Plambe son significativas (Chi-cadrado = 19,553, $p < 0,05$) e a favor dos centros con Plambe.

2. Difusión dos resultados da avaliación

Un pouco máis da metade de responsables da biblioteca do total (51,8%) e un 62,8% dos/as de centros con Plambe afirma que se difunden os resultados de avaliación da biblioteca. Nos centros sen Plambe a maioría (62,1%) din que non.

Gráfica 53. Difusión dos resultados da avaliación



	Si	Non	Ns/Nc
Total	51,8	43,4	4,8
Con Plambe	62,8	33,5	3,7
Sen Plambe	31,0	62,1	6,9

Ao comparar as respostas dos/as responsables da biblioteca de centros con e sen Plambe nesta cuestión atopamos diferenzas significativas (Chi-cadrado = 20,641, p < 0,05) e a favor dos centros con Plambe.

3. Recompilación periódica de datos estatísticos do uso da biblioteca

A recompilación periódica de datos estatísticos do uso da biblioteca é unha práctica habitual segundo o 56,6% e 68,3% de responsables do total e de centros con Plambe, mentres que non o é para o 62,1% dos/as de centros sen Plambe.

Gráfica 54. Recompilación periódica dos datos estatísticos do uso da biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	56,6	39,4	4,0
Con Plambe	68,3	27,4	4,3
Sen Plambe	34,5	62,1	3,4

Despois de aplicar a proba Chi-cadrado, os resultados indican que hai diferenzas significativas (Chi-cadrado = 27,238, p < 0,05) nas respostas dadas a esta cuestión polos/as responsables da biblioteca dos centros con e sen Plambe, sendo as diferenzas a favor dos primeiros.

4. Organización dalgunha acción específica para recoller a opinión dos usuarios e usuarias sobre a biblioteca

Tanto no caso dos/as responsables do total (62,9%), como de centros con Plambe (75,6%), organízase algunha acción específica para recoller a opinión dos usuarios e usuarias sobre a biblioteca. Un 56,3% dos/as de centros sen Plambe afirma o contrario.

Gráfica 55. Organización dalgunha acción específica para recoller a opinión dos usuarios e usuarias sobre a biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	62,9	33,9	3,2
Con Plambe	75,6	22,0	2,4
Sen Plambe	39,1	56,3	4,6

Ao comparar as respostas dos/as responsables da biblioteca de centros con e sen Plambe nesta cuestión atopamos diferenzas significativas (Chi-cadrado = 30,489, $p < 0,05$) e a favor dos primeiros.

5. Realización dalgún estudo dos usuarios e usuarias que permita deseñar e planificar as tarefas da biblioteca en materia de fomento da lectura

Finalmente, segundo o 49,0% de responsables do total e o 67,8% de centros sen Plambe, non se realizan estudos dos/as usuarios/as que permitan deseñar e planificar as tarefas da biblioteca en materia de fomento da lectura. Nos centros con Plambe un pouco máis da metade de responsables, concretamente, un 56,1% afirma que si se realiza algún estudo.

Gráfica 56. Realización dalgún estudo dos usuarios e usuarias que permita deseñar e planificar as tarefas da biblioteca en materia de fomento da lectura



	Si	Non	Ns/Nc
Total	45,8	49,0	5,2
Con Plambe	56,1	39,0	4,9
Sen Plambe	26,4	67,8	5,7

As diferenzas atopadas na valoración desta cuestion polos/as responsables da biblioteca de centros con e sen Plambe son significativas (Chi-cadrado = 19,365, $p < 0,05$) e a favor dos centros con Plambe.

6. Valoración da mellora dos seguintes aspectos da biblioteca escolar

Segundo os/as responsables do total de centros do estudo debe mellorarse moito a dedicación horaria da persoa responsable da biblioteca escolar (27,9%) e a do equipo de apoio a biblioteca (30,3%) e a utilización da biblioteca polas familias (37,8%).

En menor medida para os/as responsables do total, necesitan unha menor mellora: a sinalización (32,7%) e a implicación do equipo directivo (30,3%) ao ser valorada como pouca a necesidade de mellora. Tampouco parece necesaria a mellora do lugar onde está situada (40,2%), o acceso (38,6%), a iluminación (44,6%), a apertura en horario lectivo (36,7%) e extraescolar (24,3%) e a accesibilidade para persoas con discapacidade (34,7%).

Nos centros con Plambe os aspectos que deben mellorarse moito son: a dedicación horaria do profesorado do equipo de apoio á biblioteca (32,9%) e do/a responsable da biblioteca escolar (28,0%) e a utilización polas familias (38,4%).

Así mesmo, para os/as responsables de centros con Plambe, deben ser pouco mellorados a organización e xestión dos fondos documentais (42,1%) e a implicación do equipo directivo (33,5%) e non parecen necesarias melloras no lugar onde está situada a biblioteca (35,6%), o acceso (42,5%), a iluminación (41,4%), a apertura en horario lectivo (38,4%) e extraescolar (23,8%) e a accesibilidade para persoas con discapacidade (34,1%).

Segundo a opinión dos/as responsables da biblioteca de centros sen Plambe, debe ser mellorado, e moito, a dedicación horaria da persoa responsable da biblioteca escolar (28,7%) e a do profesorado do equipo de apoio á biblioteca (29,9%), así como a utilización da biblioteca por parte das familias (36,8%) e o equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos (35,6%).

Por último, consideran que non necesitan melloras: o lugar onde está situada a biblioteca (35,6%), o acceso (42,5%), a iluminación (41,4%), a accesibilidade para persoas con dicapacidade (35,6%) e a apertura en horario lectivo (33,3%) e extraescolar (28,3%), entre outras.

Táboa 38. Valoración da mellora dos seguintes aspectos da biblioteca escolar

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Lugar onde está situada	Nada	40,2	42,7	35,6
	Pouco	21,1	21,3	20,7
	Algo	16,3	15,2	18,4
	Bastante	13,1	13,4	12,6
	Moito	7,2	6,7	8,0
	Ns/Nc	2,0	0,6	4,6
Acceso	Nada	38,6	36,6	42,5
	Pouco	27,5	29,9	23,0
	Algo	12,4	12,2	12,6
	Bastante	13,1	14,0	11,5
	Moito	5,6	6,1	4,6
	Ns/Nc	2,8	1,2	5,7
Sinalización	Nada	27,9	29,3	25,3
	Pouco	32,7	35,4	27,6
	Algo	24,7	22,6	28,7
	Bastante	10,8	9,8	12,6
	Moito	1,6	1,2	2,3
	Ns/Nc	2,4	1,8	3,4
Iluminación	Nada	44,6	46,3	41,4
	Pouco	25,9	28,0	21,8
	Algo	16,7	15,9	18,4
	Bastante	6,4	5,5	8,0
	Moito	4,0	3,7	4,6
	Ns/Nc	2,4	0,6	5,7
Espazos (superficie/ distribución)	Nada	23,1	25,6	18,4
	Pouco	21,1	23,2	17,2
	Algo	25,9	26,2	25,3
	Bastante	16,7	14,0	21,8
	Moito	11,2	10,4	12,6
	Ns/Nc	2,0	0,6	4,6
Mobiliario	Nada	12,4	13,4	10,3
	Pouco	24,3	29,9	13,8
	Algo	34,7	40,2	24,1
	Bastante	17,1	12,2	26,4
	Moito	8,8	2,4	20,7
	Ns/Nc	2,8	1,8	4,6
Instalacións	Nada	20,7	23,8	14,9
	Pouco	24,7	28,7	17,2
	Algo	28,3	28,0	28,7
	Bastante	15,9	14,0	19,5
	Moito	7,6	3,7	14,9
	Ns/Nc	2,8	1,8	4,6
Préstamo	Nada	29,5	37,8	13,8
	Pouco	31,1	34,8	24,1
	Algo	26,3	22,0	34,5
	Bastante	7,6	3,7	14,9
	Moito	2,8	0,6	6,9
	Ns/Nc	2,8	1,2	5,7

Táboa 38. Valoración da mellora dos seguintes aspectos da biblioteca escolar (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Accesibilidade para persoas con discapacidade	Nada	34,7	34,1	35,6
	Pouco	21,1	22,0	19,5
	Algo	12,7	12,8	12,6
	Bastante	12,4	12,8	11,5
	Moito	16,3	17,1	14,9
	Ns/Nc	2,8	1,2	5,7
Equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos	Nada	4,8	4,9	4,6
	Pouco	17,1	20,7	10,3
	Algo	29,9	34,1	21,8
	Bastante	27,1	28,7	24,1
	Moito	19,5	11,0	35,6
	Ns/Nc	1,6	0,6	3,4
Fondos documentais existentes	Nada	2,8	3,7	1,1
	Pouco	17,9	20,1	13,8
	Algo	54,6	60,4	43,7
	Bastante	15,9	12,2	23,0
	Moito	6,8	2,4	14,9
	Ns/Nc	2,0	1,2	3,4
Organización e xestión dos fondos documentais	Nada	8,4	9,1	6,9
	Pouco	33,5	42,1	17,2
	Algo	37,5	36,0	40,2
	Bastante	12,7	9,1	19,5
	Moito	6,0	2,4	12,6
	Ns/Nc	2,0	1,2	3,4
Difusión dos fondos documentais	Nada	4,4	4,3	4,6
	Pouco	22,3	26,2	14,9
	Algo	43,8	49,4	33,3
	Bastante	18,7	14,6	26,4
	Moito	9,2	4,9	17,2
	Ns/Nc	1,6	0,6	3,4
Divulgación das actividades programadas	Nada	6,0	6,1	5,7
	Pouco	33,1	39,0	21,8
	Algo	39,0	39,0	39,1
	Bastante	14,3	11,6	19,5
	Moito	6,0	3,7	10,3
	Ns/Nc	1,6	0,6	3,4
Orzamento anual	Nada	6,4	6,1	6,9
	Pouco	15,5	18,9	9,2
	Algo	33,9	36,6	28,7
	Bastante	23,9	23,8	24,1
	Moito	18,7	14,0	27,6
	Ns/Nc	1,6	0,6	3,4
Apertura no horario lectivo	Nada	36,7	38,4	33,3
	Pouco	23,9	26,8	18,4
	Algo	15,9	14,0	19,5
	Bastante	12,0	10,4	14,9
	Moito	8,8	8,5	9,2
	Ns/Nc	2,8	1,8	4,6

Táboa 38. Valoración da mellora dos seguintes aspectos da biblioteca escolar (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Apertura en horario extraescolar	Nada	24,3	23,8	25,3
	Pouco	13,9	14,6	12,6
	Algo	16,7	17,1	16,1
	Bastante	16,7	16,5	17,2
	Moito	23,5	23,8	23,0
	Ns/Nc	4,8	4,3	5,7
Dedicación horaria da persoa responsable da biblioteca escolar	Nada	7,2	6,7	8,0
	Pouco	15,9	15,9	16,1
	Algo	21,1	24,4	14,9
	Bastante	25,1	23,2	28,7
	Moito	27,9	28,0	27,6
	Ns/Nc	2,8	1,8	4,6
Dedicación horaria do profesorado do equipo de apoio á biblioteca	Nada	2,8	1,8	4,6
	Pouco	10,8	11,0	10,3
	Algo	22,3	22,6	21,8
	Bastante	22,9	29,9	29,9
	Moito	30,3	32,9	25,3
	Ns/Nc	4,0	1,8	8,0
Coordinación entre as persoas responsables da biblioteca e o conxunto do equipo docente do centro	Nada	8,0	6,1	11,5
	Pouco	18,7	20,1	16,1
	Algo	33,1	32,9	33,3
	Bastante	25,5	26,2	24,1
	Moito	12,4	12,8	11,5
	Ns/Nc	2,4	1,8	3,4
Programación de actividades de fomento da lectura	Nada	6,4	6,7	5,7
	Pouco	17,5	22,6	8,0
	Algo	48,6	52,4	41,4
	Bastante	17,9	13,4	26,4
	Moito	6,4	3,0	12,6
	Ns/Nc	3,2	1,8	5,7
Programación de actividades de formación de usuarios/as e educación informacional	Nada	4,0	4,3	3,4
	Pouco	17,5	22,0	9,2
	Algo	36,3	37,8	33,3
	Bastante	31,1	29,3	34,5
	Moito	9,6	6,1	16,1
	Ns/Nc	1,6	0,6	3,4
Integración e coordinación co proxecto lector de centro	Nada	13,9	14,6	12,6
	Pouco	26,3	29,9	19,5
	Algo	39,8	42,1	35,6
	Bastante	9,6	4,9	18,4
	Moito	6,4	5,5	8,0
	Ns/Nc	4,0	3,0	5,7
Colaboración con outras bibliotecas	Nada	3,6	2,4	5,7
	Pouco	9,6	11,6	5,7
	Algo	34,7	36,6	31,0
	Bastante	29,9	32,3	25,3
	Moito	18,7	16,5	23,0
	Ns/Nc	3,6	0,6	9,2

Táboa 38. Valoración da mellora dos seguintes aspectos da biblioteca escolar (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Formación do/a responsable	Nada	3,6	4,9	1,1
	Pouco	14,7	16,5	11,5
	Algo	43,4	47,6	35,6
	Bastante	26,7	24,4	31,0
	Moito	8,8	5,5	14,9
	Ns/Nc	2,8	1,2	5,7
Utilización polo alumnado	Nada	4,8	4,9	4,6
	Pouco	22,7	25,0	18,4
	Algo	45,4	52,4	32,2
	Bastante	17,5	12,2	27,6
	Moito	7,6	4,9	12,6
	Ns/Nc	2,0	0,6	4,6
Implicación do equipo directivo	Nada	19,1	22,6	12,6
	Pouco	30,3	33,5	24,1
	Algo	24,3	24,4	24,1
	Bastante	13,9	7,9	25,3
	Moito	9,6	9,8	9,2
	Ns/Nc	2,8	1,8	4,6
Utilización polo profesorado	Nada	4,4	3,7	5,7
	Pouco	17,5	17,7	17,2
	Algo	35,9	40,9	26,4
	Bastante	28,3	25,0	34,5
	Moito	11,6	11,0	12,6
	Ns/Nc	2,4	1,8	3,4
Utilización polas familias	Nada	3,6	2,4	5,7
	Pouco	5,2	7,3	1,1
	Algo	16,7	14,6	20,7
	Bastante	33,5	34,8	31,0
	Moito	37,8	38,4	36,8
	Ns/Nc	3,2	2,4	4,5
Proxectos de innovación e mellora	Nada	2,8	2,4	3,4
	Pouco	11,2	14,0	5,7
	Algo	41,4	47,6	29,9
	Bastante	29,1	25,0	36,8
	Moito	11,6	7,9	18,4
	Ns/Nc	4,0	3,0	5,7

4.2. Análise e interpretación dos datos obtidos a partir da entrevista

4.2.1. Participantes na entrevista

O número de responsables da biblioteca escolar que voluntariamente responderon á entrevista foi de 64. A maioría pertencen a centros públicos (93,7%) ou traballan como responsables da biblioteca en centros privados (6,3%).

Tendo en conta a provincia onde está situado o centro no que traballan, cóntase cun 34,4% de centros na provincia de A Coruña e Pontevedra (34,4%), e o 15,6% de Lugo e Ourense.

Na maioría dos casos, as entrevistas realizáronse en Institutos de Educación Secundaria Obrigatoria (IES) (45,3%) e Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP) (39,1%), Centros Privados (CPR) (4,7%), Centros Públicos Integrados (CPI) (7,3%), Colexios Rurais Agrupados (CRA) (1,6%) e Centros de Educación Primaria (CEP) (1,6%).

Participan no Plambe o 70,3% dos/as responsables dos centros entrevistados, fronte a un 23,4% que non participa deste plan.

As entrevistas realizáronse maioritariamente a mulleres (85,9%), fronte ao 14,1% de homes. A maioría levan entre 1 e 4 anos como responsables da biblioteca escolar (59,3%); un 31,2% de 5 a 10 anos; finalmente un 4,6% desde fai 11 a 15 anos ou máis de 16 anos.

Segundo se desprende da entrevista, a especialidade dos/as responsables da biblioteca é moi variada. Así, son especialistas en Filoloxía o 32,8%; en Educación Primaria un 14,0%; en Educación Física o 9,3%; en Educación Musical, Bioloxía, Educación Infantil e Relixión o 4,6%; en Debuxo e Xeografía e Historia o 3,1%; finalmente, un 1,6% é especialista en: Biblioteca, Administración de Empresas, Educación Primaria e Educación Física, Escultura, Filosofía, Educación Infantil e Primaria, Matemáticas, Educación Musical e Educación Infantil, Profesor/a de Fogar e Tecnoloxía.

Táboa 39. Participantes na entrevista. Descrición

		TOTAL	(%)
Titularidade centro	Público	60	93,7
	Privado	4	6,3
Provincia	A Coruña	22	34,4
	Lugo	10	15,6
	Ourense	10	15,6
	Pontevedra	22	34,4
Tipo de centro	IES	29	45,3
	CEIP	25	39,1
	CPI	5	7,3
	CRA	1	1,6
	CEP	1	1,6
	CPR	3	4,7
Centros con Plambe/ sen Plambe	Con Plambe	45	70,3
	Sen Plambe	19	23,4
Sexo	Muller	55	85,9
	Home	9	14,1
Antigüedade no posto	1-4 anos	38	59,3
	5-10 anos	20	31,2
	11-15 anos	3	4,6
	>16 anos	3	4,6
Especialidade	Biblioteca	1	1,6
	Administración Empresas	1	1,6
	Bioloxía	3	4,6
	Debuxo	2	3,1
	Educación Física	6	9,3
	Educacion Musical	4	6,2
	Educación Infantil	3	4,6
	Educación Primaria e Educación Física	1	1,6
	Escultura	1	1,6
	Filoloxía	21	32,8
	Filosofía	1	1,6
	Educación Infantil e Primaria	1	1,6
	Matemáticas	1	1,6
	Educación Muscial e Educación Infantil	1	1,6
	Educación Primaria	9	14,0
	Profesor/a Fogar	1	1,6
	Relixión	3	4,6
	Tecnoloxía	1	1,6
	Xeografía e Historia	2	3,2

4.2.2. A biblioteca no centro

Nesta primeira dimensión pregúntase aos/ás entrevistados/as sobre a presenza da biblioteca escolar nos documentos do centro, a consecución dos obxectivos do Proxecto Lector, e o papel da biblioteca como factor de calidade.

Das respostas despréndese por unha banda, que a biblioteca escolar está presente en moitos dos documentos do centro; en orde de maior a menor presenza, sinalan o proxecto lector de centro, a Programación Xeral Anual, o Proxecto Educativo, o Proxecto Curricular, o Proxecto Lingüístico, o Plan Anual de Lectura e finalmente, o Plan de TIC.

Por outra banda, sinalan que a biblioteca escolar ten un papel fundamental na consecución dos obxectivos do proxecto lector de centro. Máis especificamente, os/as responsables da biblioteca escolar fan alusión a que o rol primordial da biblioteca se encamiña a actuar como impulsora e dinamizadora deste proxecto. Ademais, a biblioteca escolar é considerada pola maioría dos/as responsables de biblioteca entrevistados/as como un factor de calidade do propio centro.

Nunha análise máis pormenorizada constatamos que a percepción das persoas entrevistadas de centros con Plambe é máis positiva na consideración da biblioteca como un factor de calidade, fronte a aquelas cuxos centros non están vinculados ao Plambe, que aínda considerándoo maioritariamente un elemento de calidade, fano en menor medida que os anteriores.

4.2.3. Equipamento, instalacións e tecnoloxías

Considerouse de interese coñecer a percepción dos/as responsables entrevistados/as en torno ao equipamento, instalacións e tecnoloxía de que dispón a biblioteca escolar, atendendo a diferentes aspectos clave (situación, acceso, postos de lectura, etc.).

Respecto da situación da biblioteca, en xeral, atópase na maioría dos casos na planta baixa ou na primeira planta (a metade dos/as entrevistados/as sinalan que a biblioteca do seu centro se sitúa na planta baixa, seguido dos/as que indican que están na planta primeira). Noutros centros, en menor medida, a biblioteca sitúase na planta soto, na segunda planta, na terceira e cuarta.

En relación con diferentes indicadores como a luminosidade, sinalización e acceso da biblioteca, os comentarios dos/as entrevistados/as son coincidentes e apuntan maioritariamente a que a biblioteca do seu centro é luminosa, está ben sinalizada e resulta de fácil acceso. Estas valoracións son máis elevadas segundo á percepción dos/as responsables de bibliotecas de centros con Plambe, mentres que baixan lixeiramente no caso dos centros que non se acollen a este plan.

Algo máis da metade de entrevistados/as indica que a biblioteca escolar do seu centro dispón de 21 a 40 postos de lectura seguida dos/as que indican que conta entre 41 e 60 postos. Moi poucos centros contan con máis de 60 postos de lectura. As respostas dadas polos/as entrevistados/as dos centros Plambe e daqueles non adscritos a este plan son moi similares. Non obstante, cabe salientar que mentres moi poucos centros con Plambe teñen menos de 20 postos de lectura, un maior número de centros sen Plambe dispón deste número de postos.

Ademais, a valoración que fan os/as entrevistados/as é bastante clara, xa que logo, a maioría dos/as responsables das bibliotecas adscritas ao Plambe consideran que estes postos son suficientes en relación ao número de usuarios/as, mentres que nos centros sen Plambe a valoración non é tan clara pois o mesmo número de entrevistados/as, practicamente a metade, os considera suficientes e insuficientes.

Respecto á distribución do espazo da biblioteca, dos/as entrevistados/as se desprende que é bastante axeitada, aínda que amosan unha satisfacción lixeiramente máis elevada no caso dos/as responsables de bibliotecas adscritas ao Plambe.

Atendendo á distribución dos espazos, a información achegada polos/as entrevistados/as varía entre aquela cuxos centros están adscritos ao Plambe e os que non o están, sendo mellor a que realizan os/as primeiros/as. En efecto, mentres a maioría dos/as entrevistados/as de centros con Plambe indica que na biblioteca do seu centro dispoñen de zona de lectura individual e de audiovisuais, só en torno á metade dos/as responsables das bibliotecas que non pertencen ao Plambe indican dispoñer destes espazos. Non obstante, en ambos casos sinalan maioritariamente dispoñer dunha zona para o traballo en grupos, tanto pequenos como grandes.

Gráfica 57. Distribución do espazo



	Nada axeitada	Pouco axeitada	Algo axeitada	Bastante axeitada	Moi axeitada	Ns/Nc
Total	3,1	4,7	10,9	57,8	23,4	0,0
Con Plambe	0,0	4,4	11,1	57,8	26,7	0,0
Sen Plambe	10,5	5,3	10,5	57,9	15,8	0,0

Outra cuestión de gran relevancia radica na adaptación da biblioteca ás persoas con discapacidade. Ao respecto, en xeral, unha maioría máis alá da metade, posiciónase favorablemente nesta cuestión, aínda que os/as responsables de centros con Plambe superan en número os/as de centros sen Plambe cando indican que as bibliotecas dispoñen desta adaptación.

No tocante á suficiencia dos fondos e do equipamento informático, as opinións dos/as entrevistados/as non é tan homoxénea coma nas cuestións anteriores. Así, mentres que para os/as responsables de centros adscritos ao Plambe os fondos son suficientes, os/as responsables dos non vinculados ao Plambe os perciben como insuficientes. Respecto ao equipamento informático, parece ser unha cuestión bastante máis frouxa en termos xerais, aínda que de novo adquire unha peor valoración nos centros sen Plambe.

Finalmente, ao solicitar ás/aos entrevistados/as a súa valoración en torno ao equipamento, as instalacións e as tecnoloxías da biblioteca, en xeral, algo máis da metade (60,9%) sinalan que estas son boas. Pero, pese a que un número considerable de entrevistados/as considera que as instalacións son boas, a metade fai alusión a aspectos que son susceptibles de mellora, especialmente no que se refire á necesidade de adquirir novos equipos informáticos.

4.2.4. Recursos documentais

Na dimensión recursos documentais da biblioteca escolar, indagouse, en primeiro lugar, sobre cuestións como a súa suficiencia, a súa actualización ou a súa adecuación aos/ás usuarios/as, entre outras cousas. Os resultados das entrevistas amosan de novo unha mellor valoración en todos os aspectos analizados por parte dos/as responsables das bibliotecas adscritas ao Plambe.

A maior diferenza establécese en relación a primeira das cuestións planteadas na entrevista, a relativa á suficiencia dos fondos. As respostas dos/as responsables de centros con Plambe difiren das emitidas polos/as entrevistados/as de centros sen Plambe. Concretamente, para unha maioría dos/as primeiros/as, os fondos cos que conta a biblioteca escolar son suficientes, mentres que non chega a metade o número de entrevistados/as de centros sen Plambe que fan esta mesma consideración, tal como reflexan os seguintes comentarios:

> *"Tivo unha gran mellora nos últimos anos, pero aínda é moi mellorable"* (Responsable da biblioteca escolar de centro sen Plambe).

> *"Existe unha necesidade de ampliación e renovacións constante"* (Responsable da biblioteca escolar de centro sen Plambe).

Unha valoración máis positiva e coincidente reciben as cuestións referidas á adecuación dos fondos ao alumnado do centro, o estado de conservación

dos materiais, a súa actualización, a cobertura que dan estes materiais ás necesidades das áreas curriculares e á adecuación ao alumnado do centro, nas que a información proporcionada por todos/as os/as entrevistados/as sitúanse por enriba da media e en termos positivos.

O aspecto peor valorado é a existencia de materiais adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas, sobre todo, por parte dos centros que non contan con Plambe. Finalmente, consideran maioritariamente, e de forma moi unánime, que na selección dos materiais se teñen en conta as demandas do equipo directivo.

Os/as entrevistados/as tamén achegan a súa valoración en torno ao rexistro e catalogación dos fondos. Ao respecto, en primeiro lugar, a maioría indica que todos os fondos rexistrados se atopan na sala da biblioteca.

Por outra banda, sinalan maioritariamente que o rexistro dos fondos da súa biblioteca está informatizado, que dispoñen dun catálogo en liña, que existe un sistema de clasificación de fondos e que o préstamo está automatizado. Novamente, as valoracións son máis positivas nos centros que contan con Plambe respecto dos que non están adscritos a este plan.

Respecto da clasificación de fondos, o sistema máis empregado é o CDU, sobre todo por parte dos centros con Plambe. No caso dos centros non adscritos a este Plan, máis da metade tamén utiliza este sistema, ademais doutros.

Ao solicitar dos/as entrevistados/as a súa valoración sobre os recursos documentais, a maioría sinalan que estes son bos ou suficientes, aínda que igualmente realizan algunhas propostas de mellora ao respecto, como por exemplo:

> *"Polo momento insuficientes, quérense actualizar con materiais actuais e didácticos, adaptados ao traballo por proxectos"* (Responsable da biblioteca escolar de centro con Plambe).
>
> *"Suficientes, pero débense actualizar sobre todo en área de ciencias"* (Responsable da biblioteca escolar de centro con Plambe).
>
> *"Ben, aínda que falta material en galego, porque non se edita"* (Responsable da biblioteca escolar de centro con Plambe).

Por último, cabe sinalar que, pese a como se indicou, un número considerable dos/as responsables da biblioteca entrevistados/as están satisfeitos/as cos recursos dos que dispón a biblioteca do seu centro, case a metade deles/as fan alusión a aspectos que son susceptibles de mellora. Entre estes aspectos resalta a necesidade de actualización dos fondos:

> *"Os fondos poderían mellorarse", "axeitados, pero necesitan ser actualizados de vez en cando"* (Responsable da biblioteca escolar de centro con Plambe).

Do mesmo xeito, fan alusión á necesidade de adquirir máis materiais en galego:

> *"Falta de material en galego porque non se edita"* (Responsable da biblioteca escolar de centro con Plambe).

4.2.5. Persoal

Nesta dimensión indágase sobre cuestións relacionadas coas horas de atención á biblioteca escolar da persoa responsable desta, a súa formación, a colaboración de distintos membros da comunidade educativa nas tarefas da biblioteca escolar, e as comisións nas que a biblioteca escolar está presente.

Unha das primeiras cuestións ás que responderon os/as entrevistados/as refírese ao número de horas semanais de atención á biblioteca. Neste senso, as respostas presentan unha gran heteroxeneidade. Así, da totalidade de entrevistados/as, unha maioría di que dedica de 5 a 6 horas. Por outra banda, nos centros Plambe, a maioría dedican de 3 a 6 horas. Pola contra, nos centros non vinculados ao Plambe, a dedicación de horas varía substancialmente duns centros a outros: de 1 a 2 horas de atención á biblioteca,e entre 7 e 8 horas.

Outra das cuestións valoradas nesta dimensión fai referencia a asistencia a actividades de formación vinculadas ás responsabilidades e tarefas da biblioteca escolar. As argumentacións son aquí claras. Unha maioría que supera a metade dos/as entrevistados/as afirma asistir con regularidade a actividades de formación vinculadas ás funcións do posto. Cabe sinalar que a asistencia dos/as responsables da biblioteca de centros con Plambe a estas actividades supera bastante a dos/as responsables de centros non adscritos a este plan, tal e como reflexa o seguinte comentario:

> *"Falta de implicación e de interese principalmente"* (Responsable da biblioteca escolar de centro con Plambe).

As temáticas en torno ás cales un maior número de entrevistados/as indica contar con formación específica son: tecnoloxías da información e a comunicación, xestión e dinamización, formación de usuarios/as, lectura e literatura infantil e xuvenil e traballo por proxectos. Pola contra, os temas en torno aos que un menor número afirman estar formados/as son os de alfabetización en información/educación documental e biblioteconomía.

Igual que acontecía anteriormente, os/as responsables de biblioteca daqueles centros adscritos ao Plambe admiten ter unha formación maior en relación a todas as temáticas expostas respecto a aqueles que desempeñan o seu labor

en centros sen Plambe. Pero, ademais, nas súas argumentacións, unha ampla maioría recoñece que é necesaria a formación nos aspectos sinalados.

Outra cuestión que se lles preguntou ás/aos responsables é a referida á colaboración dos/as membros/as da comunidade educativa nas tarefas da biblioteca escolar. Dos comentarios proporcionados despréndese que a maior implicación provén do profesorado do equipo de apoio á biblioteca, doutro profesorado, dos membros do equipo directivo e do alumnado voluntario. Pola contra, non chega á metade o número de entrevistados/as que sinalan que nas dinámicas da biblioteca escolar colaboran a ANPA/familias e o persoal de administración.

Como nalgunhas das cuestións anteriores xa comentadas, son os/as responsables de centros con Plambe os/as que dan conta dunha maior colaboración por parte dos diferentes membros da comunidade educativa, fronte aos non adscritos a este Plan.

O número de integrantes da Comisión de Biblioteca é bastante variable segundo se desprende da información dos/as responsables entrevistados/as. Así, nos centros con Plambe amósase unha maior heteroxeneidade, nuns casos sinalan que ten entre 1 e 2 membros, e noutros de 3 a 4 e de 5 a 6; en menor medida sinalan sete membros. Nos centros non vinculados ao Plambe, o número de membros da comisión é menor; ten entre 1 e 2 membros na metade dos casos e de 3 a 4 na metade restante. As persoas integrantes desta Comisión de Biblioteca son fundamentalmente os/as profesores/as e un/unha representante da dirección. Outros sectores, moito menos representados son: as nais, pais e familias, a ANPA, o concello e o/a responsable da biblioteca pública.

O número total de integrantes do equipo de apoio á biblioteca sitúase maioritariamente entre catro e seis. As respostas a esta cuestión por parte dos/as responsables de centros con Plambe e os non vinculados a este plan son similares, agás no caso daquelas/es que sinalan ter menos de tres persoas integradas no equipo de apoio.

4.2.6. Xestión

No que respecta á xestión, as cuestións que se expoñen ás/aos entrevistados/as teñen que ver co plan de traballo da biblioteca, a súa valoración e os axentes que interveñen no seu desenvolvemento, o orzamento con que conta a biblioteca escolar e as axudas externas que recibe.

O plan de traballo da biblioteca escolar é obxecto de análise por parte das persoas entrevistadas que sinalan que nas bibliotecas escolares as tarefas organízanse no plan de traballo, segundo informa unha gran maioría dos/as entrevistados/as, aínda que en maior medida nos centros con Plambe que sen Plambe.

Segundo explican os/as responsables da biblioteca, este plan renóvase anualmente en función das prioridades para ese período e está integrado na Programación Xeral Anual do centro, é obxecto de avaliación ao final do curso ou en períodos intermedios, recolle un calendario que organiza as tarefas, contempla as funcións dos diferentes axentes que participan na biblioteca e é público, estando a disposición da comunidade educativa.

Respecto dos axentes que interveñen no deseño e desenvolvemento do plan de traballo da biblioteca escolar, a maioría dos/as responsables da biblioteca entrevistados/as sinalan o propio equipo de apoio á biblioteca. Con menor presenza sitúase o equipo directivo, a Comisión de Coordinación Pedagóxica e, finalmente, a Comisión de Biblioteca.

En relación ao orzamento, a gran maioría dos/as entrevistados/as di que nos centros contan cunha partida específica para o mantemento da biblioteca. Aínda así, algo menos da metade considera que é suficiente, tanto nos centros con Plambe como nos sen Plambe, amosando estes últimos un maior desacordo.

4.2.7. Dinámica, uso e redes de colaboración

Esta dimensión ten que ver coa dinámica de funcionamento da biblioteca escolar e tamén co uso que distintos membros da comunidade educativa fan das súas instalacións e servizos.

Unha primeira cuestión que se lle formulou ás/aos entrevistados/as é o horario de apertura da biblioteca. Así, cabe sinalar que a inmensa maioría confirma que está aberta en horario lectivo. Concretamente, máis da metade sinala que a biblioteca está aberta entre 21 e 30 horas á semana. Nos centros acollidos ao Plambe incluso indican que o seu horario de apertura supera as 30 horas, mentres que ningún dos centros sen Plambe asegura isto. Un número mínimo dos/as responsables afirma que a biblioteca abre menos de 10 horas á semana en horario lectivo. Porén, son bastantes menos os centros nos que a biblioteca ten en horario extraescolar atención específica. Neste senso, os/as responsables da biblioteca entrevistados/as sinalan que mentres case a metade dos centros con Plambe indican que si abren neste horario, menos da metade non o fai nos centros vinculados ao Plambe.

Respecto dos usos da biblioteca escolar, os/as entrevistados/as afirman que se emprega, sobre todo, para actos culturais, para realizar reunións do profesorado e para clases de reforzo; tamén se emprega para realizar reunións do profesorado. Ademais, un número considerable, sinala que se lle dá outros usos á parte dos descritos, entre os que cabe salientar os concursos literarios, clubs de lectura, charlas escritores, teatros, recitais, Mochilas viaxeiras, actos culturais,

obradoiros de animación á lectura, actividades coas familias, visitas con autores, apadriñamento lector, lectura pública en datas sinaladas, recitais de poesía, teatro e/ou semanas temáticas.

Outra cuestión relacionada con esta dimensión que resulta interesante coñecer, refírese aos momentos nos que o alumnado acode á biblioteca escolar. Os/as entrevistados/as comentan que o fai en diferentes momentos, pero fundamentalmente no horario lectivo e nos períodos de recreo. Non obstante, cabe destacar que nos centros con Plambe e, en número menor, naqueles non adscritos a este plan, tamén se indica que o seu alumnado fai uso da biblioteca en horario extraescolar. Esta asistencia por parte do alumnado realízase fundamentalmente con compañeiros/as e con profesores/as. Un número importante de entrevistados/as afirma tamén que o alumnado acode habitualmente en solitario. Si temos en consideración a pertenza ou non dos centros ao Plambe, constátase que aqueles que si teñen vinculación a este plan indican, en maior número, que o alumnado acode acompañado do profesorado ou só/soa.

Ao preguntarlles ás persoas responsables da biblioteca escolar sobre a participación e colaboración de diferentes colectivos e entidades na actividade da mesma, os resultados poñen de manifesto que os centros con Plambe amosan, en termos xerais, un maior nivel de participación dos/as diferentes axentes.

O maior nivel de colaboración sitúase con outras bibliotecas escolares, sobre todo nos centros Plambe, nos que cabe salientar, asemade, a colaboración coas familias, o concello, bibliotecas municipais e ANPAS. Informan tamén que o tipo de colaboración establecida con outras bibliotecas escolares é, fundamentalmente, para realizar préstamos temporais, participar en actividades conxuntas ou para realizar consultas bibliotecarias.

Xa finalmente, no que respecta á participación das familias na biblioteca escolar, os/as entrevistados/as constatan que se fundamenta, sobre todo, en dar a coñecer os recursos e servizos que ofrece a biblioteca e ofrecer préstamos ás familias. En moito menor grao revelan que a colaboración das familias se plasma na realización de actividades concretas, na organización de actividades específicas destinadas a elas ou colaboración na apertura da biblioteca no horario extraescolar. Por último, cómpre salientar que da información proporcionada polos/as responsables da biblioteca constátase que a participación das familias é lixeiramente maior nos centros con Plambe que sen Plambe.

4.2.8. Biblioteca e currículo

A participación da biblioteca no desenvolvemento das competencias de lectura e escritura tamén foi valorada na entrevista polos/as responsables da biblioteca. Case a totalidade dos/as entrevistados/as indican que a biblioteca escolar actúa como un recurso pedagóxico ao servizo dos procesos de ensino e aprendizaxe. Ademais, preto da totalidade dos/as entrevistados/as resaltan que a biblioteca colabora no desenvolvemento do proxecto lector de centro, realiza accións en relación coas competencias lingüísticas, participa de forma activa na celebración das conmemoracións establecidas no calendario escolar, facilita o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades, actúa como factor de compensación social, xa que oferta recursos culturais a todo o alumnado e atende as necesidades informativas das diferentes áreas curriculares. Tamén os/as entrevistados/as consideran que a integración da biblioteca no tratamento de currículo contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias básicas do alumnado.

A continuación, a maioría de entrevistados/as afirman, aínda que con menor rotundidade, que a biblioteca escolar apoia cos seus recursos o desenvolvemento de proxectos de investigación e traballos por proxectos nas distintas áreas ou materiais, participa na formación en estratexias de busca, selección e análise crítica da información, planifica conxuntamente co equipo docente accións para desenvolver as habilidades e competencias no uso da información, realiza accións orientadas a apoiar o desenvolvemento das competencias dixitais e actuacións en colaboración coas familias para promocionar os hábitos lectores. Tan só un pouco máis da metade indica que desde a biblioteca se preparan materiais de formación específicos relacionados coa competencia dixital.

Cando analizamos máis detidamente a información que trasladan os/as responsables da biblioteca de centros con Plambe e sen Plambe detéctase, en termos xerais, unha maior participación nas accións descritas por parte dos centros con Plambe.

Os recursos empregados para o deseño de actividades de promoción da lectura, dos que se fai un maior uso nas bibliotecas escolares son, segundo dan conta os/as entrevistados/as: as guías de lectura, as publicacións propias (guías de lectura, guías de uso de materiais, etc.), blogs especializados ou blogs ou recursos doutro centro, e servizos en internet. Algo máis da metade dos/as entrevistados/as tamén recoñece facer uso dun boletín de novidades e, algo menos dun terzo, alude ao uso das redes sociais con este fin.

4.2.9 Tecnoloxías da información e da comunicación

Segundo informan os/as responsables da biblioteca escolar entrevistados/as practicamente a totalidade dos centros onde realizan as súas actividades contan con acceso a internet.

4.2.10. Programas institucionais

Máis da metade dos/as entrevistados/as constata que o seu centro participa nalgún programa de apoio á biblioteca escolar promovido pola Administración pública e/ou entidades privadas, se ben cómpre salientar que esta participación é bastante máis numerosa no caso dos centros adscritos ao Plambe.

En xeral, a biblioteca escolar está promovida por algunha Administración ou entidade, sexa a Administración autonómica, especialmente no caso dos centros con Plambe, ou outras entidades. Porén, apenas contan con apoio por parte da Administración local, entidades privadas ou a Administración do Estado.

Conclusións

Neste apartado presentamos un resumo das principais conclusións derivadas da información achegada polos/as responsables da biblioteca escolar a través do cuestionario e da entrevista, e organizadas segundo as dimensións da biblioteca escolar contempladas no estudo e diferenciándoas entre centros con Plambe e sen Plambe.

A biblioteca no centro

- En xeral, a biblioteca escolar aparece na documentación oficial do centro, sendo o Plan de TIC o documento onde menos referencias hai sobre a mesma.
- A biblioteca é un elemento esencial para a consecución dos obxectivos do proxecto lector de centro e un factor moi importante para a mellora da calidade do centro.
- Os/as responsables da biblioteca escolar estiman que os equipos de dirección dos centros se implican cada vez máis na xestión da biblioteca, sendo esta unha das súas principais prioridades.
- A biblioteca escolar de centros sen Plambe ten unha menor presencia no Plan de TIC que a de centros con Plambe.
- O papel que outorgan á biblioteca escolar os/as responsables de centros sen Plambe respecto á consecución dos obxectivos do proxecto lector de centro, e a calidade do centro é menor que o que lle conceden os/as de centros con Plambe.

- O grao de colaboración nas actuacións da biblioteca escolar do equipo directivo de centros sen Plambe é menor que o do equipo directivo de centros con Plambe.

Equipamento, instalacións e tecnoloxías

- Na maioría dos casos a biblioteca se atopa na planta baixa ou na primeira planta dos centros e dispón de 21 a 40 postos de lectura ou entre 41 e 60 postos.
- En conxunto, as instalacións (iluminación, lugar onde está situada, acceso, sinalización, distribución e accesibilidade para persoas con discapacidade) son ben valoradas por este colectivo.
- Asemade, tamén se valoran como bastante adecuados o mobiliario e os espazos para o traballo en grupo e individual. Porén, o número de ordenadores da biblioteca non se valora tan positivamente.
- O equipamento, as instalacións e tecnoloxías son mellor valorados nos centros con Plambe que nos centros sen Plambe.

Recursos documentais

- En conxunto, os fondos da biblioteca considéranse suficientes, están rexistrados na sala da biblioteca e están bastante actualizados e ben conservados.
- Na selección de fondos da biblioteca tense moi en conta a opinión do equipo de apoio á biblioteca.
- Os fondos axustánse ás necesidades do alumnado do centro e cobren as necesidades de todas as áreas curriculares. Os materiais axeitados para o alumnado con necesidades educativas específicas recóllense en menor medida.
- O rexistro dos fondos está informatizado, ao igual que o préstamo.
- En xeral na biblioteca dispón dun catálogo en liña e practicamente todos os centros empregan o sistema CDU para clasificar os fondos.
- Na selección dos materiais da biblioteca téñense moi en conta as demandas do alumnado, profesorado, do equipo de apoio á biblioteca e ciclo e/ou departamento, da Comisión da Biblioteca, e algo menos a opinión da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do equipo directivo e as necesidades das familias.
- Nun maior número de centros con Plambe que nos sen Plambe, o rexistro dos fondos está informatizado ao igual que o préstamo e, ademais, dispoñen, en maior medida, dun catálogo en liña.

Persoal

- En xeral, o número de horas semanais de atención á biblioteca do/a responsable é de 2 a 6 horas.
- Os criterios de designación da persoa responsable da biblioteca son fundamentalmente o interese e a súa dispoñibilidade horaria.
- A maioría de responsables da biblioteca afirma asistir con regularidade a actividades de formación vinculadas ás funcións do posto.
- En conxunto, os/as responsables da biblioteca teñen bastante formación en tecnoloxías da información e da comunicación, xestión e dinamización, formación de usuarios/as, lectura e literatura infantil e xuvenil e traballo por proxectos pero, a formación é máis escasa en alfabetización en información/educación documental e biblioteconomía.
- En xeral, estiman que realizan habitualmente as funcións propias do seu posto.
- Xeralmente, a biblioteca conta con equipo de apoio e Comisión de Biblioteca no Consello Escolar.
- A asistencia da persoa responsable da biblioteca de centros con Plambe a actividades de formación supera bastante á dos/as responsables de centros non adscritos a este Plan.
- Os/as responsables de centros adscritos ao Plambe admiten ter unha formación maior en relación a todas as temáticas expostas respecto á que din ter os/as que desempeñan o seu labor en centros sen Plambe.
- Os/as responsables de centros con Plambe, fronte aos non adscritos a este Plan, dan conta dunha maior colaboración coa biblioteca dos diferentes membros da comunidade educativa.
- Un máis elevado número de centros con Plambe, fronte aos sen Plambe, confirma a existencia dun equipo de apoio á biblioteca.

Xestión

- En xeral, na biblioteca escolar existe un plan de traballo en cuxo deseño participan, principalmente, o equipo directivo e a Comisión da Biblioteca.
- Na biblioteca existe unha partida orzamentaria específica para o mantemento da mesma, de entre o 5% e 10% do orzamento do centro, cantidade que estiman escasa para levar a bo termo as actividades da mesma.
- Os orzamentos da biblioteca empréganse principalmente para a actualización dos fondos da mesma.

- En xeral, os/as responsables da biblioteca están bastante satisfeitos co funcionamento da biblioteca.
- Practicamente na totalidade de centros con Plambe existe un plan de traballo da biblioteca, mentres que un pouco máis da metade de centros sen Plambe non dispoñen deste plan.

Dinámica, uso e redes de colaboración

- As bibliotecas están abertas en horario lectivo entre vinte unha e vinte e cinco horas semanais e, en menor medida, o están en horario extraescolar.
- Os servizos que máis se ofertan na biblioteca son: préstamo individual, actividades de fomento da lectura, lectura/traballo individual e en grupo, lectura en sala, información, acceso a internet e uso de equipamentos informáticos para o traballo persoal ou grupal. Son ofertados, en menor medida, reservas de horario para os distintos grupos clase, formación de usuarios/as, uso de ordenadores para lecer, lectura/traballo en gran grupo.
- O préstamo interbibliotecario, a formación, tanto para o uso, como para o ALFIN e dos medios de comunicación (alfabetización mediática) non se ofertan de xeito habitual.
- A biblioteca adoita empregarse para clases de reforzo e reunións do profesorado, e tamén é bastante habitual o seu uso para realizar actos culturais.
- Normalmente, o alumnado acode con compañeiros/as e profesores á biblioteca e, principalmente, no horario lectivo e nos períodos de recreo.
- As asociacións, antigo alumnado, outras bibliotecas escolares, bibliotecas municipais e concello colaboran moi pouco coa biblioteca, e tampouco o fan habitualmente as familias e ANPAS.
- Segundo os/as responsables da biblioteca non se ofrecen préstamos ás familias ou, en caso de facelo, só algunhas veces.
- Aínda que a biblioteca dá a coñecer os seus recursos e servizos ás familias, adoitan organizar poucas veces actividades para elas.
- Os/as responsables da biblioteca estiman que as familias colaboran pouco na realización de actividades e na apertura da biblioteca en horario extraescolar.
- En canto ao uso da biblioteca por parte do alumnado, os/as responsables de centros con Plambe estiman que acoden bastantes máis veces no horario lectivo que o alumnado de centros sen Plambe.

- A oferta de servizos na biblioteca de centros sen Plambe é menor que na de centros con Plambe. Tamén é menor, nestes centros, o grao de colaboración da biblioteca escolar cos diferentes colectivos e/ou entidades, e a implicación das familias e as ANPAS.

Biblioteca e currículo

- A biblioteca participa moito no desenvolvemento do proxecto lector de centro.
- Desde a biblioteca realízanse bastantes accións en relación coas competencias lingüísticas, dirixidas a promover os hábitos lectores nas familias e actuacións para desenvolver as habilidades e competencias no uso de información.
- A biblioteca tamén participa activamente nas celebracións de conmemoracións. En menor medida, levánse a cabo accións orientadas a apoiar o desenvolvemento das competencias dixitais, de formación en estratexias de busca, selección e análise crítica da información.
- En xeral a biblioteca é considerada como un recurso bastante importante ao servizo dos procesos de ensino e aprendizaxe. Ademais, contribúe á integración no tratamento do currículo e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.
- En xeral, os/as responsables estiman que cos seus recursos, a biblioteca apoia o desenvolvemento de investigacións e traballos por proxectos nas distintas áreas ou materias. Facilita, na mesma medida, o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades, actúa como factor de compensación social e atende ás necesidades informativas das diferentes áreas curriculares, ao mesmo tempo que apoia proxectos e programas de centros.
- Entre os recursos máis empregados para o deseño de actividades de promoción da lectura, os/as responsables da biblioteca destacan as guías de lectura e os blogs especializados.
- Nos centros sen Plambe a colaboración no desenvolvemento do proxecto lector de centro é menor que nos centros con Plambe. Tamén realizan, en menor medida que nos centros con Plambe, actuacións para desenvolver diferentes competencias no alumnado.
- As actividades realizadas máis habitualmente para a promoción da lectura son, nos centros con Plambe: celebracións, Mochilas viaxeiras e actividades sistemáticas de Hora de Ler. No caso de centros sen Plambe realízanse, sobre todo, celebracións, lecturas compartidas e contacontos.

En menor medida lévanse a cabo tanto en centros con Plambe como sen Plambe actividades de fomento da lectura destinadas ás familias.

Tecnoloxías da Información e da comunicación

- Segundo os/as responsables da biblioteca escolar, practicamente a totalidade das bibliotecas teñen acceso a internet.
- En xeral, a biblioteca facilita bastante a educación para o uso da información e a formación no uso das tecnoloxías da comunicación.
- Os servizos que oferta a biblioteca difúndense principalmente a través do profesorado e a páxina web do centro ou o blog da biblioteca.
- Os centros con Plambe facilitan, en maior medida que os sen Plambe, a educación para o uso da información e a formación no uso das tecnoloxías da comunicación.

Valoracións

- En xeral, nos centros realízase unha avaliación periódica da biblioteca, que adoita ser difundida. Tamén se leva a cabo periodicamente a recompilación de datos estatísticos do uso da biblioteca e realizánse, en menor medida, estudos para recoller a opinión dos/a usuarios/as. Ditas actuacións son máis frecuentes nos centros con Plambe que sen Plambe.
- En xeral, non é habitual realizar na biblioteca estudos dos/as usuarios/as que permitan deseñar e planificar as tarefas da biblioteca en materia de fomento da lectura.
- Non é habitual a difusión dos resultados da avaliación da biblioteca en centros sen Plambe, nin adoitan realizar periodicamente datos estatísticos dos usos da biblioteca nin organizar accións específicas para recoller a opinión dos/as usuarios/as.
- En conxunto, en opinión do/as responsables da biblioteca, deben ser mellorados en maior medida os seguintes aspectos da biblioteca escolar: a apertura en horario extraescolar, a dedicación horaria da persoa responsable da biblioteca e do equipo de apoio á biblioteca, a utilización polas familias e o orzamento.

Funcionamento da biblioteca escolar segundo o/a director/a

CAPÍTULO 5

Este capítulo recolle a información proporcionada polos/as directores/as que cubriron o cuestionario, unha descrición deste colectivo e das respostas proporcionadas e organizadas segundo as distintas dimensións da biblioteca escolar obxecto de estudo. Tamén contén os resultados acadados ao comparar as respostas dos directores e directoras de centros con Plambe e sen Plambe nalgunhas cuestións. Por último, presentaranse as principais conclusións.

5.1. Datos sociodemográficos

O total de directores/as dos centros participantes no estudo é de 296. Un 89,2% pertencen a centros públicos e o 10,1% a centros privados.

Máis da metade dos centros aos que pertencen os/as directores/as (62,8%) están adscritos ao Plambe. A porcentaxe restante (un 37,2%) correspóndense con centros sen Plambe.

Gráfica 1. Titularidade do centro



No que respecta á provincia dos centros dirixidos polos/as directoras/es que participan no estudo, a maioría son da Coruña (37,5%) e Pontevedra (36,5%), seguidos por Lugo (14,9%) e Ourense (11,1%).

Gráfica 2. Distribución por provincia do centro



A distribución dos/as directores segundo o tipo de centro é a seguinte: Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP) (40,2%), Institutos de Educación Secundaria (IES) (32,8%), Centros Privados (CPR) (10,5%) e Centros Públicos Integrados (CPI) (7,4%).Os/as directores/as de EOI, CRA, EEI, CEP. e CIFP non chegan ao 4%.

Gráfica 3. Tipo de centro



A distribución por sexos é salientablemente equitativa, polo que este estudo conta coa participación dun 50,0% de directores e un 50,0% de directoras.

Gráfica 4. Distribución por sexo



No relativo á antigüidade no posto, a maioría dos/as directores/as levan exercendo a súa función entre 1 e 5 anos (53,7%), seguido dos que levan no posto entre 6 e 10 anos (cunha representación do 28,0%).

Gráfica 5. Antigüidade como director/a



5.2. A biblioteca no centro

1. Tempo que leva funcionando de maneira efectiva a biblioteca do centro

Para máis da metade dos/as directores/as enquisados/as da totalidade de centros do estudo (57,4%) e con Plambe (52,2%) a biblioteca leva funcionando de maneira efectiva máis de 10 anos; o 27,7% e 36,6% sinalan que leva funcionado entre 6 e 10 anos, respectivamente.

No caso dos centros sen Plambe a maioría afirma que levan máis de 10 anos (66,4%) e o 17,3% entre 1 e 5.

Gráfica 6. Tempo que leva funcionando de maneira efectiva a biblioteca do centro



	Entre 1 e 5 anos	Entre 6 e 10 anos	Máis de 10 anos	Ns/Nc
Total	13,5	27,7	57,4	1,4
Con Plambe	11,3	36,6	52,2	0,0
Sen Plambe	17,3	12,7	66,4	3,6

2. Existencia de bibliotecas de aula no centro

A maioría dos/as directores/as da totalidade dos centros (81,8%), dos/as de centros con Plambe (80,1%) e sen Plambe (84,5%) afirma que contan con bibliotecas de aula.

Gráfica 7. Existencia de bibliotecas de aula no centro



	Si	Non	Ns/Nc
Total	81,8	16,6	1,7
Con Plambe	80,1	18,3	1,6
Sen Plambe	84,5	13,6	1,8

3. Existencia de bibliotecas de departamento no centro

Así mesmo, o 41,6% dos/as directores/as da totalidade de centros o 44,6% dos/as de centros con Plambe e o 36,4% dos/as de centros sen Plambe afirma que dispoñen de bibliotecas de departamento.

Gráfica 8. Existencia de bibliotecas de departamento no centro



	Si	Non	Ns/Nc
Total	41,6	56,4	2,0
Con Plambe	44,6	52,7	2,7
Sen Plambe	36,4	62,7	0,9

4. Presenza da biblioteca escolar nos documentos do centro

Globalmente podemos dicir que entre o 80% e 90% dos/as directores/as da totalidade de centros participantes no estudo e con e sen Plambe sinalan que a biblioteca escolar está presente no Proxecto Educativo de centro (88,9%; 92,5% e 82,7%), na Programación Xeral Anual (97,6%; 98,4% e 96,4%) e no proxecto lector de centro (95,6%; 97,3% e 92,7%).

Os/as directores/as, en conxunto, afirman que tamén ten presenza nos Proxectos Curriculares (85,1%; 86,6% e 82,7%), no Plan Anual de Lectura (87,5%, 93,0% e 78,2%) e no Proxecto Lingüístico (85,8%, 86,0% e 85,5%).

Por outra banda, o 68,6% de directores/as do total, e o 74,7% de centros con Plambe afirma que se recollen referencias á biblioteca no Plan de TIC, porcentaxe que é do 58,2% no caso dos sen Plambe.

Táboa 1. Presenza da biblioteca escolar nos documentos do centro

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Proxecto educativo	Si	88,9	92,5	82,7
	Non	9,8	5,9	16,4
	Ns/Nc	1,4	1,6	0,9
Proxectos curriculares	Si	85,1	86,6	82,7
	Non	9,8	7,0	14,5
	Ns/Nc	5,1	6,5	2,7
Programación xeral anual	Si	97,6	98,4	96,4
	Non	2,0	1,6	2,7
	Ns/Nc	0,3	0,0	0,9
Proxecto Lector de Centro	Si	95,6	97,3	92,7
	Non	2,0	2,2	1,8
	Ns/Nc	2,4	0,5	5,5
Plan Anual de Lectura	Si	87,5	93,0	78,2
	Non	7,8	4,3	13,6
	Ns/Nc	4,7	2,7	8,2
Plan de TIC	Si	68,6	74,7	58,2
	Non	23,6	16,1	36,4
	Ns/Nc	7,8	9,1	5,5
Proxecto lingüístico	Si	85,8	86,0	85,5
	Non	10,5	9,1	12,7
	Ns/Nc	3,7	4,8	1,8
Outros, especifique no espazo a continuación	Si	14,5	17,7	9,1
	Non	22,0	19,9	25,5
	Ns/Nc	63,5	62,4	65,5

En relación a esta cuestión, aplicada a proba Chi-cadrado, atópanse diferenzas significativas entre os centros con e sen Plambe, a favor dos primeiros, en relación ao Proxecto educativo, ao Plan Anual de Lectura e ao Plan de TIC.

Táboa 2. Comparación de centros con Plambe e sen Plambe na presenza da biblioteca escolar nos documentos do centro

	Chi-cadrado de Pearson	
	Valor	Significación bilateral*
Proxecto educativo	7,291	0,007
Plan Anual de Lectura	8,076	0,004
Plan de TIC	13,417	0,000

*p < 0,05

5. A biblioteca é un elemento esencial para a consecución dos obxectivos do Plan Lector

Máis da metade dos/as directores/as da totalidade de centros sinalan que a biblioteca é un elemento moi e bastante esencial (58,8% e 32,4%) para a consecución dos obxectivos do Plan Lector, ao igual que o afirman os/as de centros con Plambe (67,2% e 30,1%) e sen Plambe (44,5% e 36,4%), aínda que estos últimos en menor medida.

Gráfica 9. A biblioteca é un elemento esencial para a consecución dos obxectivos do Plan Lector



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	0,7	1,1	4,7	32,4	58,8	2,4
Con Plambe	0,5	0,5	1,1	30,1	67,2	0,5
Sen Plambe	0,9	1,8	10,9	36,4	44,5	5,5

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe atópanse diferenzas significativas (t = 3,504, p < 0,05) nesta cuestión a favor dos centros con Plambe.

6. O equipo directivo considera a biblioteca como unha das súas prioridades

O 55,1% e o 35,8% dos/as directores/as do total e o 68,8% e o 30,1% dos/as de centros con Plambe afirma que a biblioteca é moi ou bastante prioritaria para eles. No caso dos centros sen Plambe un 45,5% sinalan que é bastante e o 31,8% moito.

Gráfica 10. O equipo directivo considera a biblioteca como unha das súas prioridades



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	0,3	1,0	7,1	35,8	55,1	0,7
Con Plambe	0,0	0,0	1,0	30,1	68,8	0,0
Sen Plambe	0,9	2,7	17,3	45,5	31,8	1,8

No tocante a esta cuestión, ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas ($t = 7{,}015$ $p < 0{,}05$), a favor dos centros con Plambe.

7. A biblioteca amósase como un factor de calidade do centro

Tanto para os/as directores/as do total como para os/as de centros con Plambe, a biblioteca é un factor moi (53,0% e 70,4%) ou bastante (30,1% e 23,7%) importante para a mellora da calidade do centro. Para a maioría dos/as de centros sen Plambe amósase como un factor bastante (40,9%) importante, seguido do 23,6% que opina que é moito.

Gráfica 11. A biblioteca amósase como un factor de calidade do centro



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,0	3,7	11,1	30,1	53,0	1,0
Con Plambe	0,0	1,1	4,3	23,7	70,4	0,5
Sen Plambe	2,7	8,2	22,7	40,9	23,6	1,8

Nesta cuestión as diferenzas entre os resultados dos centros con e sen Plambe son significativas ($t = 8{,}298$, $p < 0{,}05$) e a favor dos centros con Plambe.

8. A dirección do centro colabora na xestión da biblioteca escolar

En porcentaxes moi similares, a maioría dos/as directores/as do total e de centros con Plambe colaboran na xestión da biblioteca escolar de forma moi (39,2% e 45,7%) e bastante activa (36,8% e 39,8%), mentras que o 31,8% e 29,1% dos/a de centros sen Plambe o fan bastante ou algo respectivamente.

Gráfica 12. A dirección do centro colabora na xestión da biblioteca escolar



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	0,7	4,1	18,2	36,8	39,2	1,0
Con Plambe	0,5	2,2	11,8	39,8	45,7	0,5
Sen Plambe	0,9	7,3	29,1	31,8	28,2	2,7

En relación a colaboración da dirección na xestión da biblioteca escolar, aplicada a proba t, atópanse diferenzas significativas ($t = 4{,}265$, $p < 0{,}05$) entre os centros con e sen Plambe a favor dos primeiros.

9. A biblioteca funciona como un factor de compensación de desigualdades

Ao redor do 30-40% dos/as directores/as do total e de centros con Plambe afirman que a biblioteca é un factor bastante (39,9% e 42,5%) e moi (30,4% e 41,4%) importante na compensación das desigualdades, mentres que para os/as directores/as de centros sen Plambe é bastante ou algo importante (35,5% e 30,0%).

Gráfica 13. A biblioteca funciona como un factor de compensación de desigualdades



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	2,0	7,1	19,6	39,9	30,4	1,0
Con Plambe	0,0	2,2	13,4	42,5	41,4	0,5
Sen Plambe	5,5	15,5	30,0	35,5	11,8	1,8

Nesta cuestión, ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas ($t = 7{,}830$, $p < 0{,}05$), a favor dos centros Plambe.

5.3. Equipamento, instalacións e tecnoloxías

1. Valoración do grao de adecuación do equipamento, instalacións e tecnoloxías da biblioteca

En xeral, os/as directores/as da totalidade de centros do estudo consideran bastante adecuado o lugar onde está situada a biblioteca do seu centro (41,9%), a sinalización (48,3%), os espazos para o traballo en grupo e individual (45,6%), o número de ordenadores (37,5%), a superficie e estado de conservación da biblioteca (43,6%), a distribución (54,7%), o mobiliario (46,3%) e a accesibilidade para as persoas con discapacidade (32,1%). Ao mesmo tempo, consideran que o acceso á biblioteca (43,2%), xunto coa iluminación (52,7%) son moi adecuados.

No caso dos centros con Plambe, os/as directores/as valoran como bastante adecuada a sinalización (50,0%), os espazos para o traballo en grupo e individual (49,5%), o número de ordenadores (50,5%), a superficie e estado de conservación (45,7%), a distribución (59,1%), o mobiliario (52,2%) e a accesibilidade para as persoas con discapacidade (34,9%). Estiman que o acceso á biblioteca (49,5%), xunto coa iluminación (60,2%) e o lugar onde está situada a mesma (50%) son moi adecuados.

Pola súa parte, nos centros sen Plambe, os directores e directoras consideran bastante adecuado o lugar onde está situada a biblioteca do seu centro (49,1%) e o acceso (41,8%), a sinalización (45,5%), a iluminación (40,9%), os espazos para traballar en grupo e individualmente (39,1%), a superficie e estado de conservación das instalacións (40,0%), a distribución (47,3%) e o mobiliario (36,4%). A accesibilidade para as persoas con discapacidade é valorada por unha maioría como bastante ou moi adecuada (27,3%) e o número de ordenadores como pouco (36,4%) ou algo adecuado (25,5%).

Táboa 3. Valoración do grao de adecuación do equipamento, instalacións e tecnoloxías da biblioteca

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
O lugar onde está situada	Nada	1,4	1,1	1,8
	Pouco	6,4	2,7	12,7
	Algo	8,4	7,5	10,0
	Bastante	41,9	37,6	49,1
	Moito	40,5	50,0	24,5
	Ns/Nc	1,4	1,1	1,8
O acceso a biblioteca	Nada	1,7	1,1	2,7
	Pouco	5,6	3,8	9,1
	Algo	10,1	9,7	10,9
	Bastante	37,5	34,9	41,8
	Moito	43,2	49,5	32,7
	Ns/Nc	1,7	1,1	2,7
A sinalización da biblioteca	Nada	2,0	0,0	5,5
	Pouco	3,7	2,2	6,4
	Algo	11,8	8,6	17,3
	Bastante	48,3	50,0	45,5
	Moito	32,4	38,2	22,7
	Ns/Nc	1,7	1,1	2,7
A iluminación da biblioteca	Nada	1,0	0,0	2,7
	Pouco	1,7	0,5	3,6
	Algo	6,4	4,8	9,1
	Bastante	36,1	33,3	40,9
	Moito	52,7	60,2	40,0
	Ns/Nc	2,0	1,1	3,6
Os espazos para o traballo en grupo son adecuados	Nada	2,0	0,0	5,5
	Pouco	5,1	3,2	8,2
	Algo	15,2	9,1	25,5
	Bastante	45,6	49,5	39,1
	Moito	29,7	36,0	19,1
	Ns/Nc	2,4	2,2	2,7
Os espazos que hai para a lectura e o traballo individual	Nada	2,7	0,0	7,3
	Pouco	6,1	3,2	10,9
	Algo	18,2	13,4	26,4
	Bastante	45,6	49,5	39,1
	Moito	25,3	32,3	13,6
	Ns/Nc	2,0	1,6	2,7

Táboa 3. Valoración do grao de adecuación do equipamento, instalacións e tecnoloxías da biblioteca (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
O número de ordenadores	Nada	6,8	0,5	17,3
	Pouco	20,6	11,3	36,4
	Algo	25,0	24,7	25,5
	Bastante	37,5	50,5	15,5
	Moito	8,8	11,8	3,6
	Ns/Nc	1,4	1,1	1,8
O espazo (superficie e estado de conservación)	Nada	1,7	0,5	3,6
	Pouco	8,8	2,7	19,1
	Algo	19,6	18,3	21,8
	Bastante	43,6	45,7	40,0
	Moito	24,7	31,2	13,6
	Ns/Nc	1,7	1,6	1,8
A distribución	Nada	1,7	0,0	4,5
	Pouco	3,7	1,1	8,2
	Algo	14,5	7,5	26,4
	Bastante	54,7	59,1	47,3
	Moito	24,0	31,2	11,8
	Ns/Nc	1,4	1,1	1,8
O mobiliario	Nada	2,0	0,0	5,5
	Pouco	8,8	3,8	17,3
	Algo	16,2	10,8	25,5
	Bastante	46,3	52,2	36,4
	Moito	24,7	32,2	11,8
	Ns/Nc	2,0	1,0	3,6
A accesibilidade para persoas con discapacidade	Nada	14,5	12,4	18,2
	Pouco	8,8	7,5	10,9
	Algo	11,5	9,7	14,5
	Bastante	32,1	34,9	27,3
	Moito	31,8	34,4	27,3
	Ns/Nc	1,4	1,1	1,8

No tocante á valoración sobre o grao de adecuación do equipamento, as instalacións e as tecnoloxías da biblioteca, ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe a través da proba t, atópanse diferenzas significativas nos seguintes aspectos: o lugar onde está situada, o acceso, a sinalización, a iluminación, os espazos que hai, tanto para o traballo en grupo como para a lectura e o traballo individual, o número de ordenadores, a superficie e o estado de conservación do espazo, a distribución e o mobiliario, a favor dos centros con Plambe

Táboa 4. Comparación de centros con Plambe e sen Plambe no grao de adecuación do equipamento, instalacións e tecnoloxías da biblioteca

	Proba t de Student	
	Valor	Significación bilateral*
O lugar onde está situada	4,756	0,000
O acceso	3,070	0,002
A sinalización	4,327	0,000
A iluminación	3,760	0,000
Os espazos que hai para o traballo en grupo	5,175	0,000
Os espazos que hai para a lectura e traballo individual	5,791	0,000
O número de ordenadores	9,048	0,000
O espazo (superficie e estado de conservación)	5,402	0,000
A distribución	6,405	0,000
O mobiliario	6,803	0,000

*p < 0,05

5.4. Recursos documentais

1. Valoración dos fondos da biblioteca escolar

Os/as directores/as que conforman o total e os/as de centros con e sen Plambe sinalan que os fondos da biblioteca son bastante axeitados para o alumnado do centro (58,4%, 56,5% e 61,8%) e están ben conservados (62,5%, 61,3% e 64,5%). Ademais, estes fondos están bastante actualizados (54,4%, 59,7% e 45,5%) e son suficientes (58,4%, 66,7% e 44,5%), aínda que con porcentaxes de resposta que non chegan ao 50% no caso de centros sen Plambe.

Na selección dos fondos téñense moi en conta as demandas do equipo directivo e do conxunto do profesorado, segundo o 57,8% e o 69,9% dos/as directores/as do total e de centros con Plambe, respectivamente. No caso dos/as de centros sen Plambe, un 42,7% sinalan que se teñen bastante en conta e un 37,3% afirman que se teñen moito.

Segundo os/as directores/as do total e de centros con Plambe, a biblioteca conta con bastantes (37,5% e 57,0%) ou algúns (39,2% e 22,6%) materiais axustados para o alumnado con necesidades educativas específicas, mentres que os/as de centros sen Plambe afirman que na biblioteca hai algúns materiais (44,5%) ou poucos (24,5%) para este alumnado. Menos da metade afirman que bastantes (45,6%, 47,8% e 41,8%) fondos rexistrados atópanse na sala de biblioteca e cobren as necesidades de todas as áreas curriculares (51,0%, 46,2% e 40,9%), segundo os/as directores/as do total, de centros con e sen Plambe, respectivamente.

Táboa 5. Valoración dos fondos da biblioteca escolar

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Os fondos son axeitados ao alumnado do centro	Nada	0,0	0,0	0,0
	Pouco	3,7	0,5	9,1
	Algo	7,4	2,2	16,4
	Bastante	58,4	56,5	61,8
	Moito	29,7	40.3	11,8
	Ns/Nc	0,7	0,5	0,9
Os fondos son suficientes	Nada	1,0	0,0	2,7
	Pouco	5,7	1,6	12,7
	Algo	26,4	21,0	35,5
	Bastante	58,4	66,7	44,5
	Moito	8,1	10,8	3,6
	Ns/Nc	0,3	0,0	0,9
Os fondos están actualizados	Nada	1,7	0,0	4,5
	Pouco	2,7	0,5	6,4
	Algo	19,9	11,3	34,5
	Bastante	54,4	59,7	45,5
	Moito	20,6	28,0	8,2
	Ns/Nc	0,7	0,5	0,9
Os fondos están ben conservados	Nada	0,0	0,0	0,0
	Pouco	1,0	0,0	2,7
	Algo	7,8	2,7	16,4
	Bastante	62,5	61,3	64,5
	Moito	27,7	34,9	15,5
	Ns/Nc	1,0	1,1	0,9
Na selección dos fondos da biblioteca téñense en conta as demandas dos/as profesores/as do equipo de apoio á biblioteca	Nada	1,0	0,0	2,7
	Pouco	0,7	0,5	0,9
	Algo	6,1	1,1	14,5
	Bastante	33,4	28,0	42,7
	Moito	57,8	69,9	37,3
	Ns/Nc	1,0	0,5	1,8
A biblioteca conta con materiais axeitados para o alumnado con necesidades educativas especificas	Nada	2,4	0,0	6,4
	Pouco	15,2	1,6	24,5
	Algo	39,2	22,6	44,5
	Bastante	37,5	57,0	22,7
	Moito	5,4	18,3	0,9
	Ns/Nc	0,3	0,5	0,9
Todos os fondos rexistrados están na sala da biblioteca	Nada	2,7	1,1	5,5
	Pouco	6,8	3,8	11,8
	Algo	18,9	19,9	17,3
	Bastante	45,6	47,8	41,8
	Moito	25,7	27,4	22,7
	Ns/Nc	0,3	0,0	0,9
Están cubertas as necesidades de todas as áreas curriculares	Nada	1,0	0,0	2,7
	Pouco	6,8	9,7	15,5
	Algo	26,4	36,0	32,7
	Bastante	51,0	46,2	40,9
	Moito	13,9	8,1	6,4
	Ns/Nc	1,0	0,0	1,8

En relación a valoración dos recursos documentais, ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas a favor dos centros con Plambe en todos os aspectos analizados.

Táboa 6. Comparación de centros con Plambe e sen Plambe na valoración dos fondos da biblioteca escolar

	Proba t de Student	
	Valor	Significación bilateral*
Os fondos son axeitados ao alumnado do centro	7,595	0,000
Os fondos son suficientes	5,486	0,000
Os fondos están actualizados	7,544	0,000
Os fondos están ben conservados	5,767	0,000
Na selección dos fondos da biblioteca téñense en conta as demandas do profesorado do equipo de apoio á biblioteca	6,483	0,000
A biblioteca conta con materiais axeitados para o alumando con necesidades educativas específicas	2,595	0,000
Todos os fondos rexistrados están na sala da biblioteca	5,853	0,011
Están cubertas as necesidades de todas as áreas curriculares	6,876	0,000

*p < 0,05

5.5. Persoal

1. A persoa encargada da biblioteca do centro ten a formación adecuada

A persoa encargada da biblioteca do centro ten a formación adecuada segundo o 86,5%, o 95,7% e o 70,9% dos/as directores/as do total, de centros con Plambe e sen Plambe, respectivamente.

Gráfica 14. A persoa encargada da biblioteca do centro ten a formación adecuada



	Si	Non	Ns/Nc
Total	86,5	12,8	0,7
Con Plambe	95,7	4,3	0,0
Sen Plambe	70,9	27,3	1,8

Nesta cuestión atópanse diferenzas significativas (Chi-cadrado = 31,407, p < 0,05) nas respostas dos/as directores/as de centros con e sen Plambe, a favor dos primeiros.

2. A biblioteca escolar conta con equipo de apoio

O 89,5% dos/as directores/as da totalidade de centros do estudo, case o total (99,5%) dos/as de centros con Plambe e o 72,7% dos/as sen Plambe afirma que a biblioteca escolar conta con equipo de apoio.

Gráfica 15. A biblioteca escolar conta con equipo de apoio



	Si	Non	Ns/Nc
Total	89,5	9,8	0,7
Con Plambe	99,5	0,5	0,0
Sen Plambe	72,7	25,5	1,8

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe mediante a proba Chi-cadrado, atópanse diferenzas significativas (Chi-cadrado = 46,720, p < 0,05) a favor dos centros Plambe.

3. A biblioteca escolar conta con persoal auxiliar en horario extraescolar

Para practicamente a mesma porcentaxe de directores/as do total (82,8%), de centros con Plambe (83,3%) e sen Plambe (81,8%), a biblioteca escolar non conta con persoal auxiliar no horario extraescolar.

Gráfica 16. A biblioteca escolar conta con persoal auxiliar en horario extraescolar



	Si	Non	Ns/Nc
Total	16,2	82,8	1,0
Con Plambe	15,6	83,3	1,1
Sen Plambe	17,3	81,8	0,9

4. A biblioteca escolar conta con persoal auxiliar en horario lectivo

Para o 96,3% de directores/as do total, o 97,3% dos/as de centros con Plambe e o 94,5% dos/as sen Plambe, a biblioteca escolar non conta con persoal auxiliar en horario lectivo.

Gráfica 17. A biblioteca escolar conta con persoal auxiliar en horario lectivo



	Si	Non	Ns/Nc
Total	3,0	96,3	0,7
Con Plambe	2,2	97,3	0,5
Sen Plambe	4,5	94,5	0,9

5. Criterios para a designación da persoa responsable da biblioteca escolar

Segundo a opinión dos/as directores/as da totalidade de centros, o criterio de maior peso para a designación do/a responsable da biblioteca foi o interese da persoa (64,5% moito e 24,7% bastante), seguido da dispoñibilidade horaria (39,9% bastante e 26,0% moito). En terceiro e cuarto lugar, cunha valoración similar, sitúanse a experiencia (38,2% bastante e 26,7% moito) e a formación específica (34,5% bastante; 26,0% moito).

Para máis das tres cuartas partes dos/as directores/as de centros con Plambe, o criterio fundamental foi o interese (77,4%), seguido pola experiencia (37,6%) e a formación específica (35,6%). A dispoñibilidade horaria se tivo moi en conta nun 27,4% dos casos e bastante nun 37,1%.

Nos centros sen Plambe, cabe sinalar que o interese foi o criterio ao que se lle outorgou maior relevancia (42,7% moito e 39,1% bastante); en segundo lugar tívose en conta a dispoñibilidade horaria (44,5% bastante e 23,6% moito), a experiencia (39,1% bastante e 11,8% moito) e, en último lugar, a formación específica (33,6% bastante e 10,9% moito).

Táboa 7. Criterios para a designación da persoa responsable da biblioteca escolar

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Experiencia	Nada	7,4	3,8	13,6
	Pouco	7,1	4,8	10,9
	Algo	18,2	16,7	20,9
	Bastante	38,2	37,6	39,1
	Moito	26,7	35,5	11,8
	Ns/Nc	2,4	1,6	3,6
Formación específica	Nada	7,4	3,1	14,5
	Pouco	8,8	5,8	13,6
	Algo	20,3	19,4	23,6
	Bastante	34,5	35,1	33,6
	Moito	26,0	35,6	10,9
	Ns/Nc	2,0	1,0	3,6
Interese	Nada	1,0	0,0	2,7
	Pouco	2,0	1,6	2,7
	Algo	5,7	3,8	9,1
	Bastante	24,7	16,1	39,1
	Moito	64,5	77,4	42,7
	Ns/Nc	2,0	11,1	3,6
Dispoñibilidade horaria	Nada	2,7	1,6	4,5
	Pouco	9,8	9,7	10,0
	Algo	19,6	23,1	13,6
	Bastante	39,9	37,1	44,5
	Moito	26,0	27,4	23,6
	Ns/Nc	2,0	1,1	3,6
Outros. Especifique...	Nada	10,5	10,8	10,0
	Pouco	1,0	0,0	2,7
	Algo	2,0	1,1	3,6
	Bastante	5,1	5,4	4,5
	Moito	8,1	8,6	7,3
	Ns/Nc	73,3	74,2	71,8

No tocante a esta cuestión, ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas, a favor dos primeiros, no relativo á experiencia, especificidade da formación e interese, como criterios para a designación da persoa responsable da biblioteca escolar, pero non así en relación á dispoñibilidade horaria.

Táboa 8. Comparación de centros con Plambe e sen Plambe nos criterios para a designación da persoa responsable da biblioteca escolar

	Proba t de Student	
	Valor	Significación bilateral*
Experiencia	5,260	0,000
Formación específica	5,762	0,000
Interese	5,073	0,000

*p < 0,05

6. Número de persoas que forman parte do equipo de apoio á biblioteca

Segundo o 34,6% de directores/as do total, o 24,7% dos/as de centros con Plambe e o 45,5% dos/as sen Plambe o equipo de apoio á biblioteca está formado por entre 1 e 5 persoas. Un 19,3% dos/as directores/as do total e o 9,9% de centros sen Plambe afirma que está constituído por 6 e 10 membros. Destacar, igualmente, que non responden a esta cuestión un elevado porcentaxe dos/as enquisados/as (40,9% total; 41,4% con Plambe; 40,0% sen Plambe).

Gráfica 18. Número de persoas que forman parte do equipo de apoio á biblioteca



	De 1 a 5	De 6 a 10	De 11 a 15	De 16 a 20	Máis de 20	Ningunha	Ns/Nc
Total	34,6	19,3	2,6	0,3	0,7	1,3	40,9
Con Plambe	24,7	0,0	4,1	0,0	0,5	0,5	41,4
Sen Plambe	45,5	9,9	0,0	1,8	0,0	2,7	40,0

7. Existencia de Comisión da Biblioteca no Consello Escolar

Cando preguntamos sobre a existencia dunha Comisión da Biblioteca no Consello Escolar, a maioría de directores/as do total (64,5%) e de centros con Plambe (50,5%) nega a existencia de tal comisión. No caso dos/as directores/as dos centros sen Plambe compróbase, segundo as súas respostas, que non hai comisión nun 88,2% dos centros.

Gráfica 19. Existencia de Comisión da biblioteca no Consello Escolar



	Si	Non	Ns/Nc
Total	34,1	64,5	1,4
Con Plambe	48,9	50,5	0,5
Sen Plambe	9,1	88,2	2,7

As diferenzas entre os centros con e sen Plambe, respecto da existencia desta Comisión, son significativas (Chi-cadrado = 45,821, $p < 0,05$), e a favor dos centros Plambe, segundo revelan os resultados da proba do Chi-cadrado.

8. Número de integrantes da Comisión da Biblioteca

O número de integrantes da Comisión no Consello Escolar é moi diverso, como se observa na seguinte gráfica. Porén, podemos comprobar como para o 30,6% dos/as directores/as da totalidade de centros e o 30,4% dos/as de centros con Plambe, esta Comisión está integrada entre 1 e 5 membros e 6 e 10 membros nun 16,6% e 16,1% dos casos, respectivamente.

Nos centros sen Plambe, a maioría (90,9%) non sabe ou non contesta a esta cuestión; nos casos nos que existe esta Comisión, un 10,8% afirma que está formada por entre 1 e 5 membros e un 9,1% entre 6 e 10.

Gráfica 20. Número de integrantes da Comisión da biblioteca



	Entre 1 e 5	Entre 6 e 10	Ns/Nc
Total	30,6	16,6	52,7
Con Plambe	30,4	16,1	53,4
Sen Plambe	10,8	9,1	90,9

9. Integrantes da Comisión da biblioteca

Segundo a maioría dos/as directores/as do total e de centros con e sen Plambe a Comisión da Biblioteca no Consello Escolar está formada por distintas persoas (31,5%. 47,8% e 88,2% respectivamente): profesorado, nais/pais, representante do concello, representante de dirección, representante da ANPA e responsable da biblioteca pública.

Táboa 9. Integrantes da Comisión da Biblioteca

	Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Profesor/a	2,7	3,2	1,8
Pai/Nai	0,0	0,0	0,0
Representante do concello	0,0	0,0	0,0
Representante dirección	0,3	0,5	0,0
Representante ANPA	0,0	0,0	0,0
Responsable biblioteca pública	0,0	0,0	0,0
Varias persoas	31,5	47,8	88,2
Ns/Nc	65,5	51,5	90,0

10. O tempo de dedicación da persoa responsable da biblioteca é suficiente

Para a maioría de directores/as do total (30,4%) e os/as de centros con Plambe (34,9%) o tempo de dedicación da persoa responsable da biblioteca é bastante suficiente; pola contra o 28,7% e 27,4% considera que dispón de pouco tempo para realizar as tarefas asignadas ao cargo. O escaso tempo dispoñible para estas tarefas é ratificado polo 30,9% de directores/as de centros sen Plambe.

Gráfica 21. O tempo de dedicación da persoa responsable da biblioteca é suficiente



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	9,5	28,7	21,3	30,4	8,8	1,4
Con Plambe	8,1	27,4	19,9	34,9	9,7	0,0
Sen Plambe	11,8	30,9	23,6	22,7	7,3	3,6

11. O tempo de dedicación do equipo de apoio á biblioteca é suficiente

O tempo de dedicación do profesorado do equipo de apoio á biblioteca é considerado escaso por unha maioría (31,1%) de directores/as do total, o 31,7% de centros con Plambe e o 30,0% sen Plambe.

Gráfica 22. O tempo de dedicación do equipo de apoio á biblioteca é suficiente



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	13,2	31,1	27,7	19,9	5,1	3,0
Con Plambe	8,6	31,7	28,0	24,7	6,5	0,5
Sen Plambe	20,9	30,0	27,3	11,8	2,7	7,3

Nesta cuestión atópanse diferenzas significativas ($t = 3{,}663$, $p < 0{,}05$) ao utilizar a proba t, entre as opinións dos/as directores dos centros con e sen Plambe a favor dos primeiros.

12. A formación da persoa responsable da biblioteca é un elemento fundamental para o funcionamento da mesma

A formación da persoa responsable da biblioteca é un elemento moi importante para o funcionamento da mesma segundo o 51,7% e o 64,0% de directores/as do total e os/as de centros con Plambe. Nos centros sen Plambe afirman que é un elemento bastante (46,4%) ou moi fundamental (30,9%).

Gráfica 23. A formación da persoa responsable da biblioteca é un elemento fundamental para o funcionamento da mesma



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	0,3	1,7	7,1	37,5	51,7	1,7
Con Plambe	0,0	0,5	3,2	32,3	64,0	0,0
Sen Plambe	0,9	3,6	13,6	46,4	30,9	4,5

En relación a esta cuestión, aplicada a proba t, atópanse diferenzas significativas ($t = 6{,}270$, $p < 0{,}05$) entre os centros con e sen Plambe a favor dos primeiros.

5.6. Xestión

1. A biblioteca está contemplada no proxecto lector de centro

Para a maioría de directores/as do total de centros do estudo (96,6%), con Plambe (97,8%) e sen Plambe (94,5%) a biblioteca está contemplada no proxecto lector de centro.

Gráfica 24. A biblioteca está contemplada no proxecto lector de centro



	Si	Non	Ns/Nc
Total	96,6	1,7	1,7
Con Plambe	97,8	1,6	0,5
Sen Plambe	94,5	1,8	3,6

2. Existe un plan de traballo que organiza as tarefas da biblioteca

O 80,7% de directores/as do total, o 90,9% de centros con Plambe, e algo máis da metade dos/as de centros sen Plambe (63,6%), existe un plan de traballo que organiza as tarefas da biblioteca.

Gráfica 25. Existe un plan de traballo que organiza as tarefas da biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	80,7	17,2	2,0
Con Plambe	90,9	8,1	1,1
Sen Plambe	63,6	32,7	3,6

Nesta cuestión, ao comparar os resultados entre os centros con e sen Plambe mediante a proba Chi-cadrado, atópanse diferenzas significativas (Chi-cadrado = 29,157, $p < 0,05$) a favor dos centros con Plambe.

3. O Plan anual da biblioteca desenvolve o proxecto lector de centro e está integrado na Programación Xeral Anual do centro

Para a maioría de directores/as do total (88,5%), de centros con Plambe (97,3%) e sen Plambe (73,6%), o Plan anual da biblioteca desenvolve o proxecto lector de centro e está integrado na Programación Xeral Anual do centro.

Gráfica 26. O Plan anual da biblioteca desenvolve o proxecto lector de centro e está integrado na programación xeral anual do centro



	Si	Non	Ns/Nc
Total	88,5	9,8	1,7
Con Plambe	97,3	2,2	0,5
Sen Plambe	73,6	22,7	3,6

As diferenzas entre os centros con e sen Plambe nesta cuestión son significativas (Chi-cadrado = 32,122, $p < 0,05$) e a favor dos primeiros, tal e como revelan os resultados acadados na proba realizada.

4. O Plan anual da biblioteca inclúe formas de avaliación que, á súa vez, permiten marcar prioridades para o ano seguinte

Segundo o 75,3% de directores/as da totalidade de centros e, en maior medida, no caso daqueles con Plambe (90,9%), o Plan anual da biblioteca inclúe formas de avaliación que permiten marcar prioridades para o ano seguinte. Nos centros sen Plambe un 49,1% afirma que este plan inclúe formas de avaliación e nunha porcentaxe similar, un 44,5%, afirma que non as inclúe.

Gráfica 27. O Plan anual da biblioteca inclúe formas de avaliación que, á súa vez, permiten marcar prioridades para o ano seguinte



	Si	Non	Ns/Nc
Total	75,3	22,3	2,4
Con Plambe	90,9	9,1	0,0
Sen Plambe	49,1	44,5	6,4

As diferenzas entre os resultados dos centros con e sen Plambe, aplicada a proba Chi-cadrado, son significativas (Chi-cadrado = 53,406, $p < 0,05$) e a favor dos centros con Plambe.

5. O equipo directivo participa na elaboración, seguimento e avaliación do Plan anual da biblioteca

Para o 74,0% de directores/as do total e o 82,3% de de centros con Plambe o equipo directivo participa na elaboración, seguimento e avaliación do Plan anual da biblioteca. No caso dos centros sen Plambe esta participación é menor (60,0%).

Gráfica 28. O equipo directivo participa na elaboración, seguimento e avaliación do Plan anual da biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	74,0	23,3	2,7
Con Plambe	82,3	16,7	1,1
Sen Plambe	60,0	34,5	5,5

No relativo a participación do equipo directivo na elaboración, seguimento e avaliación do Plan anual da Biblioteca, atópanse diferenzas significativas (Chi-cadrado = 13,081, p < 0,05) entre os centros con e sen Plambe a favor dos primeiros.

6. A comunidade educativa está informada da existencia do Plan anual da biblioteca

Segundo o 80,7% e o 93,0% dos/as directores/as do total e de centros con Plambe, a comunidade educativa está informada da existencia do Plan anual da biblioteca. O 60,0% de directores/as de centros sen Plambe tamén respostan afirmativamente.

Gráfica 29. A comunidade educativa está informada da existencia do Plan anual da biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	80,7	16,9	2,4
Con Plambe	93,0	6,5	0,5
Sen Plambe	60,0	34,5	5,5

Nesta cuestión, aplicada a proba Chi-cadrado para comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas (Chi-cadrado = 39,948, p < 0,05) a favor dos centros con Plambe.

7. Existencia dunha partida específica para o mantemento da biblioteca

A maioría de directores/as do total (79,7%), de centros con Plambe (89,2%), e un pouco máis da metade (63,6%) dos/as de centros sen Plambe confirman a existencia dunha partida orzamentaria específica para o mantemento da biblioteca.

Gráfica 30. Existencia dunha partida específica para o mantemento da biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	79,7	19,3	1,0
Con Plambe	89,2	10,8	0,0
Sen Plambe	63,6	33,6	2,7

As respostas dos/a directores dos centros con e sen Plambe sobre a existencia dunha partida específica para o mantemento da biblioteca, amosan diferenzas significativas (Chi-cadrado = 23,113, $p < 0,05$) e a favor dos centros con Plambe.

8. Porcentaxe do orzamento da biblioteca respecto do total do orzamento do centro

Nos casos nos que no orzamento se conta cunha partida específica para o mantemento da biblioteca, a cantidade indicada polos/as directores/as da totalidade de centros é moi variable, sendo a máis repetida entre o 5% e o 10% do orzamento total.

Nos centros con Plambe, (42,3%) a cantidade está entre o 1% e 4% maioritariamente; o 18,4% indica que acada porcentaxes de entre o 5% e 10%. A mesma tendencia de resposta atopámola nos/as directores/as de centros sen Plambe cando sinalan, nun 24,3%, que a porcentaxe se sitúa entre o 1% e o 4%, mentres que un 15,3% afirma que está entre o 5% e o 10%.

Táboa 10. Porcentaxe do orzamento da biblioteca respecto do total do orzamento do centro

	Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Menos do 1%	0,9	0,0	0,9
Entre 1 e 4%	28,5	42,3	24,3
Entre 5 e 10%	31,9	18,4	15,3
Máis de 10%	2,4	3,0	2,7
Ns/Nc	36,1	36,3	56,8

9. Consideración sobre a suficiencia do orzamento

Máis da metade de directores e directoras do total (56,1%) considera que o orzamento dedicado á biblioteca é insuficiente, contra o 37,2% que estima que é suficiente. No caso dos centros con Plambe a resposta vai na mesma liña; o 43,0% di que si é suficiente, mentres o 51,6% indica o contrario. Do mesmo xeito, nos centros sen Plambe sinalan que é suficiente no 27,3% dos casos e que non no 63,6%.

Gráfica 31. Consideración sobre a suficiencia do orzamento



	Si	Non	Ns/Nc
Total	37,2	56,1	6,8
Con Plambe	43,0	51,6	5,4
Sen Plambe	27,3	63,6	9,1

En relación á suficiencia do orzamento, ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas (Chi-cadrado = 55,725, $p < 0,05$) a favor dos centros con Plambe.

10. A biblioteca escolar conta con axudas externas á biblioteca

En máis da metade do total de centros enquisados (55,1%) a dirección sinala que a biblioteca non conta con axudas externas, en cambio un 43,6% afirma que si. As indicacións dos/as directores/as de centros con Plambe seguen a mesma tendencia, pois o 58,6% manifesta que si, fronte a 40,9% que non.

Pola súa parte, os/as directores/as dos centros sen Plambe sinalan, nun 18,2% dos casos, que os centros contan con axudas externas, mentres que un 79,1% afirma o contrario

Gráfica 32. A biblioteca escolar conta con axudas externas á biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	43,6	55,1	1,4
Con Plambe	58,6	40,9	0,5
Sen Plambe	18,2	79,1	2,7

Nesta cuestión, aplicada a proba Chi-cadrado, atópanse diferenzas significativas (Chi-cadrado = 42,868, $p < 0,05$), entre os centros con e sen Plambe, a favor dos primeiros.

11. Entidades que proporcionan axudas externas á biblioteca

A axuda externa da que din dispoñer os/as directores/as da totalidade de centros, provén, segundo o 30,4%, da Comunidade Autónoma, sendo esta a axuda máis habitual con moita diferenza sobre as outras fontes de recursos. Aínda así, outras axudas indicadas son as das ANPAS, cun 3,4%, e outras de variadas procedencias (6,4%), entre as que se mencionan entidades como asociacións particulares ou empresas. Un 4% combina as axudas da Comunidade Autónoma coas doutras entidades. Destaca tamén, a elevada porcentaxe dos casos que non sabe ou non contesta (55,7%).

Para os/as directores/as de centros con Plambe a porcentaxe de aportacións da Comunidade Autónoma é a maioritaria (46,2%); outro 1,6% sinala ás ANPAS como fonte de recursos e un 4,8% indica outras procedencias, entre as que tamén están, como no caso anterior, empresas ou asociacións; un 5,4% combina as axudas da Comunidade Autónoma coas doutras entidades. Non sabe ou non contesta o 41,9%.

Nos centros sen Plambe as axudas da Comunidade Autónoma representan o 3,6%, as das ANPAS o 6,4%; as de outras entidades un 9,1%, entre as que se volven a sinalar empresas ou asociacións, pero tamén editoriais e deputacións. Un 1,9% combina as axudas da Comunidade Autónoma coas doutras entidades, mentres que o 79,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 33. Entidades que proporcionan axudas externas á biblioteca



	Comunidade Autónoma	ANPAS	Outras	Comunidade Autónoma + Outras	Ns/Nc
Total	30,4	3,4	6,4	4,0	55,7
Con Plambe	46,2	1,6	4,8	5,4	41,9
Sen Plambe	3,6	6,4	9,1	1,9	79,1

No tocante a esta cuestión, comparando os resultados dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas (Chi-cadrado = 46,998, $p < 0,05$) e a favor dos centros con Plambe.

12. Uso dos recursos orzamentarios da biblioteca

As indicacións dos/as directores/as da totalidade de centros sobre o uso que se lle dá aos recursos orzamentarios apuntan que un 8,8% empréganse para a actualización dos fondos; un 0,3% en renovación do mobiliario, adquisición de recursos informáticos e realización de actividades e un 0,7% en edición de materiais. Un 53,8% destínase a outras accións, entre as que cabe sinalar, por exemplo, agasallos para participantes en concursos organizados pola biblioteca, material tecnolóxico, exemplares bibliográficos, persoal adicional para actividades da biblioteca, mobiliario e reformas. O 35,8% non sabe ou non contesta a esta cuestión.

No caso dos centros con Plambe os recursos orzamentarios empregáronse, nun 9,1%, para a actualización de fondos; para a renovación do mobiliario e edición de materiais, empregouse un 0,5% dos orzamentos. Un 23,7% non sabe ou non contesta. O restante 66,2% sinala outras accións entre as que cabe destacar obradoiros organizados por expertos/as ou libros para agasallos. Non sabe ou non contesta o 41,9%.

Nos centros sen Plambe, os/as directores/as indican que o 8,2% dos orzamentos dedícanse á actualización de fondos e un 0,9% á adquisición de recursos informáticos, á edición de materiais e á realización de actividades. Un 53,8% destínase a outras accións, entre as que se sinalan agasallos ou contacontos, entre outras. O 56,4% non sabe ou non contesta.

Gráfica 34. Uso dos recursos orzamentarios da biblioteca



	Actualización dos fondos	Renovación de mobiliario	Adquisición de recursos informáticos	Realización de actividades	Edición de materiais	Outras accións	Ns/Nc
Total	8,8	0,3	0,3	0,3	0,7	53,8	35,8
Con Plambe	9,1	0,5	0,0	0,0	0,5	66,2	23,7
Sen Plambe	8,2	0,0	0,9	0,9	0,9	53,8	56,4

13. Satisfacción co funcionamento da biblioteca

A maioría de directores/as do total, e os/as de centros con Plambe senten bastante satisfacción en relación co funcionamento da biblioteca (48,6% e 51,1%), ou moita (29,1% e 41,9%). Polo que se refire aos centros sen Plambe, están algo satisfeitos o 34,5% e o 44,5% bastante.

Gráfica 35. Satisfacción co funcionamento da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,7	3,4	16,2	48,6	29,1	1,0
Con Plambe	0,0	1,6	5,4	51,1	41,9	0,0
Sen Plambe	4,5	6,4	34,5	44,5	7,3	2,7

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe nesta cuestión, atópanse diferenzas significativas ($t = 8{,}862$, $p < 0{,}05$), a favor dos centros con Plambe.

14. A dirección do centro apoia o funcionamento da biblioteca

Os/as directores/as do total afirman, nun 51,7% dos casos que a dirección apoia moito o funcionamento da biblioteca, xunto a un 39,5% que indican bastante. Nos centros con Plambe para preto do cen por cen de directores/as (63,4% moito e 34,4% bastante) o sentido das súas respostas é o mesmo. Os/as directores/as centros sen Plam apoian o funcionamento da biblioteca bastante (48,2%) e moito (31,8%).

Gráfica 36. A dirección do centro apoia o funcionamento da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	0,0	0,7	7,1	39,5	51,7	1,0
Con Plambe	0,0	0,0	2,2	34,4	63,4	0,0
Sen Plambe	0,0	1,8	15,5	48,2	31,8	2,7

No tocante a esta cuestión, aplicada a proba Chi-cadrado, atópanse diferenzas significativas ($t = 5{,}998$, $p < 0{,}05$) entre os centros con e sen Plambe, a favor dos primeiros.

15. O labor de apoio da dirección axuda a mellorar a calidade da biblioteca

Unha importante maioría de directores/as do total (43,6% bastante e 31,8% algo) e de centros con Plambe (45,2% bastante e 26,9% moito) consideran que o seu labor de apoio á biblioteca axuda a mellorar bastante e moito a calidade desta. Nos centros sen Plambe estiman o seu labor de apoio axuda algo (42,7%) ou bastante (40,9%).

Gráfica 37. O labor de apoio da dirección axuda a mellorar a calidade da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	0,3	3,0	31,8	43,6	19,3	2,0
Con Plambe	0,0	2,2	25,3	45,2	26,9	0,5
Sen Plambe	0,9	4,5	42,7	40,9	6,4	4,5

Comparando os resultados extraídos dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas ($t = 5{,}149$, $p < 0{,}05$) a favor dos primeiros nesta cuestión.

5.7. Dinámica, uso e redes de colaboración

1. Servizos xerais que ofrece a biblioteca escolar

No que respecta aos servizos que ofrece a biblioteca escolar, tanto os/as directores/as do total, como de centros con Plambe e sen Plambe sinalan que as súas bibliotecas ofertan: reserva de horarios para distintos grupos de clase (76,7%, 81,7% e 68,2%), servizos de información (92,6%, 96,2% e 86,4%), lectura en sala (93,6%, 97,8%, e 86,4%), préstamo individual (95,9%, 98,4% e 91,8%), actividades de fomento da lectura (97,3%, 98,4% e 95,5%), lectura/traballo individual (93,9%, 96,2% e 90%), lectura/traballo en pequeno grupo (93,2%, 96,2% e 88,2%) e préstamo de aula, departamentos, equipos de ciclo (92,2%, 94,6% e 88,2%). Igualmente ofrecen acceso a internet (90,5%, 97,8% e 78,2%), lectura/traballo en gran grupo (77,4%, 84,4% e 65,5%) e uso de equipos informáticos para o traballo persoal ou grupal (80,4%, 92,5% e 60,0%).

Por outra banda, son moi poucos os centros nos que, segundo manifesta a dirección, a biblioteca ofrece servizos de préstamo interbibliotecario (20,6% total, 25,8% con Plambe e 11,8% sen Plambe), ALFIN (29,4%, 40,9% e 10%) e formación para o uso dos medios de comunicación, alfabetización mediática (29,4%, 39,2% e 12,7%).

O 42,6% do total, o 30,1% de centros con Plambe, e o 63,6% de centros sen Plambe non ofrecen uso de medios audiovisuais de forma autónoma.

Así mesmo, un 67,6% de directores/as do total, e o 81,2% de centros con Plambe ofrecen formación de usuarios/as e uso de ordenadores para lecer e propostas de investigación (50,3%, 62,4%) mentres un pouco máis da metade de directores/as de centros sen Plambe (53,6%, 50,9% e 63,6%) din que nas súas bibliotecas escolares non ofrecen estes servizos.

Táboa 11. Servizos xerais que ofrece a biblioteca escolar

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Reserva de horarios para distintos grupos de clase	Si	76,7	81,7	68,2
	Non	22,0	17,2	30,0
	Ns/Nc	1,4	1,1	1,8
Información	Si	92,6	96,2	86,4
	Non	5,4	2,7	10,0
	Ns/Nc	2,0	1,1	3,6
Lectura en sala	Si	93,6	97,8	86,4
	Non	5,7	2,2	11,8
	Ns/Nc	0,7	0,0	1,8
Acceso a internet	Si	90,5	97,8	78,2
	Non	8,1	1,6	19,1
	Ns/Nc	1,4	0,5	2,7
Uso de equipos informáticos para o traballo persoal ou grupal	Si	80,4	92,5	60,0
	Non	17,2	7,0	34,5
	Ns/Nc	2,4	0,5	5,5
Préstamo individual	Si	95,9	98,4	91,8
	Non	2,7	0,5	6,4
	Ns/Nc	1,4	1,1	1,8
Préstamo de aula, departamento, equipos de ciclo...	Si	92,2	94,6	88,2
	Non	5,7	3,8	9,1
	Ns/Nc	2,0	1,6	2,7
Préstamo interbibliotecario	Si	20,6	25,8	11,8
	Non	73,3	67,7	82,7
	Ns/Nc	6,1	6,5	5,5
Formación de usuarios/as	Si	66,2	81,7	40,0
	Non	31,1	17,7	53,6
	Ns/Nc	2,7	0,5	6,4
Actividades de fomento da lectura	Si	97,3	98,4	95,5
	Non	2,0	1,6	2,7
	Ns/Nc	0,7	0,0	1,8
Uso de ordenadores para lecer	Si	67,6	81,2	44,5
	Non	30,1	17,7	50,9
	Ns/Nc	2,4	1,1	4,5

Táboa 11. Servizos xerais que ofrece a biblioteca escolar (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Lectura/traballo individual	Si	93,9	96,2	90,0
	Non	4,4	2,2	8,2
	Ns/Nc	1,7	1,6	1,8
Lectura/traballo en pequeno grupo	Si	93,2	96,2	88,2
	Non	5,4	3,2	9,1
	Ns/Nc	1,4	0,5	2,7
Lectura/traballo en gran grupo	Si	77,4	84,4	65,5
	Non	19,9	13,4	30,9
	Ns/Nc	2,7	2,2	3,6
Propostas de investigación	Si	50,3	62,4	30,0
	Non	42,9	30,6	63,6
	Ns/Nc	6,8	7,0	6,4
Formación para o uso, tratamento e produción de información (ALFIN)	Si	29,4	40,9	10,0
	Non	62,2	48,9	84,5
	Ns/Nc	8,4	10,2	5,5
Formación para o uso dos medios de comunicación (alfabetización mediática)	Si	29,4	39,2	12,7
	Non	62,8	51,6	81,8
	Ns/Nc	7,8	9,1	5,5
Uso de medios audiovisuais de forma autónoma	Si	53,0	65,6	31,8
	Non	42,6	30,1	63,6
	Ns/Nc	4,4	4,3	4,5
Outros	Si	3,4	4,8	0,9
	Non	24,0	19,4	31,8
	Ns/Nc	72,6	75,8	67,3

2. Colaboración coa biblioteca escolar dos diferentes colectivos e/ou entidades

Segundo os/as directores/as do total e de centros con e sen Plambe non colaboran coa biblioteca escolar as asociacións (76,4%, 71,5% e 84,5%), os/as antigos/as alumnos/as (68,2%, 62,9% e 77,3%), así coma outras bibliotecas escolares (57,4%, 44,6% e 79,1%), e as bibliotecas municipais (45,6%, 37,6% e 59,1%), como tampouco o fan os concellos (49,7%, 43,0% e 60,9%).

Para o 29,1% do total e o 30,6% de centros con Plambe, as ANPAS colaboran pouco, mentres que o 42,7% de centros sen Plambe afirma que non colaboran.

Tampouco colaboran as familias segundo a maioría de directores/as do total de centros (34,1%) e de centros sen Plambe (44,5%) e, fano pouco, segundo o 29,0% de directores/as de centros con Plambe.

Táboa 12. Colaboración coa biblioteca escolar dos diferentes colectivos e/ou entidades

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Familias	Nada	34,1	28,0	44,5
	Pouco	28,4	29,0	27,3
	Algo	23,6	26,3	19,1
	Bastante	10,1	13,4	4,5
	Moito	2,0	3,2	0,0
	Ns/Nc	1,7	0,0	4,5
ANPAS	Nada	33,4	28,0	42,7
	Pouco	29,1	30,6	26,4
	Algo	22,3	23,7	20,0
	Bastante	10,5	14,0	4,5
	Moito	2,0	2,2	1,8
	Ns/Nc	2,7	1,6	4,5
Concello	Nada	49,7	43,0	60,9
	Pouco	25,0	27,4	20,9
	Algo	18,2	22,0	11,8
	Bastante	4,1	5,9	0,9
	Moito	1,0	1,1	0,9
	Ns/Nc	2,0	0,5	4,5
Asociacións (veciñais, culturais, etc.)	Nada	76,4	71,5	84,5
	Pouco	14,5	18,8	7,3
	Algo	5,4	6,5	3,6
	Bastante	1,4	2,2	0,0
	Moito	0,0	0,0	0,0
	Ns/Nc	2,4	1,1	4,5
Antigo alumnado	Nada	68,2	62,9	77,3
	Pouco	19,3	25,3	9,1
	Algo	8,4	8,6	8,2
	Bastante	1,7	2,2	0,9
	Moito	0,7	1,1	0,0
	Ns/Nc	1,7	0,0	4,5
Outras bibliotecas escolares	Nada	57,4	44,6	79,1
	Pouco	15,5	19,9	8,2
	Algo	17,2	23,7	6,4
	Bastante	6,1	8,6	1,8
	Moito	2,0	3,2	0,0
	Ns/Nc	1,7	0,0	4,5
Bibliotecas municipais	Nada	45,6	37,6	59,1
	Pouco	21,6	24,7	16,4
	Algo	23,0	25,8	18,2
	Bastante	6,8	10,2	0,9
	Moito	1,0	1,1	0,9
	Ns/Nc	2,0	0,5	4,5
Outros	Nada	22,3	18,8	28,2
	Pouco	0,0	0,0	0,0
	Algo	1,7	2,7	0,0
	Bastante	0,7	1,1	0,0
	Moito	0,3	0,0	0,9
	Ns/Nc	75,0	77,4	70,9

No que respecta a esta pregunta, se comparamos os resultados dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas, a favor dos primeiros, en relación á colaboración coa biblioteca escolar por parte das familias, as ANPAS, o Concello, as asociacións de todo tipo, o antigo alumnado e outras bibliotecas, tanto escolares como municipais.

Táboa 13. Comparación de centros con Plambe e sen Plambe na colaboración dos diferentes colectivos e/ou entidades coa biblioteca escolar

	Proba t de Student	
	Valor	Significación bilateral
Familias	4,244	0,003
ANPAS	2,959	0,003
Concello	3,644	0,008
Asociacións (de veciños/as, culturais, etc.)	3,378	0,000
Antigo alumnado	2,709	0,007
Outras biblioteca escolares	7,360	0,000
Bibliotecas municipais	4,037	0,000

5.8. Biblioteca e currículo

1. O centro conta cun Proxecto Lector

A maioría de directores/as do total (95,3%), e os/as de centros con Plambe (96,2%) e sen Plambe (93,6%) sinala que o centro conta cun Proxecto Lector.

Gráfica 38. O centro conta cun Proxecto Lector



	Si	Non	Ns/Nc
Total	95,3	2,7	2,0
Con Plambe	96,2	2,7	1,1
Sen Plambe	93,6	2,7	3,6

2. O Proxecto educativo de centro inclúe o proxecto lector de centro

Para o 90,9% de directores/as do total, o 93,0% dos/as de centros con Plambe e o 87,3% de centros sen Plambe, o Proxecto educativo de Centro inclúe o proxecto lector de centro.

Gráfica 39. O Proxecto educativo do centro inclúe o proxecto lector de centro



	Si	Non	Ns/Nc
Total	90,9	6,4	2,7
Con Plambe	93,0	4,8	2,2
Sen Plambe	87,3	9,1	3,6

3. O centro conta cun Plan Anual de Lectura

Tanto para a maioría de directores/as do total (83,3%) como para os/as con Plambe (90,9%) e sen Plambe (71,8%), os centros contan cun Plan Anual de Lectura.

Gráfica 40. O Centro conta cun Plan Anual de Lectura



	Si	Non	Ns/Nc
Total	83,3	13,5	2,7
Con Plambe	90,9	7,5	1,6
Sen Plambe	71,8	23,6	4,5

4. Colaboración da biblioteca no desenvolvemento do proxecto lector de centro

Para a maioría de directores/as do total e de centros con Plambe, a biblioteca colabora moito (40,9%, 55,9%) e bastante (41,2%, 37,1%) no desenvolvemento do proxecto lector de centro. Os/as directores/as de centros sen Plambe din que a biblioteca colabora bastante (48,2%) e algo (21,8%).

Gráfica 41. Colaboración da biblioteca no desenvolvemento do proxecto lector de centro



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	0,7	3,4	10,8	41,2	40,9	3,0
Con Plambe	0,5	0,5	4,3	37,1	55,9	1,6
Sen Plambe	0,9	8,2	21,8	48,2	15,5	5,5

Nesta cuestión, os resultados entre os centros con e sen Plambe, cando se comparan mediante a proba t, presentan diferenzas ($t = 7,860$, $p < 0,05$) a favor dos primeiros.

5. Realización de accións en relación coas competencias lingüísticas

A realización de accións vinculadas coas competencias lingüísticas é unha actuación na que a biblioteca participa bastante e moito segundo a opinión do 47,3% e 27,4% de directores/as do total e o 51,6% e 36,0% dos/as de centros con Plambe. No caso dos centros sen Plambe, o 40% afirma que participa bastante, seguido do 28,2% que di facelo algo.

Gráfica 42. Realización de accións en relación coas competencias lingüísticas



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,4	5,1	17,2	47,3	27,4	1,7
Con Plambe	0,0	1,6	10,8	51,6	36,0	0,0
Sen Plambe	3,6	10,9	28,2	40,0	12,7	4,5

No tocante a esta pregunta, ao comparar, a través da proba t, os centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas ($t = 6,637$, $p < 0,05$) a favor dos primeiros.

6. Realización de actuacións en colaboración coas familias para promocionar os hábitos lectores

A maioría de directores/as do total e de centros con Plambe din que se realizan bastantes (29,1% e 32,8%) ou algunhas actuacións (26,7% e 24,7%) en colaboración coas familias para promocionar os hábitos lectores. Para un 30,0% de directores/as de centros sen Plambe, se realiza algún tipo de actuación, mentres que os hai que afirman que se realizan poucas (24,5%) ou bastantes (22,7%).

Gráfica 43. Realización de actuacións en colaboración coas familias para promocionar os hábitos lectores



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	7,4	21,3	26,7	29,1	13,9	1,7
Con Plambe	4,3	19,4	24,7	32,8	18,8	0,0
Sen Plambe	12,7	24,5	30,0	22,7	5,5	4,5

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas ($t = 4{,}188$, $p < 0{,}05$) a favor dos centros con Plambe.

7. Participación de forma activa na celebración das conmemoracións establecidas no calendario escolar

A biblioteca participa de forma moi (48,6%, 64,0%) ou bastante (36,8%, 30,6%) activa na celebración das conmemoracións establecidas no calendario escolar segundo a opinión da maioría de directores/as do total e os/as de centros con Plambe, respectivamente. Nos centros sen Plambe, o 47,3% afirman que participa de forma bastante activa, seguido do 22,7% e 15,5% que opinan que colabora moito ou algo neste tipo de actividade.

Gráfica 44. Participación de forma activa na celebración das conmemoracións establecidas no calendario escolar



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,0	3,0	8,8	36,8	48,6	1,7
Con Plambe	0,0	0,5	4,8	30,6	64,0	0,0
Sen Plambe	2,7	7,3	15,5	47,3	22,7	4,5

Nesta cuestión, aplicada a proba t, aparecen diferenzas significativas ($t = 7{,}087$, $p < 0{,}05$) entre os resultados dos centros con e sen Plambe, a favor dos primeiros.

8. Planificación conxuntamente co equipo docente de accións para desenvolver as habilidades e competencias no uso da información

A planificación conxunta co equipo docente de accións para desenvolver as habilidades e competencias no uso da información é unha actuación que se leva cabo, xunto coa biblioteca en bastantes ocasións segundo o 36,5% de directores/as do total e o 40,3% dos/as de centros con Plambe, ao igual que se fai algunha que outra vez (24,7% e 25,3% respectivamente). Nos centros sen Plambe, unha mesma porcentaxe do 23,6%, afirma que se realiza pouco ou algo, e un 30,0% bastante.

Gráfica 45. Planificación conxuntamente co equipo docente de accións para desenvolver as habilidades e competencias no uso da información



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	4,1	14,2	24,7	36,5	17,9	2,7
Con Plambe	1,6	8,6	25,3	40,3	21,1	1,1
Sen Plambe	8,2	23,6	23,6	30,0	9,1	5,5

No que ten que ver coa planificación conxunta entre a dirección e o equipo docente para desenvolver as habilidades e as competencias para o uso da información, ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas ($t = 5{,}081$, $p < 0{,}05$) a favor dos primeiros.

9. Realización de accións orientadas a apoiar o desenvolvemento das competencias dixitais

Segundo o 32,4% e o 24,3% do total de directores/as e o 33,9% e o 33,3% de centros con Plambe o desenvolvemento das competencias dixitais é unha actuación que se realiza algunha ou bastantes veces. Nos centros sen Plambe destaca, aínda que con escasas diferenzas porcentuais, o 33,6% de directores/as que sinalan a realización de poucas destas accións e o 30,0% que indica algunhas.

Gráfica 46. Realización de accións orientadas a apoiar o desenvolvemento das competencias dixitais



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	7,8	24,0	32,4	24,3	9,5	2,0
Con Plambe	2,7	18,3	33,9	33,3	11,8	0,0
Sen Plambe	16,4	33,6	30,0	9,1	5,5	5,5

Nesta cuestión, comparando os resultados dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas ($t = 6{,}605$, $p < 0{,}05$) a favor dos primeiros.

10. Participación na formación en estratexias de busca, selección e análise critica da información

Para a maioría de directores/as do total de centros enquisados a formación en estratexias de busca, selección e análise crítica da información é unha actividade que se realiza na biblioteca algunha que outra vez (34,1%), seguido dos que afirman que se realiza bastante habitualmente (28,0%). Polo que respecta á valoración dada polos/as directores/as de centros con Plambe, comprobamos, na seguinte gráfica, como é bastante (34,4%) e algo (33,3%) habitual que a biblioteca participe neste tipo de actividades. Nos centros sen Plambe, as respostas amosan que este tipo de actuacións, na súa maioría, se realizan algunha que outra vez (35,5%) ou en poucas ocasións (22,7%).

Gráfica 47. Participación na formación en estratexias de busca, selección e análise critica da información



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	8,1	17,2	34,1	28,0	9,8	2,7
Con Plambe	3,8	14,0	33,3	34,4	14,0	0,5
Sen Plambe	15,5	22,7	35,5	17,3	2,7	6,4

No tocante a esta cuestión, aplicada a proba t, atópanse diferenzas significativas ($t = 5.955$, $p < 0{,}05$) entre os centros con e sen Plambe e a favor dos primeiros.

11. Preparación de materiais de formación específicos relacionados coa competencia dixital

Para a maioría de directores/as do total de centros enquisados e con Plambe é algo (28,0% e 31,7%) e pouco (26,0% e 24,7%) habitual a preparación de materiais de formación específicos relacionados coa competencia dixital, mentres que os/as de centros sen Plambe din que non se realiza (31,8%), ou se fai moi poucas veces (28,2%).

Gráfica 48. Preparación de materiais de formación específicos relacionados coa competencia dixital



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	20,3	26,0	28,0	16,9	5,4	3,4
Con Plambe	13,4	24,7	31,7	21,0	7,5	1,6
Sen Plambe	31,8	28,2	21,8	10,0	1,8	6,4

Os resultados entre os centros con e sen Plambe amosan diferenzas significativas ($t = 4{,}954$, $p < 0{,}05$), no relativo á preparación de materiais de formación específicos relacionados coa competencia dixital, a favor dos primeiros.

12. A biblioteca é un recurso pedagóxico ao servizo dos procesos de ensinanza e aprendizaxe

A maioría de directores/as do total (40,9%) e de centros sen Plambe (40,9%) afirma que a biblioteca é un recurso pedagóxico ao servizo dos procesos de ensino-aprendizaxe. No caso dos centros con Plambe, a maioría posiciónase na categoría moito (46,8%).

Gráfica 49. A biblioteca é un recurso pedagóxico ao servizo dos procesos de ensinanza e aprendizaxe



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,0	7,1	11,0	40,9	37,5	2,4
Con Plambe	0,0	4,3	7,5	40,9	46,8	0,5
Sen Plambe	2,7	11,8	17,3	40,9	21,8	5,5

Aplicada a proba t de Student, vemos que os centros con e sen Plambe presentan diferenzas significativa ($t = 5{,}083$, $p < 0{,}05$) no relativo a esta cuestión, a favor dos centros con Plambe.

13. A integración da biblioteca no tratamento do currículo contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado

Para a maioría de directores/as do total de centros enquisados, a biblioteca contribúe bastante (42,2%) e moito (29,4%) no desenvolvemento das competencias básicas do alumnado, ao igual que para os/as de centros con Plambe (bastante 47,8% e moito 36,0%). Os/as de centros sen Plambe, opinan que contribúe bastante (32,7%) ou algo (25,5%).

Gráfica 50. A integración da biblioteca no tratamento do currículo contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,0	6,4	17,9	42,2	29,4	3,0
Con Plambe	0,5	2,2	13,4	47,8	36,0	0,0
Sen Plambe	1,8	13,6	25,5	32,7	18,2	8,2

Ao comparar os resultados de centros con e sen Plambe nesta cuestión, atópanse diferenzas significativas ($t = 5{,}126$, $p < 0{,}05$), a favor dos centros con Plambe.

14. A biblioteca apoia cos seus recursos o desenvolvemento de proxectos de investigación e traballos por proxectos nas distintas áreas ou materias

Segundo os/as directores/as do total e de centros con Plambe a biblioteca apoia bastante (34,1% e 39,8%) e moito (22,6% e 27,4%) o desenvolvemento de proxectos de investigación e traballos por proxectos nas distintas áreas ou materias. Os/as directores/as de centros sen Plambe, o 27,3% e o 24,5%, opinan que algo ou bastante respectivamente.

Gráfica 51. A biblioteca apoia cos seus recursos o desenvolvemento de proxectos de investigación e traballos por proxectos nas distintas áreas ou materias



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	4,4	14,2	22,3	34,1	22,6	2,4
Con Plambe	2,2	11,3	19,4	39,8	27,4	0,0
Sen Plambe	8,2	19,1	27,3	24,5	14,5	6,4

Aplicada a proba t, os resultados entre os centros con e sen Plambe, amosan diferenzas significativas ($t = 4{,}511$, $p < 0{,}05$) nesta cuestión, a favor dos centros con Plambe.

15. A biblioteca facilita o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades

O 37,8% e o 23,0% de directores/as do total afirma que a biblioteca facilita bastante ou algo respectivamente, o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades. Os/as de centros con Plambe opinan que o facilita bastante (44,1%) ou moito (26,9%) mentres que nos centros sen Plambe sinalan que o facilita bastante nun 27,3% e un 24,5% e 23,6% pouco ou algo respectivamente.

Gráfica 52. A biblioteca facilita o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,7	12,5	23,0	37,8	22,0	3,0
Con Plambe	0,0	5,4	22,6	44,1	26,9	1,1
Sen Plambe	4,5	24,5	23,6	27,3	16,6	6,4

No que respecta a esta cuestión, os centros con e sen Plambe amosan resultados con diferenzas significativas ($t = 5{,}658$, $p < 0{,}05$), a favor dos centros con Plambe.

16. A biblioteca actúa como factor de compensación social, ofertando recursos culturais a todo o alumnado

Para o 36,1% e o 31,8% de directores/as do total, a biblioteca actúa bastante e moito como factor de compensación social, xa que oferta recursos culturais a todo o alumnado, opinión similar á emitida polos/as de centros con Plambe (41,9% moito e 38,7% bastante). Os/as de centros sen Plambe, na súa maioría (31,8%) afirman que a biblioteca actúa bastante como factor de compensación social, seguido dos que afirman que o fai algo (24,5%).

Gráfica 53. A biblioteca actúa como factor de compensación social, ofertando recursos culturais a todo o alumnado



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	3,0	8,1	17,9	36,1	31,8	3,0
Con Plambe	0,0	4,3	14,0	38,7	41,9	1,1
Sen Plambe	8,2	14,5	24,5	31,8	14,5	6,4

No relativo a esta cuestión, os resultados dos centros con e sen Plambe, mostran diferenzas significativas ($t = 6{,}785$, $p < 0{,}05$), a favor dos primeiros.

17. A biblioteca atende as necesidades informativas das diferentes áreas curriculares

Segundo a opinión de 44,3% de directores/as do total de centros enquisados, a biblioteca atende bastante as necesidades informativas das diferentes áreas curriculares, seguido dos que indican que moito (23,3%). Esta función segundo o 48,9% e 29,0% dos/as de centros con Plambe atinxe bastante e moito respectivamente á biblioteca. Nos centros sen Plambe, o 36,4% afirman que a biblioteca atende bastante esta función e o 25,5% que o fai algo.

Gráfica 54. A biblioteca atende as necesidades informativas das diferentes áreas curriculares



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,7	6,8	20,9	44,3	23,3	3,0
Con Plambe	0,0	2,7	18,3	48,9	29,0	1,1
Sen Plambe	4,5	13,6	25,5	36,4	13,6	6,4

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe nesta cuestión atópanse diferenzas ($t = 5{,}275$, $p < 0{,}05$) e a favor dos centros Plambe.

5.9. Tecnoloxías da información e da comunicación

1. A biblioteca escolar ten acceso a internet

Para a maioría de directores/as do total (95,9%), os/as de centros con Plambe (98,9%) e sen Plambe (90,9%) a biblioteca escolar ten acceso a internet.

Gráfica 55. A biblioteca escolar ten acceso a internet



	Si	Non	Ns/Nc
Total	95,9	2,4	1,7
Con Plambe	98,9	1,1	0,0
Sen Plambe	90,9	6,4	2,7

En relación ao acceso a internet na biblioteca escolar, ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas (Chi-cadrado = 9,705, $p < 0{,}05$) a favor dos primeiros.

2. A biblioteca escolar ten rede wifi

Case o 80% (79,1%) de directores/as do total, algo máis do 80% dos/as de centros con Plambe (82,8%) e o 72,7% de centros sen Plambe din que a biblioteca ten rede wifi.

Gráfica 56. A biblioteca escolar ten rede wifi



	Si	Non	Ns/Nc
Total	79,1	19,6	1,4
Con Plambe	82,8	16,7	0,5
Sen Plambe	72,7	24,5	2,7

3. A biblioteca escolar conta con lectores e libros electrónicos

O 67,9% de directores/as do total, e o 58,1% de centros con Plambe considera que non contan na biblioteca escolar con lectores e libros electrónicos, porcentaxe que é máis elevada no caso de centros sen Plambe, pois un 84,5% afirma que non.

Gráfica 57. A biblioteca escolar conta con lectores e libros electrónicos



	Si	Non	Ns/Nc
Total	31,1	67,9	1,0
Con Plambe	41,9	58,1	0,0
Sen Plambe	12,7	84,5	2,7

Aplicada a proba Chi-cadrado, para comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas (Chi-cadrado = 24,927, p < 0,05), a favor dos centros con Plambe.

4. A biblioteca facilita a educación para o uso da información (alfabetización informacional)

Para o 39,2% e o 28,7% de directores/as do total de centros, a biblioteca facilita bastante ou algo a educación para o uso da información; o 47,8% e 27,4% dos/as de centros con Plambe fan a mesma afirmación. Nos centros sen Plambe o 30,9% afirma que o facilita algo e o 26,4% que o fai pouco.

Gráfica 58. A biblioteca facilita a educación para o uso da información



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	4,7	14,2	28,7	39,2	11,1	2,0
Con Plambe	1,1	7,0	27,4	47,8	16,1	0,5
Sen Plambe	10,9	26,4	30,9	24,5	2,7	4,5

No tocante a esta cuestión, as diferenzas entre os resultados dos centros con e sen Plambe son significativas (t = 7,575, p < 0,05) e a favor dos primeiros.

5. A biblioteca facilita a formación no uso das tecnoloxías da comunicación

Ao preguntar aos/ás directores/as sobre esta cuestión, un 35,1% e un 28,4% do total indica que a biblioteca facilita algo e bastante respectivamente a formación no uso das tecnoloxías da comunicación, ao igual que o afirman os/as de centros con Plambe (37,1% algo e 35,5% bastante). Nos centros sen Plambe, segundo un 32,7%, a biblioteca escolar facilita pouco esta formación ou algo (31,8%).

Gráfica 59. A biblioteca facilita a formación no uso das tecnoloxías da comunicación



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	5,1	18,6	35,1	28,4	10,5	2,4
Con Plambe	2,2	10,2	37,1	35,5	14,5	0,5
Sen Plambe	10,0	32,7	31,8	16,4	3,6	5,5

En relación aos resultados dos centros con e sen Plambe nesta cuestión, atópanse diferenzas significativas ($t = 6{,}936$, $p < 0{,}05$) e a favor dos centros con Plambe.

6. Medios a través dos que se difunden os servizos e actividades da biblioteca

Segundo os/as directores/as da totalidade de centros, os medios a través dos que se difunden os servizos e actividades da biblioteca, empregados en maior medida son: o profesorado (93,2%), a páxina web do centro (77,7%), o blog da biblioteca (65,5%) e outros medios (14,2%), entre os que se inclúen, por exemplo, os carteis e paneis informativos. Non adoitan empregarse o correo electrónico (48,3%) e o boletín informativo (49,7%).

Nos centros con Plambe sinalan os seguintes: o profesorado (96,2%), a páxina web do centro (86,0%), o blog da biblioteca (83,9%), o correo electrónico (53,8%), o boletín informativo (47,3%) e outros medios (16,7%) entre os que destacan os carteis.

Así mesmo, nos centros sen Plambe indican os seguintes: o profesorado (88,2%), paxina web (63,6%) e outros medios (10,0%) entre os que citan carteis, circulares, e cartas a nais e pais. Non adoitan empregarse o blog (58,2%), o correo electrónico (64,5%) ou o boletín informativo (63,6%).

Táboa 14. Medios a través dos que se difunden os servizos e as actividades da biblioteca

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Correo electrónico	Si	43,2	53,8	25,5
	Non	48,3	38,7	64,5
	Ns/Nc	8,4	7,5	10,0
Blog da biblioteca	Si	65,5	83,9	34,5
	Non	30,4	14,0	58,2
	Ns/Nc	4,1	2,2	7,3
Páxina web do centro	Si	77,7	86,0	63,6
	Non	16,2	9,1	28,2
	Ns/Nc	6,1	4,8	8,2
Boletín informativo	Si	38,2	47,3	22,7
	Non	49,7	41,4	63,6
	Ns/Nc	12,2	11,3	13,6
Profesorado	Si	93,2	96,2	88,2
	Non	4,1	3,2	5,5
	Ns/Nc	2,7	0,5	6,4
Outros	Si	14,2	16,7	10,0
	Non	13,9	12,4	16,4
	Ns/Nc	72,0	71,0	73,6

Aplicada a proba Chi-cadrado, atópanse diferenzas significativas entre os resultados dos centros con e sen Plambe nos seguintes medios para a difusión das actividades da biblioteca: correo electrónico, blog da biblioteca, páxina web do centro e boletín informativo. Estas diferenzas son sempre a favor dos centros con Plambe.

Táboa 15. Comparación de centros con Plambe e sen Plambe nos medios a través dos que se difunden os servizos e as actividades da biblioteca

	Chi-cadrado de Pearson	
	Valor	Significación bilateral*
Correo electrónico	21,292	0,000
Blog da biblioteca	68,688	0,000
Páxina web do centro	18,571	0,000
Boletín informativo	16,827	0,000

*$p < 0,05$

5.10. Programas institucionais

1. Participación da biblioteca nalgún programa de apoio á biblioteca escolar promovido pola Administración pública e/ou entidades privadas

Un pouco máis da metade de directores/a do total (55,1%) e un 80,6% dos/as de centros con Plambe afirman que a biblioteca escolar participa nalgún programa de apoio. Polo contrario, un 84,5% dos/as directores/as de centros sen Plambe sinalan que non participan neste tipo de programas.

Gráfica 60. Participación da biblioteca nalgún programa de apoio á biblioteca escolar promovido pola Administración pública e/ou entidades privadas



	Si	Non	Ns/Nc
Total	55,1	41,9	3,0
Con Plambe	80,6	16,7	2,7
Sen Plambe	11,8	84,5	3,6

Nesta cuestión, ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas(Chi-cadrado = 132,961, $p < 0,05$) a favor dos centros con Plambe.

2. Tipo de administración ou entidade que promove a participación da biblioteca nalgún programa de apoio á biblioteca escolar promovido pola Administración pública e/ou entidades privadas

O tipo de administración ou entidade que promove a participación da biblioteca nalgún programa de apoio é a Administración autonómica segundo a opinión do 51,0% de directores/as do total, deixando a porcentaxe restante para a Administración local (0,7%), o Estado e as entidades privadas (1,0%), a Administración local e autonómica (2,0%), a Administración autonómica e do Estado (0,7%) e a Administración local e entidades privadas (0,3%).

O 77,4% de directores/as de centros con Plambe afirma que a promotora é a Administración autonómica, autonómica e local (2,7%), a autonómica e do Estado (1,1%) e as entidades privadas (1,1%).

No caso dos centros sen Plambe a maioría (84,5%) sinala que non participan en programas de apoio promovidos pola Administración publica e/ou entidades privadas, e o 11,8% que si. Os centros que participan fano a través de programas promovidos pola Administración autonómica (6,4%) a local (1,8%) e entidades privadas, a Administración autonómica e local e a Administración local e as entidades privadas.

Táboa 16. Tipo de administración ou entidade que promove a participación da biblioteca nalgún programa de apoio á biblioteca escolar promovido pola Administración pública

	Total (%)	Con Plambe(%)	Sen Plambe (%)
Administración autonómica	51,0	77,4	84,5
Administración local	0,7	0,0	1,8
Administración do Estado e	0,0	0,0	0,0
Entidades privadas	1,0	1,1	0,9
Administración autonómica e local	2,0	2,7	0,9
Administración autonómica e do Estado	0,7	1,1	0,0
Administración Local e Entidades Privadas	0,3	0,0	0,9
Ns/Nc	44,3	17,7	89,1

5.11. Valoracións

1. Valoración do grao en que determinados aspectos da biblioteca deberían ser mellorados

Ao preguntar os/as directores/as do total centros do estudo pola valoración do grao en que determinados aspectos da biblioteca deben mellorar, atópase que os aspectos nos que esta mellora é sentida en maior medida, sitúanse na categoría bastante ou moito; en concreto, indícanse os seguintes: equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos (30,4% e 19,6%), orzamento anual (26,0% e 20,9%), apertura en horario extraescolar (19,6% e 22,6%), dedicación horaria da persoa responsable da biblioteca escolar (29,4% e 24,0%), dedicación horaria do profesorado de apoio a biblioteca (29,4% e 24%); colaboración con outras bibliotecas (36,5% e 12,2%), utilización polas familias (25,3% e 4,4%) e acceso a libros dixitais e outros recursos electrónicos (25,3% e 38,5%). Os aspectos máis valorados e que, polo tanto, necesitan dunha menor mellora,

son: acceso (35,8% nada e 22,0% pouco), sinalización (25,7% nada e 36,1% pouco), iluminación (41,2% nada e 30,4% pouco), accesibilidade para persoas con discapacidade (34,5% nada e 19,6% pouco), apertura no horario lectivo (26,7% nada e 26,7% pouco).

Nos centros con Plambe, os aspectos que consideran que deberían ser mellorados bastante e moito son os seguintes: o acceso a libros dixitais e outros recursos electrónicos (27,4% bastante e 29,0% moito), a utilización polas familias (39,8% bastante e 29,0% moito), a colaboración con outras bibliotecas (33,3% bastante e 11,3% moito), a dedicación horaria do profesorado de apoio á biblioteca (31,7% bastante e 21,0% moito) e da persoa responsable da biblioteca (29,0% bastante e 22,0% moito). Pola contra, entre os elementos considerados como nada ou pouco necesarios de ser mellorados atopamos o horario de apertura no horario lectivo (26,7%). Noutro extremo, os aspectos, que necesitan unha menor mellora son os seguintes: o acceso (34,9% nada e 25,3% pouco), a sinalización (25,3% nada e 38,7% pouco), a iluminación (44,1% nada e 32,8% pouco), a accesibilidade das persoas con discapacidade (34,9% nada e 23,7% pouco), a divulgación das actividades programadas (17,2% nada e 34,4% pouco), a apertura en horario lectivo (31,2% nada e 28,5% pouco), a integración e coordinación co proxecto lector de centro (23,1% nada e 38,2% pouco), a formación da persoa responsable (19,4% nada e 34,4% pouco), a implicación do equipo directivo (19,9% nada e 37,1% pouco).

Segundo a opinión dos/as directores/as de centros sen Plambe deberían ser mellorados bastante ou moito os seguintes aspectos: o mobiliario (24,5% bastante e 20% moito), o equipamento básico en medios audiovisuais e informativos (34,5% bastante e 23,6% moito); o orzamento anual (21,8% bastante e 33,6% moito); a apertura en horario extraescolar (19,1% bastante e 24,5% moito), a dedicación horaria do responsable da biblioteca (30% bastante e 27,3% moito), a dedicación horaria do profesorado de apoio (25,5% bastante e 29,1% moito), a programación de actividades de formación de usuario (40,9% bastante e 9,1% moito) a colaboración con outras bibliotecas (41,8% bastante e 13,6% moito), a utilización polas familias (32,7% bastante e 36,4% moito) e o acceso a libros dixitais e outros recursos electrónicos (21,8% bastante e 54,5% moito).

Finalmente, opinan que deberían ser mellorados pouco ou nada: o acceso (16,4% pouco e 37,3% nada), a sinalización (31,8% pouco e 26,4% nada), a iluminación (26,4% pouco e 36,4% nada), a accesibilidade das persoas con discapacidade (12,7% pouco e 33,6% nada) e a apertura en horario lectivo (23,6% pouco e 19,1% nada).

Táboa 17. Aspectos da biblioteca que deberían ser mellorados

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Acceso	Nada	35,8	34,9	37,3
	Pouco	22,0	25,3	16,4
	Algo	20,9	22,0	19,1
	Bastante	9,1	7,0	12,7
	Moito	9,1	9,7	8,2
	Ns/Nc	3,0	1,1	6,4
Sinalización	Nada	25,7	25,3	26,4
	Pouco	36,1	38,7	31,8
	Algo	26,4	28,0	23,6
	Bastante	7,4	5,9	10,0
	Moito	1,7	0,5	3,6
	Ns/Nc	2,7	1,6	4,5
Iluminación	Nada	41,2	44,1	36,4
	Pouco	30,4	32,8	26,4
	Algo	17,2	15,6	20,0
	Bastante	5,7	4,3	8,2
	Moito	2,7	1,6	4,5
	Ns/Nc	2,7	1,6	4,5
Espazos (superficie/ distribución)	Nada	21,3	23,7	17,3
	Pouco	21,6	22,0	20,9
	Algo	28,4	31,7	22,7
	Bastante	14,5	13,4	16,4
	Moito	10,8	7,0	17,3
	Ns/Nc	3,4	2,2	5,5
Mobiliario	Nada	11,5	11,8	10,9
	Pouco	27,7	34,9	15,5
	Algo	32,4	37,1	24,5
	Bastante	16,6	11,8	24,5
	Moito	9,1	2,7	20,0
	Ns/Nc	2,7	1,6	4,5
Instalacións	Nada	15,5	16,7	13,6
	Pouco	26,4	32,8	15,5
	Algo	33,1	34,4	30,9
	Bastante	11,8	9,7	15,5
	Moito	10,5	4,8	20,0
	Ns/Nc	2,7	1,6	4,5
Accesibilidade para persoas con discapacidade	Nada	34,5	34,9	33,6
	Pouco	19,6	23,7	12,7
	Algo	15,5	13,4	19,1
	Bastante	9,8	9,1	10,9
	Moito	17,6	16,7	19,1
	Ns/Nc	3,0	2,2	4,5
Equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos	Nada	3,4	3,2	3,6
	Pouco	11,8	16,7	3,6
	Algo	31,8	38,7	20,0
	Bastante	30,4	28,0	34,5
	Moito	19,6	11,3	33,6
	Ns/Nc	3,0	2,2	4,5

Táboa 17. Aspectos da biblioteca que deberían ser mellorados (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Fondos documentais existentes	Nada	2,7	3,2	1,8
	Pouco	13,9	17,2	8,2
	Algo	53,0	58,6	43,6
	Bastante	22,6	19,9	27,3
	Moito	5,7	0,5	14,5
	Ns/Nc	2,0	0,5	4,5
Organización e xestión dos fondos documentais	Nada	8,1	10,2	4,5
	Pouco	30,1	37,1	18,2
	Algo	38,2	39,8	35,5
	Bastante	15,9	10,8	24,5
	Moito	5,4	1,6	11,8
	Ns/Nc	2,4	0,5	5,5
Difusión dos fondos documentais	Nada	5,4	7,5	1,8
	Pouco	20,9	29,0	7,3
	Algo	43,2	43,0	43,6
	Bastante	22,6	17,2	31,8
	Moito	4,4	2,2	8,2
	Ns/Nc	3,4	1,1	7,3
Divulgación das actividades programadas	Nada	12,8	17,2	5,5
	Pouco	27,4	34,4	15,5
	Algo	35,1	31,2	41,8
	Bastante	16,2	14,0	20,0
	Moito	5,1	1,6	10,9
	Ns/Nc	3,4	1,6	6,4
Orzamento anual	Nada	5,7	7,0	3,6
	Pouco	14,5	17,7	9,1
	Algo	30,7	32,8	27,3
	Bastante	26,0	28,5	21,8
	Moito	20,9	13,4	33,6
	Ns/Nc	2,0	0,5	4,5
Apertura no horario lectivo	Nada	26,7	31,2	19,1
	Pouco	26,7	28,5	23,6
	Algo	22,6	23,1	21,8
	Bastante	10,8	7,5	16,4
	Moito	9,5	8,1	11,8
	Ns/Nc	3,7	1,6	7,3
Apertura en horario extraescolar	Nada	16,9	16,7	17,3
	Pouco	16,9	18,3	14,5
	Algo	18,9	20,4	16,4
	Bastante	19,6	19,9	19,1
	Moito	22,6	21,5	24,5
	Ns/Nc	5,1	3,2	8,2
Dedicación horaria da persoa responsable da biblioteca escolar	Nada	9,1	8,1	10,9
	Pouco	14,2	17,2	9,1
	Algo	20,6	21,5	19,1
	Bastante	29,4	29,0	30,0
	Moito	24,0	22,0	27,3
	Ns/Nc	2,7	2,2	3,6

Táboa 17. Aspectos da biblioteca que deberían ser mellorados (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos	Nada	3,4	3,2	3,6
	Pouco	11,8	16,7	3,6
	Algo	31,8	38,7	20,0
	Bastante	30,4	28,0	34,5
	Moito	19,6	11,3	33,6
	Ns/Nc	3,0	2,2	4,5
Fondos documentais existentes	Nada	2,7	3,2	1,8
	Pouco	13,9	17,2	8,2
	Algo	53,0	58,6	43,6
	Bastante	22,6	19,9	27,3
	Moito	5,7	0,5	14,5
	Ns/Nc	2,0	0,5	4,5
Organización e xestión dos fondos documentais	Nada	8,1	10,2	4,5
	Pouco	30,1	37,1	18,2
	Algo	38,2	39,8	35,5
	Bastante	15,9	10,8	24,5
	Moito	5,4	1,6	11,8
	Ns/Nc	2,4	0,5	5,5
Divulgación das actividades programadas	Nada	12,8	17,2	5,5
	Pouco	27,4	34,4	15,5
	Algo	35,1	31,2	41,8
	Bastante	16,2	14,0	20,0
	Moito	5,1	1,6	10,9
	Ns/Nc	3,4	1,6	6,4
Orzamento anual	Nada	5,7	7,0	3,6
	Pouco	14,5	17,7	9,1
	Algo	30,7	32,8	27,3
	Bastante	26,0	28,5	21,8
	Moito	20,9	13,4	33,6
	Ns/Nc	2,0	0,5	4,5
Apertura no horario lectivo	Nada	26,7	31,2	19,1
	Pouco	26,7	28,5	23,6
	Algo	22,6	23,1	21,8
	Bastante	10,8	7,5	16,4
	Moito	9,5	8,1	11,8
	Ns/Nc	3,7	1,6	7,3
Apertura en horario extraescolar	Nada	16,9	16,7	17,3
	Pouco	16,9	18,3	14,5
	Algo	18,9	20,4	16,4
	Bastante	19,6	19,9	19,1
	Moito	22,6	21,5	24,5
	Ns/Nc	5,1	3,2	8,2
Dedicación horaria da persoa responsable da biblioteca escolar	Nada	9,1	8,1	10,9
	Pouco	14,2	17,2	9,1
	Algo	20,6	21,5	19,1
	Bastante	29,4	29,0	30,0
	Moito	24,0	22,0	27,3
	Ns/Nc	2,7	2,2	3,6

Táboa 17. Aspectos da biblioteca que deberían ser mellorados (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Dedicación horaria do profesorado do equipo de apoio á biblioteca	Nada	7,1	6,5	8,2
	Pouco	11,5	12,9	9,1
	Algo	26,0	27,4	23,6
	Bastante	29,4	31,7	25,5
	Moito	24,0	21,0	29,1
	Ns/Nc	2,0	0,5	4,5
Coordinación entre as persoas responables da biblioteca e o conxunto do equipo docente do centro	Nada	9,1	10,2	7,3
	Pouco	2,16	25,3	15,5
	Algo	31,8	33,3	29,1
	Bastante	25,0	24,2	26,4
	Moito	10,5	6,5	17,3
	Ns/Nc	2,0	0,5	4,5
Programación de actividades de fomento da lectura	Nada	9,8	12,9	4,5
	Pouco	28,7	34,9	18,2
	Algo	35,8	36,0	35,5
	Bastante	18,9	12,4	30,0
	Moito	2,7	0,0	7,3
	Ns/Nc	4,1	3,8	4,5
Programación de actividades de formación de usuarios/as e educación informacional	Nada	4,7	5,9	2,7
	Pouco	19,3	23,7	11,8
	Algo	40,9	47,3	30,0
	Bastante	26,4	17,7	40,9
	Moito	5,7	3,8	9,1
	Ns/Nc	3,0	1,6	5,5
Integración e coordinación co proxecto lector de centro	Nada	20,3	23,1	15,5
	Pouco	31,1	38,2	19,1
	Algo	33,1	28,5	40,9
	Bastante	9,8	8,1	12,7
	Moito	2,4	0,5	5,5
	Ns/Nc	3,4	1,6	6,4
Proxectos de innovación e mellora	Nada	4,7	5,4	3,6
	Pouco	21,3	28,0	10,0
	Algo	40,2	41,9	37,3
	Bastante	24,3	20,4	30,9
	Moito	6,1	2,2	12,7
	Ns/Nc	3,4	2,2	5,5
Colaboración con outras bibliotecas	Nada	4,4	3,2	6,4
	Pouco	14,5	18,3	8,2
	Algo	29,1	32,3	23,6
	Bastante	36,5	33,3	41,8
	Moito	12,2	11,3	13,6
	Ns/Nc	3,4	1,6	6,4
Formación do/a responsable	Nada	14,2	19,4	5,5
	Pouco	27,0	34,4	14,5
	Algo	33,1	30,1	38,2
	Bastante	13,5	8,6	21,8
	Moito	8,1	5,9	11,8
	Ns/Nc	4,1	1,6	8,2

Táboa 17. Aspectos da biblioteca que deberían ser mellorados (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Utilización polo alumnado	Nada	7,8	9,1	5,5
	Pouco	20,6	24,7	13,6
	Algo	39,9	43,5	33,6
	Bastante	20,9	16,1	29,1
	Moito	6,4	3,2	11,8
	Ns/Nc	4,4	3,2	6,4
Implicación do equipo directivo	Nada	15,2	19,9	7,3
	Pouco	30,4	37,1	19,1
	Algo	36,5	32,3	43,6
	Bastante	12,2	8,6	18,2
	Moito	2,4	0,5	5,5
	Ns/Nc	3,4	1,6	6,4
Utilización polo profesorado	Nada	6,4	7,5	4,5
	Pouco	20,9	26,3	11,8
	Algo	38,2	37,1	40,0
	Bastante	25,3	21,0	32,7
	Moito	4,4	3,8	5,5
	Ns/Nc	4,7	4,3	5,5
Utilización polas familias	Nada	5,1	4,8	5,5
	Pouco	5,4	8,1	0,9
	Algo	16,6	16,1	17,3
	Bastante	37,2	39,8	32,7
	Moito	31,8	29,0	36,4
	Ns/Nc	4,1	2,2	7,3
Acceso a libros dixitais e outros recursos electrónicos	Nada	3,0	2,7	3,6
	Pouco	11,1	15,6	3,6
	Algo	17,9	22,6	10,0
	Bastante	25,3	27,4	21,8
	Moito	38,5	29,0	54,5
	Ns/Nc	4,1	2,7	6,4

Conclusións

Neste apartado presentamos un resumo das principais conclusións obtidas a partir da información achegada polos/as directores/as enquisados/as, organizadas segundo as dimensións da biblioteca estudadas, e diferenciando entre centros con Plambe e sen Plambe.

A biblioteca no Centro

- En opinión dos/as directores/as, a biblioteca leva funcionando de maneira efectiva entre seis e máis de dez anos.
- Practicamente a totalidade dos centros contan con biblioteca de aula, mentres que menos da metade contan con biblioteca de departamento.

- A biblioteca aparece reflectida formalmente en todos os documentos do centro: Proxecto Educativo, Proxectos Curriculares, Programación Xeral Anual, proxecto lector de centro, Plan Anual de Lectura e Proxecto Lingüístico e en menor medida no Plan de TIC.
- A biblioteca amósase como un factor de calidade do centro, de compensación das desigualdades e é un elemento esencial para a consecución dos obxectivos do Plan lector.
- Os/as directores/as se implican cada vez máis na biblioteca, e é unha das súas principais prioridades, polo que colaboran activamente na súa xestión.

Equipamento, instalacións e tecnoloxías

- As instalacións da biblioteca son valoradas como moi adecuadas en canto á situación, acceso e iluminación. A sinalización, distribución e accesibilidade para persoas con discapacidade son bastante adecuadas.
- O equipamento da biblioteca é tamén valorado favorablemente, sendo bastante adecuado o mobiliario e os espazos para o traballo en grupo e para a lectura e o traballo individual.
- As tecnoloxías son peor valoradas, pois un número considerable de directores/as consideran que a dotación de ordenadores é escasa.
- O equipamento, as instalacións e tecnoloxías son valorados máis favorablemente polos/as directores/as de centros con Plambe que os/as de centos sen Plambe.

Recursos documentais

- Os fondos da biblioteca están bastante actualizados, ben conservados, son suficientes e a maioría atópanse na sala da biblioteca, cubrindo as necesidades de todas as áreas curriculares.
- Os materiais son bastante adecuados para o alumnado do centro e, en menor medida, o son para o alumnado con necesidades educativas específicas.
- Na selección dos fondos téñense moi en conta as demandas do equipo de apoio á biblioteca.
- Os/as directores/as de centros con Plambe valoran máis favorablemente os recursos documentais da biblioteca que os/as de centros sen Plambe.

Persoal

- Nos centros participantes no estudo, a biblioteca conta con equipo de apoio á biblioteca.

- Para os/as directores/as do estudo a persoa responsable da biblioteca ten a formación adecuada, o que é fundamental para o seu bo funcionamento.
- Os centros non dispoñen de persoal auxiliar en horario lectivo nin extraescolar.
- O tempo de dedicación ás tarefas da biblioteca do/a responsable e do equipo de apoio á biblioteca, non parece suficiente para levar a cabo as actuacións que se organizan desde esta.
- Segundo os/as directores/as enquisados/as, os criterios de designación da persoa responsable da biblioteca son fundamentalmente o interese e a súa dispoñibilidade horaria.
- Un maior número de centros con Plambe que sen Plambe conta con equipo de apoio á biblioteca e con Comisión da Biblioteca no Consello Escolar.
- O tempo de dedicación á biblioteca do/a responsable e do equipo de apoio á biblioteca é insuficiente para os/as directores/as dos centros sen Plambe e bastante suficiente para os/as dos centros con Plambe.

Xestión

- Practicamente na totalidade de centros se conta cun plan de traballo integrado na Programación Xeral Anual do Centro, que organiza as tarefas da biblioteca e no que se contemplan formas de avaliación.
- O equipo directivo participa na elaboración, seguimento e avaliación da biblioteca ao igual que apoia o funcionamento da mesma.
- A comunidade educativa está informada da existencia do Plan anual da biblioteca segundo os/as directores/as dos centros participantes no estudo.
- A biblioteca ten unha partida orzamentaria específica para o mantemento da mesma, de entre o 5% e 10% do orzamento do centro; cantidade que non é suficiente para levar a bo termo as actividades da biblioteca.
- Os/as directores/as, en xeral, están bastante satisfeitos co funcionamento da biblioteca, e consideran que o labor da dirección e do equipo de apoio a biblioteca é fundamental para a mellora da súa calidade.
- Practicamente na totalidade de centros con Plambe existe un plan de traballo da biblioteca; tan só algo máis da metade de centros sen Plambe dispoñen deste plan.

- O proceso de avaliación das accións da biblioteca aparece contemplado na totalidade dos Plans Anuais da Biblioteca de centros con Plambe e non chega ao 50% nos centros sen Plambe.
- O grao de participación do equipo directivo na elaboración, seguimento e avaliación do Plan anual da biblioteca é menor nos centros sen Plambe. A difusión do Plan anual da biblioteca é menor nos centros sen Plambe que con Plambe.

Dinámica, uso e redes de colaboración

- Segundo os/as directores/as, os servizos que máis se ofertan na biblioteca son: préstamo individual, actividades de fomento da lectura, lectura/traballo individual e en grupo, lectura en sala, información, acceso a internet e uso de equipamentos informáticos para o traballo persoal ou grupal. Son ofertados en menor medida reservas de horario para os distintos grupos clase, formación de usuarios/as e uso de ordenadores para lecer.
- O préstamo interbibliotecario, a formación, para o uso, tratamento e produción da información (ALFIN) e dos medios de comunicación (alfabetización mediática) non se ofertan de xeito habitual.
- As asociacións, antigo alumnado, outras bibliotecas escolares, bibliotecas municipais, e concello colaboran moi pouco coas bibliotecas, seguido das familias e ANPAS.
- A oferta de servizos na biblioteca de centros sen Plambe é menor que na de centros con Plambe. Tamén é menor, nestes centros, o grao de colaboración da biblioteca escolar cos diferentes colectivos e/ou entidades, e a implicación das familias e as ANPAS.

Biblioteca e currículo

- Segundo a información aportada polos/as directores/as, o centro conta con Proxecto Lector que está incluido no Proxecto educativo do centro, ao igual que cun Plan Anual de Lectura.
- A biblioteca participa moito no desenvolvemento do proxecto lector de centro.
- Desde a biblioteca realízanse bastantes accións en relación coas competencias lingüísticas, dirixidas a promover os hábitos lectores nas familias, actuacións para desenvolver as habilidades e competencias no uso de información.
- A biblioteca participa activamente nas celebracións de conmemoracións.

- En menor medida, na biblioteca lévanse a cabo accións orientadas a apoiar o desenvolvemento das competencias dixitais e de formación en estratexias de busca, selección e análise crítica da información.
- A biblioteca é considerada, en xeral, como un recurso moi importante ao servizo dos procesos de ensinanza e aprendizaxe e contribúe moito ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.
- Segundo os/as directores/as a biblioteca apoia cos seus recursos o desenvolvemento de investigacións e traballos por proxectos nas distintas áreas ou materias, facilita, na mesma medida, o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades, actúa como factor de compensación social xa que oferta recursos culturais a todo o alumnado e atende bastante as necesidades informativas das diferentes áreas curriculares, ao mesmo tempo que apoia proxectos e programas de centros.
- Os centros sen Plambe contan, en menor medida que os con Plambe, cun Plan Anual de Lectura, do mesmo xeito que a participación da biblioteca é menor no desenvolvemento do proxecto lector de centro.

Tecnoloxías da Información e da comunicación

- Practicamente a totalidade das bibliotecas dos centros do estudo teñen acceso a internet e rede wifi, aínda que esta en menor medida.
- A biblioteca conta con poucos lectores e libros dixitais.
- A biblioteca facilita bastante a educación para o uso da información, a formación no uso das tecnoloxías da comunicación e a educación para o uso dos medios de comunicación.
- Os servizos e actividades da biblioteca son principalmente difundidos polo profesorado, na páxina web do centro e no blog da biblioteca e non é tan habitual o uso de correo electrónico e boletíns informativos.
- Un maior número de centros con Plambe que sen Plambe conta con acceso a internet, lectores e libros electrónicos.
- Os/as directores/as dos centros Plambe consideran en maior medida que os/as de centros sen Plambe que a biblioteca facilita a educación para o uso da información e o uso das tecnoloxías da comunicación.
- Os centros sen Plambe empregan, en menor medida que os de centros con Plambe, os blogs da biblioteca para a difusión dos servizos e actividades da mesma.

Valoracións

- En opinión dos/as directores/as, deben ser mellorados en maior medida os seguintes aspectos da biblioteca escolar: o equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos; a difusión dos fondos documentais; a apertura en horario extraescolar; o orzamento anual; a utilización da biblioteca por parte das familias; a dedicación horaria do profesorado do equipo de apoio á biblioteca e do responsable, a colaboración con outras bibliotecas, a utilización polo alumnado e o acceso a libros dixitais e outros recursos electrónicos.
- A diferenza dos centros con Plambe, necesítanse nas bibliotecas dos centros sen Plambe un maior equipamento de medios audiovisuais e informáticos; de fondos documentais e acceso a libros dixitais e outros recursos electrónicos. A biblioteca debería aumentar o orzamento anual, incrementar o número de accións de difusión dos fondos e divulgación das actividades programadas e programar un maior número de actividades de fomento da lectura e de formación de usuarios/as e educación informacional así como o uso por parte das familias.

Funcionamento da biblioteca escolar segundo o Equipo de Apoio á Biblioteca

CAPÍTULO 6

Este capítulo recolle a información proporcionada polo profesorado do equipo de apoio á biblioteca que cubriu o cuestionario, unha descrición deste colectivo e das respostas proporcionadas segundo as distintas dimensións da biblioteca escolar obxecto de estudo. Tamén contén os resultados acadados ao comparar as respostas dos/as profesores/as do equipo de apoio á biblioteca de centros con Plambe e sen Plambe nalgunhas cuestións. Por último, presentaranse as principais conclusións.

6.1. Datos sociodemográficos

O número total de profesores/as do equipo de apoio á biblioteca enquisados é de 858. A maioría (95,0%) pertencen a centros de titularidade pública e tan só un 5,0% á privada. Un 77,3% desenvolve a súa actividade en centros con Plambe e un 22,7% en centros non acollidos a este plan.

Gráfica 1. Titularidade do centro



Da provincia da Coruña participa un 39,5%, de Pontevedra un 36,7%, de Lugo un 12,6% e de Ourense un 11,2%.

Gráfica 2. Distribución por provincia do centro



Un 42,5% son profesores/as do equipo de apoio á biblioteca en CEIP e un 33,7% de IES; o resto de profesorado repártese entre CPI (11,4%), CPR (4,8%), CEP (2,8%), CRA (2%), EOI (1,7%) e CIFP (0,9%).

Gráfica 3. Tipo de centro



Neste colectivo, en relación ao sexo, as mulleres representan o 82,1% e os homes o 17,8%.

Gráfica 4. Distribución por sexo



Levan no cargo entre 1 e 5 anos o 70,2%. Nun 14,6% dos casos entre 6 e 10 anos e máis de 11 anos o 9,5%; tan só un 2,0% de 6 a 10 meses.

Gráfica 5. Antigüidade como membro do equipo de apoio á biblioteca



6.2. A biblioteca no centro

1. A biblioteca é un elemento esencial para a consecución dos obxectivos do Proxecto lector de centro

A maioría do profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total de centros sinala que esta constitúe un elemento moi esencial (66,9%) para a consecución dos obxectivos do Proxecto lector, ao igual que o afirman os/as de centros con Plambe (73,5%) e sen Plambe (44,6%) aínda que estes últimos en menor medida.

Gráfica 6. A biblioteca é un elemento esencial para a consecución dos obxectivos do Proxecto lector de centro



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,0	1,6	5,1	24,7	66,9	0,6
Con Plambe	0,5	0,6	2,0	23,2	73,5	0,3
Sen Plambe	3,1	5,1	15,9	29,7	44,6	1,5

Se se comparan os centros con e sen Plambe, o valor de t é 7,513 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas na valoración desta cuestión e a favor dos primeiros.

2. O equipo directivo considera a biblioteca como unha das súas prioridades

Para a maioría do profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total (44,6% e 31,7%) e de centros con Plambe (48,4% e 31,8%) e sen Plambe (31,8% e 31,3%) a biblioteca é moi e bastante prioritaria para o equipo directivo dos seus centros.

Gráfica 7. Consideración da biblioteca como unha prioridade para o equipo directivo



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	2,7	6,9	13,8	31,7	44,6	0,3
Con Plambe	2,1	5,7	11,6	31,8	48,4	0,3
Sen Plambe	4,6	10,8	21,0	31,3	31,8	0,5

Se se comparan os centros con e sen Plambe, o valor de t é 4,806 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión a favor dos primeiros.

3. A biblioteca amósase como un factor de calidade do centro

Para o profesorado do equipo de apoio do total de centros, e dos Plambe a biblioteca é un factor moi (50,5% e 57,6%) ou bastante (34,1% e 33,9%) importante para a mellora da calidade do centro. Para o 34,9% do de centros sen Plambe o é bastante; un 26,2% opina que é moi importante.

Gráfica 8. A biblioteca amósase como un factor de calidade do centro



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,3	3,3	10,4	34,1	50,5	0,5
Con Plambe	0,6	0,6	6,8	33,9	57,6	0,5
Sen Plambe	3,6	12,3	22,6	34,9	26,2	0,5

Se se comparan os centros con e sen Plambe, o valor de t é 9,478 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas na valoración desta cuestión, a favor dos primeiros.

4. O equipo directivo do centro colabora na xestión da biblioteca escolar

Para a maioría do profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total e de centros con Plambe o equipo directivo colabora na xestión da biblioteca escolar de forma moi (42,4% e 46,6%) e bastante activa (28,4% e 27,8%); nos centros sen Plambe o 30,8% e 28,2% opina que colabora bastante e moito.

Gráfica 9. O equipo directivo do centro colabora na xestión da biblioteca escolar



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	5,6	8,2	14,9	28,4	42,4	0,5
Con Plambe	5,0	7,7	12,5	27,8	46,6	0,5
Sen Plambe	7,7	9,7	23,1	30,8	28,2	0,5

Se se comparan os centros con e sen Plambe, o valor de t é 4,376 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta valoración e a favor dos primeiros.

6.3. Equipamento, instalacións e tecnoloxías

1. Grao de adecuación do equipamento, instalacións e tecnoloxías da biblioteca

O profesorado do equipo de apoio á biblioteca que conforma o total de centros valora como moi e bastante adecuado o acceso á biblioteca (40,2% e 39,5%; 41,2% e 40%; 36,9% e 37,9%) e a iluminación (47,2% e 38,3%; 49,5% e 37,6%; 39,5% e 41,0%).

Por outra banda, o lugar onde está situada á biblioteca é bastante e moi adecuado (40,0% e 39,6%; 37,4% e 30,8%) para o equipo de apoio do total e de centros sen Plambe respectivamente. É moito e bastante para o de centros con Plambe (42,2% e 40,7%).

A accesibilidade para persoas con discapacidade é bastante e moi adecuada segundo o 33,6% e 30,7% do total; o 33,3% e 32,6% con Plambe e o 34,4% e 24,1% sen Plambe.

Tamén son aspectos algo e bastante adecuados a sinalización (47,0% e 32,2% total; 46,3% e 36,0% con Plambe; 49,2% e 21,0% sen Plambe), os espazos que hai para o traballo en grupo (44,2% e 27,4%; 46,3% e 30,3%; 36,9% e 30,3%) e o traballo individual (44,1% e 23,2%; 46,3% e 26,4%; 36,4% e 27,2%,), o espazo (40,3% e 23,5%; 42,8% e 25,6%; 31,8% e 30,8%,), a distribución da biblioteca (46,3% e 29,5%; 47,4% e 34,5%; 42,6% e 29,2%), e o mobiliario (47,7% e 21,1%; 51,3% e 24,7%; 35,4% e 28,7%).

A valoración do acceso a internet é bastante e algo adecuada para o profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total (40,1% e 23,9%), de centros con Plambe (44,0% e 22,9%) e sen Plambe (26,7% e 27,2%).

Finalmente, o número de ordenadores é considerado como bastante ou algo adecuado para o do total (35,4% e 25,4%) e con Plambe (40,6% e 26,1%), mentres que é algo ou pouco adecuado para o de centros sen Plambe (23,1% e 37,4%).

Táboa 1. Grao de adecuación do equipamento, instalacións e tecnoloxías da biblioteca

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
O lugar onde está situada	Nada	2,0	1,1	5,1
	Pouco	5,0	4,1	8,2
	Algo	12,8	11,6	16,9
	Bastante	40,0	40,7	37,4
	Moito	39,6	42,2	30,8
	Ns/Nc	0,6	0,3	1,5
O acceso	Nada	1,4	0,8	3,6
	Pouco	6,9	6,2	9,2
	Algo	10,7	10,7	10,8
	Bastante	39,5	40,0	37,9
	Moito	40,2	41,2	36,9
	Ns/Nc	1,3	1,2	1,5
A sinalización	Nada	0,7	0,0	3,1
	Pouco	4,3	3,5	7,2
	Algo	15,0	13,3	21,0
	Bastante	47,0	46,3	49,2
	Moito	32,2	36,0	19,0
	Ns/Nc	0,8	0,9	0,5
A iluminación	Nada	0,7	0,5	1,5
	Pouco	3,6	3,0	5,6
	Algo	9,0	8,3	11,3
	Bastante	38,3	37,6	41,0
	Moito	47,2	49,5	39,5
	Ns/Nc	1,2	1,2	1,0
Os espazos que hai para o traballo en grupo	Nada	2,3	0,9	7,2
	Pouco	6,6	6,6	6,7
	Algo	18,2	14,6	30,3
	Bastante	44,2	46,3	36,9
	Moito	27,4	30,3	14,4
	Ns/Nc	1,3	1,2	1,5
Os espazos que hai para a lectura e traballo individual	Nada	2,3	1,2	6,2
	Pouco	9,8	7,7	16,9
	Algo	20,0	17,9	27,2
	Bastante	44,1	46,3	36,4
	Moito	23,2	26,4	12,3
	Ns/Nc	0,6	0,5	1,0
O número de ordenadores	Nada	5,1	1,8	16,4
	Pouco	24,5	20,7	37,4
	Algo	25,4	26,1	23,1
	Bastante	35,4	40,6	17,9
	Moito	8,7	10,1	4,1
	Ns/Nc	0,8	0,8	1,0

Táboa 1. Grao de adecuación do equipamento, instalacións e tecnoloxías da biblioteca (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
O acceso a internet	Nada	3,7	1,8	10,3
	Pouco	13,2	10,3	23,1
	Algo	23,9	22,9	27,2
	Bastante	40,1	44,0	26,7
	Moito	17,2	19,5	9,7
	Ns/Nc	1,9	1,5	3,1
O espazo	Nada	2,8	2,1	5,1
	Pouco	10,4	9,0	14,9
	Algo	21,8	19,2	30,8
	Bastante	40,3	42,8	31,8
	Moito	23,5	25,6	16,4
	Ns/Nc	1,2	1,2	1,0
A distribución	Nada	1,5	0,6	4,6
	Pouco	5,5	4,2	9,7
	Algo	16,1	12,2	29,2
	Bastante	46,3	47,4	42,6
	Moito	29,5	34,5	12,3
	Ns/Nc	1,2	1,1	1,5
O mobiliario	Nada	1,6	0,3	6,2
	Pouco	7,8	4,4	19,5
	Algo	20,7	18,4	28,7
	Bastante	47,7	51,3	35,4
	Moito	21,1	24,7	5,7
	Ns/Nc	1,0	0,9	1,5
A accesibilidade para persoas con discapacidade	Nada	12,0	10,7	16,4
	Pouco	10,5	10,3	11,3
	Algo	12,4	12,4	12,4
	Bastante	33,6	33,3	34,4
	Moito	30,7	32,6	24,1
	Ns/Nc	0,9	0,8	1,5

6.4. Recursos documentais

1. Valoración dos fondos da biblioteca escolar

No que respecta á valoración dos recursos documentais da biblioteca escolar, o profesorado do equipo de apoio á biblioteca enquisado considera que os fondos son bastante suficientes (63,3% total; 69,5% con Plambe e 42,1% sen Plambe), axeitados (64,3%, 68,2% e 51,3%), actualizados (58,2%, 62,0% e 45,1%), e que están bastante ben conservados (67,8%, 69,8% e 61,0%); unha parte bastante importante dos fondos rexistrados están na sala da biblioteca (49,9%, 53,4% e

37,9%), satisfán as necesidades de todas as áreas curriculares (56,2%, 60,5% e 41,5%) e están centralizados na biblioteca escolar (38,5%, 41,2% e 29,2%).

Afirma a maioría do total de centros que na selección dos fondos téñense moi en conta as súas demandas (55,7%); o 61,1% de centros con Plambe indica o mesmo e un 43,1% de centros sen Plambe sinala que se teñen bastante en conta.

Na mesma liña son as respostas dadas cando se lles pregunta se os fondos están informatizados, pois un 46,5% do total e un 53,1% do de centros con Plambe afirma que moito, fronte ao 31,3% do de centros sen Plambe.

No que respecta os materiais para o alumnado con necesidades educativas específicas, a maioría do total afirma que son algo (37,9%) e bastante (34,0%) axeitados; con moi poucas diferenzas nos centros con Plambe sitúan as valoracións nas categorías bastante ou algo (37,9% e 37,7%), mentres que para o 38,5% e 29,7% do de centros sen Plambe estes fondos son algo ou pouco adecuados respectivamente.

Táboa 2. Valoración dos fondos da biblioteca escolar

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Os fondos son suficientes	Nada	1,0	0,5	3,1
	Pouco	6,9	2,6	21,5
	Algo	20,2	18,1	27,2
	Bastante	63,3	69,5	42,1
	Moito	7,9	8,7	5,1
	Ns/Nc	0,7	0,6	1,0
Os fondos son axeitados	Nada	0,9	0,5	2,6
	Pouco	3,7	1,2	12,3
	Algo	12,7	8,7	26,2
	Bastante	64,3	68,2	51,3
	Moito	17,7	20,8	7,2
	Ns/Nc	0,6	0,6	0,5
Os fondos están actualizados	Nada	0,9	0,3	3,1
	Pouco	3,7	1,5	11,3
	Algo	15,4	10,9	30,8
	Bastante	58,2	62,0	45,1
	Moito	20,6	24,4	7,7
	Ns/Nc	1,2	0,9	2,1
Os fondos están ben conservados	Nada	0,3	0,0	1,5
	Pouco	1,2	0,6	3,1
	Algo	9,9	6,3	22,1
	Bastante	67,8	69,8	61,0
	Moito	19,1	21,7	10,3
	Ns/Nc	1,6	1,5	2,1

Táboa 2. Valoración dos fondos da biblioteca escolar (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Na selección dos fondos da biblioteca téñense en conta as demandas do profesorado do equipo de apoio á biblioteca	Nada	0,3	0,2	1,0
	Pouco	1,0	0,5	3,1
	Algo	6,2	3,9	13,8
	Bastante	35,9	33,8	43,1
	Moito	55,7	61,1	37,4
	Ns/Nc	0,8	0,6	1,5
A biblioteca conta con materiais axeitados para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	Nada	2,7	1,4	7,2
	Pouco	16,8	13,0	29,7
	Algo	37,9	37,7	38,5
	Bastante	34,0	37,9	21,0
	Moito	7,5	9,2	1,5
	Ns/Nc	1,2	0,9	2,1
O rexistro dos fondos informativos existentes no centro está centralizado na biblioteca	Nada	3,4	1,4	10,3
	Pouco	7,8	4,5	19,0
	Algo	15,7	14,2	21,0
	Bastante	38,5	41,2	29,2
	Moito	32,2	36,7	16,9
	Ns/Nc	2,4	2,1	3,6
Todos os fondos rexistrados están na sala da biblioteca	Nada	3,0	1,5	8,2
	Pouco	5,8	3,6	13,3
	Algo	22,5	21,7	25,1
	Bastante	49,9	53,4	37,9
	Moito	16,1	17,2	12,3
	Ns/Nc	2,7	2,6	3,1
Están cubertas as necesidades de todas as áreas curriculares	Nada	0,8	0,2	3,1
	Pouco	7,2	3,6	19,5
	Algo	20,5	19,2	25,1
	Bastante	56,2	60,5	41,5
	Moito	13,1	14,3	8,7
	Ns/Nc	2,2	2,3	2,1
Os fondos están informatizados	Nada	3,1	0,8	11,3
	Pouco	3,6	1,4	11,3
	Algo	9,8	6,8	20,0
	Bastante	35,7	37,0	31,3
	Moito	46,5	53,1	24,1
	Ns/Nc	1,3	1,1	2,1

6.5. Persoal

1. Número de horas semanais dedicadas ás tarefas de apoio á biblioteca

Un 35,5% do profesorado do total, e un 37,9%, do de centros con Plambe di que dedican dúas horas á tarefa de apoio; un 33,8% e un 31,6%, respectivamente, unha hora, e só un 22,3% e un 24,1% entre tres ou máis horas semanais.

Datos moi diferentes son os que apunta o profesorado do equipo de apoio de centros sen Plambe pois un 41,5% di dedicar unha hora semanal a esta tarefa, mentres un 27,7% dúas e un 17,4% entre tres ou máis horas.

Gráfica 10. Número de horas semanais dedicadas ás tarefas de apoio á biblioteca



	Unha hora	Dúas horas	Entre tres e máis horas	Ns/Nc
Total	33,8	35,5	22,3	8,3
Con Plambe	31,6	37,9	24,1	6,8
Sen Plambe	41,5	27,7	17,4	13,3

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, comprobamos que o valor de Chi-cadrado é 30,718 e $p < 0,05$, polo tanto, hai diferenzas significativas en relación ao número de horas semanais dedicadas ás tarefas de apoio á biblioteca e a favor dos primeiros.

2. As horas lectivas dedicadas ás tarefas de apoio á biblioteca están fóra das horas de docencia directa

As horas lectivas que dedica o profesorado do equipo de apoio á biblioteca ás tarefas nela están maioritariamente, fóra das horas de docencia directa (72,7% total; 74,4% con Plambe; 67,2%, sen Plambe).

Gráfica 11. As horas lectivas dedicadas ás tarefas de apoio á biblioteca fóra das horas de docencia directa



	Si	Non	Ns/Nc
Total	72,7	23,0	4,3
Con Plambe	74,4	22,2	3,4
Sen Plambe	67,2	25,6	7,2

3. Valoración das funcións como profesor/a do equipo de apoio á biblioteca escolar

No que se refire á valoración das funcións que desempeñan como profesorado do equipo de apoio á biblioteca escolar, unha maioría do total de centros sinala que en bastantes e moitas ocasións apoian á persoa responsable da biblioteca na organización e dinamización da biblioteca (42,2% e 27,3%), cooperan na organización (43,0% e 26,9%), na posta en marcha das actividades programadas (43,8% e 27,9%), na colaboración no desenvolvemento da competencia lectora (42,1% e 30,8%) e do hábito lector (43,0% e 34,6%), así como na cooperación no deseño das actividades programadas (42,1% e 25,4%). En bastantes e algunhas ocasións recompilan información, materiais e os recursos necesarios para o funcionamento da biblioteca (35,5% e 32,1%), elaboran o plan de traballo Anual da Biblioteca (31,4% e 29,4%), establecen criterios para a adquisición e actualización dos fondos (40,1% e 25,3%), colaboran no desenvolvemento de habilidades de traballo coa información (40,15 e 27,4%) e recollen propostas e suxestións do profesorado (34,4% e 30,8%) e do alumnado (35,8% e 28,6%). Nalgunhas ou poucas ocasións recollen propostas e suxestións das familias (27,6% e 24,5%).

Nos centros con Plambe a maioría realizan bastante e moi habitualmente funcións de apoio á persoa responsable da biblioteca na organización e dinamización da biblioteca (43,1% e 29,9%), cooperación na organización (43,6% e 30,9%) e

posta en marcha das actividades programadas na biblioteca (45,1% e 30,6%), no desenvolvemento da competencia lectora (42,5% e 32,4%) e do hábito lector (44,0% e 36,8%) e no deseño das actividades programadas (42,5% e 29,0%). A recompilación de información, materiais e recursos necesarios para o funcionamento da biblioteca (36,8% e 32,6%), o establecemento de criterios para a adquisición e actualización dos fondos (41,5% e 24,6%), a recollida de propostas e suxestións do profesorado (36,2% e 30%), do alumnado (38,2% e 27,9%), a elaboración do plan de traballo Anual da Biblioteca (31,5% e 30,8%) e a colaboración no desenvolvemento de habilidades de traballo coa información (41,5% e 26,7%) son funcións que realizan bastantes ou algunhas veces. Porén, a recollida de propostas e suxestións das familias é unha función que realizan algunha (29,4%) e poucas (22,9%) veces.

As funcións realizadas en bastantes e moitas ocasións polo profesorado do equipo de apoio á biblioteca dos centros sen Plambe son: a colaboración no desenvolvemento da competencia lectora (40,5% e 25,1%) e do hábito lector (39,5% e 27,2%). O apoio á persoa responsable da biblioteca na organización e dinamización da biblioteca (39,0% e 23,6%), a recompilación de información, materiais e recursos necesarios para o funcionamento da biblioteca (31,3% e 30,35), a cooperación das actividades programadas (41,0% e 24,6%) e na súa posta en marcha (39,5% e 24,6%), a elaboración do plan de traballo Anual da Biblioteca (33,3% e 24,6%), o establecemento de criterios para a adquisición e actualización dos fondos (35,4% e 27,7%), a colaboración no desenvolvemento de habilidades de traballo coa información (35,4% e 29,7%) e a cooperación no deseño das actividades programadas (40,5% e 25,6%) son funcións que realizan en bastantes ou nalgunhas ocasións. Por último, a recollida de propostas e suxestións das familias se realiza poucas veces (29,7%) ou ningunha (24,6%).

Táboa 3. Valoración das funcións como profesor/a do equipo de apoio á biblioteca escolar

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Apoiar á persoa responsable da biblioteca na organización e dinamización	Nada	1,5	0,8	4,1
	Pouco	6,1	4,5	11,3
	Algo	21,3	20,7	23,6
	Bastante	42,2	43,1	39,0
	Moito	27,3	29,9	18,5
	Ns/Nc	1,6	1,1	3,6
Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o funcionamento da biblioteca	Nada	3,4	1,7	9,2
	Pouco	12,7	10,7	19,5
	Algo	32,1	32,6	30,3
	Bastante	35,5	36,8	31,3
	Moito	14,6	16,9	6,7
	Ns/Nc	1,7	1,4	3,1
Cooperar na organización das actividades programadas	Nada	2,2	0,9	6,7
	Pouco	5,4	3,9	10,3
	Algo	20,6	19,5	24,6
	Bastante	43,0	43,6	41,0
	Moito	26,9	30,9	13,3
	Ns/Nc	1,9	1,2	4,1
Elaborar, xunto coa persoa responsable da biblioteca, o plan de traballo anual da biblioteca	Nada	10,0	8,6	14,9
	Pouco	14,9	15,1	14,4
	Algo	29,4	30,8	24,6
	Bastante	31,9	31,5	33,3
	Moito	11,7	12,4	9,2
	Ns/Nc	2,1	1,7	3,6
Cooperar na posta en marcha das actividades programadas na biblioteca	Nada	2,3	1,1	6,7
	Pouco	4,5	4,1	6,2
	Algo	19,6	18,1	24,6
	Bastante	43,8	45,1	39,5
	Moito	27,9	30,6	18,5
	Ns/Nc	1,9	1,1	4,6
Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca	Nada	5,0	3,5	10,3
	Pouco	11,9	11,6	12,8
	Algo	25,3	24,6	27,7
	Bastante	40,1	41,5	35,4
	Moito	15,5	17,2	9,7
	Ns/Nc	2,2	1,7	4,1
Recoller propostas e suxestións do profesorado	Nada	5,9	5,1	8,7
	Pouco	9,6	9,2	10,8
	Algo	30,8	30,0	33,3
	Bastante	34,4	36,2	28,2
	Moito	16,8	17,3	14,9
	Ns/Nc	2,6	2,1	4,1

Táboa 3. Valoración das funcións como profesor/a do equipo de apoio á biblioteca escolar (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Recoller propostas e suxestións do alumnado	Nada	5,9	4,2	11,8
	Pouco	10,1	9,7	11,8
	Algo	28,6	27,9	30,8
	Bastante	35,8	38,2	27,7
	Moito	16,1	17,0	12,8
	Ns/Nc	3,5	3,0	5,1
Recoller propostas e suxestións das familias	Nada	21,6	20,7	24,6
	Pouco	24,5	22,9	29,7
	Algo	27,6	29,4	21,5
	Bastante	17,4	18,3	14,4
	Moito	5,7	6,2	4,1
	Ns/Nc	3,3	2,6	5,6
Colaborar no desenvolvemento da competencia lectora	Nada	1,7	1,1	4,1
	Pouco	4,1	3,0	7,7
	Algo	18,8	18,7	19,0
	Bastante	42,1	42,5	40,5
	Moito	30,8	32,4	25,1
	Ns/Nc	2,6	2,3	3,6
Colaborar no desenvolvemento do hábito lector	Nada	1,0	0,8	2,1
	Pouco	2,8	1,8	6,2
	Algo	16,7	15,5	20,5
	Bastante	43,0	44,0	39,5
	Moito	34,6	36,8	27,2
	Ns/Nc	1,9	1,1	4,6
Colaborar no desenvolvemento de habilidades de traballo coa información	Nada	2,7	2,0	5,1
	Pouco	6,5	5,1	11,3
	Algo	27,4	26,7	29,7
	Bastante	40,1	41,5	35,4
	Moito	21,0	23,1	13,8
	Ns/Nc	2,3	1,7	4,6
Cooperar no deseño das actividades programadas	Nada	2,7	1,2	7,7
	Pouco	6,9	6,0	9,7
	Algo	21,3	20,1	25,6
	Bastante	42,1	42,5	40,5
	Moito	25,4	29,0	13,3
	Ns/Nc	1,6	1,2	3,1

4. Asistencia regular a actividades de formación vinculadas ás tarefas como profesor/a do equipo de apoio á biblioteca

Unha maioría do profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total (53,4%), así como de centros con Plambe (51,6%) e sen Plambe (59,5%), indican que non adoitan asistir a actividades de formación vinculadas ás tarefas de apoio á biblioteca

Gráfica 12. Asistencia regular a actividades formativas vinculadas ás tarefas como profesorado do equipo de apoio á biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	44,8	53,4	1,9
Con Plambe	46,9	51,6	1,5
Sen Plambe	37,4	59,5	3,1

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, comprobamos que o valor de Chi-cadrado é 4,045 e $p < 0,05$, polo tanto, hai diferenzas significativas en relación a esta cuestión, a favor dos primeiros.

5. Necesidade de formación para desenvolver as tarefas de apoio á biblioteca

No que atinxe ao grao de necesidade de formación en diferentes ámbitos para facer as tarefas de apoio á biblioteca, a maioría indica que é bastante necesaria a vinculada coa xestión e dinamización (46,2% total; 44,9% con Plambe e 50,3% sen Plambe), seguida da formación de usuarios/as (48,1%, 47,1% e 51,8%), a relacionada coas tecnoloxías da información e da comunicación (51,5%, 52,0% e 49,7%), a lectura e literatura infantil e xuvenil (46,6%, 47,4% e 44,1%) o traballo por proxectos (42,7%, 41,0% e 48,2%) e a alfabetización en información (45,0%, 46,5% e 40,0%). Un 33,7%, un 34,2% e un 31,8%, indica que é bastante necesaria a formación no ámbito da biblioteconomía.

Outros ámbitos específicos nos que indican como necesaria a formación, e nos que tamén existe coincidencia son: os de animación á lectura, as actividades de fomento da lectura, os clubs de lectura, así como os programas específicos de xestión da biblioteca, como por exemplo o MEIGA.

Táboa 4. Necesidade de formación para desenvolver as tarefas de apoio á biblioteca

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Biblioteconomía	Nada	4,7	3,8	7,7
	Pouco	10,1	9,7	11,8
	Algo	33,1	34,5	28,2
	Bastante	33,7	34,2	31,8
	Moito	14,2	13,4	16,9
	Ns/Nc	4,2	4,4	3,6
Lectura e Literatura Infantil e Xuvenil	Nada	0,7	0,3	2,1
	Pouco	2,2	2,3	2,1
	Algo	16,4	14,3	23,6
	Bastante	46,6	47,4	44,1
	Moito	31,2	32,6	26,7
	Ns/Nc	2,8	3,2	1,5
Alfabetización en Información	Nada	0,5	0,3	1,0
	Pouco	2,8	2,7	3,1
	Algo	21,0	17,8	31,8
	Bastante	45,0	46,5	40,0
	Moito	27,2	29,4	19,5
	Ns/Nc	3,6	3,3	4,6
Tecnoloxías da Información e a Comunicación	Nada	0,6	0,2	2,1
	Pouco	1,5	1,2	2,6
	Algo	15,9	14,0	22,1
	Bastante	51,5	52,0	49,7
	Moito	28,4	30,3	22,1
	Ns/Nc	2,1	2,3	1,5
Formación de usuarios/as	Nada	0,1	0,0	0,5
	Pouco	1,9	1,4	3,6
	Algo	15,4	13,6	21,5
	Bastante	48,1	47,1	51,8
	Moito	32,4	35,9	20,5
	Ns/Nc	2,1	2,1	2,1
Xestión e dinamización	Nada	0,1	0,0	0,5
	Pouco	0,8	0,9	0,5
	Algo	12,8	12,7	13,3
	Bastante	46,2	44,9	50,3
	Moito	37,8	39,2	32,8
	Ns/Nc	2,3	2,3	2,6
Traballo por proxectos	Nada	0,9	1,1	0,5
	Pouco	3,6	3,5	4,1
	Algo	19,0	19,0	19,0
	Bastante	42,7	41,0	48,2
	Moito	30,2	32,1	23,6
	Ns/Nc	3,6	3,3	4,6

6.6. Xestión

1. Constitución do equipo de apoio á biblioteca

Polo que respecta á estrutura do equipo de apoio á biblioteca, maioritariamente organízase a través de grupos de traballo interno, tal e como sinalan as persoas enquisadas (92,9% total; 94,4% con Plambe; 87,7% sen Plambe).

Gráfica 13. Constitución do equipo de apoio á biblioteca



	Grupo de traballo interno (equipo de biblioteca)	Grupo de traballo, seminario	Ns/Nc
Total	92,9	2,6	4,5
Con Plambe	94,4	2,3	3,3
Sen Plambe	87,7	3,6	8,7

2. Existencia dun plan de traballo que organiza as tarefas da biblioteca

No relativo a esta cuestión cabe sinalar que o profesorado do equipo de apoio enquisado coincide ó afirmar que existe un plan de traballo que organiza as tarefas da biblioteca (88,7% total; 93,4% con Plambe; 72,8% sen Plambe).

Gráfica 14. Existencia dun plan de traballo que organiza as tarefas da biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	88,7	8,2	3,1
Con Plambe	93,4	4,4	2,3
Sen Plambe	72,8	21,0	6,2

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, comprobamos que o valor de Chi-cadrado é 58,844 e p < 0,05, polo tanto, hai diferenzas significativas en relación a existencia dun plan de traballo que organice as tarefas da biblioteca, a favor dos primeiros.

3. O Plan anual da biblioteca está integrado na Programación Xeral Anual do Centro

As respostas do profesorado do equipo de apoio, no seu conxunto, son novamente coincidentes cando afirman que o Plan anual da biblioteca está integrado na Programación Xeral Anual do Centro (93,6% total; 96,2% con Plambe; 84,6% sen Plambe).

Gráfica 15. O Plan anual da biblioteca está integrado na Programación Xeral Anual do Centro



	Si	Non	Ns/Nc
Total	93,6	2,8	3,6
Con Plambe	96,2	1,2	2,6
Sen Plambe	84,6	8,2	7,2

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, comprobamos que o valor de Chi-cadrado é 26,104 e p < 0,05, polo tanto, hai diferenzas significativas en relación a esta cuestión, a favor dos primeiros.

4. O Plan anual da biblioteca inclúe formas de avaliación que, á súa vez, permiten marcar prioridades para o seguinte ano

O Plan anual da biblioteca inclúe formas de avaliación que, a súa vez, permiten marcar prioridades para o ano seguinte, segundo sinala o conxunto deste colectivo (83,4% total; 89,1% con Plambe; 64,1% sen Plambe).

Gráfica 16. O Plan anual da biblioteca inclúe formas de avaliación que, pola súa vez, permiten marcar prioridades para o seguinte ano



	Si	Non	Ns/Nc
Total	83,4	11,2	5,4
Con Plambe	89,1	6,6	4,2
Sen Plambe	64,1	26,7	9,2

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, comprobamos que o valor de Chi-cadrado é 68,292 e $p < 0,05$, polo tanto, hai diferenzas significativas en relación a esta cuestión, a favor dos primeiros.

5. O equipo directivo participa na elaboración, seguimento e avaliación do Plan anual da biblioteca

O equipo directivo dos centros participa na elaboración, seguimento e avaliación do Plan anual da biblioteca, segundo indica o conxunto do profesorado do equipo de apoio enquisado (73,9% total; 75,7% con Plambe; 67,7% sen Plambe).

Gráfica 17. O equipo directivo participa na elaboración, seguimento e avaliación do Plan anual da biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	73,9	21,2	4,9
Con Plambe	75,7	20,5	3,8
Sen Plambe	67,7	23,6	8,7

6. A comunidade educativa está informada da existencia do Plan anual da biblioteca

O profesorado do equipo de apoio á biblioteca enquisado coincide en sinalar, maioritariamente, que a comunidade educativa está informada da existencia do Plan anual da biblioteca (89,5% total; 93,2% con Plambe; 76,9% sen Plambe).

Gráfica 18. A comunidade educativa está informada da existencia do Plan Anual da biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	89,5	6,3	4,2
Con Plambe	93,2	3,9	2,9
Sen Plambe	76,9	14,4	8,7

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, comprobamos que o valor de Chi-cadrado é 28,831 e $p < 0,05$, polo tanto, hai diferenzas significativas en relación a esta cuestión, a favor dos primeiros.

7. O equipo de apoio á biblioteca está satisfeito co funcionamento da biblioteca

Tanto o profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total, como o de centros con Plambe están bastante (51,6%, 52,2%) e moi (33,2% e 39,4%) satisfeitos/as co funcionamento da biblioteca. Nos centros sen Plambe estano bastante (49,7%) e algo (21,0%).

Gráfica 19. O equipo de apoio á biblioteca está satisfeito co funcionamento da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,0	3,5	9,1	51,6	33,2	1,5
Con Plambe	0,3	1,4	5,6	52,2	39,4	1,2
Sen Plambe	3,6	10,8	21,0	49,7	12,3	2,6

Se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 9,684 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas na satisfacción do funcionamento da biblioteca, a favor dos primeiros.

8. O equipo directivo apoia o funcionamento da biblioteca

Segundo o profesorado do equipo de apoio da biblioteca do total e o de centros con Plambe, o equipo directivo apoia moito (39,7% e 44,7%) e bastante (35,7% e 34,3%) o funcionamento da biblioteca. Nos centros sen Plambe un 40,3% e un 23,0% din que reciben bastante e moito apoio do equipo directivo.

Gráfica 20. O equipo directivo apoia o funcionamento da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	2,6	6,9	12,9	35,7	39,7	2,2
Con Plambe	2,1	5,9	11,3	34,3	44,7	1,7
Sen Plambe	4,1	10,2	18,4	40,3	23,0	4,1

Se se comparan os centros con e sen Plambe, o valor de t é 5,352 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión e a favor dos primeiros.

9. O labor do equipo de apoio á biblioteca axuda a mellorar a calidade da biblioteca

O profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total e dos centros con Plambe afirma que o seu labor axuda bastante (44,4% e 47,1%) ou algo (34,4% e 32,6%) a mellorar a calidade da biblioteca; nos centros sen Plambe afirman que o fai algo (40,5%) ou bastante (35,4%).

Gráfica 21. O labor do equipo de apoio á biblioteca axuda a mellorar a calidade da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,0	5,0	34,4	44,4	13,5	1,6
Con Plambe	0,5	2,9	32,6	47,1	15,8	1,2
Sen Plambe	3,1	12,3	40,5	35,4	5,6	3,1

Se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 6,587 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión, a favor dos primeiros.

6.7. Dinámica, uso e redes de colaboración

1. Servizos xerais que ofrece a biblioteca escolar

Con respecto aos servizos que ofrece a biblioteca escolar, o profesorado do equipo de apoio sinala que as súas bibliotecas ofrecen servizos de: reserva de horarios para distintos grupos de clase (83,6%, 87,9% e 68,7%), información (94,3%, 96,2% e 87,7%), lectura en sala (94,8%, 96,4% e 89,2%), acceso a internet (92,2%, 95,3% e 81,5%), rede wifi (72,3%, 75,1% e 62,6%), uso de equipos informáticos para o traballo persoal e grupal (86,5%, 92,0% e 67,7%), préstamo individual (96,7%, 97,9% e 92,8%), préstamo de aula, departamento, equipos de ciclo… (94,4%, 95,6% e 90,3%), formación de usuarios/as (75,9%, 83,9% e 48,7%), actividades de fomento da lectura (94,2%, 97,3% e 83,6%) e uso de ordenadores para o lecer (70,3%, 76,0% e 50,8%). Pola contra, unha maioría de por riba da metade indica que na biblioteca non se ofrece nin préstamo interbibliotecario (58,0%, 53,7% e 72,8%), nin lectores electrónicos ou tabletas (58,4%, 51,9% e 80,5%).

Outros servizos ofertados, moi relacionados con estes xerais son: actividades de animación á lectura, contacontos, clubs de lectura, Mochilas viaxeiras ou actividades coas familias, entre outros.

Táboa 5. Servizos xerais que ofrece a biblioteca escolar

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Reserva de horarios para os distintos grupos de clase	Si	83,6	87,9	68,7
	Non	14,3	10,4	27,7
	Ns/Nc	2,1	1,7	3,6
Información	Si	94,3	96,2	87,7
	Non	2,8	1,1	8,7
	Ns/Nc	2,9	2,7	3,6
Lectura en sala	Si	94,8	96,4	89,2
	Non	2,9	1,5	7,7
	Ns/Nc	2,3	2,1	3,1
Acceso a internet	Si	92,2	95,3	81,5
	Non	5,9	3,0	15,9
	Ns/Nc	1,9	1,7	2,6
Rede wifi	Si	72,3	75,1	62,6
	Non	24,4	21,9	32,8
	Ns/Nc	3,4	3,0	4,6
Uso de equipos informáticos para traballo persoal ou grupal	Si	86,5	92,0	67,7
	Non	11,3	6,0	29,2
	Ns/Nc	2,2	2,0	3,1
Préstamo individual	Si	96,7	97,9	92,8
	Non	1,3	0,5	4,1
	Ns/Nc	2,0	1,7	3,1
Préstamo de aula, departamento, equipos de ciclo...	Si	94,4	95,6	90,3
	Non	2,7	2,1	4,6
	Ns/Nc	2,9	2,3	5,1
Formación de usuarios	Si	75,9	83,9	48,7
	Non	19,1	11,5	45,1
	Ns/Nc	5,0	4,7	6,2
Actividades de fomento da lectura	Si	94,2	97,3	83,6
	Non	3,8	1,1	13,3
	Ns/Nc	2,0	1,7	3,1
Uso de ordenadores para lecer	Si	70,3	76,0	50,8
	Non	26,0	20,7	44,1
	Ns/Nc	3,7	3,3	5,1
Lectores electrónicos ou tabletas	Si	36,8	43,9	12,8
	Non	58,4	51,9	80,5
	Ns/Nc	4,8	4,2	6,7
Préstamo interbibliotecario	Si	33,7	37,4	21
	Non	58,0	53,7	72,8
	Ns/Nc	8,3	8,9	6,2

2. Grao de colaboración coa biblioteca escolar dos diferentes colectivos e/ou entidades

Segundo o profesorado do equipo de apoio á biblioteca non colaboran nada coa biblioteca escolar: as asociacións (55,9% do total; 52,6% con Plambe e 67,2% sen Plambe), seguido dos antigos/as alumnos/as (52,9% do total; 51,1% con Plambe 25,5% e 59,0% sen Plambe) e o concello (36,2% do total; 32,9% con Plambe e 47,7% sen Plambe).

Igualmente, outros colectivos e/ou entidades que non colaboran son: outras bibliotecas escolares (34,4% do total; 29,0% con Plambe; 52,8% sen Plambe), as bibliotecas municipais (36,2% do total; 31,7% con Plambe; 51,8% sen Plambe) e as ANPAS (27,6% do total; 24,0% con Plambe; 40,0% sen Plambe).

O grao de colaboración das familias valórase, en conxunto, como pouco (28,6% total; 29,7% con Plambe; 24,6% sen Plambe). Por último, no apartado "outros" nomean e valoran positivamente a colaboración que ofrecen outros colectivos e/ou entidades á biblioteca escolar, como por exemplo, o profesorado do centro, as editoriais e as empresas da zona (librarías e outro tipo de comercios).

Táboa 6. Grao de colaboración coa biblioteca escolar dos diferentes colectivos e/ou entidades

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Familias	Nada	24,6	19,2	43,1
	Pouco	28,6	29,7	24,6
	Algo	26,7	29,7	16,4
	Bastante	14,0	15,4	9,2
	Moito	2,3	2,7	1,0
	Ns/Nc	3,8	3,3	5,6
ANPAS	Nada	27,6	24,0	40,0
	Pouco	25,1	25,3	24,1
	Algo	24,4	25,9	19,0
	Bastante	15,0	17,0	8,2
	Moito	2,7	2,6	3,1
	Ns/Nc	5,2	5,1	5,6
Asociacións (de veciños/as, culturais, etc.)	Nada	55,9	52,6	67,2
	Pouco	24,0	26,1	16,9
	Algo	12,0	13,0	8,7
	Bastante	2,1	2,6	0,5
	Moito	0,5	0,6	0,0
	Ns/Nc	5,5	5,1	6,7
Antigo alumnado do centro	Nada	52,9	51,1	59
	Pouco	24,9	25,5	23,1
	Algo	14,8	16,3	9,7
	Bastante	2,2	2,4	1,5
	Moito	0,2	0,3	0,0
	Ns/Nc	4,9	4,4	6,7

Táboa 6. Grao de colaboración coa biblioteca escolar dos diferentes colectivos e/ou entidades (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Outras bibliotecas escolares	Nada	34,4	29,0	52,8
	Pouco	23,5	24,1	21,5
	Algo	24,5	27,1	15,4
	Bastante	9,7	11,6	3,1
	Moito	2,2	2,7	0,5
	Ns/Nc	5,7	5,4	6,7
Bibliotecas municipais	Nada	36,2	31,7	51,8
	Pouco	24,1	25,8	18,5
	Algo	21,2	22,5	16,9
	Bastante	9,8	11,3	4,6
	Moito	3,1	3,5	2,1
	Ns/Nc	5,5	5,3	6,2
Concello	Nada	36,2	32,9	47,7
	Pouco	27,7	28,7	24,6
	Algo	21,9	22,6	19,5
	Bastante	6,8	8,0	2,6
	Moito	2,2	2,9	0,0
	Ns/Nc	5,1	5,0	5,6

6.8. Biblioteca e currículo

1. A biblioteca colabora no desenvolvemento do Proxecto Lector

Para case a metade do profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total (45,5%) e de centros con Plambe (50,8%), a biblioteca colabora moito no desenvolvemento do Proxecto Lector, valoración que comparte, nos centros sen Plambe, un 39,5%.

Gráfica 22. A biblioteca colabora no desenvolvemento do Proxecto Lector



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	0,8	2,6	8,5	40,3	45,5	2,3
Con Plambe	0,8	1,2	4,8	40,6	50,8	1,8
Sen Plambe	1,0	7,2	21,0	39,5	27,2	4,1

Se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 7,396 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión e a favor dos primeiros.

2. A biblioteca realiza accións en relación coas competencias lingüísticas

Segundo a maioría do profesorado do equipo de apoio do total e de centros con Plambe a biblioteca realiza accións en relación coas competencias lingüísticas en bastantes ocasións (43,2% e 45,1%) ou moi habitualmente (35,9% e 41,0%); para o de centros sen Plambe este tipo de actuacións se fai bastante (36,9%) ou algunha que outra vez (30,3%).

Gráfica 23. A biblioteca realiza accións en relación coas competencias lingüísticas



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,6	2,9	14,1	43,2	35,9	2,2
Con Plambe	1,1	1,7	9,4	45,1	41,0	1,8
Sen Plambe	3,6	7,2	30,3	36,9	18,5	3,6

Se se comparan os centros con e sen Plambe, o valor de t é 8,240 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión, a favor dos primeiros.

3. A biblioteca realiza actuacións en colaboración coas familias para promocionar os hábitos lectores

O conxunto do profesorado do equipo de apoio enquisado coincide en afirma que a biblioteca realiza bastantes (32,4% total; 34,2% con Plambe; 26,2% sen Plambe) ou algunhas actuacións en colaboración coas familias (24,6% total; 24,1% con Plambe; 26,2% sen Plambe).

Gráfica 24. A biblioteca realiza actuacións en colaboración coas familias para promocionar os hábitos lectores



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	10,6	15,0	24,6	32,4	14,6	2,8
Con Plambe	8,3	13,3	24,1	34,2	17,5	2,6
Sen Plambe	18,5	21,0	26,2	26,2	4,6	3,6

Se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 6,541 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión e a favor dos primeiros.

4. A biblioteca participa de forma activa na celebración das conmemoracións establecidas no calendario escolar

A participación da biblioteca é moi habitual na celebración das conmemoracións establecidas no calendario escolar segundo algo máis da metade do profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total (58,0%) e de centros con Plambe (63,8%); esta opinión compártea un maioritario 38,5% do profesorado enquisado de centros sen Plambe.

Gráfica 25. A biblioteca participa de forma activa na celebración das conmemoracións establecidas no calendario escolar



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,3	2,4	8,6	27,7	58,0	1,9
Con Plambe	0,0	0,9	5,0	28,7	63,8	1,7
Sen Plambe	5,6	7,7	21,0	24,6	38,5	2,6

Se se comparan os centros con e sen Plambe, o valor de t é 8,221 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión, a favor dos primeiros.

5. A biblioteca planifica conxuntamente co equipo docente accións para desenvolver as habilidades e as competencias no uso da información

Para un 36,6% do profesorado do equipo de apoio da biblioteca do total e un 39,8% do de centros con Plambe a biblioteca planifica bastantes veces accións para mellorar as habilidades e competencias no uso da información. Pola súa parte, nos centros sen Plambe sitúan as súas respostas, na maioría dos casos, na categoría algo (29,7%).

Gráfica 26. A biblioteca planifica conxuntamente co equipo docente accións para desenvolver as habilidades e as competencias no uso da información



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	3,8	9,3	20,4	36,6	26,5	3,4
Con Plambe	1,7	6,8	17,6	39,8	31,1	3,0
Sen Plambe	11,3	17,9	29,7	25,6	10,8	4,6

Se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 9,421 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión, e a favor dos primeiros.

6. A biblioteca realiza accións orientadas a apoiar o desenvolvemento das competencias dixitais

A biblioteca planifica bastantes veces accións orientadas a apoiar o desenvolvemento das competencias dixitais segundo o 32,3% do profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total, e o 36,8% do de centros con Plambe. Nos sen Plambe se realizan algunhas veces (29,2%).

Gráfica 27. A biblioteca realiza accións orientadas a apoiar o desenvolvemento das competencias dixitais



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	7,5	13,6	29,1	32,3	14,6	2,9
Con Plambe	2,6	11,9	29,1	36,8	17,0	2,6
Sen Plambe	24,1	19,5	29,2	16,9	6,2	4,1

Se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 9,919 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión, a favor dos primeiros.

7. A biblioteca participa na formación en estratexias de busca, selección e análise crítica da información

Para a maioría do profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total e o de centros con Plambe, a biblioteca participa bastantes veces (33,3% e 37,4%) ou en algunha que outra ocasión (29,1% e 28,1%) na formación en estratexias de busca, selección e análise crítica da información. Nos centros sen Plambe un maioritario 32,8% afirma que participa algunha vez.

Gráfica 28. A biblioteca participa na formación en estratexias de busca, selección e análise crítica da información



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	5,7	12,8	29,1	33,3	15,3	3,7
Con Plambe	2,3	10,9	28,1	37,4	18,3	3,2
Sen Plambe	17,4	19,5	32,8	19,5	5,1	5,6

Se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 9,452 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión, a favor dos primeiros.

8. A biblioteca prepara materias de formación específicos relacionados coa competencia dixital

A preparación de materiais de formación específicos relacionados coa competencia dixital é unha actuación que a biblioteca leva a cabo algunhas veces segundo a maioría do profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total e o de centros con Plambe (28,0% e 28,5% respectivamente). Nos centros sen Plambe a maioría (34,4%) afirma que isto non se fai nunca.

Gráfica 29. A biblioteca prepara materias de formación específicos relacionados coa competencia dixital



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	15,2	20,9	28,0	22,3	10,0	3,7
Con Plambe	9,5	21,1	28,5	25,2	12,4	3,3
Sen Plambe	34,4	20,0	26,2	12,3	2,1	5,1

De nov, se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 9,006 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión, a favor dos primeiros.

9. A biblioteca é un recurso pedagóxico ao servizo dos procesos de ensinanza e aprendizaxe

A biblioteca preséntase como un recurso pedagóxico ao servizo dos procesos de ensino e aprendizaxe moi importante para case a metade do profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total (40,8%) e de centros con Plambe (48,8%). Nos centros sen Plambe é bastante importante para un 33,8% de enquisados/as.

Gráfica 30. A biblioteca é un recurso pedagóxico ao servizo dos procesos de ensinanza e aprendizaxe



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,5	2,9	13,5	38,5	40,8	2,8
Con Plambe	0,2	0,9	10,0	39,8	48,8	2,4
Sen Plambe	6,2	9,7	25,6	33,8	20,5	4,1

Se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 9,245 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión, a favor dos primeiros.

10. A integración da biblioteca no tratamento do currículo contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado

Segundo o profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total e o de centros con Plambe a integración da biblioteca no tratamento do currículo contribúe moito (39,9% e 45,6%) e bastante (38,3% e 39,8%) ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado. A opinión maioritaria nos centros sen Plambe sitúase nas categorías bastante (33,3%) e algo (24,1%).

Gráfica 31. A integración da biblioteca no tratamento do currículo contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	1,5	3,5	13,8	38,3	39,9	3,0
Con Plambe	0,2	1,4	10,7	39,8	45,6	2,4
Sen Plambe	6,2	10,8	24,1	33,3	20,5	5,1

Se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 8,845 e p < 0,05, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión, a favor dos primeiros.

11. A biblioteca apoia cos seus recursos o desenvolvemento de proxectos de investigación e traballos por proxectos nas distintas áreas ou materias

O 35,1 % % e o 33,3 % do equipo de apoio do total de centros afirma que a biblioteca apoia bastante ou moito cos seus recursos o desenvolvemento de proxectos de investigación e traballos por proxectos nas distintas áreas ou materias. Para o 39,1 % e o 37,0 % do equipo de apoio de centros con Plambe o apoio é moito e bastante respectivamente, e, no caso dos centros sen Plambe, é bastante (28,7 %) ou algún (27,7 %).

Gráfica 32. A biblioteca apoia cos seus recursos o desenvolvemento de proxectos de investigación e traballos por proxectos nas distintas áreas ou materias



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	3,3	7,5	17,9	35,1	33,3	2,9
Con Plambe	1,5	5,3	15,1	37,0	39,1	2,1
Sen Plambe	9,2	14,9	27,7	28,7	13,8	5,6

Se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 9,083 e p < 0,05, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión e a favor dos primeiros.

12. A biblioteca facilita o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades

Para o conxunto do profesorado de apoio á biblioteca facilita bastante o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades (39,4 % total; 40,7 % con Plambe; 34,9 % sen Plambe). Unha porcentaxe moi similar do total e de centros con Plambe afirma que o facilita moito (33,0 % e 38,8 %); nos centros sen Plambe un 26,2 % afirma que o facilita algo.

Gráfica 33. A biblioteca facilita o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	2,1	6,1	15,9	39,4	33,0	3,6
Con Plambe	0,5	4,2	12,8	40,7	38,8	3,0
Sen Plambe	7,7	12,3	26,2	34,9	13,3	5,6

Se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 9,154 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión, a favor dos primeiros.

13. A biblioteca actúa como factor de compensación social, ofertando recursos culturais a todo o alumnado

Case a metade do profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total (45,8%) e algo máis da metade do de centros con Plambe (53,2%) considera que a biblioteca actúa como factor de compensación social, xa que oferta recursos culturais a todo o alumnado. No caso dos centros sen Plambe a opinión maioritaria sitúase na categoría bastante (34,4%).

Gráfica 34. A biblioteca actúa como factor de compensación social, ofertando recursos culturais a todo o alumnado



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
total	2,4	4,0	10,8	33,9	45,8	3,0
Con Plambe	0,8	1,7	7,8	33,8	53,2	2,7
Sen Plambe	8,2	11,8	21,0	34,4	20,5	4,1

Se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 9,956 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión, a favor dos primeiros.

14. A biblioteca atende as necesidades informativas das diferentes áreas curriculares

Segundo o profesorado do equipo de apoio do total e de centros con Plambe, a biblioteca atende bastante (45,3% e 47,7%,) e moito (31,8% e 37,0%) as necesidades informativas das diferentes áreas curriculares. Os/as enquisados/as de centros sen Plambe afirman que as atende bastante (37,4%) e algo (22,1%).

Gráfica 35. A biblioteca atende as necesidades informativas das diferentes áreas curriculares



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	2,0	4,4	13,2	45,3	31,8	3,3
Con Plambe	0,3	1,8	10,6	47,7	37,0	2,7
Sen Plambe	7,7	13,3	22,1	37,4	14,4	5,1

Se se comparan os centros con e sen Plambe, o valor de t é 9,397 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión, a favor dos primeiros.

15. A biblioteca apoia proxectos e programas do centro (programas europeos, plan de convivencia, ABALAR e outros)

A maioría do profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total e de centros con Plambe afirma que a biblioteca apoia bastante (35,8% e 38,3%) e moito (24,1% e 28,5%) proxectos e programas do centro (programas europeos, plan de convivencia, ABALAR e outros); no caso dos centros sen Plambe o apoio é bastante (27,2%) ou algo (21,0%).

Gráfica 36. A biblioteca apoia proxectos e programas do centro (programas europeos, plan de convivencia, ABALAR e outros)



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	5,9	10,0	19,9	35,8	24,1	4,2
Con Plambe	2,6	6,9	19,6	38,3	28,5	4,1
Sen Plambe	17,4	20,5	21,0	27,2	9,2	4,6

Se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 9,614 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión e a favor dos primeiros.

6.9. Tecnoloxías da información e da comunicación

1. A biblioteca escolar ten acceso a internet

No relativo ao acceso a internet, cabe sinalar que o conxunto do profesorado do equipo de apoio que participou no estudo, indica maioritariamente que a biblioteca escolar ten acceso a internet (96,3 % total; 97,3 % con Plambe; 92,8 % sen Plambe).

Gráfica 37. A biblioteca escolar ten acceso a internet



	Si	Non	Ns/Nc
Total	96,3	1,9	1,9
Con Plambe	97,3	0,8	2,0
Sen Plambe	92,8	5,6	1,5

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, comprobamos que o valor de Chi-cadrado é 16,834 e $p < 0,05$, polo tanto, hai diferenzas significativas en relación a esta cuestión, a favor dos primeiros.

2. Número de ordenadores dispoñibles con acceso a internet

No que respecta ao número de ordenadores dispoñibles con acceso a internet o profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total e o de centros con Plambe indican que nas súas bibliotecas teñen entre catro e seis ordenadores con acceso a internet (38,9% e 42,4%), e entre un e tres (31,5% e 26,0%). Nos centros sen Plambe teñen entre un e tres (50,2%), ou entre catro e seis (27,2%).

Gráfica 38. Número de ordenadores dispoñibles con acceso a internet



	0 ord.	1-3 ord.	4-6 ord.	7-9 ord.	10-12 ord.	13-15 ord.	Máis de 16 ord.	Ns/Nc
Total	0,5	31,5	38,9	11,8	5,7	2,4	1,7	7,3
Con Plambe	0,3	26,0	42,4	13,3	6,5	3,2	2,0	6,5
Sen Plambe	1,0	50,2	27,2	7,2	3,0	0,0	10,3	1,1

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, comprobamos que o valor de Chi-cadrado é 97,637 e $p < 0,05$, polo tanto, hai diferenzas significativas en relación a esta cuestión, a favor dos primeiros.

3. A biblioteca escolar ten rede wifi

O conxunto do profesorado enquisado afirma maioritariamente que nas súas bibliotecas teñen rede wifi (74,4% total; 75,6% con Plambe; 69,2% sen Plambe).

Gráfica 39. A biblioteca escolar ten rede wifi



	Si	Non	Ns/Nc
Total	74,4	22,1	3,7
Con Plambe	75,6	20,7	3,8
Sen Plambe	69,2	27,2	3,6

4. A biblioteca facilita a educación para o uso da información

Tanto o profesorado do equipo de apoio do total como o de centros con Plambe valora bastante (42,3% e 45,4%) e moito (23,4% e 27,0%) que a biblioteca escolar facilite a educación para o uso da información. Nos centros sen Plambe as respostas maioritarias a esta cuestión sitúanse na categoría bastante (31,8%) e algo (28,2%).

Gráfica 40. A biblioteca facilita a educación para o uso da información



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	2,6	7,1	21,7	42,3	23,4	2,9
Con Plambe	1,2	3,8	19,8	45,4	27,0	2,9
Sen Plambe	7,2	18,5	28,2	31,8	11,3	3,1

5. A biblioteca escolar facilita a formación no uso das tecnoloxías da comunicación

No total de centros e nos centros con Plambe a maioría do profesorado do equipo de apoio considera que a biblioteca escolar facilita bastante a formación

no uso das tecnoloxías da comunicación (37,9% e 42,8%). Nos centros sen Plambe, unha maioría do 32,8% di que a facilita algo.

Gráfica 41. A biblioteca escolar facilita a formación no uso das tecnoloxías da comunicación



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	5,0	11,9	26,1	37,9	16,7	2,4
Con Plambe	2,1	8,9	24,1	42,8	19,8	2,3
Sen Plambe	14,9	22,1	32,8	21,0	6,2	3,1

Se comparamos os centros con e sen Plambe, o valor de t é 10,028 e $p < 0,05$, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión, a favor dos primeiros.

6. A biblioteca facilita a educación para o uso dos medios de comunicación

A biblioteca escolar facilita bastante a educación para o uso dos medios de comunicación segundo a maioría do profesorado do equipo de apoio do total (38,8%) e de centros con Plambe (43,4%). Nos centros sen Plambe, unha maioría considera que o facilita algo (31,8%).

Gráfica 42. A biblioteca facilita a educación para o uso dos medios de comunicación



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	4,9	10,3	26,1	38,8	17,4	2,6
Con Plambe	2,6	6,9	24,4	43,4	20,2	2,4
Sen Plambe	12,8	21,5	31,8	23,1	7,7	3,1

Ao comparar os centros con e sen Plambe, o valor de t é 9,100 e p < 0,05, polo que hai diferenzas significativas nesta cuestión, a favor dos primeiros.

6.10. Programas Institucionais

1. A biblioteca participa nalgún programa de apoio á biblioteca escolar promovido pola Administración pública e/ou entidades privadas

En canto á participación nalgún programa de apoio á biblioteca escolar promovido pola Administración pública e/ou por entidades privadas, tanto segundo o profesorado do equipo de apoio do total, como o de centros con Plambe, a biblioteca escolar participa nalgún destes programas (58,9% e 71,2%); nos centros sen Plambe sinalan maioritariamente, que non (73,8%).

Gráfica 43. A biblioteca participa nalgún programa de apoio á biblioteca escolar promovido pola Administración pública e/ou por entidades privadas



	Si	Non	Ns/Nc
Total	58,9	31,4	9,8
Con Plambe	71,2	18,9	10,0
Sen Plambe	16,9	73,8	9,2

Ao comparar os resultados dos centros con e sen Plambe, comprobamos que o valor de Chi-cadrado é 214,430 e p < 0,05, polo tanto, hai diferenzas significativas en relación a esta cuestión, a favor dos primeiros.

2. Tipo de administración ou entidade que promove a biblioteca escolar

O tipo de administración ou entidade que promove esta participación é, en maior medida, a Administración autonómica, segundo a opinión do conxunto do profesorado do equipo de apoio á biblioteca enquisado (53,4% total; 64,7% con Plambe; 14,9% sen Plambe).

Gráfica 44. Tipo de administración ou entidade que promove a biblioteca escolar



	Admin. Autonómica	Admin. Local	Admin. do Estado	Entidades privadas	Ns/Nc
Total	53,4	1,6	0,3	0,2	40,9
Con Plambe	64,7	2,0	0,5	0,3	28,5
Sen Plambe	14,9	0,5	0,0	0,0	83,1

6.11. Valoracións

1. Valoración do grao en que determinados aspectos da biblioteca deberían ser mellorados

No que atinxe aos aspectos que deberían ser mellorados bastante e moito na biblioteca escolar, cabe indicar que tanto o profesorado do equipo de apoio á biblioteca do total de centros, como o de centros con Plambe e sen Plambe, sinalan os seguintes: a utilización da biblioteca escolar polas familias (57,2%, 54,9% e 65,1%), o orzamento anual (53,3%, 49,3% e 66,6%), a dedicación horaria do profesorado do equipo de apoio á biblioteca (52,2%, 50,8% e 56,9%), e da persoa responsable da biblioteca (50,8%, 50% e 53,4%) e o equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos (48%, 41,3% e 70,7%). Nos centros sen Plambe, indican tamén a necesidade de mellorar bastante e moito a colaboración con outras bibliotecas (57,5%).

Finalmente, os aspectos que necesitan menos atención para o profesorado do equipo de apoio do total, con Plambe e sen Plambe son: o acceso (37,4%, 37,6% e 36,9%), a iluminación (38,7%, 40,0% e 34,4%), a accesibilidade para persoas con discapacidade (29,5%, 29,6% e 29,2%), e a apertura en horario lectivo (30,3, 32,7% e 22,1%) e extraescolar (26,0%, 27,3% e 21,5%).

Táboa 7. Valore en qué medida os seguintes aspectos da biblioteca deberían ser mellorados

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Acceso	Nada	37,4	37,6	36,9
	Pouco	25,1	25,0	25,1
	Algo	16,7	17,8	12,8
	Bastante	10,0	9,5	11,8
	Moito	7,7	6,8	10,8
	Ns/Nc	3,1	3,3	2,6
Sinalización	Nada	28,0	30,3	20,0
	Pouco	30,7	31,1	29,2
	Algo	24,7	23,8	27,7
	Bastante	11,1	10,1	14,4
	Moito	2,4	1,2	6,7
	Ns/Nc	3,1	3,5	2,1
Iluminación	Nada	38,7	40,0	34,4
	Pouco	26,5	27,1	24,1
	Algo	19,5	18,4	23,1
	Bastante	8,9	8,3	10,8
	Moito	3,3	2,6	5,6
	Ns/Nc	3,3	3,6	2,1
Espazos (superficie/ distribución)	Nada	16,3	17,2	13,3
	Pouco	24,7	26,8	17,4
	Algo	27,3	28,8	22,1
	Bastante	17,2	13,9	28,7
	Moito	11,8	10,4	16,4
	Ns/Nc	2,7	2,9	2,1
Mobiliario	Nada	9,7	10,1	8,2
	Pouco	25,2	28,5	13,8
	Algo	39,4	42,4	29,2
	Bastante	15,6	12,1	27,7
	Moito	7,6	4,2	19,0
	Ns/Nc	2,6	2,7	2,1
Accesibilidade para persoas con discapacidade	Nada	29,5	29,6	29,2
	Pouco	24,2	25,0	21,5
	Algo	16,2	17,2	12,8
	Bastante	12,2	10,7	17,4
	Moito	15,4	15,2	15,9
	Ns/Nc	2,4	2,3	3,1
Equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos	Nada	3,0	3,6	1,0
	Pouco	13,1	15,1	6,2
	Algo	33,8	37,6	21,0
	Bastante	28,2	25,6	36,9
	Moito	19,8	15,7	33,8
	Ns/Nc	2,1	2,4	1,0

Táboa 7. Valore en qué medida os seguintes aspectos da biblioteca deberían ser mellorados (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Fondos documentais existentes	Nada	2,0	2,3	1,0
	Pouco	17,9	20,7	8,7
	Algo	50,5	53,2	41,0
	Bastante	20,2	16,9	31,3
	Moito	6,6	3,6	16,9
	Ns/Nc	2,8	3,3	1,0
Organización e xestión dos fondos documentais	Nada	9,2	10,1	6,2
	Pouco	31,6	34,8	20,5
	Algo	38,6	40,6	31,8
	Bastante	12,2	8,7	24,1
	Moito	5,5	2,6	15,4
	Ns/Nc	2,9	3,2	2,1
Difusión dos fondos documentais	Nada	6,5	8,0	1,5
	Pouco	25,6	28,8	14,9
	Algo	43,0	45,4	34,9
	Bastante	16,3	11,9	31,3
	Moito	5,1	2,6	13,8
	Ns/Nc	3,4	3,3	3,6
Divulgación das actividades programadas	Nada	16,2	18,6	8,2
	Pouco	32,8	36,2	21,0
	Algo	32,6	32,6	32,8
	Bastante	11,9	7,2	27,7
	Moito	3,5	2,3	7,7
	Ns/Nc	3,0	3,2	2,6
Orzamento anual	Nada	2,3	2,7	1,0
	Pouco	10,7	12,5	4,6
	Algo	29,3	30,9	23,6
	Bastante	32,9	32,6	33,8
	Moito	20,4	16,7	32,8
	Ns/Nc	4,4	4,5	4,1
Apertura no horario lectivo	Nada	30,3	32,7	22,1
	Pouco	23,0	23,7	20,5
	Algo	21,0	19,9	24,6
	Bastante	12,1	10,7	16,9
	Moito	9,1	8,0	12,8
	Ns/Nc	4,5	5,0	3,1
Apertura en horario extraescolar	Nada	26,0	27,3	21,5
	Pouco	18,5	19,6	14,9
	Algo	20,3	19,2	24,1
	Bastante	15,5	14,3	19,5
	Moito	13,8	13,9	13,3
	Ns/Nc	5,9	5,7	6,7

Táboa 7. Valore en qué medida os seguintes aspectos da biblioteca deberían ser mellorados (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Dedicación horaria da persoa responsable da biblioteca escolar	Nada	11,2	10,7	12,8
	Pouco	14,5	15,5	10,8
	Algo	19,5	19,6	19,0
	Bastante	26,2	25,9	27,2
	Moito	24,6	24,1	26,2
	Ns/Nc	4,1	4,1	4,1
Dedicación horario do profesorado do equipo de apoio á biblioteca	Nada	6,5	6,5	6,7
	Pouco	14,1	15,2	10,3
	Algo	24,0	24,4	22,6
	Bastante	25,6	23,7	32,3
	Moito	26,6	27,1	24,6
	Ns/Nc	3,1	3,0	3,6
Coordinación entre as persoas responsables da biblioteca e o conxunto do equipo docente do centro	Nada	11,3	12,1	8,7
	Pouco	26,2	28,7	17,9
	Algo	30,3	31,8	25,1
	Bastante	19,1	16,6	27,7
	Moito	10,6	8,7	16,9
	Ns/Nc	2,4	2,1	3,6
Programación de actividades de fomento da lectura	Nada	12,0	13,4	7,2
	Pouco	31,5	35,7	16,9
	Algo	35,5	36,3	32,8
	Bastante	14,2	8,9	32,3
	Moito	3,6	2,1	8,7
	Ns/Nc	3,1	3,5	2,1
Programación de actividades de formación de usuario e educación informacional	Nada	9,1	10,6	4,1
	Pouco	25,1	28,5	13,3
	Algo	38,3	39,7	33,8
	Bastante	19,5	15,2	33,8
	Moito	4,8	3,0	10,8
	Ns/Nc	3,3	3,0	4,1
Integración e coordinación co proxecto lector de centro	Nada	21,3	23,1	15,4
	Pouco	34	37,3	23,1
	Algo	26,5	25,8	28,7
	Bastante	10,8	8,1	20
	Moito	3,5	1,8	9,2
	Ns/Nc	3,8	3,9	3,6
Proxectos de innovación e mellora	Nada	6,2	6,9	3,6
	Pouco	24,9	29,1	10,8
	Algo	38.6	40,1	33,3
	Bastante	20,2	16,4	32,8
	Moito	6,5	3,8	15,9
	Ns/Nc	3,6	3,6	3,6

Táboa 7. Valore en qué medida os seguintes aspectos da biblioteca deberían ser mellorados (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Colaboración con outras bibliotecas	Nada	4,5	4,7	4,1
	Pouco	17,8	19,5	12,3
	Algo	33,6	36,8	22,6
	Bastante	27,4	24,1	38,5
	Moito	12,2	10,3	19,0
	Ns/Nc	4,4	4,7	3,6
Formación do/a responsable	Nada	19,2	22,2	9,2
	Pouco	32,4	35,6	21,5
	Algo	27,3	26,7	29,2
	Bastante	9,4	6,9	17,9
	Moito	5,7	2,6	16,4
	Ns/Nc	5,9	6,0	5,6
Utilización polo alumnado	Nada	9,7	10,9	5,6
	Pouco	23,4	26,5	12,8
	Algo	34,8	35,9	31,3
	Bastante	21,7	17,9	34,4
	Moito	6,1	4,5	11,3
	Ns/Nc	4,3	4,2	4,6
Implicación do equipo directivo	Nada	22,7	25,2	14,4
	Pouco	28,4	29,3	25,6
	Algo	22,7	22,0	25,1
	Bastante	11,4	9,5	17,9
	Moito	10,5	9,5	13,8
	Ns/Nc	4,2	4,5	3,1
Utilización polo profesorado	Nada	9,0	9,8	6,2
	Pouco	21,8	24,3	13,3
	Algo	34,1	33,6	35,9
	Bastante	23,2	21,6	28,7
	Moito	9,2	7,7	14,4
	Ns/Nc	2,7	3,0	1,5
Utilización polas familias	Nada	5,4	5,7	4,1
	Pouco	9,7	10,6	6,7
	Algo	23,0	24,1	19,0
	Bastante	28,4	28,1	29,7
	Moito	28,8	26,8	35,4
	Ns/Nc	4,8	4,7	5,1
Instalacións	Nada	12,1	12,2	11,8
	Pouco	23,7	27,5	10,8
	Algo	33,6	34,8	29,2
	Bastante	17,8	14,9	27,7
	Moito	9,0	6,6	16,9
	Ns/Nc	3,8	3,9	3,6

Conclusións

Neste apartado presentamos as principais conclusións extraídas a partir da información achegada polo profesorado do equipo de apoio á biblioteca, organizadas segundo as dimensións de análise da biblioteca contempladas no estudio e diferenciando entre centros con Plambe e sen Plambe.

A biblioteca no Centro

- Para o equipo de apoio á biblioteca é un elemento esencial para a consecución dos obxectivos do proxecto lector de centro e tamén é un factor de calidade do centro.
- Estiman que o equipo directivo xoga un papel fundamental no funcionamento da biblioteca e consideran que, en xeral, colabora moito na súa xestión e sitúana nun lugar prioritario da súa actuación.
- O equipo de apoio de centros con Plambe concede á biblioteca un papel máis esencial para a consecución dos obxectivos do Plan Lector do Centro que o concedido polo equipo de apoio de centros sen Plambe. Tamén outorgan á biblioteca unha maior relevancia na mellora da calidade do centro.
- O profesorado do equipo de apoio de centros con Plambe sinala que o equipo directivo colabora na xestión da biblioteca e esta é unha das súas prioridades. O profesorado de centros sen Plambe ten unha percepción menor ao respecto.

Equipamento, instalacións e tecnoloxías

- O profesorado do equipo de apoio á biblioteca valora como moi adecuado o acceso e a iluminación da biblioteca e bastante adecuado o espazo, o lugar e a accesibilidade para persoas con discapacidade.
- O equipamento da biblioteca é tamén valorado favorablemente, o mesmo que o mobiliario e os espazos para o traballo en grupo e individual e as tecnoloxías, sobre todo o que se refire ao número de ordenadores e o acceso a internet.
- O equipamento, as instalacións e tecnoloxías son valorados máis favorablemente polo equipo de apoio á biblioteca de centros con Plambe que sen Plambe.

Recursos Documentais

- Os fondos son suficientes, axeitados, actualizados, ben conservados e cobren, en boa medida, as necesidades de todas as áreas curriculares.

- O rexistro dos fondos informativos existentes no centro está centralizado na biblioteca e informatizado. Porén, a biblioteca conta tan só con algúns materiais axeitados para o alumnado con necesidades educativas específicas.
- Os recursos documentais son mellor valorados por parte do profesorado do equipo de apoio á biblioteca de centros con Plambe, principalmente no que se refire á idoneidade dos fondos, a súa actualización e conservación, a centralización dos fondos e á existencia de materiais axeitados para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Persoal

- En termos xerais, a maioria do equipo de apoio á biblioteca afirma que dedican máis de dúas horas semanais ás tarefas de apoio á biblioteca, que están fóra das horas de docencia directa.
- En relación ás súas funcións, sinalan que en bastantes e moitas ocasións apoian a persoa responsable da biblioteca na organización e dinamización da mesma, e cooperan na organización e posta en marcha das actividades programadas.
- A colaboración no desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector, así como a cooperación no deseño das actividades programadas son funcións que tamén realizan con frecuencia. Igualmente, encárganse en bastantes e algunhas ocasións da recompilación de información, materiais e recursos necesarios para o funcionamento da biblioteca; da elaboración do plan de traballo Anual da Biblioteca, o establecemento de criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca, a colaboración no desenvolvemento de habilidades de traballo coa información e a recollida de propostas e suxestións do profesorado e do alumnado. Non obstante, poucas veces recollen propostas e suxestións das familias.
- En xeral, o equipo de apoio á biblioteca non asiste regularmente a actividades de formación vinculadas ao seu traballo, aínda que recoñece necesitar formación para desenvolver as tarefas de apoio á biblioteca en ámbitos como: a xestión e dinamización, formación de usuarios/as, Tecnoloxías da Información e Comunicación, lectura e literatura infantil e xuvenil e, en menor medida, en traballo por proxectos, alfabetización en información e biblioteconomía.
- As horas de adicación á biblioteca do profesorado do equipo de apoio de centros sen Plambe é menor que ás do profesorado de centros con Plambe e tamén están, en menor medida, fóra das horas de docencia directa.

- O profesorado do equipo de apoio á biblioteca de centros sen Plambe asiste, en menor medida que o de centros con Plambe, a actividades de formación vinculadas ao seu posto e, ademais, necesita máis formación nas tarefas vinculadas ao seu traballo.
- O profesorado do equipo de apoio á biblioteca de centros con Plambe valora máis positivamente que o de centros sen Plambe, as funcións propias do seu posto.

Xestión

- O profesorado do equipo de apoio á biblioteca está organizado en grupos de traballo interno.
- Existe un plan de traballo que organiza as tarefas da biblioteca, que está integrado na Programación Xeral Anual do Centro e inclúe formas de avaliación.
- Valora positivamente e estiman que o equipo directivo participa na elaboración, seguimento e avaliación da biblioteca e que apoia o funcionamento da mesma.
- Considera que a comunidade educativa está informada da existencia do Plan anual da biblioteca.
- Está bastante satisfeito co funcionamento da biblioteca e opina que o seu labor axuda bastante a mellorar a calidade da biblioteca.
- O profesorado do equipo de apoio de centros sen Plambe conta, en menor medida que o de centros con Plambe, cun plan de traballo que organiza as tarefas da biblioteca e no que non se recollen sempre formas de avaliación.
- En xeral, o profesorado do equipo de apoio de centros con Plambe está máis satisfeito co funcionamento da biblioteca e participa mais na elaboración, seguimento e avaliación da biblioteca que o de centros sen Plambe.

Dinámica, Uso e Redes de Colaboración

- Segundo o profesorado do equipo de apoio á biblioteca os servizos que máis se ofertan na biblioteca son: préstamo individual, actividades de fomento da lectura, lectura/traballo individual e en grupo, lectura en sala, información, acceso a internet e uso de equipamentos informáticos para o traballo persoal ou grupal.
- Son ofertados en menor medida reservas de horario para os distintos grupos clase, formación de usuarios/as e uso de ordenadores para lecer, lectura/traballo en gran grupo.

- Por outra banda, o préstamo interbibliotecario, a formación, para o uso, tratamento e producción da información (ALFIN) e dos medios de comunicación (alfabetización mediática) non se ofertan de xeito habitual.
- As asociacións, antigo alumnado, outras bibliotecas escolares, bibliotecas municipais, e concello colaboran moi pouco coas bibliotecas escolares; as Familias e ANPAS tampouco participan moito, pero involúcranse algo máis nas actividades da biblioteca escolar.
- A oferta de servizos na biblioteca de centros sen Plambe é menor que na de centros con Plambe. Tamén é menor, nestes centros, o grao de colaboración da biblioteca escolar cos diferentes colectivos e/ou entidades, e a implicación das familias e as ANPAS.

Biblioteca e Currículo

- Segundo o profesorado do equipo de apoio, a biblioteca escolar colabora habitualmente no desenvolvemento do Proxecto Lector, participa moi activamente nas celebracións de conmemoracións, realiza bastantes accións en relación coas competencias lingüísticas, dirixidas a promover os hábitos lectores nas familias e a desenvolver as habilidades e competencias no uso de información. Non obstante, lévanse a cabo, en menor medida, accións orientadas a apoiar o desenvolvemento das competencias dixitais, de formación en estratexias de busca, selección e análise crítica da información.
- En opinión do profesorado do equipo de apoio, a biblioteca escolar é un recurso moi importante ao servizo dos procesos de ensinanza e aprendizaxe, contribúe moito a integración no tratamento do currículo e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado e é un factor de compensación social.
- Para este colectivo, é cometido da biblioteca apoiar bastante cos seus recursos o desenvolvemento de investigacións e traballos por proxectos nas distintas áreas ou materias; na mesma medida, facilita o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades, e atende ás necesidades informativas das diferentes áreas curriculares, ao mesmo tempo que apoia proxectos e programas de centro.
- A realización de accións relacionadas coas competencias lingüísticas, a colaboración coas familias e a participación na celebración de conmemoracións póñense con máis frecuencia en marcha nos centros con Plambe.

- Nos centros sen Plambe lévanse a cabo menos frecuentemente que nos centros con Plambe, accións encamiñadas a desenvolver as habilidades e as competencias no uso da información, orientadas a apoiar o desenvolvemento das competencias dixitais, formación en estratexias de busca, selección e análise crítica da información.

Tecnoloxías da información e da comunicación

- Practicamente a totalidade das bibliotecas teñen acceso a internet e rede wifi e disponen, na maioría dos casos, de catro a seis ordenadores con acceso a internet.
- A biblioteca facilita bastante a educación para o uso da información, a formación no uso das tecnoloxías da comunicación e a educación para o uso dos medios de comunicación.
- O número de ordenadores dispoñibles con acceso a internet é maior no caso dos centros con Plambe ao igual que a dispoñibilidade de rede wifi na biblioteca.
- A biblioteca escolar de centros sen Plambe facilita, en menor grao que a de centros con Plambe, a formación na uso das tecnoloxías da información e da comunicación e a educación para o uso dos medios de comunicación.

Valoracións

- En xeral, o profesorado do equipo de apoio á biblioteca sinala a necesidade de mellorar a utilización da biblioteca escolar polas familias; o orzamento anual; a dedicación horaria do profesorado do equipo de apoio á biblioteca; a dedicación horaria da persoa responsable da biblioteca; o equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos e a colaboración con outras bibliotecas.
- A diferenza dos centros con Plambe, necesítanse nas bibliotecas dos centros sen Plambe un maior equipamento de medios audiovisuais e informáticos; de fondos documentais e acceso a libros dixitais e outros recursos electrónicos. Tamén debería aumentar o orzamento anual, incrementar o número de accións de difusión dos fondos e divulgación das actividades programadas e programar un maior número de actividades de fomento da lectura e de formación de usuarios/as e educación informacional así como o uso por parte das familias.

Funcionamento da biblioteca escolar segundo o alumnado

CAPÍTULO 7

Este capítulo recolle a información proporcionada polo alumnado enquisado. Presentamos, en primeiro lugar, unha descrición deste colectivo e das respostas proporcionadas, organizadas segundo as distintas dimensións da biblioteca escolar obxecto de estudo. Tamén damos conta dos resultados acadados ao comparar as súas respostas nalgunhas cuestións, segundo pertenzan a centros con Plambe e sen Plambe ou cursen Educación Primaria ou Secundaria. Por último, presentamos as principais conclusións.

7.1. Datos sociodemográficos

O total de alumnado enquisado é de 6.043, e pertence, maioritariamente, a centros públicos (82,6%). Un 15,8% cursa os seus estudos en centros privados. O 1,6% non sabe ou non contesta. Máis da metade (61,8%) son alumnos/as de centros con Plambe; un 35,5% son alumnos/as de centros sen Plambe.

Gráfica 1. Titularidade do centro



Por provincias, o alumnado distribúese do seguinte xeito: 37,5% cursan os seus estudos na provincia da Coruña, o 12,0% en Lugo, o 12,9% en Ourense e o 36,0% en Pontevedra.

Gráfica 2. Distribución por provincia do centro



Respecto ao tipo de centro, a maioría do alumnado estuda en IES (45,1%) e CEIP (26,6%). Un 13,4% cursa estudos nun CPR e un 12,0% nun CPI. Nos restantes tipos de centros, en ningún caso a porcentaxe supera o 3% (1,0% CEP; 0,1% CIFP).

Gráfica 3. Tipo de centro



En relación ao sexo, comprobamos que, na súa maioría, respostaron ao cuestionario as alumnas (51,5%). Os alumnos representan o 46,8% dos casos.

Gráfica 4. Distribución por sexo



Se atendemos ao curso, comprobamos que son maioritariamente alumnos/as de 6º de Educación Primaria (41,6%). Un 33,8% estuda 4º da ESO, un 15,7% 2º de Bacharelato e un 7,2% está a estudar un Ciclo Formativo.

Gráfica 5. Distribución por curso



7.2. A biblioteca no centro

1. Coñecemento da biblioteca do centro

A maioría do alumnado do total (36,3% e 33,1%) e de centros con Plambe (37,1% e 36,3%) e sen Plambe (35,8% e 27,7%) di coñecer bastante ou moito a biblioteca do seu centro.

Gráfica 6. Coñecemento da biblioteca do centro



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	2,8	7,0	19,1	36,3	33,1	1,7
Con Plambe	2,3	5,7	17,8	37,1	36,3	0,9
Sen Plambe	3,4	9,6	22,2	35,8	27,7	1,3

Nesta cuestión, cando comparamos as respostas dos/as alumnos/as de centros con e sen Plambe comprobamos, logo de empregar a proba t, que as diferenzas

atopadas son significativas (t = 8,598, p < 0,05) e a favor dos centros con Plambe, é dicir, o alumnado destes centros ten un maior coñecemento da biblioteca.

Tamén atopamos dinámicas distintas cando comparamos as valoracións segundo o nivel educativo[3]. Así pois, comprobamos que o alumnado que cursa educación primaria ten un maior coñecemento da biblioteca que o de secundaria, diferenzas que son significativas (t = 32,671, p < 0,05).

2. Ao alumnado gústalle acudir á biblioteca

Respecto desta cuestión, a unha maioría de alumnos/as do total e de centros con Plambe, gústalle acudir bastante á biblioteca (24,3 % e 25,8 %), mentres que nos centros sen Plambe, as respostas repártense con porcentaxes moi similares nas distintas opcións, de tal xeito que, en conxunto, un 33,4 % a sitúa en bastante e moito, un 33,6 % en nada e pouco, e finalmente, un 31,3 % en algo.

Gráfica 7. Ao alumnado gústalle acudir á biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	9,1	20,9	31,3	24,3	12,3	1,9
Con Plambe	8,1	20,4	32,2	25,8	12,7	1,2
Sen Plambe	11,0	22,6	31,3	21,8	11,6	1,6

As diferenzas atopadas nas valoracións do alumnado de centros con e sen Plambe a esta cuestión son significativas (t = 4,581, p < 0,05) e a favor dos centros con Plambe.

Segundo o nivel educativo, atopamos tamén diferenzas significativas (t = 46,573,p < 0,05) entre o alumnado de primaria e secundaria, a favor dos primeiros. Ao respecto, debemos sinalar que igual que coñece máis a biblioteca, ao alumnado de educación primaria tamén lle gusta máis acudir a ela.

3 Na categoria nivel educativo incluímos en primaria o alumnado de 6º Educación Primaria e en Secundaria o alumnado de 4º ESO, 2º Bacharelato, Ciclos Formativos.

3. Participación en actividades promovidas pola biblioteca

Maioritariamente, para o alumnado non é habitual participar nas actividades promovidas pola biblioteca (35,6% total, 31,9% con Plambe e 43,2% sen Plambe) ou o fai pouco (21,1%, 21,1%, 21,0%). Pola contra, no extremo oposto, di participar moito o 11,8%, 14,4% e 7,8% do alumnado do total, con Plambe e sen Plambe, respectivamente.

Gráfica 8. Participación en actividades promovidas pola biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	35,6	21,1	15,4	13,7	11,8	2,0
Con Plambe	31,9	21,1	16,6	14,8	14,4	1,2
Sen Plambe	43,2	21,0	13,7	12,1	7,8	2,2

En relación a esta cuestión, aplicada a proba t, atópanse diferenzas significativas ($t = 10{,}633$, $p < 0{,}05$) entre o alumnado de centros con e sen Plambe, e a favor dos primeiros.

Se comparamos as respostas dadas polo alumnado de primaria e secundaria, as diferenzas atopadas tamén son significativas ($t = 24{,}106$, $p < 0{,}05$) e a favor do alumnado de primaria, o que significa que estes/as alumnos/as participan máis a miúdo nas actividades da biblioteca que os de secundaria.

4. Levar libros e documentos da biblioteca para ler na casa

Segundo as respostas dadas polo conxunto do alumnado participante neste estudo, non é habitual que leven libros e documentos da biblioteca para ler na casa. Concretamente, emite esta opinión preto da metade dos/as alumnos/as do total (24,4% nada e 20,7% pouco), case o 40% dos/as de centros con Plambe (18,4% nada e 21,5% pouco) e algo máis da metade do alumnado de centros sen Plambe (35,3% nada e 19,9% pouco).

A porcentaxe dos/as alumnos/as que din levar bastantes ou moitos libros e documentos para ler é, en conxunto, algo máis baixa (17,9% e 13,4% total; 19,8% e 14,8% con Plambe; 15,0% e 10,8% sen Plambe).

Finalmente, leva algún libro e documento para ler na casa o 21,4% (total), 24,2% (con Plambe) e 17,1% (sen Plambe).

Gráfica 9. Levar libros e documentos da biblioteca para ler na casa



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	24,4	20,7	21,4	17,9	13,4	1,9
Con Plambe	18,4	21,5	24,2	19,8	14,8	1,3
Sen Plambe	35,3	19,9	17,1	15,0	10,8	1,9

Atópanse diferenzas significativas ($t = 12{,}188$, $p < 0{,}05$) no que respecta ao uso da biblioteca para levar libros ou documentos en préstamos para ler na casa, entre os centros con e sen Plambe. As diferenzas atopadas son a favor dos centros con Plambe.

A valoración dos alumnos e alumnas respecto a esta cuestión difire segundo o nivel educativo. Deste xeito, aplicada a proba t, comprobamos que novamente o alumnado de educación primaria adoita levar máis a miúdo libros e documentos da biblioteca para ler na casa, diferenzas que son significativas ($t = 39{,}544$, $p < 0{,}05$).

5. Ter biblioteca no centro favorece a lectura

Unha porcentaxe maioritaria do alumnado do total (19,9% bastante e 19,7% moito) e de centros con Plambe (20,8% bastante e 22,0% moito) considera que ter biblioteca no centro favorece a lectura, fronte a unha maioría dos/as alumnos/as de centros sen Plambe que opinan que non a favorece ou a favorece pouco (25,1% e 18,3%).

As diferenzas atopadas nesta cuestión en función do tipo de centro (con Plambe/ Sen Plambe) son significativas ($t = 7{,}761$, $p < 0{,}05$) e a favor dos centros con Plambe.

Gráfica 10. Ter biblioteca no centro favorece a lectura



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	20,5	16,8	20,8	19,9	19,7	2,0
Con Plambe	18,1	16,2	21,5	20,8	22,0	1,5
Sen Plambe	25,1	18,3	19,9	18,6	16,2	2,0

6. Na biblioteca apréndese a buscar información

Na biblioteca aprende a buscar información unha porcentaxe maioritaria do alumnado da totalidade de centros (22,4% bastante e 16,5% moito) e de centros con Plambe (24,0% bastante e 18,2% moito). Porén, consideran que non aprenden a buscar información (24,7%) ou aprenden pouco (19,2%) unha maioría de alumnos e alumnas de centros sen Plambe.

Gráfica 11. Na biblioteca apréndese a buscar información



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	20,0	17,6	21,5	22,4	16,5	1,9
Con Plambe	17,6	16,9	22,1	24,0	18,2	1,2
Sen Plambe	24,7	19,2	20,8	19,8	13,8	1,7

As diferenzas atopadas nas valoracións do alumnado de centros con e sen Plambe son significativas ($t = 7{,}924$, $p < 0{,}05$) e a favor dos primeiros.

7.3. Equipamento, instalacións e tecnoloxías

1. Valoración do grao de adecuación do equipamento, instalacións e tecnoloxías da biblioteca

Para a maioría do alumnado do total de centros é bastante ou moi adecuado: o lugar onde esta situada a biblioteca (36,7% e 36,9%), o acceso (38,3% moito e 36,8% bastante), o espazo (33,8% bastante e 18,5% moito), a sinalización (bastante 32,2% ou moi adecuada 28,8%), a iluminación (43,5% moito e 37,5% bastante), e os espazos da biblioteca para o traballo en grupo (35,3% e 29,0%) e para o traballo individual (33,1% e 27,3%). Do mesmo xeito, consideran que a distribución da biblioteca é bastante (36,5%) e moi adecuada (28,2%) e din que o mobiliario adecúase bastante (36,5%) e moito (28,4%) as súas necesidades.

O alumnado de centros con Plambe valora moito ou bastante o lugar onde está situada a biblioteca (41,3% e 37,7%). Consideran o acceso moi (42,4%) ou bastante adecuado (38,1%), o mesmo que ocorre coa iluminación (47,2% moito e 37,0% bastante). Maioritariamente consideran a sinalización, xunto co espazo, bastante (34,1% e 35,5%,) ou moi adecuada (32,6%, 20,7%), do mesmo xeito que o son os espazos que hai na biblioteca para o traballo en grupo (36,9% e 32,7%) e para o traballo individual (34,5% e 29,5%). Igual consideración merece para eles e elas a distribución da biblioteca (38,8% e 31,9%) e o mobiliario (38,5% e 32,2%).

Para o alumnado dos centros sen Plambe son bastante e moi adecuados: o lugar onde está situada a biblioteca (35,8% e 29,7%), o acceso (35,4% e 31,9%), a sinalización (29,3% e 22,5%) e a iluminación (39,3% e 38,3%), xunto cos espazos para o traballo en grupo (33,7% e 23,3%) e individual (31,5% e 24,1%). Ademais, consideran que o espazo da biblioteca é bastante (31,8%) ou algo adecuado (24,1%) ao igual que a distribución da biblioteca (33,8% e 23,5%) e o mobiliario (33,6% e 23,1%).

Táboa 1. Valoración do grao de adecuación do equipamento, instalacións e tecnoloxías da biblioteca

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
O lugar onde está situado a biblioteca é adecuado	Nada	3,5	2,2	5,8
	Pouco	5,8	4,1	8,9
	Algo	15,0	13,4	18,2
	Bastante	36,7	37,7	35,8
	Moito	36,9	41,3	29,7
	Ns/Nc	2,0	1,2	1,7
O acceso a biblioteca é adecuado	Nada	2,8	1,9	4,7
	Pouco	5,8	4,0	8,9
	Algo	14,0	12,3	17,1
	Bastante	36,8	38,1	35,4
	Moito	38,3	42,4	31,9
	Ns/Nc	2,3	1,5	2,0
A sinalización da biblioteca é adecuada	Nada	5,8	3,5	9,9
	Pouco	11,0	9,3	14,2
	Algo	19,2	18,4	21,1
	Bastante	32,2	34,1	29,3
	Moito	28,8	32,6	22,5
	Ns/Nc	3,0	2,0	3,0
A iluminación da biblioteca é adecuada	Nada	1,9	1,1	2,8
	Pouco	3,3	2,1	5,1
	Algo	10,5	9,8	11,8
	Bastante	37,5	37,0	39,3
	Moito	43,5	47,2	38,3
	Ns/Nc	3,3	2,6	2,7
Os espazos que hai na biblioteca para o traballo en grupo son adecuados	Nada	4,3	2,8	7,2
	Pouco	9,7	8,5	11,8
	Algo	19,0	17,5	21,4
	Bastante	35,3	36,9	33,7
	Moito	29,0	32,7	23,3
	Ns/Nc	2,7	1,7	2,7
Os espazos da biblioteca son adecuados para a lectura e o traballo individual	Nada	4,9	3,6	7,2
	Pouco	11,0	9,8	13,1
	Algo	21,0	21,0	21,6
	Bastante	33,1	34,5	31,5
	Moito	27,3	29,5	24,1
	Ns/Nc	2,6	1,5	2,5
O espazo da biblioteca é suficiente	Nada	5,3	3,6	8,4
	Pouco	15,2	13,6	18,0
	Algo	24,0	24,3	24,1
	Bastante	33,8	35,5	31,8
	Moito	18,5	20,7	14,5
	Ns/Nc	3,3	2,3	3,3
A distribución da biblioteca é adecuada	Nada	3,3	2,0	5,5
	Pouco	7,6	5,8	10,9
	Algo	20,5	19,0	23,5
	Bastante	36,5	38,8	33,8
	Moito	28,2	31,9	22,3
	Ns/Nc	3,9	2,7	4,1
O mobiliario da biblioteca é adecuado as miñas necesidades	Nada	4,1	2,6	6,8
	Pouco	8,0	6,1	11,5
	Algo	20,1	18,6	23,1
	Bastante	36,5	38,5	33,6
	Moito	28,4	32,2	22,4
	Ns/Nc	2,9	1,9	2,7

2. O número de ordenadores que hai na biblioteca é suficiente

Segundo sinala a maioría do alumnado do total e de centros con Plambe, o número de ordenadores que hai na biblioteca é pouco suficiente (28,8% e 29,8%). Non é suficiente para o 36,5% do alumnado de centros sen Plambe.

Gráfica 12. O número de ordenadores que hai na biblioteca é suficiente



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	22,1	28,8	21,2	16,4	8,5	2,9
Con Plambe	14,0	29,8	24,4	20,2	9,5	2,1
Sen Plambe	36,5	27,4	16,1	10,1	7,0	2,8

No referente ao número de ordenadores que hai na biblioteca, atópanse diferenzas significativas ($t = 0{,}179$, $p < 0{,}05$) entre os centros con e sen Plambe, a favor dos primeiros.

Se comparamos as respostas dadas polo alumnado de educación primaria e secundaria a esta cuestión, as diferenzas nas valoracións tamén son significativas ($t = 6{,}276$, $p < 0{,}05$), e a favor dos/as alumnos/as de Educación Primaria que consideran, en maior medida, que o número de ordenadores da biblioteca é suficiente.

3. Acceso a lectores e libros electrónicos

Polo que se refire ao acceso a lectores e libros electrónicos, algo máis da metade do alumnado do total (51,8%) e de centros con Plambe (46,7%), afirma que non ten acceso a eles. As tres cuartas partes do alumnado de centros sen Plambe (61,8%), tampouco ten acceso a eles.

Gráfica 13. Acceso a lectores e libros electrónicos



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	51,8	14,9	11,9	9,9	7,6	4,0
Con Plambe	46,7	15,9	13,9	11,2	9,0	3,2
Sen Plambe	61,8	13,3	8,8	7,7	5,1	3,3

As diferenzas atopadas nas valoracións do alumnado de centros con e sen Plambe a esta cuestión son significativas ($t = 10{,}904$ $p < 0{,}05$) e novamente a favor dos primeiros. Por outra parte, vemos que o acceso a lectores e libros electrónicos tamén varía en función do nivel educativo. Aplicada a proba t, atópanse diferenzas significativas ($t = 2{,}589$, $p < 0{,}05$) entre o alumnado de primaria e secundaria, a favor dos primeiros.

7.4. Recursos documentais

1. Pódese consultar a través de internet o catálogo da biblioteca

A maioría do alumnado do total de centros di que non pode consultar o catálogo da biblioteca a través de internet (49,1%). Un 65,4% do de centros sen Plambe fai a mesma afirmación. Sen embargo, o de centros con Plambe, opina, maioritariamente, o contrario, e máis da metade dos casos (56,1%) sinala que si.

Gráfica 14. Pódese consultar a través de internet o catálogo da biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	45,8	49,1	5,1
Con Plambe	56,1	40,0	4,0
Sen Plambe	29,3	65,4	5,3

Os resultados indícannos, despois de aplicar a proba Chi-cadrado, que as diferenzas nas respostas do alumnado de centros con e sen Plambe son significativas (Chi-cadrado = 391,128 $p < 0,05$) e a favor dos centros con Plambe.

A valoración dos alumnos e das alumnas respecto a esta cuestión difire segundo o nivel educativo. Deste xeito, aplicada a proba Chi-cadrado, comprobamos que o alumnado de Educación Secundaria sinala, en maior medida, que pode consultar a través de internet o catálogo da biblioteca, diferenzas que son significativas (Chi-cadrado = 67,101, $p < 0,05$).

2. O alumnado atopa os libros e materiais de lectura que necesita na biblioteca

Máis das tres cuartas partes do alumnado do total (84,5%) atopa na biblioteca do seu centro os libros e materiais de lectura que necesita. Na mesma liña, e cunha porcentaxe algo superior (87,7%), sitúase a opinión do alumnado de centros con Plambe. O alumnado de centros sen Plambe opina o mesmo, aínda que, neste caso, a porcentaxe é algo máis baixa (80,8%).

Gráfica 15. O alumnado atopa os libros e materiais de lectura que necesita na biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	84,5	11,9	3,6
Con Plambe	87,7	9,8	2,5
Sen Plambe	80,8	15,5	3,7

As diferenzas nas respostas do alumnado de centros con e sen Plambe son significativas (Chi-cadrado = 47,591 $p < 0,05$) e a favor dos primeiros.

3. O alumnado pode pedir que se merquen os libros que lles interesan

Algo máis da metade (53,3%) do alumnado do total e de centros con Plambe (60,2%) di que pode pedir que merquen os libros que lles interesan. Nos centros sen Plambe as respostas maioritarias (51,6%) sitúanse no extremo contrario.

Gráfica 16. O alumnado pode pedir que se merquen os libros que lles interesan



	Si	Non	Ns/Nc
Total	53,3	40,9	5,7
Con Plambe	60,2	35,2	4,5
Sen Plambe	42,3	51,6	6,1

As diferenzas nas respostas do alumnado dos centros con e sen Plambe son significativas (Chi-cadrado = 170,227 $p < 0,05$) e a favor dos primeiros.

4. O alumnado sabe como están ordenados os libros na biblioteca

A maioría do alumnado do total, e de centros con e sen Plambe sabe como están ordenados os libros na biblioteca (67,9%, 74,4% e 58,1%, respectivamente). Quen menos coñece esa ordenación é o alumnado de centros sen Plambe (38,1%), o do total (28,6%) e o de centros con Plambe (23,3%).

Gráfica 17. O alumnado sabe como están ordenados os libros na biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	67,9	28,6	3,5
Con Plambe	74,4	23,3	2,2
Sen Plambe	58,1	38,1	3,7

Os resultados indican, despois de aplicar a proba Chi-cuadrado (Chi-cadrado = 161,498, $p < 0,05$) que as diferenzas atopadas son significativas, e a favor dos centros con Plambe.

5. O alumnado sabe consultar o catálogo informatizado da biblioteca

En xeral, a maioría do alumnado sinala que non sabe consultar o catálogo informatizado da biblioteca (56,4% total; 50,3% con Plambe; 67,9% sen Plambe). Segundo os datos acadados, un 46,4% dos/as alumnos/as de centros con Plambe afirma saber realizar a consulta. Nos centros sen Plambe saben facela un 26,9% e un 38,9% do alumnado do total.

Gráfica 18. O alumnado sabe consultar o catálogo informatizado da biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	38,9	56,4	4,6
Con Plambe	46,4	50,3	3,3
Sen Plambe	26,9	67,9	5,2

As diferenzas entre as respostas do alumnado de centros con e sen Plambe son significativas (Chi-cadrado = 206,383, $p < 0,05$) e a favor dos primeiros.

6. A colocación dos fondos da biblioteca é doada de entender

Para un 74,2%, un 78,3% e un 68,8% do alumnado do total, de centros con Plambe e sen Plambe respectivamente, a colocación dos fondos da biblioteca é doada de entender.

Gráfica 19. A colocación dos fondos da biblioteca é doada de entender



	Si	Non	Ns/Nc
Total	74,2	21,3	4,5
Con Plambe	78,3	18,5	3,2
Sen Plambe	68,8	26,4	4,8

As diferenzas nas respostas do alumnado de centros con e sen Plambe son a favor dos primeiros e significativas (Chi-cadrado = 58,817, p < 0,05).

7. Pódense consultar recursos dixitais (páxinas web, bases de datos, repositorios, publicacións dixitais...)

Para unha maioría do alumnado do total (65,7%), igual que para o de centros con Plambe (74,3%) e sen Plambe (53,0%), é posible consultar recursos dixitais na biblioteca do seu centro.

Gráfica 20. Pódense consultar recursos dixitais (páxinas web, bases de datos, repositorios, publicacións dixitais...)



	Si	Non	Ns/Nc
Total	65,7	30,0	4,3
Con Plambe	74,3	22,5	3,2
Sen Plambe	53,0	42,6	4,5

Se comparamos as respostas dadas co tipo de centro (con Plambe/sen Plambe) atopamos diferenzas significativas (Chi-cadrado = 284,677, p < 0,05) a favor dos centros con Plambe.

8. Valoración dos fondos da biblioteca escolar

En xeral, os fondos da biblioteca son suficientes para a maioría do alumnado, tanto o total (37,5% bastante e 18,4% moito), como de centros con Plambe (40,8% bastante e 20% moito) e sen Plambe (32,7% bastante e 15,5% moito).

Respecto á conservación destes fondos, o alumnado do total e de centros con Plambe sitúa a súa resposta na categoría bastante maioritariamente (41,3% e 44,4%). Nos centros sen Plambe están bastante conservados segundo un 37,2% dos casos.

Por outra banda, os fondos están algo ou bastante actualizados para unha maioría do alumnado do total (31,9% e 30,7%) e o de centros sen Plambe (33,0% e

24,1%). Para unha maioría do de centros con Plambe os fondos están bastante (35,0%) ou algo (31,7%) actualizados.

O alumnado do total e de centros con Plambe opina que na selección dos fondos se teñen en consideración as súas necesidades bastante (29,6% e 33,4%), mentres que, de xeito contrario, o alumnado de centros sen Plambe entende que se teñen en conta algo (28,4%).

Táboa 2. Valoración dos fondos da biblioteca escolar

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Os fondos da biblioteca son suficientes	Nada	4,4	3,1	6,6
	Pouco	10,8	8,5	14,7
	Algo	25,7	25,4	27,1
	Bastante	37,5	40,8	32,7
	Moito	18,4	20,0	15,5
	Ns/Nc	3,3	2,1	3,4
Os fondos da biblioteca están ben conservados	Nada	3,7	2,9	5,0
	Pouco	9,0	8,3	10,3
	Algo	25,1	24,7	26,2
	Bastante	41,3	44,4	37,2
	Moito	17,1	17,2	17,2
	Ns/Nc	3,8	2,6	4,1
Os fondos da biblioteca están actualizados	Nada	6,4	4,8	9,5
	Pouco	15,3	12,4	20,2
	Algo	31,9	31,7	33,0
	Bastante	30,7	35,0	24,1
	Moito	11,7	13,5	8,8
	Ns/Nc	3,9	2,7	4,4
Na selección dos fondos da biblioteca téñense en conta as miñas necesidades	Nada	8,0	6,0	11,4
	Pouco	14,3	11,1	19,8
	Algo	29,2	30,1	28,4
	Bastante	29,6	33,4	23,8
	Moito	14,5	16,2	11,8
	Ns/Nc	4,4	3,2	4,7

Se comparamos as valoracións do alumnado de centros con e sen Plambe, as diferenzas atopadas son significativas en todos os indicadores valorados. Estas diferenzas son, en todos os casos, a favor dos centros con Plambe.

Táboa 3. Comparación de centros con Plambe e sen Plambe na valoración dos fondos da biblioteca escolar

	Proba t de Student	
	Valor	Significación bilateral
Son suficientes	9.659	0,000
Están actualizados	4.388	0,000
Están ben conservados	12.606	0,000
Na selección dos fondos téñense en conta as miñas necesidades	11.419	0,000

Se comparamos a opinión do alumnado de educación primaria e secundaria en relación aos fondos da biblioteca, atopamos diferenzas significativas a favor de primaria en todos os aspectos valorados. Así pois, o alumnado deste nivel educativo considera, en maior medida que os de secundaria, que os fondos da biblioteca son suficientes, están actualizados, ben conservados e teñen en conta as súas necesidades.

Táboa 4. Comparación do alumnado de educación primaria e secundaria na valoración dos fondos da biblioteca

	Proba t de Student	
	Valor	Significación bilateral
Son suficientes	26,283	0,000
Están actualizados	10,555	0,000
Están ben conservados	11,957	0,000
Na selección dos fondos téñense en conta as miñas necesidades	12,061	0,000

9. Existencia de materiais para todas as materias de aprendizaxe

A maioría do alumnado do total de centros considera que na biblioteca hai materiais para todas as materias de aprendizaxe (33,5% bastantes e 27,1% moitos). As afirmacións do alumnado de centros con Plambe teñen a mesma tendencia (35,2% bastante e 30,8% moito), mentres que nos centros sen Plambe a opinión da maioría apunta a que hai bastantes (31,3%).

Gráfica 21. Existencia de materiais para todas as materias de aprendizaxe



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	4,0	9,5	21,7	33,5	27,1	4,2
Con Plambe	2,4	7,7	21,2	35,2	30,8	2,7
Sen Plambe	6,8	12,9	23,3	31,3	21,1	4,6

As diferenzas nas valoracións do alumnado de centros con e sen Plambe son significativas ($t = 11{,}674$, $p < 0{,}05$) e a favor dos primeiros.

10. Existencia de suficientes exemplares das lecturas recomendadas/obrigatorias

En conxunto, a maioría do alumnado enquisado considera que os exemplares de lecturas recomendadas/obrigatorias existentes na biblioteca do seu centro son bastante numerosos (28,9 % total, 30,6 % con Plambe e 26,8 % sen Plambe).

Gráfica 22. Existencia de suficientes exemplares das lecturas recomendadas/obrigatorias



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	7,7	17,3	24,5	28,9	17,1	4,4
Con Plambe	5,9	17,0	24,8	30,6	18,6	3,2
Sen Plambe	11,1	18,2	24,7	26,8	14,7	4,5

As diferenzas nas valoracións do alumnado de centros con e sen Plambe son significativas ($t = 6{,}893$, $p < 0{,}05$), a favor dos primeiros.

11. Frecuencia de uso dos materiais da biblioteca escolar

Entre un 60% e un 70% do conxunto de alumnado enquisado afirma que nunca emprega lectores dixitais, libros dixitais, discos CD-ROM, vídeos e DVD. Con porcentaxes entre o 20% e o 30% sitúanse aqueles/as que din empregar nunca ou en poucas ocasións libros de contos, poesía e cómic, dicionarios e enciclopedias, xogos didácticos, revistas e xornais, material elaborado polo alumnado, xogos e a páxina web ou blog da biblioteca.

Táboa 5. Frecuencia de uso dos materiais da biblioteca escolar

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Libros de contos, poesía, cómic	Nunca	26,3	23,4	32,3
	Poucas veces	20,5	20,8	20,4
	Algunhas veces	21,8	23,9	18,6
	Bastantes veces	16,2	17,2	14,6
	Moitas veces	12,1	12,9	10,8
	Ns/Nc	3,1	1,8	3,3
Dicionarios e enciclopedias	Nunca	38,6	36,8	42,5
	Poucas veces	25,4	27,7	21,8
	Algunhas veces	16,8	17,6	16,1
	Bastantes veces	10,1	9,8	10,9
	Moitas veces	5,1	5,2	4,7
	Ns/Nc	4,0	2,8	4,0
Vídeos	Nunca	61,4	58,2	68,9
	Poucas veces	15,8	18,6	11,4
	Algunhas veces	9,5	11,0	7,1
	Bastantes veces	5,7	6,2	5,0
	Moitas veces	3,7	4,0	2,9
	Ns/Nc	3,8	2,2	4,6
DVD	Nunca	63,1	59,1	71,7
	Poucas veces	16,1	18,7	11,8
	Algunhas veces	8,7	10,1	6,6
	Bastantes veces	5,2	5,9	3,9
	Moitas veces	3,2	3,8	1,9
	Ns/Nc	3,7	2,4	4,1
Discos CD-ROM	Nunca	71,0	68,8	76,3
	Poucas veces	13,4	15,4	9,9
	Algunhas veces	6,5	7,6	4,8
	Bastantes veces	3,1	3,2	2,8
	Moitas veces	2,2	2,5	1,7
	Ns/Nc	3,9	2,5	4,4
Xogos didácticos	Nunca	58,7	56,4	64,0
	Poucas veces	15,9	17,3	13,7
	Algunhas veces	10,4	11,1	9,0
	Bastantes veces	6,6	7,1	6,0
	Moitas veces	4,0	4,7	2,9
	Ns/Nc	4,4	3,3	4,4

Táboa 5. Frecuencia de uso dos materiais da biblioteca escolar (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Relatos, novelas, poesía, teatro	Nunca	26,2	23,0	32,5
	Poucas veces	18,7	19,2	18,4
	Algunhas veces	23,6	24,3	22,8
	Bastantes veces	16,8	18,3	14,2
	Moitas veces	10,7	12,5	8,0
	Ns/Nc	3,9	2,7	4,1
Revistas e xornais	Nunca	43,5	39,4	51,8
	Poucas veces	20,5	22,8	17,4
	Algunhas veces	16,0	17,9	12,9
	Bastantes veces	10,2	11,2	8,6
	Moitas veces	5,4	5,8	4,5
	Ns/Nc	4,3	2,8	4,9
Material elaborado polo alumnado	Nunca	47,1	44,4	53,2
	Poucas veces	18,5	19,1	17,7
	Algunhas veces	14,6	15,7	13,0
	Bastantes veces	8,8	9,7	7,4
	Moitas veces	7,0	8,5	4,4
	Ns/Nc	3,8	2,6	4,3
Xogos	Nunca	54,5	53,1	58,5
	Poucas veces	16,2	17,1	14,8
	Algunhas veces	11,6	12,1	10,9
	Bastantes veces	7,7	8,5	6,4
	Moitas veces	6,1	6,7	5,0
	Ns/Nc	3,9	2,4	4,3
Lectores dixitais/ tabletas	Nunca	77,6	76,3	81,8
	Poucas veces	8,1	9,8	5,2
	Algunhas veces	5,2	5,8	4,0
	Bastantes veces	3,0	3,2	2,9
	Moitas veces	2,2	2,2	1,8
	Ns/Nc	3,9	2,7	4,3
Libros dixitais	Nunca	76,8	74,8	81,9
	Poucas veces	8,4	10,0	5,7
	Algunhas veces	5,2	5,9	4,0
	Bastantes veces	3,3	3,7	2,7
	Moitas veces	1,8	1,9	1,5
	Ns/Nc	4,6	3,6	4,2
Páxina web ou blog da biblioteca	Nunca	50,1	43,1	62,7
	Poucas veces	15,6	17,6	12,8
	Algunhas veces	12,5	14,9	8,8
	Bastantes veces	8,2	10,1	5,2
	Moitas veces	8,0	9,8	5,2
	Ns/Nc	5,4	4,4	5,4
Outros materiais	Nunca	55,0	53,1	59,4
	Poucas veces	7,7	7,9	7,1
	Algunhas veces	6,9	7,4	6,1
	Bastantes veces	4,7	4,7	4,9
	Moitas veces	4,3	4,8	3,3
	Ns/Nc	21,5	22,1	19,2

7.5. Persoal

1. Coñecemento da persoa (ou persoas) que se encarga/n da biblioteca no centro

Unha contundente maioría do conxunto de alumnado enquisado coñece á persoa ou persoas encargada/s da biblioteca do seu centro (86,3%, 90,7% e 80,4%). Tan só un 15,5% nos centros sen Plambe afirma non coñecela/s, fronte ao 6,6% e 9,8% do total e de centros con Plambe, respectivamente.

Gráfica 23. Coñecemento da persoa (ou persoas) que se encarga/n da biblioteca no centro



	Si	Non	Ns/Nc
Total	86,3	9,8	3,9
Con Plambe	90,7	6,6	2,7
Sen Plambe	80,4	15,5	4,0

Se comparamos as respostas do alumnado a esta cuestión co tipo de centro (con Plambe/sen Plambe) atopamos diferenzas significativas (Chi-cadrado = 130,510, $p < 0,05$) a favor dos centros con Plambe.

Segundo o nivel educativo, atopamos tamén diferenzas significativas (Chi-cadrado = 46,987, $p < 0,05$) entre o alumnado de primaria e secundaria, a favor destes últimos. Así pois, o alumnado que cursa Educación Secundaria ten un maior coñecemento da/s persoa/s que encargada/s da biblioteca que o de primaria.

2. Atención prestada pola persoa encargada da biblioteca

Segundo expón a maioría do conxunto de alumnos/as enquisados/as, a persoa encargada da biblioteca do centro atende e resolve as súas dúbidas (83,6% total, 88,5% con Plambe e 77,0% sen Plambe). Destacar tamén que o 18,1% do alumnado de centros sen Plambe, o 8,8% do de centros con Plambe e o 12,2% do total de centros afirma o contrario.

Gráfica 24. Atención prestada pola persoa encargada da biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	83,6	12,2	4,2
Con Plambe	88,5	8,8	2,7
Sen Plambe	77,0	18,1	4,9

3. Colaboración coa biblioteca na realización dalgunha tarefa

En conxunto, máis da metade de alumnos/as enquisados/as di que non colabora coa biblioteca nas distintas tarefas que se realizan na mesma (58,7% total, 56,2% con Plambe e 64,6% sen Plambe).

Gráfica 25. Colaboración coa biblioteca na realización dalgunha tarefa



	Si	Non	Ns/Nc
Total	37,3	58,7	3,9
Con Plambe	41,3	56,2	2,5
Sen Plambe	30,9	64,6	4,5

As diferenzas nas respostas do alumnado entre os centros con e sen Plambe son significativas (Chi-cadrado = 57,407, $p < 0,05$) e a favor dos primeiros.

Tamén atopamos dinámicas distintas cando comparamos as valoracións dos/as alumnos/as de primaria e secundaria. Así pois, comprobamos que as diferenzas que son significativas (Chi-cadrado = 1132,945, $p < 0,05$), e o alumnado de primaria colabora máis.

4. Participación voluntaria en iniciativas como clubs de lectura, hora de ler, lecturas compartidas, lecturas públicas, lecturas en outros centros...

En xeral, a maioría do alumnado do estudo adoita non participar voluntariamente en iniciativas como: clubs de lectura, Hora de ler, lecturas compartidas, lecturas públicas e/ou lecturas en outros centros (62,7% total, 59,1% con Plambe e 70,2% sen Plambe). Participan voluntariamente neste tipo de iniciativas unha porcentaxe máis baixa que non chega, en ningún caso, ao 40% (32,9% total, 38,0% con Plambe e 24,8% sen Plambe).

Gráfica 26. Participación voluntaria en iniciativas como clubs de lectura, hora de ler, lecturas compartidas, lecturas públicas, lecturas en outros centros



	Si	Non	Ns/Nc
Total	32,9	62,7	4,4
Con Plambe	38,0	59,1	2,9
Sen Plambe	24,8	70,2	5,0

Se comparamos as respostas á pregunta co tipo de centro (con Plambe/sen Plambe) obsérvanse diferenzas significativas (Chi-cadrado = 101,862 $p < 0,05$), e a favor dos centros con Plambe.

A valoración dos alumnos e alumnas respecto a esta cuestión difire segundo o nivel educativo. Deste xeito, aplicada a proba t, comprobamos que novamente o alumnado de Educación Primaria participa máis que o de secundaria en iniciativas como clubs de lectura, Hora de ler..., pois as diferenzas son significativas ($t = 560,716$, $p < 0,05$).

7.6. Xestión

1. Adecuación do funcionamento da biblioteca

En termos xerais, o alumnado enquisado do total (38,0%) e de centros sen Plambe (31,8%) considera que o funcionamento da biblioteca do seu centro é bastante adecuado; nos centros con Plambe, a porcentaxe maioritaria segue a mesma tendencia (42,1%).

Gráfica 27. Adecuación do funcionamento da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	5,2	10,2	24,0	38,0	18,9	3,6
Con Plambe	3,5	7,2	23,1	42,1	21,9	2,3
Sen Plambe	8,2	15,4	26,3	31,8	14,1	4,2

As diferenzas nas valoracións do alumnado de centros con e sen Plambe son significativas ($t = 14{,}135$, $p < 0{,}05$) e a favor dos primeiros.

2. Axuste do horario de apertura da biblioteca ás necesidades do alumnado

A opinión da maioría do alumnado é coincidente respecto á valoración desta cuestión. Neste senso, algo máis da metade do alumnado do total e de centros con Plambe, e preto do 50% do de centros sen Plambe considera que o horario de apertura da biblioteca se axusta bastante e moito (30,6% e 25,8%; 33,0% e 29,0%; 27,3% e 20,9% respectivamente) as súas necesidades.

Gráfica 28. Axuste do horario de apertura da biblioteca ás necesidades do alumnado



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	8,0	11,7	19,9	30,6	25,8	4,0
Con Plambe	5,8	10,1	19,3	33,0	29,0	2,6
Sen Plambe	11,9	14,5	21,1	27,3	20,9	4,4

As diferenzas na valoración do alumnado de centros con e sen Plambe son significativas ($t = 10{,}809$, $p < 0{,}05$), e a favor dos primeiros.

3. Colaboración no proceso de planificación e desenvolvemento das actividades da biblioteca

Das respostas dadas polo alumnado participante no estudo despréndese con claridade que a súa colaboración no proceso de planificación e desenvolvemento das actividades da biblioteca é nula ou moi escasa (46,0% e 18,0% total; 42,0% e 18,8% con Plambe; 54,2% e 16,9% sen Plambe).

Gráfica 29. Colaboración no proceso de planificación e desenvolvemento das actividades da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	46,0	18,0	15,0	9,9	7,1	3,9
Con Plambe	42,0	18,8	16,4	11,4	8,9	2,4
Sen Plambe	54,2	16,9	12,6	7,9	3,9	4,6

Nesta cuestión as diferenzas na valoración do alumnado de centros con e sen Plambe son significativas ($t = 10{,}432$, $p < 0{,}05$), e a favor dos primeiros.

Tamén atopamos dinámicas distintas cando comparamos as valoracións dos/as alumnos/as de primaria e secundaria. Así pois, comprobamos que as diferenzas son significativas ($t = 33{,}097$, $p < 0{,}05$) e a favor do alumnado de primaria.

4. Colaboración no proceso de avaliación das actividades da biblioteca

A colaboración na avaliación das actividades da biblioteca é escasa, tanto para o alumnado enquisado do total, como para o de centros con e sen Plambe (50,5%, 47,2% e 57,9%).

Gráfica 30. Colaboración no proceso de avaliación das actividades da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	50,5	17,0	13,2	9,0	6,2	4,1
Con Plambe	47,2	17,6	14,3	10,3	7,8	2,7
Sen Plambe	57,9	16,1	11,2	6,8	3,4	4,6

Nesta cuestión as diferenzas nas valoracións do alumnado dos centros con e sen Plambe son significativas ($t = 10{,}432$, $p < 0{,}05$), e a favor dos primeiros.

Tamén se atopan diferenzas cando comparamos as valoracións dos/as alumnos/as de primaria e secundaria. Así pois, comprobamos que os/as primeiros/as colaboran máis no proceso de avaliación das actividades da biblioteca, diferenzas que son significativas ($t = 25{,}491$, $p < 0{,}05$).

7.7. Dinámica, uso e redes de colaboración

1. Coñecemento dos servizos que ofrece a biblioteca

En conxunto, máis das tres cuartas partes do alumado enquisado coñece os servizos que ofrece a biblioteca do seu centro (78,4% total, 82,3% con Plambe e 73,3% sen Plambe). Hai que destacar tamén que o 21,1%, 12,6% e 15,5% do alumnado de centros sen Plambe, con Plambe e total respectivamente, afirman o contrario.

Gráfica 31. Coñecemento dos servizos que ofrece a biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	78,4	15,5	6,0
Con Plambe	82,3	12,6	5,1
Sen Plambe	73,3	21,1	5,6

As diferenzas atopadas nesta cuestión na valoración do alumnado segundo o tipo de centro (con Plambe/sen Plambe) son significativas (Chi-cadrado = 82,487, $p < 0,05$) e a favor dos primeiros.

Tamén se atopan diferenzas segundo nivel educativo. Como resultado de aplicación da proba Chi-cadrado comprobamos como o alumnado de secundaria ten un maior coñecemento dos servizos da biblioteca, diferenzas que son significativas (Chi-cadrado = 115,104, $p < 0,05$).

2. Frecuencia de asistencia á biblioteca

A maioría do alumnado enquisado da totalidade de centros participantes no estudo di que non é habitual que vaia a biblioteca só/soa (33,2%) ou vai poucas veces (29,7%); acode algunhas (24,1%) e bastantes veces (23,1%) con compañeiros/as, e nunca (38,0%) ou poucas veces (26,7%) en compañía do/a profesor/a.

Un 31,8% do alumnado de centros con Plambe frecuenta poucas veces só/soa a biblioteca; un 25,1% vai algunhas e bastantes veces con compañeiros/as e un 34,9% e 28,5% non vai normalmente á biblioteca co profesor/a ou o faino poucas veces.

A maioría do alumnado de centros sen Plambe (39,7%) habitualmente non vai a biblioteca só/soa, ou en caso de facelo, acode poucas veces (26,9%); vai en compañía dos compañeiros/as algunhas veces (23,4%) e nun 44,3% dos casos normalmente non vai a biblioteca co/a profesor/a ou vai en poucas ocasións (24,5%).

Táboa 6. Frecuencia de asistencia á biblioteca

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Só/Soa	Nunca	33,2	29,6	39,7
	Poucas veces	29,7	31,8	26,9
	Algunhas veces	17,6	19,1	15,8
	Bastantes veces	9,0	9,5	8,3
	Moitas veces	6,4	7,1	4,9
	Ns/Nc	4,1	3,0	4,2
Con compañeiros/as	Nunca	9,4	7,7	12,8
	Poucas veces	17,4	16,0	20,2
	Algunhas veces	24,1	25,1	23,4
	Bastantes veces	23,1	25,0	20,1
	Moitas veces	21,8	23,4	19,1
	Ns/Nc	4,2	2,8	4,3
Co profesor/a	Nunca	38,0	34,9	44,3
	Poucas veces	26,7	28,5	24,5
	Algunhas veces	16,7	18,2	14,4
	Bastantes veces	7,7	8,8	6,2
	Moitas veces	6,4	6,6	6,0
	Ns/Nc	4,4	3,0	4,6

3. Momentos nos que o alumnado acode á biblioteca

A maioría do alumnado enquisado do total de centros participantes no estudo normalmente non vai á biblioteca no horario extraescolar (74,1%) e de clase (33,6%), ou o fai poucas veces (10,5% e 29,7%). Porén, si é habitual que algunhas veces vaia á biblioteca nos períodos de recreo (23,6%).

Os/as alumnos/as de centros con Plambe visitan a biblioteca poucas veces (33,0%) en horario de clase; non adoitan ir no horario extraescolar (75,2%), e no período de recreo acoden nalgunhas ocasións (25,9%).

Pola súa parte, o alumnado de centros sen Plambe afirma que normalmente non acode á biblioteca no horario extraescolar (74,1%) e non vai, ou o fai en poucas ocasións, nos períodos de recreo (31,9% e 21,7%) e no horario de clase (38,6% e 24,9%).

Táboa 7. Momentos nos que o alumnado acode á biblioteca

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
No horario de clase	Nunca	33,6	31,4	38,6
	Poucas veces	29,7	33,0	24,9
	Algunhas veces	17,9	18,9	16,3
	Bastantes veces	7,0	7,8	5,8
	Moitas veces	7,1	6,0	8,9
	Ns/Nc	4,6	2,9	5,4
Nos períodos de recreo	Nunca	21,1	15,0	31,9
	Poucas veces	21,3	21,4	21,7
	Algunhas veces	23,6	25,9	20,2
	Bastantes veces	16,6	19,2	12,6
	Moitas veces	13,0	15,6	8,6
	Ns/Nc	4,4	2,8	5,1
No horario extraescolar	Nunca	74,1	75,2	74,1
	Poucas veces	10,5	11,4	9,3
	Algunhas veces	5,8	5,4	6,4
	Bastantes veces	2,8	2,8	2,9
	Moitas veces	1,9	1,8	2,0
	Ns/Nc	4,9	3,4	5,4

4. Frecuencia de asistencia á biblioteca para a realización de distintas actividades

A maioría do alumnado do total de centros sinala que non leva, ou poucas veces o fai, libros en préstamo (23,6% e 20,0%), estuda (26,0% e 23,2%), le (37,1% e 21,4%) e fai traballos na biblioteca (27,8% e 24,5%). A consulta de información (31,9% e 24,5%), o uso de ordenadores (43,9% e 21,5%), o acceso a internet (46,3% e 20,7%), así como a participación en actividades de fomento da lectura (55,2% e 17,7%) son actividades que non realiza habitualmente,

ou as realiza en poucas ocasións. Do mesmo xeito, non recibe normalmente formación na biblioteca (44,5%), nin realiza traballos de investigación (41,8%).

O alumnado de centros con Plambe afirma que algunhas ou poucas veces leva libros en préstamo (24,1% e 20,6%), estuda (24,8% e 23,3%) e realiza traballos de investigación (24,4% e 29,8%). Nunca ou poucas veces le (35,5% e 22,3%), fai traballos (25,3% e 25,0%), consulta información (27,7% e 25,9%), utiliza os ordenadores (36,4% e 24,4%), accede a internet (38,8% e 23,7%), participa en actividades de fomento da lectura (48,9% e 18,4%) e recibe formación (41,1% e 23,1%) na biblioteca.

O alumnado de centros sen Plambe nunca ou poucas veces leva libros en préstamo (34,7% e 19,4%), estuda (31,7% e 23,6%), le (41,1% e 20,3%), fai traballos (32,7% e 24,3%) e consulta información (40,3% e 20,7%). En menor medida, un pouco máis da metade do alumnado nunca utiliza os ordenadores (57,6%), accede a internet (60,2%), participa en actividades de fomento da lectura (59,3%), recibe formación (51,8%) e realiza traballos de investigación (49,3%) na biblioteca.

Táboa 8. Frecuencia de asistencia á biblioteca para a realización de distintas actividades

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Levar libros en préstamo	Nunca	23,6	17,4	34,7
	Poucas veces	20,0	20,6	19,4
	Algunhas veces	21,5	24,1	17,7
	Bastantes veces	16,7	19,4	12,5
	Moitas veces	14,7	16,3	12,0
	Ns/Nc	3,6	2,2	3,8
Estudar	Nunca	26,0	22,9	31,7
	Poucas veces	23,2	23,3	23,6
	Algunhas veces	22,1	24,8	18,0
	Bastantes veces	15,5	16,8	13,4
	Moitas veces	9,4	9,8	9,1
	Ns/Nc	3,9	2,4	4,2
Ler	Nunca	37,1	35,5	41,1
	Poucas veces	21,4	22,3	20,3
	Algunhas veces	16,1	16,9	15,2
	Bastantes veces	11,7	12,5	10,7
	Moitas veces	9,3	10,1	8,0
	Ns/Nc	4,3	2,7	4,7
Facer traballos	Nunca	27,8	25,3	32,7
	Poucas veces	24,5	25,0	24,3
	Algunhas veces	22,7	24,5	20,2
	Bastantes veces	13,6	14,5	12,3
	Moitas veces	7,2	7,9	6,1
	Ns/Nc	4,2	2,8	4,4

Táboa 8. Frecuencia de asistencia á biblioteca para a realización de distintas actividades (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Consultar información	Nunca	31,9	27,7	40,3
	Poucas veces	24,5	25,9	22,7
	Algunhas veces	20,1	22,3	17,0
	Bastantes veces	12,6	14,3	9,8
	Moitas veces	6,7	7,3	5,8
	Ns/Nc	4,1	2,6	4,3
Utilizar os ordenadores	Nunca	43,9	36,4	57,6
	Poucas veces	21,5	24,4	17,6
	Algunhas veces	14,9	18,0	9,8
	Bastantes veces	8,5	10,3	5,8
	Moitas veces	6,9	8,3	4,7
	Ns/Nc	4,2	2,7	4,5
Acceder a internet	Nunca	46,3	38,8	60,2
	Poucas veces	20,7	23,7	16,3
	Algunhas veces	13,9	16,9	8,8
	Bastantes veces	7,8	9,6	5,0
	Moitas veces	7,1	8,3	5,2
	Ns/Nc	4,2	2,8	4,4
Participar en actividades de fomento da lectura	Nunca	52,2	48,9	59,3
	Poucas veces	17,7	18,4	16,7
	Algunhas veces	12,0	13,1	10,2
	Bastantes veces	8,6	9,9	6,7
	Moitas veces	5,3	6,9	2,6
	Ns/Nc	4,1	2,7	4,4
Recibir formación	Nunca	44,5	41,1	51,8
	Poucas veces	21,5	23,1	19,2
	Algunhas veces	16,6	18,4	13,6
	Bastantes veces	8,3	9,2	6,9
	Moitas veces	4,7	5,4	3,4
	Ns/Nc	4,3	2,8	5,0
Realizar traballos de investigación	Nunca	41,8	14,0	49,3
	Poucas veces	21,4	29,8	19,5
	Algunhas veces	17,0	24,4	14,2
	Bastantes veces	9,8	20,2	7,7
	Moitas veces	5,6	9,5	4,4
	Ns/Nc	4,4	2,1	4,8
Outros. Indica cales	Nunca	55,1	53,3	59,5
	Poucas veces	6,1	6,1	6,0
	Algunhas veces	4,9	5,3	4,4
	Bastantes veces	3,5	3,8	3,2
	Moitas veces	3,4	3,6	2,9
	Ns/Nc	27,1	28,0	23,9

5. Tipo de materiais solicitados en préstamo

A maioría do alumnado enquisado do total e de centros sen Plambe toma en préstamo, sobre todo, os materiais que lle gustan (21,3% e 22,3%), seguido dos de lectura obrigatoria (20,1% e 19,9%) e os que necesita para facer traballos (6,7% e 9,9%). Combina estas tres razóns un 41,6% do alumnado do total e un 34,3% do de centros sen Plambe. No caso dos/as alumnos/as de centros con Plambe, o 20,6% toma en préstamo materiais que lle gustan ou de lectura obrigatoria, o 5,0% os que necesita para facer os traballos e a porcentaxe restante sinala as tres opcións combinadas.

Táboa 9. Tipo de materiais solicitados en préstamo

	Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Os que me gustan	21,3	20,6	22,3
Os de lectura obrigatoria	20,1	20,6	19,9
Os que necesito para facer traballos	6,7	5,0	9,9
Os que me gustan e os de lectura obrigatoria	9,7	11,9	6,4
Os que me gustan e os que necesito para facer traballos	11,1	11,6	10,7
Os de lectura obrigatoria e os que necesito para facer traballos	8,7	9,3	8,0
Os que me gustan, os de lectura obrigatoria e os que necesito para facer traballos	12,1	13,8	9,2

7.8. Biblioteca e currículo

1. Participación do alumnado en distintas actividades da biblioteca

A maioría do alumnado do total, de centros con Plambe e sen Plambe indica que non é frecuente que participe en actividades de formación para a busca de información en internet (54,8%%, 49,8% e 64,8%).

Do mesmo xeito, non é tampouco participa frecuentemente en actividades de promoción da lectura segundo o 49,3% de alumnado do total, o 46,8% de centros con Plambe e o 55,1% sen Plambe, nin en actividades para saber usar os materiais da biblioteca (52,7%, 49,1% e 60,8%).

Táboa 10. Participación do alumnado en distintas actividades da biblioteca

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Participo en actividades de formación para buscar información en internet	Nada	54,8	49,8	64,8
	Pouco	19,1	21,3	16,0
	Algo	11,7	14,3	7,2
	Bastante	6,4	7,5	4,7
	Moito	3,9	4,5	2,8
	Ns/Nc	4,0	2,6	4,5
Participo en actividades de promoción da lectura	Nada	49,3	46,8	55,1
	Pouco	18,1	18,4	17,6
	Algo	13,9	14,8	12,5
	Bastante	9,4	10,8	7,2
	Moito	5,2	6,3	3,1
	Ns/Nc	4,2	2,8	4,5
Participo en actividades para saber usar os materiais da biblioteca	Nada	52,7	49,1	60,8
	Pouco	17,5	18,8	15,3
	Algo	12,2	14,0	9,4
	Bastante	8,3	9,1	7,2
	Moito	4,9	6,1	2,7
	Ns/Nc	4,2	2,9	4,6

Se comparamos as valoracións do alumnado de centros con e sen Plambe, as diferenzas atopadas son significativas en todos os indicadores valorados. Estas diferenzas son en todos os casos, a favor de centros con Plambe.

Táboa 11. Comparación de centros con Plambe e sen Plambe na participación do alumnado en distintas actividades da biblioteca

	Proba t de Student	
	Valor	Significación bilateral*
Participo en actividades de formación para buscar información en internet	11,545	0,000
Participo en actividades de promoción da lectura	8,636	0,000
Participo en actividades para saber usar os materiais da biblioteca	9,651	0,000

*$p < 0,05$

Se comparamos a opinión do alumnado de primaria e secundaria en relación a estas cuestións atopamos diferenzas significativas, a favor dos primeiros en todos os aspectos valorados.

Táboa 12. Comparación do alumnado de educación primaria e secundaria na participación en distintas actividades da biblioteca

	Proba t de Student	
	Valor	Significación bilateral*
Participo en actividades de formación para buscar información en internet	21,681	0,000
Participo en actividades de promoción da lectura	29,963	0,000
Participo en actividades para saber usar os materiais da biblioteca	32,933	0,000

*$p < 0,05$

2. Para realizar os traballos de clase, o profesorado pide que se busque información na biblioteca

En opinión da maioría do alumnado, para realizar os traballos de clase o profesorado non adoita pedir ao alumnado que busque información na biblioteca (33,7% total, 29,6% con Plambe e 41,0% sen Plambe).

Gráfica 32. Para realizar os traballos de clase, o profesorado pide que se busque información na biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	33,7	23,8	19,8	12,9	5,8	4,0
Con Plambe	29,6	25,5	22,1	13,8	6,3	2,7
Sen Plambe	41,0	21,8	16,3	11,5	4,9	4,5

As diferenzas na valoración do alumnado de centros con e sen Plambe son significativas ($t = 7,719$, $p < 0,05$) e a favor dos centros con Plambe.

A valoración dos alumnos e alumnas respecto a esta cuestión difire segundo o nivel educativo. Deste xeito, aplicada a proba t, comprobamos que as diferenzas son significativas ($t = 13,420$, $p < 0,05$), a favor do alumando de primaria.

3. O profesorado anima ao alumnado a acudir á biblioteca

O alumnado enquisado do total, de centros con Plambe e sen Plambe sinala, en xeral, que para acudir á biblioteca o profesorado non adoita animalo (24,1% total, 20,9% con Plambe e 29,9% sen Plambe).

Gráfica 33. O profesorado anima ao alumnado a acudir á biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	24,1	18,0	19,3	19,9	14,4	4,3
Con Plambe	20,9	17,8	20,6	21,8	16,0	2,9
Sen Plambe	29,9	18,5	17,6	17,1	12,2	4,8

4. Dedicación de tempo a lectura en horario lectivo

En conxunto, o alumnado enquisado di que non dedica tempo á lectura en horario lectivo (32,7%, 30,0% e 38,5%) ou dedícalle pouco tempo (19,5%, 19,5% e 19,7%).

Gráfica 34. Dedicación de tempo a lectura en horario lectivo



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	32,7	19,5	17,3	14,2	12,0	4,4
Con Plambe	30,0	19,5	18,6	15,9	13,1	2,9
Sen Plambe	38,5	19,7	15,5	11,6	9,7	4,9

7.9. Tecnoloxías da información e da comunicación

1. Posibilidade de conexión a internet na biblioteca

Dun xeito claro, o conxunto do alumnado enquisado sinala maioritariamente que pode conectarse a internet na biblioteca do seu centro (78,9% total, 88,4% con Plambe e 64,6% sen Plambe).

Gráfica 35. Posibilidade de conexión a internet na biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	78,9	16,8	4,3
Con Plambe	88,4	8,6	3,0
Sen Plambe	64,6	30,8	4,6

Se comparamos as respostas do alumnado e o tipo de centro (con Plambe/sen Plambe) obsérvase que hai diferenzas significativas (Chi-cadrado = 501,815, $p < 0,05$), e a favor dos centros con Plambe.

Cando comparamos as diferenzas entre o alumnado de Educación Primaria e de Educación Secundaria nesta cuestión, atopamos diferenzas significativas (Chi-cadrado = 183,903, $p < 0,05$) a favor do alumnado de secundaria.

2. Posibilidade de conexión a unha rede wifi na biblioteca

Algo máis da metade do alumnado do total e de centros sen Plambe (52,4% e 57,2%), e aproximadamente a metade (50,5%) do de centros con Plambe, sinala que non pode conectarse á rede wifi na biblioteca. No outro extremo, indican que si o poden 42,3%, 45,5% e 37,4% do total, con Plambe e sen Plambe respectivamente.

Gráfica 36. Posibilidade de conexión a unha rede wifi na biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	42,3	52,4	5,3
Con Plambe	45,5	50,5	4,1
Sen Plambe	37,4	57,2	5,3

As diferenzas atopadas nesta cuestión nas respostas do alumnado de centros con e sen Plambe son significativas (Chi-cadrado = 33,816, $p < 0,05$) e a favor dos centros Plambe.

A valoración dos alumnos e alumnas respecto a esta cuestión difire segundo o nivel educativo. Deste xeito, aplicada a proba Chi-cadrado, comprobamos que un maior número en Educación Primaria afirman que na biblioteca teñen posibilidade de conexión a unha rede wifi, diferenzas que son significativas (Chi-cadrado = 316,167, $p < 0,05$).

3. Número de ordenadores da biblioteca con conexión a internet é suficiente

O número de ordenadores da biblioteca con conexión a internet é escaso en opinión da maioría do conxunto de alumnos/as enquisados/as (29,2% total, 29,4% con Plambe e 29,4% sen Plambe) e que contan con algúns ordenadores con conexión a internet (23,2% total, 26,9% con Plambe e 17,7% sen Plambe). A porcentaxe dos/as que opinan que son moitos é máis baixa (7,5% total, 8,6% con Plambe e 5,7% sen Plambe).

Gráfica 37. Número de ordenadores da biblioteca con conexión a internet é suficiente



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	17,6	29,2	23,2	17,9	7,5	4,7
Con Plambe	9,8	29,4	26,9	22,0	8,6	3,3
Sen Plambe	30,9	29,4	17,7	11,3	5,7	5,0

As diferenzas na valoración do alumnado de centros con e sen Plambe son significativas ($t = 18{,}765$, $p < 0{,}05$) e a favor dos centros con Plambe.

A valoración dos alumnos e alumnas respecto a esta cuestión difire segundo o nivel educativo. Deste xeito, aplicada a proba t, comprobamos que hai diferenzas significativas a favor do alumnado de primaria ($t = 2{,}790$, $p < 0{,}05$), que opina que o número de ordenadores da biblioteca con conexión a internet é suficiente en comparación cos de secundaria.

4. Medios a través dos que o alumnado recibe información sobre as actividades que se levan a cabo na biblioteca

A análise desta cuestión debe ser feita nun dobre sentido. Por un lado, a maioría dos/as enquisados/as di que non recibe información (19,1% total; 14,2% con Plambe; 27,4% sen Plambe). Por outro lado, o que sí a recibe di que o principal medio é o profesorado (17,3%; 14,7%; 21,9%), seguido da páxina web do centro (2,5%; 2,3%; 3,2%). Finalmente, cabe sinalar que unha ampla porcentaxe indica que recibe información a través de varios medios á vez (54,1%; 61,2%; 41,6%), por exemplo: blog da biblioteca, correo electrónico, alumnado voluntario na biblioteca ou profesorado.

Táboa 13. Medios a través dos que o alumnado recibe información sobre as actividades que se levan a cabo na biblioteca

	Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Ningún	19,1	14,2	27,4
Correo electrónico	0,9	0,9	0,9
Blog da biblioteca	1,5	1,7	1,3
Páxina web do centro	2,5	2,3	3,2
Boletín informativo	0,0	0,0	0,0
Profesorado	17,3	14,7	21,9
Equipo directivo do centro	0,6	0,5	0,7
Alumnado voluntario na biblioteca	1,1	1,4	0,7
Outros	1,0	1,0	0,9
Varios medios combinados	54,1	61,2	41,6
Ns/Nc	1,9	2,1	1,4

7.10. Valoracións

1. Valoración do grao en que determinados aspectos da biblioteca deberían ser mellorados

Dun xeito global, para o alumnado enquisado do total de centros, deberían mellorar moito: os ordenadores con conexión a internet (21,2%) e o acceso a libros electrónicos (31,4%). Non precisan mellorar: o acceso (38,8%), a iluminación (41,7%), a atención da persoa responsable da biblioteca e dos outros membros do equipo da biblioteca (39,0%), o lugar onde está situada (42,3%) e o horario de apertura en horario lectivo (35,7%) e extraescolar (36,3%).

Nos centros con Plambe debería mellorar moito: o acceso a libros electrónicos (28,4%). Indican que non necesitan unha mellora sobre todo: o acceso (41,4%), a iluminación (45,5%), a atención da persoa responsable da biblioteca e dos outros membros do equipo da biblioteca (43,1%) e o lugar onde está situada (47,4%).

Respecto aos centros sen Plambe, deberían mellorar moito: espazos (superficie/distribución) e o mobiliario un pouco; as instalacións, os fondos documentais e informativos algo; o equipamento básico en medios audiovisuais (22,0%), películas, series e música actuais (27,3%), documentos electrónicos (27,4%), ordenadores con conexión a internet (28,2%) e acceso a libros electrónicos (37,3%).

Non precisan mellora os seguintes aspectos: acceso (35,0%), a iluminación (36,1%), a atención da persoa responsable da biblioteca e dos outros membros do equipo da biblioteca (33,0%), o lugar onde está situada (34,8%), e o horario de apertura en horario lectivo (32,8%) e extraescolar (31,7%).

Táboa 14. Aspectos da biblioteca que deberían ser mellorados

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Acceso	Nada	38,8	41,4	35,0
	Pouco	23,3	23,9	22,9
	Algo	17,2	16,9	18,3
	Bastante	9,3	8,5	10,7
	Moito	7,1	6,2	8,6
	Ns/Nc	4,3	3,0	4,5
Sinalización	Nada	32,7	35,3	29,1
	Pouco	24,2	25,4	22,7
	Algo	18,9	18,9	19,3
	Bastante	12,4	11,0	15,0
	Moito	7,1	5,9	9,2
	Ns/Nc	4,6	3,4	4,7
Iluminación	Nada	41,7	45,5	36,1
	Pouco	22,2	21,9	23,5
	Algo	14,3	13,5	15,7
	Bastante	9,4	8,7	10,8
	Moito	6,8	6,2	7,7
	Ns/Nc	5,7	4,3	6,1
Espazos (superficie/ distribución)	Nada	24,0	25,9	21,4
	Pouco	25,3	26,1	24,5
	Algo	22,0	22,1	22,3
	Bastante	15,4	14,4	17,7
	Moito	8,5	7,9	9,3
	Ns/Nc	4,8	3,6	4,8
Instalacións	Nada	24,1	26,4	21,0
	Pouco	23,1	24,5	21,0
	Algo	24,5	24,6	24,8
	Bastante	15,0	13,8	17,7
	Moito	8,5	7,0	11,0
	Ns/Nc	4,7	3,6	4,6
Mobiliario	Nada	27,3	30,8	22,0
	Pouco	24,3	24,9	23,5
	Algo	21,8	21,3	23,1
	Bastante	13,8	12,6	16,1
	Moito	7,9	6,7	10,1
	Ns/Nc	4,9	3,6	5,1
Préstamo	Nada	33,7	36,2	30,2
	Pouco	22,4	23,6	20,4
	Algo	18,0	17,1	20,0
	Bastante	11,7	11,1	13,0
	Moito	8,8	7,7	10,7
	Ns/Nc	5,5	4,3	5,8
Fondos documentais ou informativos	Nada	25,5	27,7	22,0
	Pouco	25,1	26,9	22,4
	Algo	23,2	22,8	24,7
	Bastante	12,8	11,8	14,9
	Moito	7,8	6,5	10,0
	Ns/Nc	5,7	4,2	6,0

Táboa 14. Aspectos da biblioteca que deberían ser mellorados (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos	Nada	18,8	19,4	18,1
	Pouco	19,3	21,5	15,7
	Algo	22,1	23,8	19,8
	Bastante	18,6	18,7	19,0
	Moito	16,1	12,8	22,0
	Ns/Nc	5,2	3,9	5,4
Atención da persoa responsable da biblioteca e dos outros membros do equipo da biblioteca	Nada	39,0	43,1	33,0
	Pouco	22,4	22,5	23,0
	Algo	14,7	14,4	15,1
	Bastante	10,3	9,0	12,3
	Moito	8,8	7,5	11,4
	Ns/Nc	4,9	3,5	5,3
Información das actividades programadas	Nada	26,7	29,7	22,3
	Pouco	23,9	25,1	22,6
	Algo	21,3	21,1	21,9
	Bastante	13,0	12,3	14,3
	Moito	9,8	8,0	13,1
	Ns/Nc	5,3	3,9	5,7
Funcionamento	Nada	30,7	34,6	24,9
	Pouco	24,3	25,4	23,0
	Algo	20,0	19,1	22,1
	Bastante	11,4	10,1	13,8
	Moito	8,2	6,6	10,9
	Ns/Nc	5,3	4,1	5,4
Lugar onde está situada	Nada	42,3	47,4	34,8
	Pouco	19,2	19,0	20,1
	Algo	13,3	12,3	15,4
	Bastante	9,9	9,0	11,7
	Moito	9,8	8,4	12,4
	Ns/Nc	5,4	4,0	5,6
Libros e materiais que me gustan	Nada	25,5	28,3	21,3
	Pouco	21,5	22,4	20,5
	Algo	21,0	21,4	20,6
	Bastante	14,6	13,6	16,8
	Moito	11,9	10,6	14,5
	Ns/Nc	5,4	3,8	6,3
Películas, series e música actuais	Nada	20,8	21,3	20,5
	Pouco	16,5	19,0	12,5
	Algo	19,7	21,8	16,4
	Bastante	17,2	17,2	17,5
	Moito	20,1	16,2	27,3
	Ns/Nc	5,7	4,5	5,7
Documentos electrónicos	Nada	22,6	23,2	21,7
	Pouco	16,8	18,9	13,5
	Algo	18,3	20,7	14,6
	Bastante	15,6	15,7	16,3
	Moito	20,5	16,7	27,4
	Ns/Nc	6,2	4,9	6,6
Horario de apertura en horario lectivo	Nada	35,7	37,9	32,8
	Pouco	19,3	19,9	18,5
	Algo	16,6	16,4	17,5
	Bastante	11,5	11,0	12,7
	Moito	11,2	10,4	12,5
	Ns/Nc	5,7	4,5	6,0

Táboa 14. Aspectos da biblioteca que deberían ser mellorados (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Horario de apertura en horario extraescolar	Nada	36,3	39,4	31,7
	Pouco	17,0	17,5	16,4
	Algo	15,9	16,1	16,1
	Bastante	11,4	10,1	13,7
	Moito	13,2	12,0	15,8
	Ns/Nc	6,1	4,9	6,2
Actividades de promoción da lectura	Nada	30,1	33,7	24,6
	Pouco	24,3	25,7	22,1
	Algo	20,3	19,6	22,0
	Bastante	10,8	9,9	12,8
	Moito	8,5	6,3	12,3
	Ns/Nc	6,0	4,7	6,2
Actividades para un mellor uso da biblioteca	Nada	28,6	31,3	24,7
	Pouco	24,6	26,7	21,4
	Algo	20,6	20,2	21,4
	Bastante	11,9	10,8	14,3
	Moito	8,9	6,6	12,7
	Ns/Nc	5,4	4,3	5,6
Espazo para ler e traballar	Nada	27,2	30,3	22,9
	Pouco	22,7	23,6	21,6
	Algo	19,6	19,1	21,1
	Bastante	14,1	13,4	15,2
	Moito	10,5	9,2	12,9
	Ns/Nc	5,8	4,4	6,3
Ordenadores con conexión a internet	Nada	20,5	21,7	18,9
	Pouco	17,5	18,6	15,7
	Algo	18,5	20,5	15,4
	Bastante	16,6	17,5	15,6
	Moito	21,2	17,5	28,2
	Ns/Nc	5,7	4,4	6,2
Frecuencia de visitas co profesor ou profesora	Nada	26,7	28,4	24,7
	Pouco	21,5	22,3	20,5
	Algo	20,3	21,1	19,6
	Bastante	14,3	13,4	16,2
	Moito	11,9	10,9	13,4
	Ns/Nc	5,3	3,9	5,7
Información sobre temas de interese	Nada	25,8	28,5	21,8
	Pouco	23,8	25,2	21,7
	Algo	21,6	21,5	22,4
	Bastante	13,2	12,0	15,5
	Moito	10,0	8,7	12,5
	Ns/Nc	5,5	4,1	6,1
Utilización polo alumnado	Nada	25,6	28,1	21,8
	Pouco	20,3	21,2	18,9
	Algo	21,5	21,6	22,0
	Bastante	15,0	14,2	16,9
	Moito	12,2	11,0	14,5
	Ns/Nc	5,3	3,9	5,8
Acceso a libros electrónicos	Nada	22,8	23,9	21,6
	Pouco	11,6	13,1	9,1
	Algo	13,8	15,7	10,6
	Bastante	14,7	14,6	15,7
	Moito	31,4	28,4	37,3
	Ns/Nc	5,7	4,2	5,8

Conclusións

Neste apartado presentamos as principais conclusións extraídas a partir da información achegada polos/as alumnos/as, organizadas segundo as dimensións da biblioteca escolar contempladas no estudo e diferenciando entre centros con Plambe e sen Plambe e nivel educativo (Educación Primaria e Educación Secundaria).

A biblioteca no centro

- En xeral, o alumnado coñece e lle gusta acudir á biblioteca, aínda que participa pouco nas actividades que se programan; de vez en cando leva libros en préstamo e considera que ter biblioteca no centro favorece a lectura.
- Na biblioteca ademais de préstamo e consulta, o alumnado di que aprende a buscar información.
- O alumnado de centros con Plambe é o que ten maior coñecemento da biblioteca e adoita levar máis a miúdo libros e documentos para ler na casa. Tamén afirma, en maior medida, que ter biblioteca favorece a lectura e que nela se aprende a buscar información.
- O alumnado de primaria ten maior coñecemento da biblioteca e leva máis a miúdo libros e documentos para ler na casa que o de secundaria.

Equipamento, instalacións e tecnoloxías

- En xeral, valoran positivamente as instalacións da biblioteca e consideran como moi adecuado o lugar, o acceso e a iluminación da biblioteca e bastante a sinalización e a distribución.
- O equipamento, máis concretamente, o mobiliario e os espazos para o traballo en grupo e para a lectura e o traballo individual son bastante ben valorados.
- Con respecto ás tecnoloxías, consideran que os ordenadores cos que conta a biblioteca escolar son insuficientes e algo máis da metade afirma que na biblioteca do seu centro non teñen acceso a lectores e libros electrónicos.
- O alumnado de centros con Plambe valora máis favorablemente que o de centros sen Plambe, as instalacións e o equipamento da biblioteca escolar.
- Na biblioteca dos centros sen Plambe o acceso a lectores e libros electrónicos e o número de ordenadores é máis escaso que na dos centros con

Plambe. A tendencia é a mesma ao comparar ao alumnado de Educación Primaria e Educación Secundaria.

Recursos documentais

- Máis das tres cuartas partes do alumnado atopa na biblioteca do seu centro os libros e materiais de lectura que necesita, e mesmo pode pedir que merquen os libros que lle interesan.
- O alumnado pode consultar recursos dixitais na biblioteca do centro, ten coñecemento do sistema de ordenación e ubicación dos libros, e algo máis da metade afirma que non sabe consultar o catálogo informatizado da biblioteca.
- En xeral, os fondos da biblioteca están bastante actualizados, conservados, son suficientes e na súa selección tense bastante en conta a súa opinión. Do mesmo xeito, din que na biblioteca hai bastantes materiais para todas as materias de aprendizaxe e suficientes exemplares de lecturas recomendadas e obrigatorias.
- O alumnado emprega con pouca frecuencia lectores dixitais, libros dixitais, discos CD-ROM; videos e DVD e xogos.
- Na biblioteca dos centros con Plambe, en maior medida que na dos centros sen Plambe, pódese consultar o catálogo da biblioteca a través de internet.
- Así mesmo, o alumnado de centros con Plambe e de Educación Primaria coñece mellor o sistema de ordenación e a ubicación dos libros da biblioteca e tamén valora máis positivamente os fondos da biblioteca que o de centros sen Plambe e de Educación Secundaria.

Persoal

- En xeral, o alumnado coñece a persoa ou persoas que se encarga/n da biblioteca, ao igual que valora como adecuada a atención que presta/n.
- De xeito habitual, o alumnado non colabora nas tarefas da biblioteca, nin nas diferentes iniciativas que se propoñen desde a mesma.
- En xeral, o/a responsable da biblioteca é máis coñecido polos/as alumnos/as de centros Plambe que polos/as de centros sen Plambe e atende en maior medida as súas necesidades.
- O alumnado de centros Plambe colabora e participa algo máis que o de centros sen Plambe nas diferentes tarefas organizadas pola biblioteca escolar.

Xestión

- En xeral, o alumnado valora como bastante adecuado o funcionamento da biblioteca é e o horario de apertura, que se axusta bastante as súas necesidades.
- Alumnas e alumnos apenas colaboran no proceso de planificación, desenvolvemento e avaliación das actividades da biblioteca escolar.
- O horario da biblioteca é valorado máis favorablemente polo alumnado de centros con Plambe que sen Plambe.

Dinámica, uso e redes de colaboración

- En xeral, o alumnado coñece os servizos que ofrece a biblioteca do seu centro.
- Normalmente alumnos e alumnas acoden á biblioteca acompañados por compañeiros/as e, de xeito menos habitual, co profesorado ou sós/soas.
- Soen acudir a biblioteca nos períodos de recreo, algunha que outra vez no horario de clase e con pouca frecuencia no horario extraescolar.
- A frecuencia de uso da biblioteca para realizar determinadas actividades é variable en función do tipo de actividade que se trate. A maioría sinala que adoita frecuentar moi habitualmente a biblioteca para levar libros en préstamo, estudar, ler, facer traballos e consultar información.
- Para o que acoden menos habitualmente os/as alumnos/as é para utilizar os ordenadores, acceder a internet, participar en actividades de fomento da lectura, recibir formación e realizar traballos de investigación.
- Así mesmo, o que máis solicita en préstamo é o material que lle gusta, seguido de lecturas obrigatorias e o que necesita para facer traballos.
- Os servizos da biblioteca de centros con Plambe son algo máis utilizados polos/as alumnos/as que polos/as de centros sen Plambe.

Biblioteca e currículo

- O alumnado apenas participa en actividades de formación para buscar información en internet, de promoción da lectura, e de utilización dos materiais da biblioteca.
- O alumnado non soe adicar moito tempo á lectura en horario lectivo.
- A participación do alumnado de centros sen Plambe nas actividades da biblioteca de formacion e promoción da lectura é menor que a dos de centros con Plambe; ademais soe adicar menos tempo á lectura en horario lectivo.

Tecnoloxías da Información e da comunicación

- O alumnado pode conectarse a internet na biblioteca. Tamén pode conectarse á rede wifi, aínda que sobre este particular as respostas non son unánimes.
- En xeral, consideran que o número de ordenadores con conexión a internet non é suficiente, aínda que, neste punto, a dotación dos centros con Plambe é algo mellor que a de centros sen Plambe.
- O alumnado sinala que non soe recibir información sobre as actividades que se levan a cabo na biblioteca e cando a reciben é, principalmente, a través do profesorado e a páxina web do centro.

Valoracións

- En xeral, os/as alumnos/as, consideran que deberían mellorar na biblioteca aspectos como: o acceso a libros electrónicos, os ordenadores con conexión a internet e os documentos electrónicos e o equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos. Non obstante, o que valoran máis positivamente da biblioteca son: a atención da persoa responsable e do equipo da biblioteca, o lugar e as instalación da biblioteca no seu conxunto.

Funcionamento da biblioteca escolar segundo nais e pais

CAPÍTULO 8

Este capítulo recolle a información proporcionada polas familias. Presentamos, en primeiro lugar unha descrición deste colectivo e das respostas proporcionadas, organizadas segundo as distintas dimensións da biblioteca escolar obxecto de estudo. Tamén damos conta dos resultados acadados ao comparar as súas respostas nalgunhas cuestións, tendo en conta os centros con Plambe e sen Plambe. Por último, extraemos as principais conclusións.

8.1. Datos sociodemográficos

O total de nais e pais participantes no estudo é de 666 dos/as que o 89,2% están relacionados con centros de titularidade pública e o 10,4% con centros privados. Ademais, o 71,6% dos centros aos que están vinculados, participan do Plambe e o restante 28,4% non.

Gráfica 1. Titularidade do centro



O 29,3% son nais/pais de estudantes de centros situados na provincia da Coruña, o 18,0% na provincia de Lugo, o 16,7% na de Ourense e o 35,6% na de Pontevedra.

Gráfica 2. Distribución por provincia do centro



A maioría de nais e pais indican que os/as seus fillos/as están escolarizados en Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP) (38,1%) e Institutos de Educación Secundaria (IES) (39,9%); un 4,4% en Centros Privados (CPR), o 14,7% en Centros Públicos Integrados (CPI) e o 0,2% en Colexios de Educación Primaria (CEP).

Gráfica 3. Tipo de centro



Respostan ao cuestionario un 34,1% de homes, e un 64,1% de mulleres. O 1,8% non sabe ou non contesta a esta cuestión.

Gráfica 4. Distribución por sexo



O 17,7% das nais e pais pertence á Comisión de Biblioteca Escolar. O 31,8% pertence á ANPA. O 50,5% restante non participa nin na Comisión de Biblioteca nin na ANPA.

Gráfica 5. Participación na Comisión de Biblioteca Escolar e/ou na ANPA



A maioría das nais e pais que respostaron ao cuestionario teñen fillos/as cursando 6º de Educación Primaria (52,0%), o 31,8% en 4º curso de Educación Secundaria Obrigatoria, o 9,6% en 2º de Bacharelato e o 5,9% estudan un Ciclo Formativo.

Gráfica 6. Curso do fillo/a segundo nais e pais



8.2. A biblioteca no centro

1. Coñecemento da biblioteca

En conxunto, a maioría das nais e dos pais enquisados din non coñecer nada ou pouco a biblioteca do centro no que estuda o/a seu fillo/a (34,2% e 18,0% total; 32,9% e 17,0% con Plambe; 37,6% e 20,6% sen Plambe).

Gráfica 7. Coñecemento da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	34,2	18,0	28,4	14,3	5,1	0,0
Con Plambe	32,9	17,0	28,9	15,9	5,2	0,0
Sen Plambe	37,6	20,6	27,0	10,1	4,8	0,0

2. Coñecemento do funcionamento da biblioteca

As nais e pais participantes no estudo, din non coñecer nada ou pouco o funcionamento da biblioteca do centro no que estuda o/a seu fillo/a (31,1% e 20,0% total; 30,0% e 17,8% con Plambe; 33,9% e 25,4% sen Plambe).

Gráfica 8. Coñecemento do funcionamento da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/nc
Total	31,1	20,0	27,6	15,2	5,1	1,1
Con Plambe	30,0	17,8	28,9	16,4	5,9	1,0
Sen Plambe	33,9	25,4	24,3	12,2	3,2	0,0

Comparando as valoracións de nais e pais de centros con e sen Plambe nesta cuestión, atopamos diferenzas significativas ($t = 2{,}349$, $p < 0{,}05$), a favor das familias de centros con Plambe.

3. O seu fillo/a utiliza a biblioteca

En xeral, nais e pais coinciden en sinalar que o/a seu/súa fillo/a utiliza a biblioteca bastante ou moito (29,9% e 17,6% total; 31,0% e 17,0% con Plambe; 27,0% e 19,0% sen Plambe).

Gráfica 9. O seu fillo/a utiliza a biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/nc
Total	6,3	17,7	27,0	29,9	17,6	1,5
Con Plambe	5,9	16,4	27,9	31,0	17,0	1,9
Sen Plambe	7,4	21,2	24,9	27,0	19,0	0,5

4. Ter biblioteca no centro axuda a que o/a seu/súa fillo/a lea e aprenda a traballar coa información

As respostas do conxunto de nais e pais respecto desta cuestión revelan que, para a maioría ter biblioteca no centro axuda a que o/a seu/súa fillo/a lea e aprenda a traballar coa información moito ou bastante (35,4% e 31,7% total; 36,3% e 32,3% con Plambe; 33,3% e 30,2%, sen Plambe).

Gráfica 10. Ter biblioteca no centro axuda a que o/a seu/súa fillo/a lea e aprenda a traballar coa información



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/nc
Total	7,5	7,8	17,0	31,7	35,4	0,6
Con Plambe	8,0	7,1	15,7	32,3	36,3	0,6
Sen Plambe	6,3	9,5	20,1	30,2	33,3	0,5

5. O seu fillo/a trae libros e outros materiais e documentos da biblioteca para ler na casa

A opinión de nais e pais respecto desta cuestión repártese en porcentaxes moi similares nas distintas opcións de resposta, pero cunha clara tendencia. Así, sinalan que os/as fillos/as extraen da biblioteca libros, materiais e documentos para ler na casa en bastantes ou nalgunha que outra ocasión (27,0% e 25,1% total; 29,4% e 27,5%, con Plambe). Por outra banda, as respostas maioritarias nos centros sen Plambe sitúanse nas categorías pouco e nada (23,3% e 20,6%).

Gráfica 11. O seu fillo/a trae libros e outros materiais e documentos da biblioteca para ler na casa



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	15,1	16,4	25,1	27,0	15,2	0,6
Con Plambe	13,8	13,6	27,5	29,4	15,1	0,6
Sen Plambe	20,6	23,3	19,0	21,2	15,3	0,5

As diferenzas nas valoracións das nais e pais de centros con e sen Plambe nesta cuestión son significativas ($t = 631$, $p < 0,05$) e a favor das familias de centros con Plambe.

6. O seu fillo/a participa en actividades promovidas pola biblioteca

Segundo as respostas das nais e pais participantes neste estudo, o/a seu/súa fillo/a non participa ou o fai pouco en actividades promovidas pola biblioteca (33,2% e 17,4% total; 30,6% e 16,1% con Plambe; 39,7% e 20,6% sen Plambe). No extremo oposto, manifestan que participa bastante e moito o 15,6% e 12,9% do total, o 16,1% e 15,1% de centros con Plambe, e o 14,3% e 7,4% de centros sen Plambe.

Gráfica 12. O seu fillo/a participa en actividades promovidas pola biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	33,2	17,4	18,5	15,6	12,9	2,4
Con Plambe	30,6	16,1	19,5	16,1	15,1	2,5
Sen Plambe	39,7	20,6	15,9	14,3	7,4	2,1

As diferenzas nas valoracións das nais e pais de centros con e sen Plambe son significativas ($t = 3{,}223$, $p < 0{,}05$) e a favor das familias de centros con Plambe.

7. Nas reunións promovidas polo centro fálase da biblioteca

O conxunto de nais e pais enquisados afirma, maioritariamente, que nas reunións promovidas polo centro fálase da biblioteca nada ou pouco (30,2% e 26,1% total; 27,0% e 24,7% con Plambe; 8,1% e 29,6% sen Plambe). Pola contra, algo menos do 5,0% confirma que se fala moito (4,1% total; 4,2% con Plambe; 3,7% sen Plambe).

Gráfica 13. Nas reunións promovidas polo centro fálase da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	30,2	26,1	24,2	10,5	4,1	5,0
Con Plambe	27,0	24,7	26,8	11,7	4,2	5,5
Sen Plambe	38,1	29,6	17,5	7,4	3,7	3,7

As diferenzas nas valoracións das nais e pais por tipo de centro (con Plambe/ sen Plambe) son significativas ($t = 2{,}663$, $p < 0{,}05$), a favor dos centros con Plambe.

8. O seu fillo/a usa materiais da biblioteca para realizar os traballos da clase

Segundo as respostas da maioría das nais e pais participantes no estudo, o/a seu/súa fillo/a usa nada ou pouco os materiais da biblioteca para realizar os traballos da clase (28,4% e 19,1% total; 24,7% e 17,8% con Plambe; 37,6% e 22,2% sen Plambe).

Gráfica 14. O seu fillo/a usa materiais da biblioteca para realizar os traballos da clase



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	28,4	19,1	27,0	17,7	5,9	2,0
Con Plambe	24,7	17,8	30,2	19,3	6,1	1,9
Sen Plambe	37,6	22,2	19,0	13,8	5,3	2,1

Nesta cuestión, comparando os centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas ($t = 3{,}465$, $p < 0{,}05$) nos resultados, a favor das familias de centros con Plambe.

9. É cometido da biblioteca realizar accións orientadas a apoiar ao alumnado no desenvolvemento de competencias dixitais e de traballo coa información

En conxunto, a maioría das nais e pais enquisados/as consideran que a biblioteca ten bastante ou moita responsabilidade na realización de accións orientadas a apoiar ao alumnado no desenvolvemento de competencias dixitais e de traballo coa información (35,3% e 20,9% total; 33,1% e 21,2% con Plambe; 40,7% e 20,1% sen Plambe).

Gráfica 15. É cometido da biblioteca realizar accións orientadas a apoiar ao alumnado no desenvolvemento de competencias dixitais e de traballo coa información



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	7,4	9,0	24,6	35,3	20,9	2,9
Con Plambe	7,8	9,9	25,2	33,1	21,2	2,9
Sen Plambe	6,3	6,9	23,3	40,7	20,1	2,6

8.3. Instalacións, equipamento e tecnoloxías

1. Valoración do grao de adecuación do equipamento, instalacións e tecnoloxías da biblioteca

Para a maioría do conxunto de nais e pais enquisados/as o lugar onde esta situada a biblioteca é bastante axeitado (42,8% total, 43,6% con Plambe e 40,7% sen Plambe); tamén o é o acceso (43,7%, 42,6% e 46,6%), a sinalización (36,6%, 37,3% e 34,9%), a iluminación (43,8%, 43,8% e 43,9%), os espazos para o traballo en grupo (34,8%, 35,0% e 34,4%) e para o traballo individual (32,7%, 33,5% e 30,7%). Do mesmo xeito, consideran bastante axeitada a distribución da biblioteca (32,6%, 32,5% e 32,8%) e a adecuación do seu mobiliario ás necesidades dos/as usuarios/as (36,3%, 36,5% e 36,0%).

Un 24,5% das familias do total e un 25,2% das de centros con Plambe afirman que é bastante adecuada a accesibilidade, aínda que as porcentaxes son moi próximas ás dos que sinalan que non é adecuada (22,2% e 20,1%). Nos centros sen Plambe, o 27,5% opina que non é adecuada e un 22,8% que o é bastante.

Respecto ao número de ordenadores que hai na biblioteca, unha maioría, considera que son poucos (29,0% total e 29,8% con Plambe). Un 34,4% das familias de centros sen Plambe valóraos como insuficientes.

Táboa 1. Valoración do grao de adecuación do equipamento, instalacións e tecnoloxías da biblioteca

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
O lugar	Nada	6,9	5,5	10,6
	Pouco	8,3	7,3	10,6
	Algo	15,9	16,4	14,8
	Bastante	42,8	43,6	40,7
	Moito	21,8	23,7	16,9
	Ns/Nc	4,4	3,6	6,3
O acceso	Nada	6,5	5,7	8,5
	Pouco	8,4	7,5	10,6
	Algo	16,1	17,0	13,8
	Bastante	43,7	42,6	46,6
	Moito	20,6	23,3	13,8
	Ns/Nc	4,8	4,0	6,9
A sinalización	Nada	9,6	7,8	14,3
	Pouco	10,1	10,3	9,5
	Algo	18,8	19,5	16,9
	Bastante	36,6	37,3	34,9
	Moito	18,8	21,4	12,2
	Ns/Nc	6,2	3,8	12,2
A iluminación	Nada	4,7	4,6	4,8
	Pouco	5,6	4,8	7,4
	Algo	15,5	16,1	13,8
	Bastante	43,8	43,8	43,9
	Moito	22,8	24,1	19,6
	Ns/Nc	7,7	6,5	10,6
Os espazos para o traballo en grupo	Nada	7,8	5,9	12,7
	Pouco	12,2	11,7	13,2
	Algo	22,1	22,6	20,6
	Bastante	34,8	35,0	34,4
	Moito	15,0	18,0	7,4
	Ns/Nc	8,1	6,7	11,6
Os espazos para a lectura e o traballo individual	Nada	7,1	5,5	11,1
	Pouco	15,2	14,3	17,5
	Algo	24,8	25,6	22,8
	Bastante	32,7	33,5	30,7
	Moito	11,9	13,8	6,9
	Ns/Nc	8,4	7,3	11,1
A distribución	Nada	6,8	6,3	7,9
	Pouco	15,5	13,6	20,1
	Algo	28,1	29,4	24,9
	Bastante	32,6	32,5	32,8
	Moito	9,2	11,3	3,7
	Ns/Nc	8,0	6,9	10,6
O mobiliario	Nada	5,9	5,0	7,9
	Pouco	13,5	13,4	13,8
	Algo	24,8	25,4	23,3
	Bastante	36,3	36,5	36,0
	Moito	11,9	13,0	9,0
	Ns/Nc	7,7	6,7	10,1

Táboa 1. Valoración do grao de adecuación do equipamento, instalacións e tecnoloxías da biblioteca (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
O número de ordenadores	Nada	19,5	13,6	34,4
	Pouco	29,0	29,8	27,0
	Algo	23,0	26,4	14,3
	Bastante	15,0	16,8	10,6
	Moito	4,5	5,5	2,1
	Ns/Nc	9,0	8,0	11.6
A accesibilidade para persoas con discapacidade é adecuada	Nada	22,2	20,1	27,5
	Pouco	14,4	15,9	10,6
	Algo	16,5	16,6	16,4
	Bastante	24,5	25,2	22,8
	Moito	14,7	16,1	11,1
	Ns/Nc	7,7	6,1	11.6

8.4. Recursos documentais

1. Realizouse algunha actuación para a mellora da biblioteca

Case a metade das nais e dos pais do total de centros afirma que non se realizaron (27,5%) ou se realizaron poucas (21,3%) actuacións para a mellora da biblioteca escolar. Un 26,2% e un 22,2% das familias con Plambe fan a mesma afirmación.

Nos centros sen Plambe, o 30,7% das nais e dos pais sinalan que non se realizou ningunha actuación e o 19,0% que se fixeron poucas.

Gráfica 16. Realizouse algunha actuación para a mellora da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	27,5	21,3	22,5	12,5	5,9	10,4
Con Plambe	26,2	22,2	23,3	11,9	6,7	9,6
Sen Plambe	30,7	19,0	20,6	13,8	3,7	12,2

2. Tense en conta a opinión das nais e pais na selección de materiais para a biblioteca

Máis do 40% de nais e pais do total de centros indica que non se ten nada en conta a súa opinión na selección de materiais (42,3%). Algo máis da metade (51,3%), nos centros sen Plambe, fan a mesma afirmación. Sen embargo, nos centros con Plambe, as opinións non son tan rotundas, pois un 20,5% di que se ten pouco en conta a súa opinión, e un 38,8% nada.

Gráfica 17. Tense en conta a opinión das nais e pais na selección de materiais para a biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	42,3	19,1	17,4	10,2	2,7	8,3
Con Plambe	38,8	20,5	17,2	10,9	3,8	8,8
Sen Plambe	51,3	15,3	18,0	8,5	0,0	6,9

Nesta cuestión, comparando as familias de centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas ($t = 2,407$, $p < 0,05$) nos resultados, a favor das primeiras.

3. Os fondos dos que dispón a biblioteca están actualizados

En conxunto, a maioría das nais e dos pais enquisados/as afirma que os fondos dos que dispón a biblioteca están algo (30,6%, 30,8% e 30,2%) ou bastante (27,9%, 30,2% e 22,2%) actualizados.

Gráfica 18. Os fondos dos que dispón a biblioteca están actualizados



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	10,1	15,2	30,6	27,9	6,5	9,8
Con Plambe	8,6	14,5	30,8	30,2	7,5	8,4
Sen Plambe	13,8	16,9	30,2	22,2	3,7	13,2

Nesta cuestión, comparando os centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas ($t = 3{,}580$, $p < 0{,}05$) nos resultados, a favor dos primeiros.

4. Os fondos da biblioteca están ben conservados

Para unha maioría das nais e dos pais, os fondos da biblioteca están bastante (41,9% total, 42,8% con Plambe e 39,7% sen Plambe) conservados. No extremo oposto, unha pequena porcentaxe opina o contrario (6,5% total, 6,3% con Plambe, 6,9% sen Plambe).

Gráfica 19. Os fondos da biblioteca están ben conservados



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	6,5	11,0	21,5	41,9	10,4	8,9
Con Plambe	6,3	10,9	21,2	42,8	11,1	7,8
Sen Plambe	6,9	11,1	22,2	39,7	8,5	11,6

5. Os fondos da biblioteca son axeitados

En conxunto, a maioría das nais e dos pais enquisados/as, afirma que os fondos da biblioteca son bastante ou algo axeitados (40,5% e 25,5% total; 41,3% e 26,0% con Plambe; 38,6% e 24,3% sen Plambe).

Gráfica 20. Os fondos da biblioteca son axeitados



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	6,2	9,3	25,5	40,5	9,0	9,5
Con Plambe	5,9	8,6	26,0	41,3	9,9	8,4
Sen Plambe	6,9	11,1	24,3	38,6	6,9	12,2

As diferenzas na valoración de nais e pais dos centros con e sen Plambe son significativas ($t = 2,046$, $p < 0,05$), e a favor dos centros con Plambe.

6. Os fondos da biblioteca cobren as distintas necesidades do fillo/a

A maioría das nais e dos pais enquisados/as afirma que os fondos da biblioteca cobren bastante (35,0%, 36,9% e 30,2%) ou algo (22,8%, 22,4% e 23,8%), as distintas necesidades do/da seu/súa fillo/a.

Gráfica 21. Os fondos da biblioteca cobren as distintas necesidades do fillo/a



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	8,4	14,1	22,8	35,0	11,1	8,6
Con Plambe	7,3	12,2	22,4	36,9	13,2	8,0
Sen Plambe	11,1	19,0	23,8	30,2	5,8	10,1

Nesta cuestión, comparando as familias de centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas ($t = 3{,}462$, $p < 0{,}05$) nos resultados, a favor das primeiras.

8.5. Persoal

1. Coñecemento da persoa (ou persoas) que se encarga/n da biblioteca

Unha contundente maioría das nais e dos pais enquisados/as din que non coñecen á persoa ou persoas encargada/s da biblioteca escolar (37,2% total, 35,4% con Plambe e 41,8% sen Pambe). Pola contra, coñécena algo o 20,7% do total, o 21,2% de centros con Plambe e o 19,6% de centros sen Plambe.

Gráfica 22. Coñecemento da persoa (ou persoas) que se encarga/n da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	37,2	15,8	20,7	16,1	8,9	1,4
Con Plambe	35,4	16,1	21,2	17,0	9,0	1,3
Sen Plambe	41,8	14,8	19,6	13,8	8,5	1,6

2. Coñecemento das funcións da persoa responsable da biblioteca

En conxunto, segundo expón a maioría das nais e dos pais enquisados/as, non coñecen (30,3% total; 26,8% con Plambe; 39,2% sen Plambe) cales son as funcións da persoa responsable da biblioteca do centro, ou as coñecen algo (23,4% total, 24,7% con Plambe, e 20,1% sen Plambe).

Gráfica 23. Coñecemento das funcións do responsable da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	30,3	21,9	23,4	15,8	6,5	2,1
Con Plambe	26,8	23,1	24,7	16,1	7,3	1,9
Sen Plambe	39,2	19,0	20,1	14,8	4,2	2,6

En relación a esta cuestión, hai diferenzas nas valoracións das nais e pais de centros con Plambe e sen Plambe e esas diferenzas son significativas ($t = 2{,}748$, $p < 0{,}05$) e a favor das primeiras.

3. Colaboración nalgunha tarefa ou actividade organizada pola biblioteca

Unha maioría (73,3 %) das nais e dos pais do total de centros di que non colabora coa biblioteca nas distintas tarefas que se realizan nela. Fai a mesma valoración o 71,5 % nos centros con Plambe e o 77,8 % nos sen Plambe.

Gráfica 24. Colaboración nalgunha tarefa ou actividade organizada pola biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	73,3	12,2	6,8	4,2	1,7	2,0
Con Plambe	71,5	13,6	6,7	4,6	1,9	1,7
Sen Plambe	77,8	8,5	6,9	3,2	1,1	2,6

4. Implicación en actividades como as Mochilas viaxeiras, sesións de lectura compartida,…

Máis da metade (51,5%) das nais e dos pais do total de centros non están implicados en actividades da biblioteca. Nos centros con Plambe a porcentaxe é menor (45,3%), mentres que nos centros sen Plambe un 67,2% afirma que non participan.

Gráfica 25. Implicación en actividades como as Mochilas viaxeiras, sesións de lectura compartida,...



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	51,5	11,1	12,5	13,4	9,0	2,6
Con Plambe	45,3	12,8	14,9	15,7	9,6	1,7
Sen Plambe	67,2	6,9	6,3	7,4	7,4	4,8

Aplicada a proba t, atópanse diferenzas significativas ($t = 5{,}093$, $p < 0{,}05$) entre os centros con e sen Plambe, a favor dos primeiros.

8.6. Xestión

1. Adecuación do funcionamento da biblioteca

En termos xerais, a maioría das nais e dos pais considera que o funcionamento da biblioteca é bastante (38,0% total; 39,4% con Plambe; 34,4% sen Plambe) e algo (23,4%, 22,6% e 25,4%) adecuado. Pola contra, sinalan que non é adecuado o 7,1%, 6,5% e 8,5% respectivamente.

Gráfica 26. Adecuación do funcionamento da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	7,1	10,8	23,4	38,0	13,8	6,9
Con Plambe	6,5	9,0	22,6	39,4	16,4	6,1
Sen Plambe	8,5	15,3	25,4	34,4	7,4	9,0

As diferenzas na valoración de nais e pais dos centros con e sen Plambe son significativas ($t = 3{,}422$, $p < 0{,}05$) e a favor dos centros con Plambe.

2. Adecuación do horario de apertura da biblioteca

Algo máis da metade das nais e dos pais do total e de centros con Plambe, e preto da metade dos/as de centros sen Plambe consideran o horario de apertura da biblioteca escolar bastante (33,8%, 34,6% e 31,7%) ou algo adecuado (21,5%, 23,1% e 17,5%).

Gráfica 27. Adecuación do horario de apertura da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	9,5	12,6	21,5	33,8	15,5	7,2
Con Plambe	7,5	10,9	23,1	34,6	17,4	6,5
Sen Plambe	14,3	16,9	17,5	31,7	10,6	9,0

Nesta cuestión, comparando os centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas ($t = 3{,}422$, $p < 0{,}05$) nos resultados, a favor dos centros Plambe.

3. Os libros, materiais e documentos, diferentes aos libros de texto, que necesita o seu fillo/a para a lectura e o traballo coa información atópaos na biblioteca

Das respostas dadas a esta cuestión polo conxunto de nais e pais enquisados/as despréndese que bastantes libros, materiais e documentos diferentes aos libros de texto, que necesita o/a seu/súa fillo/a para a lectura e o traballo coa información atópanse na biblioteca (32,7% total; 34,2% con Plambe; 29,1% sen Plambe).

Gráfica 28. Os libros, materiais e documentos diferentes aos libros de texto, que necesita o seu fillo/a para a lectura e o traballo coa información atópaos na biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	8,0	13,4	28,7	32,7	10,2	7,1
Con Plambe	5,7	10,7	31,0	34,2	11,7	6,7
Sen Plambe	13,8	20,1	22,8	29,1	6,3	7,9

Nesta cuestión, atópanse diferenzas significativas ($t = 3{,}836$, $p < 0{,}05$), entre as valoracións das nais e pais de centros con Plambe e sen Plambe.

2. Colaboración nalgunha tarefa ou actividade organizada pola biblioteca

Nas respostas do conxunto de nais e pais enquisados/as confírmase con claridade que a súa colaboración en tarefas ou actividades organizadas pola biblioteca é practicamente nula ou escasa (68,9% e 13,5 total; 65,0% e 15,3% con Plambe; 78,8% e 9,0% sen Plambe).

Gráfica 29. Colaboración nalgunha tarefa ou actividade organizada pola biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	68,9	13,5	8,4	3,3	1,7	4,2
Con Plambe	65,0	15,3	9,9	3,4	1,9	4,6
Sen Plambe	78,8	9,0	4,8	3,2	1,1	3,2

Comparando as valoracións de nais e pais dos centros con e sen Plambe mediante a proba t, atópanse diferenzas significativas ($t = 2{,}513$, $p < 0{,}05$) e a favor dos centros con Plambe.

3. Colaboración no proceso de avaliación das actividades da biblioteca

A colaboración na avaliación das actividades da biblioteca tamén é maioritariamente nula, segundo informan as nais e os pais do total, de centros con Plambe e sen Plambe (72,4%, 69,6% e 79,4% respectivamente).

Gráfica 30. Colaboración no proceso de avaliación das actividades da biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	72,4	12,0	6,2	4,4	0,9	4,2
Con Plambe	69,6	12,4	7,3	4,8	1,3	4,6
Sen Plambe	79,4	11,1	3,2	3,2	0,0	3,2

Comparando as valoracións de nais e pais de centros con e sen Plambe mediante a proba t, atópanse diferenzas significativas ($t = 2{,}674$, $p < 0{,}05$), a favor dos primeiros.

8.7. Dinámica, uso e redes de colaboración

1. Coñecemento do uso que fai o seu fillo/a da biblioteca

Máis das tres cuartas partes das nais e dos pais do total de centros din coñecer o uso que fai o/a seu/súa fillo/a da biblioteca do centro (80,6% total). Nos centros con Plambe a porcentaxe é do 82,4% e nos sen Plambe do 76,2%.

Gráfica 31. Coñecemento do uso que fai o seu fillo/a da biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	80,6	17,9	1,5
Con Plambe	82,4	15,9	1,7
Sen Plambe	76,2	22,8	1,1

2. Coñecemento dos servizos que ofrece a biblioteca

A maioría das nais e pais do total de centros coñece os servizos que ofrece a biblioteca escolar do centro do/a seu/súa fillo/a (60,7%) e tamén, en maior medida, os/as de centros con Plambe (62,7%). Nos centros sen Plambe a coñecen algo menos (55,6%).

Gráfica 32. Coñecemento dos servizos que ofrece a biblioteca



	Si	Non	Ns/Nc
Total	60,7	36,9	2,4
Con Plambe	62,7	34,6	2,7
Sen Plambe	55,6	42,9	1,6

3. A biblioteca ofrece préstamos ás familias

As respostas dadas a esta cuestión polas nais e pais enquisados/as son moi diverxentes; así, mentres o 44,6% do total afirma que a biblioteca ofrece préstamos ás familias, o 44,7% di o contrario. Nos centros sen Plambe un 54,5% das nais e pais sinala que non se ofrecen préstamos á familias, fronte ao 33,3% que afirma que si, mentres que nos centros con Plambe as respostas están bastante igualadas (si 49,1% e non 40,9%).

Gráfica 33. A biblioteca ofrece préstamos ás familias



	Si	Non	Ns/Nc
Total	44,6	44,7	10,7
Con Plambe	49,1	40,9	10,1
Sen Plambe	33,3	54,5	12,2

As diferenzas nas valoracións das nais e pais de centros con e sen Plambe son significativas (Chi-cadrado = 13,677, $p < 0,05$) e a favor dos centros con Plambe.

4. Organización de actividades específicas para a familia

A maioría (72,7%) de nais e pais, tanto do total de centros, como de centros con Plambe (69,0%) e sen Plambe (82,0%) indica que a biblioteca non organiza actividades dirixidas á familia.

Gráfica 34. Organización de actividades específicas para a familia



	Si	Non	Ns/Nc
Total	17,6	72,7	9,8
Con Plambe	21,0	69,0	10,1
Sen Plambe	9,0	82,0	9,0

Aplicada a proba Chi-cadrado para comparar os resultados nesta cuestión entre os centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas (Chi-cadrado = 15,626, $p < 0,05$) a favor dos primeiros.

5. Medios a través dos que se recibe información sobre as actividades que se levan a cabo na biblioteca

As nais e pais do total de centros manifestan, maioritariamente, non recibir información sobre as actividades que se levan a cabo na biblioteca (39,2%), do mesmo xeito que o din os/as dos centros con Plambe (36,5%) e sen Plambe (46,0%).

Tamén son coincidentes os resultados cando sitúan a categoría "outros" en segundo lugar na súa valoración. Concretamente, esta opción (na que se combinan diferentes medios, por exemplo, o/a fillo/a xunto coa páxina web do centro, ou ben o blog da biblioteca xunto co/ca fillo/a, etc.), a sinalan un 31,4% do total; un 33,5% de centros con Plambe, e un 18,6% de centros sen Plambe. En terceiro lugar, sitúan aos/ás fillos/as como medio de información (17,0% total; 14,5% con Plambe; 23,3% sen Plambe). Os restantes medios son valorados de xeito residual e, en ningún caso, acadan unha porcentaxe superior ao 3%.

Gráfica 35. Medios a través dos que recibe información sobre as actividades que se levan a cabo na biblioteca



	Ningunha	Correo electrónico	blog da biblioteca	Páxina web do centro	Boletín informativo	Profesorado	Fillo/a	Circulares	Outros	Ns/Nc
Total	39,2	0,3	2,1	2,1	1,1	1,2	17,0	2,7	31,4	4,7
Con Plambe	36,5	0,4	2,9	1,9	1,3	1,0	14,5	2,7	33,5	4,6
Sen Plambe	46,0	0,0	0,0	2,6	0,5	1,6	23,3	2,6	18,6	4,8

6. Valoración dos servizos que ofrece a biblioteca

A maioría de nais e pais do total de centros afirma que son bastante relevantes os seguintes servizos da biblioteca: lectura en sala (27,0%), acceso a internet (25,2%), préstamo individual (29,4%), actividades de fomento da lectura (25,8%), e facer os deberes e estudar (26,4%). É valorado como algo relevante que a biblioteca dispoña de reserva de horarios para os distintos grupos de clase (23,1%), proporcione información (26,7%), dispoña de equipos informáticos para traballo persoal ou grupal (26,1%), proporcione préstamo de aula, departamento e equipos de ciclo (25,1%), forme aos/ás usuarios/as (22,7%), uso de ordenadores para lecer (21,6%), asistencia a actividades programadas (22,4%) e realización de traballos de investigación, individual ou en grupo (24,2%). Asemade, consideran que non é relevante a participación en actividades concretas de formación (24,0%).

Para nais e pais de centros con Plambe é bastante relevante que a biblioteca ofreza información (27,9%), acceso a internet (27,9%), préstamo individual (30,4%), actividades de fomento da lectura (25,8%), facer os deberes e estudar (27,9%). Son algo relevantes os servizos de reserva de horarios para os distintos grupos de clase (24,5%), a lectura en sala (26,8%), o uso de equipos informáticos para traballo persoal ou grupal (26,2%), o préstamo de aula, departamento, equipos de ciclo (26,2%), o préstamo interbibliotecario (22,6%), a formación de usuarios/as (24,5%), o uso de ordenadores para lecer (23,3%), asistir a actividades programadas (22,2%) e a realización de traballos de investigación (24,9%). Finalmente, consideran pouco relevante a participación en actividades concretas de formación (23,5%).

As nais e pais de centros sen Plambe sinalan, na súa maioría, que son bastante relevantes os servizos de lectura en sala (28,0%), préstamo individual (27,0%), actividades de fomento da lectura (25,9%), e facer os deberes e estudar (22,8%). Son algo relevantes ofrecer información (28,6%), o uso de equipos informáticos para traballo persoal ou grupal (25,9%), o préstamo de aula, departamento, equipos de ciclo (22,2%) e asistir a actividades programadas (22,8%). Así mesmo, consideran pouco relevante o acceso a internet (21,7%), o uso de ordenadores para lecer (32,3%), mentres que non é nada relevante a reserva de horarios para os distintos grupos de clase (23,3%), o préstamo interbibliotecario (32,8%), a formación de usuarios/as (32,3%), a participación en actividades concretas de formación (33,3%) e a realización de traballos de investigación (25,9%).

Táboa 2. Valoración dos servizos que ofrece a biblioteca

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Reserva de horarios para os distintos grupos de clase	Nada	19,8	18,4	23,3
	Pouco	17,4	17,2	18,0
	Algo	23,1	24,5	19,6
	Bastante	18,6	20,5	13,8
	Moito	10,2	8,8	13,8
	Ns/Nc	10,8	10,5	11,6
Información	Nada	12,2	9,4	19,0
	Pouco	15,5	15,7	14,8
	Algo	26,7	26,0	28,6
	Bastante	26,1	27,9	21,7
	Moito	10,1	11,9	5,3
	Ns/Nc	9,5	9,0	10,6
Lectura en sala	Nada	12,9	10,5	19,0
	Pouco	16,5	15,1	20,1
	Algo	23,4	26,8	14,8
	Bastante	27,0	26,6	28,0
	Moito	10,5	11,1	9,0
	Ns/Nc	9,6	9,9	9,0
Acceso a internet	Nada	13,2	8,4	25,4
	Pouco	15,2	15,7	13,8
	Algo	24,3	25,4	21,7
	Bastante	25,2	27,9	18,5
	Moito	14,1	15,3	11,1
	Ns/Nc	8,0	7,3	9,5
Uso de equipos informáticos para traballo persoal ou grupal	Nada	14,7	9,4	28,0
	Pouco	17,0	17,8	14,8
	Algo	26,1	26,2	25,9
	Bastante	22,5	25,2	15,9
	Moito	11,3	13,4	5,8
	Ns/Nc	8,4	8,0	9,5

Táboa 2. Valoración dos servizos que ofrece a biblioteca (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Préstamo individual	Nada	10,2	8,4	14,8
	Pouco	7,8	8,2	6,9
	Algo	19,1	19,7	17,5
	Bastante	29,4	30,4	27,0
	Moito	25,1	25,8	23,3
	Ns/Nc	8,4	7,5	10,6
Préstamo de aula, departamento, equipos de ciclo...	Nada	13,8	11,1	20,6
	Pouco	14,4	13,0	18,0
	Algo	25,1	26,2	22,2
	Bastante	21,3	23,7	15,3
	Moito	13,1	14,0	10,6
	Ns/Nc	12,3	11,9	13,2
Préstamo interbibliotecario	Nada	25,2	22,2	32,8
	Pouco	16,2	17,6	12,7
	Algo	22,5	22,6	22,2
	Bastante	13,1	14,0	10,6
	Moito	5,1	5,5	4,2
	Ns/Nc	17,9	18,0	17,5
Formación de usuarios	Nada	21,8	17,6	32,3
	Pouco	18,8	19,3	17,5
	Algo	22,7	24,5	18,0
	Bastante	15,8	17,8	10,6
	Moito	6,5	7,1	4,8
	Ns/Nc	14,6	13,6	16,9
Actividades de fomento da lectura	Nada	13,8	12,6	16,9
	Pouco	14,4	12,4	19,6
	Algo	21,2	23,7	14,8
	Bastante	25,8	25,8	25,9
	Moito	14,1	16,1	9,0
	Ns/Nc	10,7	9,4	13,8
Uso de ordenadores para lecer	Nada	20,9	16,4	32,3
	Pouco	20,4	19,7	22,2
	Algo	21,6	23,3	17,5
	Bastante	18,3	21,6	10,1
	Moito	8,7	9,9	5,8
	Ns/Nc	10,1	9,2	12,2
Facer os deberes e estudar	Nada	14,6	10,1	25,9
	Pouco	12,3	11,9	13,2
	Algo	22,5	25,4	15,3
	Bastante	26,4	27,9	22,8
	Moito	15,9	16,8	13,8
	Ns/Nc	8,3	8,0	9,0
Asístir a actividades programadas: exposicións, encontros con autores, etc.	Nada	20,4	16,8	29,6
	Pouco	18,5	19,1	16,9
	Algo	22,4	22,2	22,8
	Bastante	18,2	20,8	11,6
	Moito	9,9	11,3	6,3
	Ns/Nc	10,7	9,9	12,7

Táboa 2. Valoración dos servizos que ofrece a biblioteca (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Participar en actividades concretas de formación	Nada	24,0	20,3	33,3
	Pouco	23,9	23,5	24,9
	Algo	20,0	22,9	12,7
	Bastante	13,2	14,9	9,0
	Moito	6,6	7,1	14,8
	Ns/Nc	12,3	11,3	4,3
Realizar traballos de investigación, individualmente ou en grupo	Nada	17,4	14,0	25,9
	Pouco	18,6	19,1	17,5
	Algo	24,2	24,9	22,2
	Bastante	20,0	21,4	16,4
	Moito	9,6	11,3	5,3
	Ns/Nc	10,2	9,2	12,7
Outros	Nada	21,8	17,6	32,3
	Pouco	18,8	19,3	17,5
	Algo	22,7	24,5	18,0
	Bastante	15,8	17,8	10,6
	Moito	6,5	7,1	4,8
	Ns/Nc	14,6	13,6	16,9

8.8. Biblioteca e currículo

1. Coñecemento das actuacións da biblioteca orientadas á promoción da lectura

A maioría de nais e pais do total (42,5%), de centros con Plambe (36,5%) e sen Plambe (57,7%) di que non coñecen as actuacións que leva a cabo a biblioteca orientadas á promoción da lectura. Afirman coñecelas algo o 17,4% do total, o 19,7% de centros con Plambe e o 11,6% de centros sen Plambe.

Gráfica 36. Coñecemento das actuacións da biblioteca orientadas á promoción da lectura



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	42,5	23,9	17,4	9,3	3,0	3,9
Con Plambe	36,5	25,8	19,7	10,3	3,4	4,4
Sen Plambe	57,7	19,0	11,6	6,9	2,1	2,6

As diferenzas nesta cuestión entre centros con e sen Plambe, son significativas ($t = 3{,}600$, $p < 0{,}05$), tal e como revelan os datos acadados coa aplicación da proba t.

2. Grao en que se contemplan as actividades de fomento da lectura destinadas ás familias

A maioría de nais e pais do total de centros (41,9%), afirma que non se realizan actividades de fomento da lectura destinadas ás familias, aínda que un 25,4% di que se fan poucas. Na mesma liña son as respostas das familias do alumnado de centros con Plambe xa que logo, o 35,0% e o 29,7% non coñecen ou coñecen pouco estas actuacións. Nos centros sen Plambe as familias parecen ter menor coñecemento destas actividades pois o 59,3% informa que non se oferta este tipo de actividades na biblioteca escolar do centro do/a seu/súa fillo/a.

Gráfica 37. Grao en que se contemplan as actividades de fomento da lectura destinadas ás familias



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Totalq	41,9	25,4	14,9	9,0	2,4	6,5
Con Plambe	35,0	29,7	17,2	9,6	3,1	7,1
Sen Plambe	59,3	19,0	9,0	7,4	0,5	4,8

Respecto a esta cuestión, aplicada a proba do t atópanse diferenzas significativas ($t = 4{,}324$, $p < 0{,}05$) entre os centros con e sen Plambe e a favor dos primeiros.

4. Participación nas actuacións propostas para o fomento da lectura

As familias, tanto do total (55,7%), como de centros con Plambe (50,3%) e sen Plambe (69,3%) afirman que non participan nas actuacións propostas pola biblioteca para o fomento da lectura. No caso de participar, fano pouco segundo o 17,1%, 17,6% e 15,9% de nais e pais do total, de centros con Plambe e sen Plambe respectivamente.

Gráfica 38. Participación nas actuacións propostas para o fomento da lectura



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	55,7	17,1	12,5	6,6	2,7	5,4
Con Plambe	50,3	17,6	14,9	8,4	2,9	5,9
Sen Plambe	69,3	15,9	6,3	2,1	2,1	4,2

No que ten que ver con esta participación, atópanse diferenzas significativas ($t = 4{,}550$, $p < 0{,}05$) entre os resultados dos centros con e sen Plambe, a favor dos primeiros.

5. A biblioteca apoia as actividades de aprendizaxe

Para un 27,2% e 24,3% das nais e dos pais do total de centros na biblioteca apóianse algo ou bastante as actividades de aprendizaxe. Respostas similares emiten nais e pais de centros con Plambe (29,6% bastante e 24,1% algo). Finalmente, nos centros sen Plambe, o 24,9% e 21,2% afirman que a biblioteca apoia algo ou bastante respectivamente, as actividades de aprendizaxe.

Gráfica 39. A biblioteca apoia as actividades de aprendizaxe



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	14,7	17,1	24,3	27,2	8,4	8,3
Con Plambe	12,8	16,4	24,1	29,6	9,0	8,2
Sen Plambe	19,6	19,0	24,9	21,2	6,9	8,5

As diferenzas na valoración de nais e pais de centros con e sen Plambe son significativas ($t = 2{,}438$, $p < 0{,}05$) e a favor dos centros con Plambe.

6. Variedade de recursos informáticos relacionados co currículo que ofrece a biblioteca

A biblioteca non ofrece variedade de recursos informáticos relacionados co currículo segundo o 27,5% das nais e dos pais do total, o 24,3% de centros con Plambe e o 35,4% de centros sen Plambe.

Cando respostan afirmativamente, as familias do total e de centros con e sen Plambe valoran estes recursos como algo (22,5%, 24,3% e 18,0%) ou pouco variados (22,1%, 21,6% e 23,3%).

Gráfica 40. Variedade de recursos informáticos relacionados co currículo que ofrece a biblioteca



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	27,5	22,1	22,5	13,5	3,0	11,4
Con Plambe	24,3	21,6	24,3	15,1	3,6	11,1
Sen Plambe	35,4	23,3	18,0	9,5	1,6	12,2

As diferenzas nos resultados a esta cuestión entre centros con e sen Plambe, son significativas $t = 3{,}234$, $p < 0{,}05$) e a favor dos centros con Plambe.

7. A biblioteca estimula o gusto pola lectura

Para a maioría das nais e pais do total e de centros con Plambe a biblioteca escolar estimula bastante o gusto pola lectura (27,8% e 29,8%). No caso dos centros sen Plambe a maioría afirma que a estimula algo (24,3%).

Gráfica 41. A biblioteca escolar estimula o gusto pola lectura



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	12,8	15,0	23,6	27,8	13,8	7,1
Con Plambe	12,4	13,6	23,3	29,8	14,9	6,1
Sen Plambe	13,8	18,5	24,3	22,8	11,1	9,5

As diferenzas nas valoracións das familias de centros con e sen Plambe son significativas ($t = 2{,}610$, $p < 0{,}05$), e a favor dos centros con Plambe.

8. A biblioteca favorece a adquisición e consolidación da lectura e a escritura

Segundo o 24,5% e 26,3% das nais e pais do total de centros a biblioteca favorece algo ou bastante a adquisición e consolidación da lectura e a escritura. O mesmo afirman as familias do alumnado de centros con Plambe (26,4% e 23,9%) e sen Plambe (25,9%).

Gráfica 42. A biblioteca favorece a adquisición e consolidación da lectura e a escritura



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Total	12,6	15,8	26,3	24,5	13,7	7,2
Con Plambe	12,2	14,7	26,4	23,9	16,1	6,7
Sen Plambe	13,8	18,5	25,9	25,9	7,4	8,5

Nesta cuestión, comparando os centros con e sen Plambe, atópanse diferenzas significativas ($t = 2{,}238$, $p < 0{,}05$) nos resultados, a favor dos centros Plambe.

8.9. Tecnoloxías da información e da comunicación

1. Coñecemento das actuacións da biblioteca orientadas a apoiar o desenvolvemento da competencia dixital

A maioría das nais e pais afirma que non coñece as actuacións da biblioteca escolar orientadas a apoiar o desenvolvemento da competencia dixital (71,6% total, 67,9% con Plambe e 81,0% sen Plambe).

Gráfica 43. Coñecemento das actuacións da biblioteca orientadas a apoiar o desenvolvemento da competencia dixital



	Si	Non	Ns/Nc
Total	22,7	71,6	5,3
Con Plambe	26,6	67,9	5,0
Sen Plambe	12,7	81,0	5,8

Aplicada a proba do Chi-cadrado (Chi-cadrado = 15,393, e $p < 0{,}05$), podemos afirmar que atópanse diferenzas significativas entre os resultados de centros con e sen Plambe nesta cuestión. Estas diferenzas son a favor dos centros con Plambe.

2. A biblioteca facilita a educación para o tratamento da información e da competencia dixital

A maioría (54,3%) das nais e pais de centros con Plambe considera que a biblioteca escolar facilita a educación para o tratamento da información e da competencia dixital; manifesta unha opinión similar o 47,7% das nais e dos pais do total, e o 31,2% das familias do alumnado de centros sen Plambe.

Gráfica 44. A biblioteca facilita a educación para o tratamento da información e da competencia dixital



	Si	Non	Ns/Nc
Total	47,7	42,6	9,3
Con Plambe	54,3	36,7	8,6
Sen Plambe	31,2	57,7	11,6

As diferenzas nas respostas de nais e pais de centros con e sen Plambe son significativas (Chi-cadrado = 30,369, $p < 0,05$) e a favor dos centros con Plambe.

3. A biblioteca facilita a formación no uso das tecnoloxías da comunicación

O mesmo que ocorre no caso anterior a maioría das nais e dos pais da totalidade (47,9%) e de centros con Plambe (53,9%) consideran que a biblioteca facilita a formación no uso das tecnoloxías da comunicación. Nos centros sen Plambe o 58,2% sinala o contrario.

Gráfica 45. A biblioteca facilita a formación no uso das tecnoloxías da comunicación



	Si	Non	Ns/Nc
Total	47,9	43,1	8,9
Con Plambe	53,9	37,1	8,8
Sen Plambe	32,8	58,2	9,0

As diferenzas nas valoracións de nais e pais de centros con e sen Plambe son significativas (Chi-cadrado = 26,509, $p < 0,05$), e a favor dos centros con Plambe.

8.10. Valoracións

1. Valoración do grao en que determinados aspectos da biblioteca escolar deberían ser mellorados

Os aspectos da biblioteca do centro que, en opinión das nais e dos pais do total, de centros con Plambe e sen Plambe, deben ser mellorados moito son: o equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos (18,3%, 14,7% e 27,5%), a divulgación das actividades programadas (15,2%, 12,4% e 22,2%), os documentos electrónicos (19,8%, 15,1% e 31,7%), a apertura en horario non lectivo (16,2%, 13,6% e 22,8%), os lectores electrónicos ou tabletas (29,1%, 24,3% e 41,3%) e os libros electrónicos (28,2%, 24,3% e 40,2%). Pola contra, aqueles que non necesitan mellora son o acceso (25,7% total, 28,1% con Plambe e 19,6 % sen Plambe), a sinalización (26,1%, 28,5% e 20,1%), a iluminación (27,5%, 29,4 e22,8%), a atención da persoa responsable da biblioteca (28,8%, 32,7% e 19,0%), o funcionamento (21,0%, 24,7% e 11,6%) e o lugar onde está situada (29,9%, 34,2% e 19,0%).

Táboa 3. Aspectos da biblioteca que deben ser mellorados

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Acceso	Nada	25,7	28,1	19,6
	Pouco	20,9	20,3	22,2
	Algo	22,8	23,7	20,6
	Bastante	14,3	14,0	14,8
	Moito	9,0	7,1	13,8
	Ns/Nc	7,2	6,5	9,0
Sinalización	Nada	26,1	28,5	20,1
	Pouco	23,9	22,9	26,5
	Algo	20,4	22,0	16,4
	Bastante	13,4	12,6	15,3
	Moito	8,4	6,9	12,2
	Ns/Nc	7,7	6,9	9,5
Espazos (superficie, distribución)	Nada	17,0	19,1	11,6
	Pouco	20,3	19,9	21,2
	Algo	28,4	29,4	25,9
	Bastante	16,5	14,5	21,7
	Moito	9,2	9,4	8,5
	Ns/Nc	8,6	7,5	11,1
Instalacións	Nada	16,4	18,4	11,1
	Pouco	17,4	17,4	17,5
	Algo	30,6	31,4	28,6
	Bastante	18,8	17,0	23,3
	Moito	8,6	8,0	10,1
	Ns/Nc	8,1	7,5	9,5

Táboa 3. Aspectos da biblioteca que deben ser mellorados (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Mobiliario	Nada	17,4	19,7	11,6
	Pouco	18,3	19,1	16,4
	Algo	30,9	30,2	32,8
	Bastante	17,6	17,0	19,0
	Moito	7,7	6,9	9,5
	Ns/Nc	8,0	6,9	10,6
Iluminación	Nada	27,5	29,4	22,8
	Pouco	23,1	21,6	27,0
	Algo	20,9	22,6	16,4
	Bastante	13,7	13,0	15,3
	Moito	5,9	5,5	6,9
	Ns/Nc	8,9	7,8	11,6
Fondos documentais	Nada	11,7	13,8	6,3
	Pouco	18,3	19,9	14,3
	Algo	29,4	31,2	24,9
	Bastante	20,6	17,8	27,5
	Moito	10,1	8,4	14,3
	Ns/Nc	9,8	8,6	12,7
Préstamo	Nada	23,1	26,8	13,8
	Pouco	19,8	20,1	19,0
	Algo	21,3	22,4	18,5
	Bastante	17,9	15,5	23,8
	Moito	9,0	7,1	13,8
	Ns/Nc	8,7	7,8	11,1
Equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos	Nada	10,5	11,9	6,9
	Pouco	14,0	15,5	10,1
	Algo	23,9	27,9	13,8
	Bastante	24,5	21,8	31,2
	Moito	18,3	14,7	27,5
	Ns/Nc	8,7	8,0	10,6
Atención da persoa responsable da biblioteca	Nada	28,8	32,7	19,0
	Pouco	21,2	20,8	22,2
	Algo	17,3	17,8	15,9
	Bastante	13,4	12,6	15,3
	Moito	9,6	7,3	15,3
	Ns/Nc	9,6	8,6	12,2
Actividades que se organizan	Nada	16,4	19,7	7,9
	Pouco	16,7	17,6	14,3
	Algo	27,0	28,3	23,8
	Bastante	15,6	13,0	22,2
	Moito	14,9	11,5	23,3
	Ns/Nc	9,3	9,6	8,5
Divulgación de actividades programadas	Nada	14,4	17,2	7,4
	Pouco	17,0	17,8	14,8
	Algo	22,4	23,3	20,1
	Bastante	21,3	19,5	25,9
	Moito	15,2	12,4	22,2
	Ns/Nc	9,5	9,4	9,5

Táboa 3. Aspectos da biblioteca que deben ser mellorados (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Funcionamento	Nada	21,0	24,7	11,6
	Pouco	18,5	19,5	15,9
	Algo	27,0	27,9	24,9
	Bastante	15,6	12,8	22,8
	Moito	7,7	5,7	12,7
	Ns/Nc	10,1	9,2	12,2
Lugar onde está situada	Nada	29,9	34,2	19,0
	Pouco	23,7	23,5	24,3
	Algo	17,6	16,8	19,6
	Bastante	10,5	10,9	9,5
	Moito	9,6	6,9	16,4
	Ns/Nc	8,6	7,5	11,1
Libros e materiais que me gustan	Nada	17,6	19,3	13,2
	Pouco	16,1	15,5	17,5
	Algo	27,2	28,5	23,8
	Bastante	18,3	17,8	19,6
	Moito	11,0	9,6	14,3
	Ns/Nc	9,8	9,0	11,6
Películas, series e música actuais	Nada	14,6	15,7	11,6
	Pouco	15,6	17,4	11,1
	Algo	21,5	23,3	16,9
	Bastante	20,1	18,9	23,3
	Moito	17,0	14,3	23,8
	Ns/Nc	11,1	10,3	13,2
Documentos electrónicos	Nada	13,5	15,3	9,0
	Pouco	14,3	16,8	7,9
	Algo	20,1	21,4	16,9
	Bastante	21,5	21,4	21,7
	Moito	19,8	15,1	31,7
	Ns/Nc	10,7	9,9	12,7
Horario apertura en horario non lectivo	Nada	22,4	23,9	18,5
	Pouco	14,4	15,7	11,1
	Algo	19,7	19,9	19,0
	Bastante	18,2	18,7	16,9
	Moito	16,2	13,6	22,8
	Ns/Nc	9,0	8,0	11,6
Horario apertura en horario extraescolar	Nada	23,0	24,1	20,1
	Pouco	12,5	14,3	7,9
	Algo	20,6	21,4	18,5
	Bastante	18,2	17,0	21,2
	Moito	15,6	13,2	21,7
	Ns/Nc	10,1	9,9	10,6
Actividades sobre lectura	Nada	17,9	21,0	10,1
	Pouco	17,3	17,0	18,0
	Algo	27,2	29,1	22,2
	Bastante	17,4	14,5	24,9
	Moito	11,0	8,8	16,4
	Ns/Nc	9,2	9,4	8,5

Táboa 3. Aspectos da biblioteca que deben ser mellorados (continuación)

		Total (%)	Con Plambe (%)	Sen Plambe (%)
Actividades para un mellor uso da biblioteca	Nada	17,1	19,5	11,1
	Pouco	16,8	18,9	11,6
	Algo	25,1	26,2	22,2
	Bastante	19,7	16,4	28,0
	Moito	12,5	10,5	17,5
	Ns/Nc	8,7	8,4	9,5
Espazo para ler e traballar	Nada	18,3	20,3	13,2
	Pouco	16,8	17,8	14,3
	Algo	25,4	25,8	24,3
	Bastante	17,1	16,6	18,5
	Moito	13,5	11,1	19,6
	Ns/Nc	8,7	8,2	10,1
Ordenadores con conexión a internet	Nada	13,5	15,5	8,5
	Pouco	12,8	14,5	8,5
	Algo	22,4	24,9	15,9
	Bastante	22,4	22,0	23,3
	Moito	21,0	15,9	33,9
	Ns/Nc	7,8	6,9	10,1
Lectores electrónicos/tabletas	Nada	17,3	19,3	12,2
	Pouco	9,2	10,7	5,3
	Algo	15,0	16,8	10,6
	Bastante	20,7	20,8	20,6
	Moito	29,1	24,3	41,3
	Ns/Nc	8,6	8,0	10,1
Libros electrónicos	Nada	17,7	19,5	13,2
	Pouco	7,5	9,0	3,7
	Algo	14,6	16,4	10,1
	Bastante	21,6	21,4	22,2
	Moito	28,8	24,3	40,2
	Ns/Nc	9,6	9,2	10,6
Frecuencia de visitas en grupo co profesor ou profesora	Nada	16,4	17,6	13,2
	Pouco	13,5	14,3	11,6
	Algo	24,6	26,2	20,6
	Bastante	19,2	18,4	21,2
	Moito	17,3	14,7	23,8
	Ns/Nc	8,9	8,6	9,5
Información sobre temas de interese	Nada	14,7	17,0	9,0
	Pouco	13,1	13,6	11,6
	Algo	23,3	24,3	20,6
	Bastante	21,5	20,1	24,9
	Moito	18,2	15,7	24,3
	Ns/Nc	9,2	9,0	9,5

Conclusións

Neste apartado presentamos as principais conclusións derivadas da información achegada polos/as nais e pais enquisados/as, organizadas segundo as dimensións da biblioteca escolar contempladas no estudo e diferenciándoas entre centros con Plambe e sen Plambe.

A biblioteca no centro

- En xeral as nais e pais do alumnado dos centros obxecto de estudo non coñecen a biblioteca ou a coñecen pouco, nin tampouco teñen coñecemento do seu funcionamento.
- Segundo afirman, os/as seus fillos/as utilizan bastante a biblioteca e levan bastantes libros para ler na casa.
- Na opinión xeral, ter biblioteca no centro favorece a lectura e a adquisición de competencias de busca de información.
- Recoñecen que os/as seus fillos/as participan pouco nas actividades promovidas pola biblioteca, ao igual que non é moi habitual que usen os materiais da biblioteca para realizar os traballos da clase.
- Consideran que no desenvolvemento de competencias dixitais e de busca de información a biblioteca ten bastante ou moita responsabilidade.
- As nais e pais do alumnado de centros con Plambe coñecen o funcionamento da biblioteca escolar algo máis que os/as de centros sen Plambe.
- Comparando ás familias do alumnado de centros con e sen Plambe, as primeiras consideran que os seus fillos/as levan máis libros, materiais e documentos da biblioteca para ler na casa, participan mais nas actividades promovidas pola biblioteca e usan máis materiais seus para realizar os traballos de clase.

Equipamento, instalacións e tecnoloxías

- En xeral, as nais e pais valoran como bastante adecuadas as instalacións da biblioteca, isto é, o lugar onde está situada, o acceso, a sinalización, a iluminación, a distribución e a accesibilidade para persoas con discapacidade.
- O mobiliario, os espazos para o traballo en grupo, para a lectura e o traballo individual son tamén bastante valorados.
- As nais e pais consideran que é insuficiente o número de ordenadores que hai na biblioteca.

- Ó comparar ás familias do alumnado de centros sen Plambe e con Plambe, obsérvase que as primeiras consideran, en maior medida, que as instalacións e o equipamento da biblioteca son insuficientes.

Recursos Documentais

- En opinión das familias apenas se realizaron actuacións para a mellora da biblioteca escolar.
- Consideran que os fondos están bastante actualizados e conservados, son bastante axeitados ao alumnado do centro, e cobren bastante as necesidades de todas as áreas curriculares.
- Sinalan que non se ten moi en conta a opinión das nais e pais na selección dos fondos da biblioteca.
- Das comparacións de nais e pais do alumnado de centros con e sen Plambe se desprende que nos centros sen Plambe se ten menos en conta a súa opinión na selección dos materiais e tamén que os fondos da biblioteca están menos actualizados e responden en menor medida ás necesidades dos/as alumnos/as.

Persoal

- En xeral, as nais e pais coñecen pouco á persoa responsable da biblioteca escolar ao igual que as funcións que desempeña.
- As familias practicamente non colaboran co persoal da biblioteca na realización de actividades ao igual que se implican pouco en actividades como as Mochilas viaxeiras, sesión de lectura compartida, etc…
- A partir das comparacións realizadas entre familias do alumnado de centros con e sen Plambe se observa un maior coñecemento nas primeiras, das funcións do responsable da biblioteca e unha maior colaboración nas actividades organizadas pola biblioteca.

Xestión

- En xeral, as familias consideran que o funcionamento da biblioteca do centro é bastante axeitado, ao igual que a adecuación do horario de apertura.
- Tamén opinan que bastantes libros, materiais e documentos, diferentes aos libros de texto, que necesita o seu fillo para a lectura e o traballo coa información están dispoñibles na biblioteca.

- O grao de colaboración nas tarefas ou actividades organizadas pola biblioteca é moi baixo, ao igual que o é a colaboración no proceso de avaliación das actividades da biblioteca.
- As nais e pais dos centros con Plambe valoran mellor o funcionamento da biblioteca, o horario de apertura, os materiais, así como colaboran, en maior medida, nas actividades organizadas pola biblioteca.

Dinámica, uso e redes de colaboración

- As familias, en xeral, din coñecer o uso que fai o/a fillo/a da biblioteca, así como os servizos que ofrece, aínda que estes en menor medida.
- A opinión sobre o préstamo ás familias é diversa; na metade dos casos se afirma que a biblioteca si ofrece este préstamo, e na outra metade, non.
- Para a maioría das nais e pais a biblioteca practicamente non organiza actividades específicas para elas/es e tampouco reciben información sobre as actividades que se programan. A información que reciben é a través dos/as fillos/as e do blog da biblioteca.
- En xeral, valoran bastante ben os seguintes servizos da biblioteca: lectura en sala, acceso a internet, préstamo individual, actividades de fomento da lectura e facer os deberes e estudar.
- É algo relevante para as nais e pais que a biblioteca dispoña de reserva de horarios para os distintos grupos de clase, proporcione información, dispoña de equipos informáticos para traballo persoal ou grupal, proporcione préstamo de aula, departamento e equipos de ciclo, formación de usuarios, uso de ordenadores para lecer, asistencia a actividades programadas así como a realización de traballos de investigación, individual ou en grupo. Tamén consideran que non é relevante a participación en actividades concretas de formación.
- Das comparacións realizadas despréndese que a biblioteca de centros con Plambe ofrece, en maior medida, préstamos ás familias que a de centros sen Plambe, e tamén que nestes centros se organizan máis actividades específicas para as familias.
- A valoración dada aos servizos que ofrece a biblioteca é mellor no caso dos centros con Plambe que sen Plambe.

Biblioteca e currículo

- En xeral, as nais e pais do alumnado teñen pouco coñecemento das actuacións que se realizan na biblioteca escolar para promocionar a lectura.
- Tamén teñen escaso coñecemento das actividades de fomento de lectura destinadas ás familias. Ademais, o grao de participación neste tipo de actividades é moi baixo.
- Segundo a opinión das nais e pais, a biblioteca apoia bastante as actividades de aprendizaxe, estimula o gusto pola lectura e favorece a adquisición e consolidación da lectura e escritura, aínda que non ofrece moitos recursos informáticos relacionados co currículo.
- Das comparacións realizadas despréndese que as nais e pais do alumnado de centros sen Plambe teñen un coñecemento máis reducido das actuacións da biblioteca orientadas á promoción da lectura, as actividades de fomento de lectura destinadas ás familias e, ademais, participan menos que as familias do alumnado de centros con Plambe neste tipo de actividades.

Tecnoloxías da Información e da comunicación

- A maioría das nais e país non coñece as actuacións da biblioteca escolar orientadas a apoiar o desenvolvemento da competencia dixital.
- A metade das familias considera que a biblioteca facilita a educación para o tratamento da información e da competencia dixital e no uso das tecnoloxías da comunicación mentres que a outra metade opina o contrario.
- Case a totalidade de nais e pais de centros sen Plambe informa que non ten coñecemento das actuacións da biblioteca escolar orientadas a apoiar o desenvolvemento da competencia dixital, e consideran que a biblioteca non facilita a educación para o tratamento da información e da competencia dixital, nin a formación no uso das tecnoloxías da comunicación, en contraposición coa opinión das nais e pais dos centros con Plambe.

Valoracións

- Nais e pais consideran que deben mellorar moito na biblioteca escolar os lectores electrónicos/tabletas e os libros electrónicos; bastante o equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos, os documentos electrónicos e os ordenadores con conexión a internet.

- Deberían ser algo mellorados na biblioteca o mobiliario, os fondos documentais, as actividades que se organizan e a súa divulgación, as actividades sobre lectura e as dirixidas a un mellor uso da biblioteca.
- A diferenza dos centros con Plambe, necesítase na biblioteca dos centros sen Plambe un maior equipamento de medios audiovisuais e informáticos; de fondos documentais e de lectores electrónicos. Debería tamén aumentar o número de accións de divulgación das actividades programadas, o horario de apertura en período lectivo e extraescolar e programar máis actividades para un maior uso por parte da biblioteca.

A biblioteca escolar a través da observación

CAPÍTULO 9

Neste capítulo presentamos a información obtida a través da observación de 64 bibliotecas escolares de outros tantos centros. Os datos organízanse tendo en conta as distintas dimensións da biblioteca escolar obxecto de análise e a súa descrición. Compararemos os datos correspondentes aos centros con e sen Plambe, e faremos unha síntese, a modo de conclusións, das principais similitudes e diferenzas entre eles.

9.1. Datos do contexto da observación

Realizouse unha observación estruturada en 64 centros educativos. O 93,7% deses centros son de titularidade pública, fronte a un 6,3% de titularidade privada. O 70,3% participan no Plambe, fronte a un 23,4% que non participa deste plan.

A maioría destes centros están situados nas provincias da Coruña (34,4%) e Pontevedra (34,4%); a porcentaxe é moito más baixa nas provincias de Lugo (15,6%) e Ourense (15,6%). Fundamentalmente, son Institutos de Educación Secundaria Obrigatoria (IES) (45,3%) e Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP) (37,5%). Tamén Centros Privados (CPR) (7,8%), Centros Públicos Integrados (CPI) (6,3%) Colexios Rurais Agrupados (CRA) (1,6%) e Centros de Educación Primaria (CEP) (1,6%).

Na maioría dos centros observados cóntase cun total de profesores/as que oscila entre 11-30 (39,5%), 31- 50 (20,7%), 71-90 (18,9%) e 51 e 70 (12,8%). Un 4,8% teñen máis de 91 profesores/as e un 3,2% son centros cun número de profesores/as moi baixo (menos de 10).

Na totalidade de centros observados o número de alumnos/as sitúase entre 101-300 maioritariamente (33,4%); entre 301- 500 cóntase cun 25,6% de centros, seguido dun 12,8% que teñen entre 501-700 alumnos/as, un 11,2% entre 701-900 e un 7,9% máis de 900. Cun alumnado por debaixo de 100 cóntase cun 8%.

Respecto ao número de unidades, algo máis da metade (51,9%) ten entre 11-30 e o 18,9% entre 31- 50. A porcentaxe de centros observados con menos de 10 unidades é do 28,3%.

9.2. Instalacións da biblioteca (espazo, equipamento e mobiliario)

1. Superficie da biblioteca

No total de centros observados, igual que nos que teñen Plambe, a superficie ocupada pola biblioteca é, maioritariamente, de 90 a 180 m² (40,6% e 46,7%), fronte ao caso dos centros sen Plambe observados, nos que, na maioría dos casos, a superficie é algo menor, entre 45 e 60 m² (31,6%).

Gráfica 1. Superficie da biblioteca



	Menos de 45 m²	Entre 45 e 60 m²	Entre 60 e 90 m²	Entre 90 e 180 m²	Máis de 180 m²
Total	3,1	21,9	18,8	40,6	15,6
Con Plambe	2,2	17,8	17,8	46,7	15,6
Sen Plambe	5,3	31,6	21,1	26,3	15,8

2. Situación da biblioteca no centro

Na maioría do total de centros observados (51,7%), nos con Plambe (53,2%) e nos sen Plambe (47,7%), o lugar onde está situada a biblioteca é na planta baixa.

Gráfica 2. Situación da biblioteca no centro



	Soto	Planta baixa	1ª planta	2ª planta	3ª planta	4ª planta	Máis dunha planta
Total	1,6	51,7	32,9	6,3	1,6	1,6	4,8
Con Plambe	2,2	53,2	31,0	6,6	2,2	0,0	2,2
Sen Plambe	0,0	47,7	31,6	5,3	0,0	5,3	5,3

3. Número de postos de lectura

Na maioría das bibliotecas do total o número de postos de lectura sitúase entre 21 - 40 (51,9%); teñen ese mesmo número de postos unha maioría do 57,6% de centros con Plambe e un 37,0% de centros sen Plambe.

Gráfica 3. Número de postos de lectura



	1 a 20	21 a 40	41 a 60	Máis de 60	Ns/Nc
Total	6,4	51,9	28,2	7,9	6,3
Con Plambe	2,2	57,6	35,3	2,2	2,2
Sen Plambe	15,9	37,0	26,3	5,3	15,8

4. Número de postos de ordenador

Un 51,7% das bibliotecas do total de centros observados, un 53,2% das de centros con Plambe e un 47,5% das de centro sen Plambe teñen de 1 a 5 postos de ordenador.

Gráfica 4. Número de postos de ordenador



	Ningún	1 a 5	6 a 10	Máis de 10	Ns/Nc
Total	3,1	51,7	31,5	7,9	6,3
Con Plambe	0,0	53,2	35,5	8,8	2,2
Sen Plambe	10,5	47,5	21,2	5,3	15,8

5. Acceso, sinalización, luminosidade e ambiente da biblioteca

Na maioría do total de centros observados a biblioteca conta con acceso para persoas con discapacidade (70,3%), ademais de sinalización na porta (96,9%)

e sinais indicativos en distintos lugares do centro para que sexa localizable facilmente (75,0%).

Nos centros con e sen Plambe observados a tendencia é parecida; así, a maioría das bibliotecas contan con: acceso para persoas discapacitadas (73,3% e 63,2%) e sinalización na porta da biblioteca (100% e 89,5%). No tocante aos sinais indicativos en distintos lugares para que sexa posible a localización da biblioteca, os centros con Plambe conta con eles nunha ampla maioría (88,9%), mentres nos sen Plambe, en algo máis da metade (52,6%) non existen estas indicacións.

En relación ao ambiente da biblioteca, atópase unha luminosidade axeitada (96,9%) e un espazo acolledor (93,8%) no total dos centros observados. No 100% dos adscritos ao Plambe a sala é luminosa e o espazo acolledor; a sala é luminosa nun 89,5% dos centros sen Plambe e no 78,9% o espazo resulta acolledor.

6. Equipamentos tecnolóxicos dos que dispón a biblioteca

A biblioteca do total de centros observados conta con impresora no 90,6% dos casos, con proxector nun 73,4% e, pola contra, nun 64,1% non dispoñen de pantalla dixital.

Os centros con Plambe tamén contan con impresora (95,6%) e proxector (80%), pero non con pantalla dixital no 64,4% dos casos.

A situación dos centros sen Plambe é similar ás anteriores; un 78,9% e un 57,9% conta con impresora e proxector, mentres que un 63,2% non dispoñen de pantalla dixital.

7. Espazos ou zonas de traballo dos que dispón a biblioteca

Nas bibliotecas do total de centros observados existe zona de xestión de préstamos (96,9%) e de traballo para pequenos grupos (85,9%), para grandes grupos e para lectura informal (84,4%), ademais de zona de audiovisuais/multimedia (75,0%) e, de ser o caso, con recunchos adaptados ao alumnado de Educación Infantil (43,8%). Non contan con zona de lectura individual nun 53,1% dos casos

Os centros con Plambe teñen zona de xestión dos préstamos no 100% dos casos; de lectura informal e traballo para pequenos grupos no 91,1%, para traballo de grandes grupos nun 88,9%, audiovisuais/multimedia (84,4%) e recunchos adaptados ao alumnado de Educación Infantil (46,7%); como no caso anterior, na maioría destes centros (53,3%) carecen dunha zona de lectura individual.

Por último, nos centros sen Plambe dispoñen de zona de xestión de préstamos (89,5%), de traballo para pequenos grupos (78,9%), para grandes grupos e

lectura informal (68,4%), ademais de audiovisuais/multimedia (52,6%) e, de ser o caso, con recunchos adaptados ao alumnado de Educación Infantil (36,8%). Algo máis da metade (52,6%) non ten zona de lectura individual.

8. Postos informáticos con diferentes finalidades

A totalidade das bibliotecas observadas conta con postos informáticos para xestión (98,4%), con acceso á rede (92,2%) e para a utilización dos/as usuarios/as (90,6%).

Os centros con Plambe seguen esta tendencia; no 100% dos casos dispoñen de postos informáticos para usuarios/as e con acceso á rede e con postos informáticos para xestión (97,8%).

No 100% dos centros sen Plambe hai postos informáticos para xestión, con acceso á rede (73,7%) e para usuarios/as (68,4%).

9. Mobiliario da biblioteca

Nas bibliotecas observadas do total de centros o mobiliario está en bo estado (96,9%) e adáptase ás necesidades das persoas usuarias (90,6%); nesta mesma porcentaxe de casos teñen sinalización nas estanterías e baldas para facilitar a localización de documentos. Ademais, nun 51,6%, dos casos o mobiliario está adaptado para o alumnado con necesidades educativas específicas.

No 100% dos centros con Plambe o estado do mobiliario é bo; hai sinalización nos andeis e baldas para facilitar a localización de documentos e, ademais, o mobiliario está adaptado á idade dos/as usuarios/as (93,3%, en ambos os casos) e o alumnado con necesidades educativas específicas (55,6%).

Nos centros sen Plambe o mobiliario tamén está en bo estado (89,5%), adáptase á idade dos/as usuarios/as e están sinalizadas as andeis e baldas para facilitar a localización de documentos (84,2%). Pola contra, algo menos da metade (47,4%) non dispón de mobiliario adaptado para o alumnado con necesidades educativas específicas.

9.3. Responsabilidades

1. Adicación da persoa responsable da biblioteca e do profesorado de apoio á biblioteca

Na maioría das bibliotecas observadas hai unha persoa responsable da mesma (93,8% total, 97,8% con Plambe e 84,2% sen Plambe); asemade, todas contan con profesorado de apoio (85,9%, 93,3% e 68,4%).

9.4. Colaboradores/as

1. Membros da comunidade educativa que colaboran na biblioteca escolar

Os membros da comunidade educativa que colaboran na biblioteca escolar do total de centros, por orde de maior a menor porcentaxe son, segundo se puido observar: o equipo directivo e outro profesorado (67,2%) e o alumnado voluntario na biblioteca (48,4%). Apenas colaboran o persoal de administración (71,9%), nin as ANPAS e/ou as familias (60,9%).

Nos centros con Plambe observados colaboran coa biblioteca escolar o equipo directivo (73,3%), outro profesorado (71,1%) e o alumnado voluntario (51,1%). Escasamente colaboran o persoal de administración (71,1%), e as ANPAS e/ou as familias (62,2%).

Nos centros sen Plambe as observacións son similares. A colaboración máis intensa corresponde ao profesorado (57,9%) e ao equipo directivo (52,6%) e a menor ao persoal de administración (73,7%), ás ANPAS e/ou familias (57,9%), e ao alumnado voluntario (47,4%).

9.5. Xestión e proxectos

1. Orzamento

Algo máis da metade das bibliotecas do total de centros observados, e de centros con Plambe, contan con orzamento específico (51,6% e 57,8%, respectivamente), mentres que nos centros sen Plambe nun 57,9% dos casos, non.

2. Horario da biblioteca

Practicamente todas as bibliotecas observadas abren en horario lectivo (90,6% total, 95,6% con Plambe, 78,9% sen Plambe). Agora ben, en horario non lectivo abren moitas menos (46,9% total, 51,1% con Plambe, 36,8% sen Plambe).

3. Proxectos da biblioteca

En relación aos proxectos da biblioteca atópanse datos similares en todas as observacións realizadas. Así, no total de centros observados hai plan de traballo da biblioteca (87,5%), Proxecto Lector (89,1%) e faise referencia á avaliación das actividades da biblioteca escolar (85,9%). No caso dos centros con Plambe, hai plan de traballo da biblioteca (95,6%), faise referencia ao Proxecto Lector (91,1%) e tamén á avaliación das actividades da biblioteca (95,6%). Por último, nos centros sen Plambe hai plan de traballo da biblioteca (68,4% dos casos), faise referencia ao Proxecto Lector (84,2%) á avaliación das actividades (63,2%).

9.6. Servizos xerais

1. Servizos ofertados pola biblioteca

No total de centros observados a biblioteca escolar oferta os servizos de: préstamo individual (85,9%), préstamo de aula (73,4%), uso de equipos informáticos para traballo persoal ou grupal e formación de usuarios/as (70,3%), reserva de horarios para os distintos grupos de clase (62,5%) e uso de ordenadores para lecer (56,3%). En moitas destas bibliotecas (71,9%) non se ofertan os servizos de préstamo interbibliotecario, nin préstamo de departamento (54,7%).

Nos centros con Plambe observados ofértanse os servizos de: préstamo individual (91,1%), uso de equipos informáticos para o traballo persoal ou grupal, préstamo de aula e formación de usuarios/as, (80,0%) e reserva de horarios para os distintos grupos de clase e uso de ordenadores para lecer (68,9%). Non se oferta préstamo interbibliotecario (71,1%) nin préstamo de departamento (53,3%).

Os centros sen Plambe ofertan, maioritariamente, os servizos de préstamo individual (73,7%), préstamo de aula (57,9%) e reserva de horarios para os distintos grupos de clase, uso de equipos informáticos para traballo persoal ou grupal e formación de usuarios/as (47,4%). Pola contra, non ofertan préstamo interbibliotecario (73,7%), uso de ordenadores para lecer (63,2%) e préstamo de departamento (57,9%).

9.7. Servizos de información

1. Servizos de información da biblioteca

No total de centros observados contan, maioritariamente, cos seguintes servizos de información da biblioteca: web (64,1%), publicacións propias (60,9%) e boletín de novidades (48,4%). Non dispoñen de información personalizada por correo electrónico (81,3%), expedientes de prensa (68,8%), sumarios de revistas (64,1%), bibliografías (57,8%) e recompilación e selección de recursos de internet (53,1%).

Nos centros con Plambe observados os servizos de información da biblioteca son: a web (82,2%), as publicacións propias (77,8%), o boletín de novidades (57,8%) e a recompilación e selección de recursos de internet (53,3%). Pola contra, non se proporciona información personalizada por correo electrónico (80,0%), sumarios de revistas (57,8%), bibliografías (51,1%) nin expedientes de prensa (32,2%).

Ao contrario dos casos anteriores, nos centros sen Plambe, maioritariamente, carécese de servizos de información da biblioteca. De maior a menor, non se

fai uso de: expedientes de prensa nin información personalizada por correo electrónico (84,2%), sumarios de revistas (78,9%), recompilación e selección de recursos de internet, nin bibliografías (73,7%) e tampouco de boletín de novidades, web ou publicacións propias (68,4%).

9.8. Programa de actividades

1. Realización de actividades da biblioteca

En todas as observacións realizadas compróbase que na biblioteca escolar se fan actividades para o fomento da lectura. Tamén se leva a cabo formación para o uso, tratamento e produción de información (ALFIN) na totalidade deses centros (64,1%), nos centros con Plambe (71,1%) e nos sen Plambe (47,4%), aínda que nestes últimos en menor medida.

Pola contra, no que respecta á formación para o uso dos medios de comunicación (alfabetización mediática), se fan actividades nun 80% dos centros con Plambe, pero non se realizan no 68,4% dos sen Plambe e nun 32,8% do total.

9.9. Medios de difusión

Os medios a través dos que se difunden as actividades da biblioteca no total de centros observados son o blog da biblioteca (73,4%) e a páxina web do centro (70,3%). Non son tan usados o correo electrónico (65,6%) ou o boletín informativo (46,9%).

Nos centros con Plambe, se fai a difusión, principalmente, por medio do blog da biblioteca (84,4%), a páxina web do centro (82,2%) e o boletín informativo (53,3%). Non se emprega moito o correo electrónico (73,7%).

As bibliotecas dos centros sen Plambe empregan, fundamentalmente, o propio blog (47,4%). Pola contra, fan un uso mais escaso do correo electrónico (73,7%), o boletín informativo (63,2%) e a páxina web do centro (47,4%).

Conclusións

Neste apartado presentamos un resumo das principais conclusións derivadas da información obtida nas bibliotecas escolares obxecto de observación. A información preséntase segundo as dimensións da biblioteca escolar contempladas no estudo e diferenciándoa entre centros con Plambe e sen Plambe.

Instalacións da biblioteca (espazo, equipamento e mobiliario)

- En xeral, a superficie ocupada pola biblioteca escolar está, maioritariamente, entre os 90 e 180 m². Así mesmo, é habitual que a biblioteca escolar esté ubicada na planta baixa do centro.

- Na maioría das bibliotecas escolares observadas, o número de postos de lectura sitúase entre 21 e 40. Respecto aos postos de ordenador, na maioría das bibliotecas escolares observadas, teñen de 1 a 5.
- As bibliotecas escolares observadas teñen acceso para persoas con discapacidade ademais de estar ben sinaladas, ser luminosas, acolledoras e ter unha dotación informática adecuada.
- É frecuente que nas bibliotecas escolares observadas exista unha zona de xestión de préstamos, de traballo para pequeno e gran grupo e para lectura informal, ademais de zona de audiovisuais/multimedia.
- A totalidade das bibliotecas observadas conta con postos informáticos para xestións, con acceso á rede e para o uso da comunidade educativa.
- En xeral, nas bibliotecas observadas o mobiliario está en bo estado e adáptase ás necesidades dos/as usuarios/as.
- A maioría das bibliotecas observadas conta con persoas responsables dedicadas á mesma.

Responsabilidades

- As bibliotecas escolares observadas contan con profesorado de apoio adicado á ela.
- Os membros da comunidade educativa que colaboran na biblioteca escolar son, segundo se puido observar: o equipo directivo e outro profesorado e o alumnado voluntario. Apenas colaboran o persoal de administración e as ANPAS e/ou as familias
- Algo máis da metade das bibliotecas escolares dos centros observados teñen un orzamento específico para o seu funcionamento.
- A gran maioría das bibliotecas escolares abren en horario lectivo.
- Na totalidade de bibliotecas escolares observadas hai un plan de traballo, faise referencia ao proxecto lector de centro e tamén á avaliación das actividades.

Servizos xerais

- En xeral, as bibliotecas escolares observadas ofertan os seguintes servizos: préstamo individual, préstamo de aula, uso de equipos informáticos para traballo persoal ou grupal, formación de usuarios/as, reserva de horarios para os distintos grupos de clase e uso de ordenadores para lecer.

- Así mesmo, maioritariamente, ofrecen información dos seus servizos a través da web, publicacións propias e boletín de novidades. Sen embargo, non dispoñen de información personalizada por correo electrónico, expedientes de prensa, sumarios de revistas bibliografías e recompilación e selección de recursos de internet.

Programa de Actividades

- En todas as observacións realizadas compróbase que na biblioteca escolar fan actividades para o fomento da lectura. Tamén se leva a cabo formación para o uso, tratamento e produción de información (ALFIN), sobre todo nas bibliotecas de centros con Plambe.

Medios de Difusión

- Nas bibliotecas escolares observadas, os medios a través dos que se difunden as actividades son o blog da biblioteca e a páxina web do centro. Non utilizan tanto o correo electrónico e o boletín informativo.

Comparación das valoracións dos distintos colectivos sobre a biblioteca escolar

CAPÍTULO 10

Neste capítulo preséntanse os datos e resultados obtidos tras comparar as respostas emitidas polos distintos sectores en relación con diversas variables. Os datos correspondentes a esas comparacións recóllense en táboas que expresan os resultados cuantitativos e a súa significación estatística, obtida mediante a aplicación de probas como a análise de varianza[4] ou t de Student.

10.1. Comparación das valoracións entre os/as directores/as, o equipo de apoio á biblioteca e os/as responsables da biblioteca

1. A biblioteca amósase como un factor de calidade do centro

En base aos datos que figuran a continuación, comprobamos que a maioría dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables consideran á biblioteca como un factor de calidade do centro.

Táboa 1. Valoración da biblioteca como factor de calidade polos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Director/a	1,0	3,7	11,1	30,1	53,0	1,0
Equipo de apoio á biblioteca	1,3	3,3	10,4	34,1	50,5	0,5
Responsable da biblioteca	1,6	3,2	16,3	37,8	40,2	0,8

Na análise de varianza, $F = 4{,}325$ e $p = 0{,}013$, podemos afirmar que existen diferenzas significativas, cun nivel de significación do 0,05, entre os/as directores/as, os/as responsables e o equipo de apoio á biblioteca no que respecta á valoración que fan da biblioteca escolar como factor de calidade do centro.

Táboa 2. Comparación da valoración da biblioteca como factor de calidade entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Suma de cuadrados	gl	Media cuadrática	F	Significación
Inter-grupos	6,769	2	3,384	4,325	0,013*
Intra-grupos	1097,901	1403	0,783		
Total	1104,669	1405			

*$p < 0{,}05$

4 A análise de varianza permite coñecer se as medias obtidas polos distintos grupos ou colectivos na variable obxecto de estudo son diferentes ou non e, no caso de selo, comprobar se esas diferenzas as podemos considerar ou, pola contra, pensar que son producto do azar ou doutros factores alleos a aquilo que se investiga.

Para coñecer entre que colectivo hai diferenzas significativas aplícase a proba de Scheffé. Como se pode comprobar na táboa seguinte, as diferenzas significativas prodúcense entre os/as responsables e os/as directores/as e entre o equipo de apoio á biblioteca e os/as seus/úas responsables. O que esto significa, en termos prácticos, é que amosan unha valoración distinta da biblioteca como factor de calidade e que o colectivo que fai unha valoración máis elevada do papel da biblioteca escolar como factor de calidade do centro é o equipo de apoio á biblioteca.

Táboa 3. Comparación das medias dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca na valoración da biblioteca como factor de calidade

Medias	Responsable da biblioteca	Director/a	Equipo de apoio á biblioteca
Responsable da biblioteca **2,64**	-	0,196*	0,173*
Director/a **2,74**	0,196*	-	-
Equipo de apoio á biblioteca **2,87**	0,173*	-	-

*p < 0,05

2. Difusión dos fondos documentais

Solicitamos aos/ás enquisados/as unha valoración de distintos aspectos da biblioteca escolar que, na súa opinión, deberían ser mellorados. Unha das cuestións analizada refírese á difusión dos fondos documentais da biblioteca escolar que, como podemos observar na seguinte táboa, segundo a maioría dos/as directores/as, o equipo de apoio á biblioteca e os/as responsables deberían ser melloradas algo.

Táboa 4. Valoración da difusión dos fondos documentais polos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Director/a	5,4	20,9	43,2	22,6	4,4	3,4
Equipo de apoio á biblioteca	6,5	25,6	43,0	16,3	5,1	3,4
Responsable da biblioteca	4,4	22,3	43,8	18,7	9,2	1,6

Ao realizar a comparación entre os tres colectivos comprobamos que na análise de varianza, F = 4,226 e p = 0,015, polo tanto, podemos afirmar que existen diferenzas significativas, cun nivel de significación do 0,05, entre os/as directores/as, os/as responsables da biblioteca e o equipo de apoio á biblioteca no que respecta á valoración que fan da difusión dos fondos documentais da biblioteca escolar.

Táboa 5. Comparación da valoración da difusión dos fondos documentais entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Suma de cuadrados	gl	Media cuadrática	F	Significación
Inter-grupos	7,658	2	5,914	4,226	0,015*
Intra-grupos	1230,390	1	1,346		
Total	1238,048	1			

*p < 0,05

A proba de Scheffé permítenos saber entre qué grupos son significativas esas diferenzas. Observando a seguinte táboa, comprobamos que as hai entre o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca escolar. Isto significa que amosan unha valoración distinta da difusión dos fondos da biblioteca e que o colectivo que fai unha valoración máis elevada deles é o dos/as responsables da biblioteca escolar.

Táboa 6. Comparación das medias dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca na valoración da difusión dos fondos documentais

Medias	Responsable da biblioteca	Director/a	Equipo de apoio á biblioteca
Responsable da biblioteca **3,15**	-	-	-0,181*
Director/a **3,06**	-	-	-
Equipo de apoio á biblioteca **3,02**	-0,181*	-	-

*p < 0,05

3. Divulgación das actividades programadas

A partir dos datos que figuran a continuación, comprobamos que a maioría dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca escolar consideran que debería mellorar algo a divulgación das actividades programadas.

Táboa 7. Valoración da divulgación das actividades programadas polos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Director/a	12,8	27,4	35,1	16,2	5,1	3,4
Equipo de apoio á biblioteca	16,2	32,8	32,6	11,9	3,5	3,0
Responsable da biblioteca	6,0	33,1	39,0	14,3	6,0	1,6

Na análise de varianza, F = 9,543 e p = 0,000, polo tanto, podemos afirmar que existen diferenzas significativas, cun nivel de significación do 0,05, entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca no que respecta á valoración que fan desta cuestión.

Táboa 8. Comparación da valoración da divulgación das actividades programadas entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Suma de cuadrados	gl	Media cuadrática	F	Significación
Inter-grupos	19,882	2	9,946	9,543	0,000*
Intra-grupos	14818,573	1361	1,042		
Total	1438,466				

*p < 0,05

A proba de Scheffé permítenos saber entre que grupos son significativas esas diferenzas. Observando a seguinte táboa, comprobamos que as hai entre os/as directores/as e o equipo de apoio e responsables da biblioteca. Esto significa que amosan unha valoración distinta da divulgación das actividades programadas na biblioteca e que o colectivo que fai unha valoración máis elevada é o dos/as directores.

Táboa 9. Comparación das medias dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca na valoración da divulgación das actividades programadas

Medias	Responsable da biblioteca	Director/a	Equipo de apoio á biblioteca
Responsable da biblioteca **2,72**	-	-,202*	,287*
Director/a **2,81**	-	-	,202*
Equipo de apoio á biblioteca **2,52**	-,287*	-	-

*p < 0,05

4. Orzamento anual

Con base nos datos que figuran a continuación, comprobamos que a maioría dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca consideran que o orzamento anual adicado á biblioteca escolar debería ser mellorado.

Táboa 10. Valoración do orzamento anual polos/as directores/as, e equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Director/a	5,7	14,5	30,7	26,0	20,9	2,0
Equipo de apoio á biblioteca	2,3	10,7	29,3	32,9	20,4	4,4
Responsable da biblioteca	6,4	15,5	33,9	23,9	18,7	1,6

A continuación realizamos unha análise comparativa da valoración do orzamento da biblioteca escolar entre os tres colectivos. Na análise de varianza, $F = 7{,}554$ e $p = 0{,}001$, polo tanto, podemos afirmar que existen diferenzas significativas, cun nivel de significación do 0,05, entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca no que respecta á valoración que fan do seu orzamento anual.

Táboa 11. Comparación da valoración do orzamento entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Suma de cuadrados	gl	Media cuadrática	F	Significación
Inter-grupos	17,364	2	8,682	7,554	0,001*
Intra-grupos	1555,058	1353	1,149		
Total	1572,422				

*$p < 0{,}05$

Observando a seguinte táboa, comprobamos que hai diferenzas entre o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca e entre o equipo de apoio e os/as directores/as. Isto significa que amosan unha valoración distinta do orzamento anual e que o colectivo que fai unha valoración máis elevada é o dos/as responsables da biblioteca escolar.

Táboa 12. Comparación das medias dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca na valoración do orzamento

Medias	Responsable da biblioteca	Director/a	Equipo de apoio á biblioteca
Responsable da biblioteca **3,43**	-		-,273*
Director/a **3,34**	-	-	,182*
Equipo de apoio á biblioteca **3,31**	,273*	-,182*	-

*$p < 0{,}05$

5. Apertura en horario extraescolar

Na seguinte táboa observamos que para a maioría dos/as directores/as e os/as responsables da biblioteca escolar a apertura en horario extraescolar é moi mellorable, mentres que para o equipo de apoio debería mellorar algo.

Táboa 13. Valoración da apertura da biblioteca en horario extraescolar polos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Director/a	16,9	16,9	18,9	19,6	22,6	5,1
Equipo de apoio á biblioteca	26,0	18,5	20,3	15,5	13,8	5,9
Responsable da biblioteca	24,3	13,9	16,7	16,7	23,5	4,8

Na análise de varianza, $F = 11,831$ e $p = 0,001$, polo tanto, podemos afirmar que existen diferenzas significativas, cun nivel de significación do 0,05, entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca, no que respecta á valoración que fan da apertura da biblioteca en horario extraescolar.

Táboa 14. Comparación da valoración da apertura da biblioteca en horario extraescolar entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Suma de cuadrados	gl	Media cuadrática	F	Significación
Inter-grupos	48,460	2	24,230	11,831	0,000*
Intra-grupos	2709,601	1323	2,048		
Total	2758,061	1325			

*$p < 0,05$

Observando a seguinte táboa, comprobamos que hai diferenzas entre o equipo de apoio e os/as e os/as directores/as e o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca. Esto significa que amosan unha valoración distinta da apertura da biblioteca en horario extraescolar e que o colectivo que fai unha valoración máis elevada é o dos/as responsables da biblioteca escolar.

Táboa 15. Comparación das medias dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca na valoracion da apertura da biblioteca en horario extraescolar

Medias	Responsable da biblioteca	Director/a	Equipo de apoio á biblioteca
Responsable da biblioteca **3,15**	-	-	,313*
Director/a **3,02**	-	-	,442*
Equipo de apoio á biblioteca **2,71**	-,313*	-,442*	-

*$p < 0,05$

6. Dedicación horaria do profesorado do equipo de apoio á biblioteca

En base aos datos que figuran a continuación, na seguinte táboa, comprobamos que a maioría dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca consideran que a dedicación horaria do profesorado do equipo de apoio á biblioteca debería ser mellorada.

Táboa 16. Valoración da dedicación horaria do profesorado do equipo de apoio á biblioteca polos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Director/a	7,1	11,5	26,0	29,4	24,0	2,0
Equipo de apoio á biblioteca	6,5	14,1	24,0	25,6	26,6	3,1
Responsable da biblioteca	2,8	10,8	22,3	22,9	30,3	4,0

Na análise de varianza, $F = 4{,}009$ e $p = 0{,}001$, polo tanto, podemos afirmar que existen diferenzas significativas, cun nivel de significación do 0,05, no que respecta á valoración que fan da dedicación horaria do profesorado do equipo de apoio á biblioteca, os tres colectivos.

Táboa 17. Comparación da valoración da dedicación horaria do profesorado do equipo de apoio á biblioteca entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Suma de cuadrados	gl	Media cuadrática	F	Significación
Inter-grupos	11,443	2	5,721	4,009	0,000*
Intra-grupos	1939,567	1359	1,427		
Total	1951,010	1361			

*$p < 0{,}05$

Se observamos a seguinte táboa, comprobamos que hai diferenzas entre o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca. Isto significa que amosan unha valoración distinta da dedicación horaria do profesorado do equipo de apoio á biblioteca e que o colectivo que fai unha valoración máis elevada é o dos/as responsables da biblioteca escolar.

Táboa 18. Comparación das medias dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca na valoración da dedicación horaria do profesorado do equipo de apoio á biblioteca

Medias	Responsable da biblioteca	Director/a	Equipo de apoio á biblioteca
Responsable da biblioteca **3,77**	-	-	,239*
Director/a **3,53**	-	-	-
Equipo de apoio á biblioteca **3,53**	-,239*	-*	-

*p < 0,05

7. Programación de actividades de formación de usuario e educación informacional

Na seguinte táboa observamos que para a maioría dos tres colectivos comparados debería mellorar algo a programación de actividades de formación de usuario e educación informacional na biblioteca escolar dos seus centros.

Táboa 19. Valoración da programación de actividades de formación de usuario e educación informacional polos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Director/a	4,7	19,3	40,9	26,4	5,7	3,0
Equipo de apoio á biblioteca	9,1	25,1	38,3	19,5	4,8	3,3
Responsable da biblioteca	4,0	17,5	36,3	31,1	9,6	1,6

Na análise de varianza, F = 17,309 e p = 0,001, polo tanto, podemos afirmar que existen diferenzas significativas, cun nivel de significación do 0,05, entre os/as responsables da biblioteca, os/as directores/as e o equipo de apoio á biblioteca no que respecta á valoración da programación de actividades de formación de usuario e educación informacional.

Táboa 20. Comparación da valoración da programación de actividades de formación de usuario e educación informacional entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Suma de cuadrados	gl	Media cuadrática	F	Significación
Inter-grupos	34,203	2	17,102	17,309	0,000*
Intra-grupos	1334,840	1351	0,988		
Total	1369,043	1353			

*p < 0,05

Se observamos a seguinte táboa, comprobamos que hai diferenzas entre o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca e entre o equipo de apoio e os/as directores. Isto significa que amosan unha valoración distinta da programación de actividades de formación de usuario e educación informacional e que o colectivo que fai unha valoración máis elevada é o dos/as directores/as.

Táboa 21. Comparación das medias dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca na valoración da programación de actividades de formación de usuario e educación informacional

Medias	Responsable da biblioteca	Director/a	Equipo de apoio á biblioteca
Responsable da biblioteca **3,09**	-	-	,396*
Director/a **3,25**	-	-	,241*
Equipo de apoio á biblioteca **2,85**	-,396*	-,241*	-

*p < 0,05

8. Integración e coordinación co proxecto lector de centro

Con base nos datos que figuran na seguinte táboa, comprobamos que a maioría dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca consideran que a integración e coordinación co proxecto lector de centro debería ser algo mellorada.

Táboa 22. Valoración da integración e coordinación co proxecto lector de centro polos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Director/a	20,3	31,1	33,1	9,8	2,4	3,4
Equipo de apoio á biblioteca	21,3	34,0	26,5	10,8	3,5	3,8
Responsable da biblioteca	13,9	26,3	39,8	9,6	6,4	4,0

Na análise de varianza, F = 5,901 e p = 0,001, polo tanto, podemos afirmar que existen diferenzas significativas, cun nivel de significación do 0,05, entre os/as responsables da biblioteca, os/as directores/as e o equipo de apoio á biblioteca no que respecta á valoración que fan da integración e coordinación co proxecto lector de centro.

Táboa 23. Comparación da valoración da integración e coordinación co proxecto lector de centro entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Suma de cuadrados	gl	Media cuadrática	F	Significación
Inter-grupos	13,057	2	6,529	5,901	0,003*
Intra-grupos	1481,310	1339	1,106		
Total	1494,367	1341			

*p < 0,05

Se observamos a seguinte táboa, comprobamos que hai diferenzas entre o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca e entre estes e os/as directores/as. Isto significa que amosan unha valoración distinta da integración e coordinación da biblioteca co proxecto lector de centro e que o colectivo que fai unha valoración máis elevada é o dos/as directores/as, seguido do dos/as responsables da biblioteca escolar.

Táboa 24. Comparación das medias do/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca na valoración da integración e coordinación do proxecto lector de centro

Medias	Responsable da biblioteca	Director/a	Equipo de apoio á biblioteca
Responsable da biblioteca **2,41**	-	,245*	,266*
Director/a **2,61**	-,245*	-	
Equipo de apoio á biblioteca **2,39**	-,266*		-

*p < 0,05

9. Proxectos de innovación e mellora

Con base nos datos que figuran na seguinte táboa, comprobamos que a maioría dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca consideran que os proxectos de innovación e mellora deberían ser algo mellorados.

Táboa 25. Valoración dos proxectos de innovación e mellora polos/as directores/as, o equipo de apoio á biblioteca e os/as responsables da biblioteca

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Director/a	4,7	21,3	40,2	24,3	6,1	3,4
Equipo de apoio á biblioteca	6,2	24,9	38,6	20,2	6,5	3,6
Responsable da biblioteca	2,8	11,2	41,4	29,1	11,6	4,0

Na análise de varianza, F = 16,130 e p = 0,001, polo tanto, podemos afirmar que existen diferenzas significativas, cun nivel de significación do 0,05, entre os/as responsables da biblioteca, os/as directores/as e o equipo de apoio á biblioteca no que respecta á valoración que fan dos proxectos de innovación e mellora

Táboa 26. Comparación da valoración dos proxectos de innovación e mellora entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Suma de cuadrados	gl	Media cuadrática	F	Significación
Inter-grupos	31,069	2	15,534	16,130	0,000*
Intra-grupos	1291,491	1341	0,963		
Total	1322,560	1343			

*p < 0,05

Se observamos a seguinte táboa, comprobamos que hai diferenzas entre os/as responsables e os/as directores e entre os/as responsables e o equipo de apoio. Isto significa que amosan unha valoración distinta dos proxectos de innovación e mellora e que o colectivo que fai unha valoración máis elevada é o dos/as directores/as, seguido do equipo de apoio e dos/as responsables da biblioteca escolar.

Táboa 27. Comparación das medias dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca na valoración dos proxectos de innovación e mellora

Medias	Responsable da biblioteca	Director/a	Equipo de apoio á biblioteca
Responsable da biblioteca **3,06**	-	,313*	,415*
Director/a **3,37**	-,313*	-	-
Equipo de apoio á biblioteca **2,96**	-,415*	-	-

*p < 0,05

10. Colaboración con outras bibliotecas

Os datos que figuran na seguinte táboa revelan que maioría dos/as directores/as sinalan que a colaboración con outras bibliotecas debería mellorar bastante, mentres para o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca consideran que debería ser algo mellorada.

Táboa 28. Valoración da colaboración da biblioteca escolar con outras bibliotecas polos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Director/a	4,4	14,5	29,1	36,5	12,2	3,4
Equipo de apoio á biblioteca	4,5	17,8	33,6	27,4	12,2	4,4
Responsable da biblioteca	3,6	9,6	34,7	29,9	18,7	3,6

Na análise de varianza, F = 6,801 e p = 0,001, polo tanto, podemos afirmar que existen diferenzas significativas, cun nivel de significación do 0,05, entre os/as responsables da biblioteca, os/as directores/as e o equipo de apoio á biblioteca no que respecta á colaboración con outras bibliotecas.

Táboa 29. Comparación da valoración da colaboración da biblioteca escolar con outras bibliotecas entre entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Suma de cuadrados	gl	Media cuadrática	F	Significación
Inter-grupos	14,933	2	7,467	6,801	,001*
Intra-grupos	1465,722	1335	1,098		
Total	1480,655	1337			

*p < 0,05

Se observamos a seguinte táboa, comprobamos que hai diferenzas entre os/as responsables e o equipo de apoio. Isto significa que amosan unha valoración distinta da colaboración con outras bibliotecas e que o colectivo que fai unha valoración máis elevada é o dos/as directores/as.

Táboa 30. Comparación das medias dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca na valoración da colaboración da biblioteca escolar con outras bibliotecas

Medias	Responsable da biblioteca	Director/a	Equipo de apoio á biblioteca
Responsable da biblioteca **3,39**			,278*
Director/a **3,54**			
Equipo de apoio á biblioteca **3,26**	-,278*		

*p < 0,05

11. Formación do/a responsable da biblioteca escolar

Con base aos datos que figuran na seguinte táboa, comprobamos que para unha maioría dos/as directores/as a formación do responsable da biblioteca escolar debería ser mellorada algo; da mesma opinión son os/as propios responsables da biblioteca escolar. Porén,o equipo de apoio á biblioteca considera que é pouco necesaria dita mellora.

Táboa 31. Valoración da formación do/a responsable da biblioteca escolar polos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Director/a	14,2	17,0	33,1	13,5	8,1	4,1
Equipo de apoio á biblioteca	19,2	32,4	27,3	9,4	5,7	5,9
Responsable da biblioteca	3,6	14,7	43,4	26,7	8,8	2,8

Na análise de varianza, $F = 45{,}422$ e $p = 0{,}001$, polo tanto, podemos afirmar que existen diferenzas significativas, cun nivel de significación do 0,05, entre os/as responsables da biblioteca, os/as directores/as e o equipo de apoio á biblioteca no que respecta á valoración que fan da formación do responsable da biblioteca escolar.

Táboa 32. Comparación da valoración da formación do/a responsable entre entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Suma de cuadrados	gl	Media cuadrática	F	Significación
Inter-grupos	107,345	2	53,673	45,422	,000*
Intra-grupos	1562,145	1322	1,182		
Total	1480,655	1324			

*$p < 0{,}05$

Se observamos a seguinte táboa, comprobamos que hai diferenzas entre os/as responsables e o equipo de apoio e os/as responsables e os/as directores/as. Isto significa que amosan unha valoración distinta da formación do/a responsable e que o colectivo que fai unha valoración máis elevada é o dos/as directores/as.

Táboa 33. Comparación das medias dos/as directores/as, o e equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca na valoración da formación do/a responsable da biblioteca escolar

Medias	Responsable da biblioteca	Director/a	Equipo de apoio á biblioteca
Responsable da biblioteca **2,73**	-	,498	,762*
Director/a **3,23**	-,498*	-	-
Equipo de apoio á biblioteca **2,47**	-,762*	-	-

*p < 0,05

12. Utilización da biblioteca polo profesorado

Con base nos datos que figuran na seguinte táboa, comprobamos que a maioría dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca consideran que a utilización da biblioteca escolar por parte do profesorado debería mellorar algo.

Táboa 34. Valoración da utilización da biblioteca polo profesorado do centro polos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Director/a	6,4	20,9	38,2	25,3	4,4	4,7
Equipo de apoio á biblioteca	9,0	21,8	34,1	23,2	9,2	2,7
Responsable da biblioteca	4,4	17,5	35,9	28,3	11,6	2,4

Na análise de varianza, $F = 4,959$ e $p = 0,001$, polo tanto, podemos afirmar que existen diferenzas significativas, cun nivel de significación do 0,05, entre os/as responsables da biblioteca, os/as directores/as e o equipo de apoio á biblioteca no que respecta á valoración que fan da utilización polo profesorado da biblioteca escolar.

Táboa 35. Comparación da valoración da utilización da biblioteca polo profesorado entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Suma de cuadrados	gl	Media cuadrática	F	Significación
Inter-grupos	11,244	2	5,622	4,959	,007*
Intra-grupos	1529,371	1349	1,134		
Total	1540,615	1351			

*p < 0,05

Se observamos a seguinte táboa, comprobamos que hai diferenzas entre os/as responsables e o equipo de apoio e entre os/as responsables e os/as directores/as. Isto significa que amosan unha valoración distinta da utilizacion da biblioteca polo profesorado e que o colectivo que fai unha valoración máis elevada é o dos/as directores/as.

Táboa 36. Comparación das medias dos/as directores/as,o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca na valoración da utilización da biblioteca polo profesorado

Medias	Responsable da biblioteca	Director/a	Equipo de apoio á biblioteca
Responsable da biblioteca **3,00**	-	,252*	,236*
Director/a **3,26**	-,252*	-	-
Equipo de apoio á biblioteca **3,02**	-,236*		-

*p < 0,05

13. Utilización da biblioteca polas familias

Os datos que figuran na seguinte táboa revelan que os tres colectivos sinalan que a utilización da biblioteca escolar por parte das familias debería mellorar bastante ou moito.

Táboa 37. Valoración da utilización da biblioteca polas familias entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Director/a	5,1	5,4	16,6	37,2	31,8	4,1
Equipo de apoio á biblioteca	5,4	9,7	23,0	28,4	28,8	4,8
Responsable da biblioteca	3,6	5,2	16,7	33,5	37,8	3,2

Na análise de varianza, F = 8,585 e p = 0,001, polo tanto, podemos afirmar que existen diferenzas significativas, cun nivel de significación do 0,05, entre os/as responsables da biblioteca, os/as directores/as e o equipo de apoio á biblioteca no que respecta á valoración que fan da utilización da biblioteca escolar por parte das familias

Táboa 38. Comparación da valoración da utilización da biblioteca polas familias entre os/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca

	Suma de cuadrados	gl	Media cuadrática	F	Significación
Inter-grupos	22,128	2	11,064	8,585	,000*
Intra-grupos	1715,410	1331	1,289		
Total	1737,538	1333			

*p < 0,05

Se observamos a seguinte táboa, comprobamos que hai diferenzas entre os/as responsables e o equipo de apoio e entre os/as responsables e os/as directores/as. Isto significa que amosan unha valoración distinta da utilización da biblioteca escolar por parte das familias e que o colectivo que fai unha valoración máis elevada é o dos/as directores/as.

Táboa 39. Comparación das medias dos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca na valoración da utilización da biblioteca polas familias

Medias	Responsable da biblioteca	Director/a	Equipo de apoio á biblioteca
Responsable da biblioteca **3,89**		,198*	,319*
Director/a **4,01**	-1,98*		
Equipo de apoio á biblioteca **3,69**	-,319*		

*p < 0,05

10.2. Comparación das valoracións entre os/as directores/as e o equipo de apoio á biblioteca

1. Satisfacción co funcionamento da biblioteca

Unha das preguntas efectuadas os/as directores/as e o equipo de apoio á biblioteca ten que ver coa satisfacción que ambos colectivos manifestan acerca do funcionamento da biblioteca escolar. Se analizamos a información contida na táboa seguinte, podemos comprobar que a maioría dos/as directores/as e o equipo de apoio están bastante satisfeitos co funcionamento da biblioteca. Os valores son superiores no caso do equipo de apoio.

Táboa 40. Valoración da satisfacción co funcionamento da biblioteca polos/as directores/as e o equipo de apoio á biblioteca

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Director/a	1,7	3,4	16,2	48,6	29,1	1,0
Equipo de apoio á biblioteca	1,0	3,5	9,1	51,6	33,2	1,5

Efectuada a análise estatística correspondente é, á vista dos resultados obtidos, pódese dicir que, nesta cuestión, ao comparar as valoracións dos/as directores/as e o equipo de apoio atópanse diferenzas significativas ($t = -2{,}367$, $p < 0{,}05$) a favor dos primeiros, e dicir, os/as directores/as manifestan un maior grao de satisfacción coa biblioteca que o equipo de apoio.

10.3. Comparación das valoracións entre nais e pais e alumnado

1. Adecuacion do funcionamento da biblioteca

Unha das preguntas efectuadas os/as alumnos/as e as nais e pais destas/es ten que ver coa consideración que para ambos colectivos ten o funcionamento da biblioteca e o horario de apertura.

En relación coa primeira cuestión, na táboa seguinte podemos observar que a maioría das familias e de alumnado valoran como bastante adecuado o funcionamento da biblioteca

Táboa 41. Valoración da adecuación do funcionamento da biblioteca escolar polo alumnado e polas familias

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Nais e pais	7,1	10,8	23,4	38,0	13,8	6,9
Alumnado	5,2	10,2	24,0	38,0	18,9	3,6

Efectuada a análise estatística correspondente e, á vista dos resultados obtidos, pódese dicir que, nesta cuestión, ao comparar as valoracións dos/as alumnos/as e familias hai diferenzas significativas ($t = -6{,}527$, $p < 0{,}05$) a favor dos/as alumnos/as, e dicir, para o alumnado o funcionamento da biblioteca escolar é máis adecuado que o é para as familias.

2. Adecuación do horario de apertura da biblioteca

Respecto á valoración que as familias e o alumnado fan da adecuación do horario da apertura da biblioteca comprobamos, na seguinte táboa, que ambos colectivos coinciden na súa valoración, situada maioritariamente na categoría bastante.

Táboa 42. Valoración da adecuación do horario de apertura da biblioteca escolar polo alumnado e polas familias

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Nais e pais	9,5	12,6	21,5	33,8	15,5	7,2
Alumnado	8,0	11,7	19,9	30,6	25,8	4,0

Ao realizar a análise estatística correspondente e, á vista dos resultados obtidos, pódese dicir que, nesta cuestión, ao comparar as valoracións dos/as alumnos/as e familias hai diferenzas significativas ($t = -2{,}367$, $p < 0{,}05$) a favor dos/as alumnos/as, é dicir, para o alumnado o horario da apertura da biblioteca escolar é máis adecuado que o é para as familias.

3. Acceso

Con base nos datos que figuran na seguinte táboa, comprobamos que para a maioría das familias o acceso á biblioteca non precisa ser mellorado. Así mesmo, para máis das tres cuartas partes do alumnado tampouco é necesaria esa mellora.

Táboa 43. Valoración do acceso á biblioteca escolar polo alumnado e polas familias

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Nais e pais	25,7	20,9	22,8	14,3	9,0	7,2
Alumnado	38,8	23,3	17,2	9,3	7,1	4,3

Efectuada a análise estatística correspondente e, á vista dos resultados obtidos, pódese dicir que, nesta cuestión, ao comparar as valoracións do alumnado e familias hai diferenzas significativas ($t = -3{,}473$, $p < 0{,}05$) a favor das familias que, polo tanto, ven máis necesaria a mellora do acceso á biblioteca que o alumnado.

4. Iluminación

Á vista dos datos recollidos na seguinte táboa, pódese afirmar que a iluminación da biblioteca escolar é adecuada e non necesita mellora segundo opina a maioría do alumnado e mesmo das familias.

Táboa 44. Valoración da iluminación da biblioteca escolar polo alumnado e polas familias

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Nais e pais	27,5	23,1	20,9	13,7	5,9	8,9
Alumnado	41,7	22,2	14,3	9,4	6,8	5,7

Como resultado da aplicación da proba t de Student, pódese dicir que as diferenzas nas valoracións do alumnado e familias son significativas ($t = -7{,}863$, $p < 0{,}05$) a favor das familias, é dicir, para nais e pais é máis necesaria a mellora da iluminación da biblioteca escolar que para ó alumnado.

5. Fondos documentais ou informativos

Respecto á valoración que as familias e alumnado fan dos fondos documentais e informativos da biblioteca comprobamos na seguinte táboa que para os/as alumnos/as non é necesario mellorar os fondos da biblioteca mentras que no caso das nais e pais deben realizarse algunhas melloras.

Táboa 45. Valoración dos fondos documentais ou informativos polo alumnado e polas familias

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Nais e pais	11,7	18,3	29,4	20,6	10,1	-
Alumnado	25,5	25,1	23,2	12,8	7,8	5,7

Efectuada a análise estatística correspondente e, á vista dos resultados obtidos, pódese dicir que, nesta cuestión, ao comparar as valoracións destes dous colectivos, hai diferenzas significativas ($t = -4{,}061$ $p < 0{,}05$) a favor das familias, é dicir, nais e pais perciben, en maior medida que o alumnado, a necesidade de mellora dos fondos documentais ou informativos da biblioteca escolar.

6. Información das actividades programadas

En base aos datos que figuran na seguinte táboa, comprobamos que as nais e pais consideran que a información recibida das actividades programadas non é suficiente, ao ser valorada como algo a mellorar, mentres que para a maioría do alumnado non é necesario realizar ningunha mellora ao respecto.

Táboa 46. Valoración da información das actividades programadas na biblioteca polo alumnado e polas familias

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Nais e pais	16,4	16,7	27,0	15,6	14,9	9,3
Alumnado	26,7	23,9	21,3	13,0	9,8	5,3

Ao realizar a análise estatística correspondente e, á vista dos resultados obtidos, pódese dicir que nesta cuestión, ao comparar as valoracións do alumnado e familias hai diferenzas significativas ($t = -2{,}705$ $p < 0{,}05$), a favor das familias, é dicir, nais e pais valoran como máis necesaria a mellora da información recibida acerca das actividades programadas pola biblioteca que o alumnado.

7. Horario de apertura en horario lectivo

As respostas dadas por ambos os colectivos a esta cuestión amosan que a maioría de alumnos/as e familias coinciden en afirmar que non é necesario mellorar o horario de apertura da biblioteca no período lectivo.

Táboa 47. Valoración do horario de apertura en horario lectivo polo alumnado e polas familias

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Nais e pais	22,4	14,4	19,7	18,2	16,2	9,0
Alumnado	35,7	19,3	16,6	11,5	11,2	5,7

Ao comparar as valoracións do alumnado e familias vemos que hai diferenzas significativas entre ambos os colectivos ($t = -4{,}098$, $p < 0{,}05$), a favor das familias que consideran máis necesario que o alumnado, mellorar o horario lectivo de apertura da biblioteca.

8. Horario de apertura en horario extraescolar

Respecto á valoración de ambos colectivos a esta cuestión, comprobamos na seguinte táboa, que para una maioría do alumnado non é necesario mellorar o horario extraescolar de apertura da biblioteca; as familias tamén fan, maioritariamente, a mesma valoración.

Táboa 48. Valoración do horario de apertura en horario extraescolar polo alumnado e polas familias

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Nais e pais	23,0	12,5	20,6	18,2	15,6	10,1
Alumnado	36,3	17,0	15,9	11,4	13,2	6,1

As diferenzas nas valoracións do alumnado e familias nesta cuestión son significativas entre ambos colectivos ($t = -2{,}882$, $p < 0{,}05$), a favor das familias, é dicir, estas afirman, en maior medida que os/as alumnos/as, que se debería mellorar o horario extraescolar de apertura da biblioteca.

9. Actividades para un maior uso da biblioteca

As familias afirman que as actividades para un maior uso da biblioteca deben ser algo melloradas. A maioría do alumnado opina que non deben ser melloradas.

Táboa 49. Valoración das actividades para un maior uso da biblioteca polo alumnado e polas familias

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Nais e pais	17,1	16,8	25,1	19,7	12,5	8,7
Alumnado	28,6	24,6	20,6	11,9	8,9	5,4

Como resultado da aplicación da proba t de Student, pódese dicir que as diferenzas nas valoracións do alumnado e familias son significativas ($t = -4{,}030$, $p < 0{,}05$), a favor das nais e pais é dicir, ás familias, en comparación co alumnado, consideran que desde a biblioteca deben ser melloradas as actividades dirixidas a facer un maior uso da biblioteca escolar.

10. Actividades de promoción da lectura

En canto á realización de actividades de promoción da lectura, a maioría das familias afirma que deben ser melloradas algo, mentras que o alumnado considera que non é necesario melloras nesta cuestión.

Táboa 50. Valoración das actividades de promoción da lectura polo alumnado e polas familias

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Nais e pais	17,9	17,3	27,2	17,4	11,0	9,2
Alumnado	30,1	24,3	20,3	10,8	8,5	6,0

A análise comparativa das valoracións entre ambos colectivos revela a existencia de diferenzas significativas ($t = -4{,}030$, $p < 0{,}05$) novamente a favor das familias. Isto demostra que as familias consideran, en maior medida que o alumnado, que desde a biblioteca escolar deben ser melloradas as actividades de promoción da lectura.

11. Espazo para ler e traballar

En relación a esta cuestión, na seguinte táboa podemos observar que para a maioría das familias os espazos para ler e traballar dos que dispón a biblioteca deben ser mellorados algo; para a maioría do alumnado non é nada necesaria esta mellora.

Táboa 51. Valoración do espazo para ler e traballar polo alumnado e polas familias

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Nais e pais	18,3	16,8	25,4	17,1	13,5	8,7
Alumnado	27,2	22,7	19,6	14,1	10,5	5.8

As diferenzas nas valoracións de alumnos/as e familias nesta cuestión son significativas ($t = -7{,}546$ $p < 0{,}05$) a favor das familias é dicir, para as nais e pais é máis necesaria a mellora dos espazos para ler e traballar dos que dispón a biblioteca que o é para o alumnado.

12. Frecuencias de visita co profesor ou profesora

O número de visitas á biblioteca co profesor ou profesora debe ser mellorado dalgún modo segundo as familias, porén, para a maioría do alumnado non é preciso mellora ningunha.

Táboa 52. Valoración da frecuencias de visita co profesorado polo alumnado e polas familias

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Nais e pais	16,4	13,5	24,6	19,2	17,3	8,9
Alumnado	26,7	21,5	20,3	14,3	11,9	5,3

Ao realizar a análise estatística correspondente é, á vista dos resultados obtidos, pódese dicir que, nesta cuestión, entre as valoracións do alumnado e familias hai diferenzas significativas ($t = -3{,}415$ $p < 0{,}05$) a favor dos/as familias é dicir, nais e pais consideran que debe mellorar a frecuencia de visita á biblioteca co profesorado.

13. Información sobre temas de interese

As familias, a diferenza do alumnado, tamén consideran que debe mellorarse dalgún modo a información que se proporciona na biblioteca sobre temas de interese, mentres que a maioría do alumnado considera que non é necesario.

Táboa 53. Valoración de información sobre temas de interese polo alumnado e polas familias

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	Ns/Nc
Nais e pais	14,7	13,1	23,3	21,5	18,2	9,2
Alumnado	25,8	23,8	21,6	13,2	10,0	5,5

A análise comparativa das valoracións entre ambos os colectivos, revela a existencia de diferenzas significativas ($t = -5{,}446$ $p < 0{,}05$) no que respecta a esta cuestión. Isto demostra que as familias consideran, en maior medida que o alumnado, a necesidade de mellorar a información sobre temas de interese.

Conclusións finais e propostas de mellora

A continuación, preséntase as principais conclusións derivadas da información aportada polos diferentes colectivos participantes no estudo, atendendo ás dimensións da biblioteca escolar que o longo deste informe foron obxecto de análise. Así mesmo, recollénse algunhas propostas de mellora derivadas dos resultados acadados no estudo, coa intención de ser de utilidade para identificar os retos que favorezan a planificación de medidas e recursos pertinentes nas bibliotecas escolares.

A biblioteca no centro

A biblioteca escolar na actualidade está plenamente integrada na actividade diaria do centro, tal e como reflicte a opinión dos diferentes sectores da comunidade educativa. Segundo a opinión de responsables da biblioteca e directores/as, a biblioteca aparece na documentación oficial do centro, sendo o Plan de TIC onde menos referencias hai sobre a biblioteca escolar.

Para a persoa responsable da biblioteca, os/as directores/as e o equipo de apoio, a biblioteca é un factor moi importante para a mellora da calidade do centro, un elemento esencial para a consecución dos obxectivos do Plan Lector, ao igual que se amosa como un factor de compensación das desigualdades segundo a opinión de directores/as.

A integración da biblioteca no funcionamento do centro faise tamén visible no seu grao de coñecemento por parte do alumnado e de nais e pais. Alumnos/as coñecen e lles gusta acudir á biblioteca, aínda que participan pouco nas actividades que se organizan nela.

Pola súa parte, as familias coñecen pouco a biblioteca e o seu funcionamento e sinalan que nas reunións promovidas polo centro practicamente non se fala da mesma. A diferenza do que opina o alumnado, afirman que os/as seus fillos/as utilizan bastante a biblioteca escolar e coinciden con eles/as cando din que a participación nas actividades promovidas por esta é escasa. Concordan tamén en sinalar que non é moi habitual que o alumnado empregue os materiais da biblioteca para realizar os traballos de clase.

O desenvolvemento de competencias dixitais e de busca de información é un cometido no que a biblioteca ten bastante ou moita responsabilidade segundo o colectivo de nais e pais do alumnado.

En relación con esta dimensión da biblioteca escolar, cabe indicar, a existencia de diferenzas entre centros con Plambe e sen Plambe nos distintos aspectos avaliados. Neste sentido, nos centros con Plambe, detectáse un maior coñecemento da biblioteca por parte do alumnado e familias, un maior grao de implicación e colaboración por parte da dirección do centro na xestión da biblioteca escolar e a maior importancia concedida polos/as responsables da biblioteca, o equipo

de apoio e os/as directores/as, a biblioteca escolar concebida como elemento fundamental para a mellora da calidade do centro.

Equipamento, instalacións e tecnoloxías

En xeral, o acondicionamento da biblioteca escolar, como espazo do centro, é considerado como un aspecto fundamental para que esta se convirta nun lugar máis de traballo no centro.

Neste sentido, cabe sinalar que a persoa responsable da biblioteca, o equipo de apoio, os/as directores/as, alumnado e familias valoran, como bastante adecuadas as instalacións da biblioteca. Isto é, o lugar onde está situada, o acceso, a sinalización, a iluminación, a distribución e a accesibilidade para persoas con discapacidade.

Do mesmo xeito, valoran positivamente o equipamento da biblioteca, é dicir, o mobiliario, os espazos para o traballo en grupo e para a lectura e o traballo individual. Porén, as tecnoloxías reciben unha menor valoración, e todos os colectivos sinalan que debería incrementarse o número de ordenadores e o acceso a lectores e libros electrónicos.

Respecto ao equipamento, pódese dicir que as instalacións e as tecnoloxías reciben unha mellor valoración por parte dos diferentes colectivos nos centros con Plambe que nos centros sen Plambe.

Recursos documentais

Segundo a opinión de todos os colectivos participantes no estudo, os fondos están bastante actualizados, conservados e son suficientes. Todos coinciden tamén en afirmar que na súa selección tense moi en conta a opinión do equipo directivo, do profesorado e do equipo de apoio á biblioteca e, en menor medida, a das familias. Ademais, estes fondos dan resposta ás necesidades do alumnado segundo a opinión de responsables da biblioteca, directores/as, equipo de apoio, alumnado e familias e cobren bastante as necesidades das diversas áreas curriculares.Todos coinciden tamén en sinalar que a biblioteca dispón de poucos materiais axeitados para o alumnado con necesidades educativas específicas.

Os/as alumnos/as, pola súa parte, afirman que na biblioteca hai bastantes materiais para todas as materias de aprendizaxe e suficientes exemplares de lecturas recomendadas e obrigatorias. Sinalan ademais, que é posible consultar recursos dixitais na biblioteca do centro e teñen coñecementos do sistema de ordenación e ubicación dos libros, aínda que, non obstante, non saben consultar o catálogo informatizado. Cómpre salientar que para elas/es non é habitual o uso de lectores dixitais, libros dixitais, discos CD-RP; videos e DVD.

O rexistro dos fondos está informatizado, ao igual que o préstamo, e practicamente todos os centros empregan o sistema CDU para clasificar os fondos da biblioteca.

Na selección dos materiais da biblioteca téñense moi en conta as demandas do alumnado, do profesorado, do equipo de apoio á biblioteca e ciclo e/ou departamento e da Comisión da Biblioteca, e tamén a opinión da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do equipo directivo. Pola contra, téñense pouco en conta as necesidades das nais e pais.

Persoal

Os datos referidos ao persoal da biblioteca revelan unha importante profesionalización dos seus responsables no que se refire a súa formación, así como á asignación de funcións, tal e como sinalan os propios implicados. De feito, a maioría dos/as directores/as sinalan que a formación da persoa responsable da biblioteca é un elemento fundamental para o bo funcionamento da mesma.

Directores/as e responsables da biblioteca escolar indican que os centros contan con equipo de apoio á biblioteca e, con Comisión da Biblioteca no Consello Escolar. En xeral, as bibliotecas escolares non dispoñen de persoal auxiliar no horario lectivo, nin no extraescolar.

Segundo din os/as responsables e os/as directores/as os criterios seguidos na designación da persoa responsable da biblioteca son, fundamentalmente, o interese e a súa dispoñibilidade horaria.

A persoa responsable da bibilioteca realiza as función propias do seu posto de xeito bastante habitual e asiste regularmente a actividades de formación vinculadas a súa actividade ao fronte da biblioteca. Non obstante, e aínda que teñen formación suficiente para poder desempeñar o seu traballo, necesitan máis preparación en cuestións relacionadas cos traballos por proxectos, alfabetización en información/educación documental e biblioteconomía, tal como eles/as mesmos recoñecen.

Pola súa parte, o profesorado do equipo de apoio á biblioteca non asiste tan habitualmente a actividades formativas vinculadas ao seu traballo na biblioteca escolar, e sinala a necesidade de recibir formación no ámbito da xestión e dinamización, formación de usuarios/as, tecnoloxías da información e da comunicación, lectura e literatura infantil e xuvenil.

En xeral, o tempo de dedicación ás tarefas da biblioteca da persoa responsable e do equipo de apoio á biblioteca, en maior medida, é insuficiente para levar a cabo as actuacións que se organizan desde a biblioteca, segundo a opinión coincidente de directores/as e dos propios axentes implicados.

O grao de coñecemento da persoa que se encarga da biblioteca é un elemento fundamental para saber ata que punto a biblioteca é un referente no centro. Neste senso, alumnas e alumnos din claramente que coñecen á persoa ou persoas que se encargan da biblioteca, persoal que sempre atende as súas dúbidas. Pola contra, as familias non coñecen moito á persoa responsable da biblioteca escolar nin as súas funcións.

Cabe salientar, por unha banda, que as familias colaboran pouco co persoal da biblioteca na realización de actividades como as Mochilas viaxeiras, sesións de lectura compartida, etc. Por outra banda, e na mesma liña, alumnas e alumnos non colaboran habitualmente na realización das tarefas propias da biblioteca, nin tampouco como voluntarios/as en iniciativas promovidas desde a biblioteca como por exemplo, clubs de lectura, Hora de ler, lecturas compartidas, lecturas públicas e lecturas noutros centros.

No referido a esta dimensión destacan, como aspectos diferenciadores entre centros con Plambe e sen Plambe, que nos primeiros existe un nivel superior de coñecemento por parte das familias, do persoal da biblioteca e unha maior colaboración nas actividades da mesma. Por outra banda, o número de horas de dedicación da persoa responsable e do equipo de apoio para realizar as tarefas e funcións propias da biblioteca é superior nos centros con Plambe que sen Plambe. Finalmente, a asistencia a actividades de formación dos/as responsables e do equipo de apoio á biblioteca e o grao de formación que posúen para o desempeño das actividades propias da biblioteca escolar é maior no caso dos centros con Plambe.

Xestión

No que se refire á xestión da biblioteca escolar, un dos aspectos máis salientables é a confirmación da existencia dun plan de traballo e dun sistema de avaliación desta. En efecto, segundo a opinión da persoa responsable, do equipo de apoio e os/as directores/as na biblioteca escolar existe un Plan de Praballo que permite organizar as tarefas. Este plan, na opinión destes colectivos, está integrado na Programación Xeral Anual do Centro e inclúe formas de avaliación na que, por centro, normalmente non colaboran nin as familias, nin o alumnado. Quen si participa na elaboración, seguimento e avaliación da bilbioteca escolar, ao igual que apoia o funcionamento da mesma, é o equipo directivo do centro.

En xeral, a comunidade educativa está informada da existencia do Plan anual da biblioteca segundo os/as directores/as e o equipo de apoio á biblioteca.

Por outra parte, a biblioteca escolar conta cunha partida orzamentaria específica para o seu mantemento, que abrangue entre o 5% e o 10% do orzamento do

centro, e que se emprega, fundamentalmente, para a actualización dos fondos. Este orzamento é considerado, en xeral, insuficiente tanto polos/as directores/as como polo equipo de apoio e o/a responsable da biblioteca.

En conxunto, directores/as e responsables da biblioteca escolar manifestan a súa satisfacción co funcionamento da biblioteca, ao igual que o fan o alumnado e as nais e pais.

Respecto ao horario de apertura da biblioteca, segundo manifesta o alumnado e as familia, pode considerarse adecuado e axustado ás necesidades de alumnos e alumnas.

O equipo de apoio á biblioteca e o/a director/a consideran que o labor da dirección e do equipo de apoio á biblioteca axuda a mellorar bastante a calidade da biblioteca escolar.

Como aspectos diferenciadores entre os centros con e sen Plambe cabe subliñar que as cuestións referidas á avaliación da biblioteca recollidas no seu Plan Anual están máis presentes nos centros con Plambe. Do mesmo xeito, atópanse diferenzas no grao de participación do alumnado e equipo directivo, nos centros con e sen Plambe, a favor dos primeiros.

Dinámica, uso e redes de colaboración

Dos resultados reflectidos polos/as directores/as, o equipo de apoio e os/as responsables da biblioteca despréndese que, en xeral, a biblioteca ofrece unha variedade ampla de servizos. Concretamente, os que máis se ofertan son: prestámo Individual, actividades de fomento da lectura, lectura/traballo individual e en grupo, lectura en sala, información, acceso a internet e uso de equipamentos informáticos para o traballo persoal ou grupal. Son ofertados, en menor medida, o préstamo interbibliotecario, a formación para o uso, tratamento e producción da información (ALFIN) e dos medios de comunicación (alfabetización mediática).

Segundo as respostas recollidas a través do cuestionario e da entrevista aos/ás responsables, a biblioteca se emprega fundamentalmente para a realización de actos culturais, algunhas veces, para reunións do profesorado e, en menor medida, para impartir clases de reforzo.

Polo que se refire ao uso da biblioteca escolar por parte do alumnado, a persoa responsable afirma que estes/as alumnos/as acoden normalmente a ela nos períodos de recreo e, nalgunha que outra ocasión, no período de clase, acompañados/as principalmente de compañeiros/as e do profesorado, información que é tamén ratificada polo alumnado.

Cando o alumnado asiste á biblioteca adoita solicitar en préstamo os materiais que máis lle gustan ou os que son de lectura obrigatoria. A frecuencia de uso da biblioteca varía en función do tipo de actividade; neste sentido cabe salientar que adoitan acudir pouco para utilizar os ordenadores, acceder a internet, participar en actividades de fomento da lectura, recibir formación e realizar traballos de investigación.

Segundo os/as responsables da biblioteca o préstamo ás familias non é frecuente. Por outra banda, a biblioteca dá a coñecer os recursos e servizos que ofrece ás familias, porén adoita organizar poucas veces actividades para elas. Respecto a esta cuestión, a opinión das nais e pais é diversa, xa que logo, a metade dos casos afirman que a biblioteca escolar ofrece préstamos ás familias e, a outra metade, sinala o contrario. Por outro lado, a maioría das nais e pais afirman que a biblioteca non organiza actividades específicas para eles e, polo tanto, non reciben información sobre as actividades que se programan. Aqueles que si reciben información, acádana, principalmente, a través dos/a seus fillos/as ou do blog da biblioteca.

En xeral, as familias colaboran pouco na realización das actividades da biblioteca escolar, aínda que é maior que a realizada polas asociacións, bibliotecas municipais e concello. Os servizos da biblioteca son valorados por parte das nais e pais bastante ben.

Finalmente indicar a existencia de diferenzas entre os centros con Plambe e sen Plambe nos distintos aspectos analizados nesta dimensión. Neste senso, a asistencia á biblioteca do alumnado dos centros con Plambe no horario lectivo e máis habitual que nos centros sen Plambe.

Biblioteca e currículo

Segundo a información aportada polos/as directores/as, o equipo de apoio, e os/as responsables da biblioteca, os centros contan con Proxecto Lector, incluído no Proxecto educativo do centro, ao igual que dispoñen dun Plan Anual de Lectura. Así mesmo, a biblioteca participa bastante no desenvolvemento do Proxecto Lector.

Ademais, desde a biblioteca realízanse numerosas accións en relación coas competencias lingüísticas, dirixidas a promover os hábitos lectores nas familias e actuacións para desenvolver as habilidades e competencias no uso de información. A biblioteca escolar tamén participa activamente nas celebracións de conmemoracións. En menor medida, lévanse a cabo accións orientadas a apoiar o desenvolvemento das competencias dixitais e de formación en estratexias de busca, selección e análise crítica da información.

En xeral, a biblioteca escolar é considerada polos/as directores/as, o equipo de apoio, e o/a responsable da biblioteca, como un recurso moi importante ao servizo dos procesos de ensinanza e aprendizaxe e contribúe moito á integración no tratamento do currículo e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

Tamén apoia cos seus recursos o desenvolvemento de investigacións e traballos por proxectos nas distintas áreas ou materias. Facilita, na mesma medida, o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinar en proxectos e actividades, actúa como factor de compensación social e atende bastante ás necesidades informativas das diferentes áreas curriculares, ao mesmo tempo que apoia proxectos e programas do centro.

Cabe salientar, así mesmo, o importante papel que ten a biblioteca na promoción da lectura. Neste sentido, entre os recursos máis empregados para o deseño de actividades de promoción da lectura, tal e como afirman os/as responsables da biblioteca, sobresaen as guías de lectura e os blogs especializados.

Por outra banda, non é moi habitual que o profesorado diga ao alumnado que busque información na biblioteca para realizar os traballos de clase, aínda que o anima bastante para que acuda a ela.

A maioría das nais e pais do alumnado dos centros con Plambe e sen Plambe coñecen poucas das actuacións que a biblioteca escolar realiza orientadas específicamente á promoción da lectura, e tamén afirman que non se realizan moitas actividades de fomento de lectura destinadas ás familias, e, en consecuencia, non participan, ou o fan moi poucas veces, nas actuacións propostas pola biblioteca para o fomento da lectura. Na opinión deste colectivo a biblioteca escolar apoia algo as actividades de aprendizaxe e non ofrece variedade de recursos informáticos relacionados co currículo. Ademais, consideran que a biblioteca estimula bastante o gusto pola lectura e a adquisición e consolidación da lectura e a escritura.

O alumnado, pola súa parte, non participa habitualmente nas actividades de formación para buscar información en internet, en actividades de promoción da lectura, nin en actividades para saber usar os materiais da biblioteca.

Como aspectos diferenciadores entre os centros con Plambe e sen Plambe, cabe subliñar o menor grao de coñecemento de nais e pais de centros sen Plambe das actuacións da biblioteca orientadas á promoción da lectura e o menor número de accións realizadas pola biblioteca destes centros. Así mesmo, nos centros con Plambe prepáranse materiais de formación específicos, relacionados coa competencia dixital con máis frecuencia que nos centros sen Plambe.

As actividades realizadas máis habitualmente para a promoción de lectura son, no caso dos centros con Plambe as Celebracións, Mochilas viaxeiras e Actividades sistemáticas de Hora de ler, mentres que no caso dos centros sen Plambe realízanse en bastantes ocasións celebracións, lecturas compartidas e contacontos.

Tecnoloxías da Información e da comunicación

Practicamente a totalidade das bibliotecas de centros obxecto de estudo teñen acceso a internet e rede wifi, segundo a opinión do/a director/a, do equipo de apoio e do/a responsable da biblioteca, algo que tamén comparte o alumnado que, en xeral, asegura poder conectarse a internet e á rede wifi na biblioteca.

Por outra banda, a biblioteca conta con poucos lectores dixitais e o número de ordenadores dos que dispón é considerado polo alumnado como insuficiente.

En termos xerais, a biblioteca facilita a educación para o uso da información, a formación no uso das tecnoloxías da comunicación e a educación para o uso dos medios de comunicación segundo a opinión dos/as directores/as, do equipo de apoio á biblioteca e dos/as responsable da biblioteca. As nais e pais do alumnado afirman non coñecer as actuacións da biblioteca escolar orientadas a apoiar o desenvolvemento da competencia dixital, con porcentaxes que chegan case ao 90% no caso dos centros sen Plambe nos que, ademais, segundo as nais e pais, a biblioteca escolar facilita, en menor medida que nos centros con Plambe, a educación para o tratamento da información e da competencia dixital e a formación no uso das tecnoloxías da comunicación.

Finalmente, cómpre sinalar con respecto a esta dimensión que, tanto os/as directores/as como os/as responsables da biblioteca e os/as alumnos/as afirman recibir a información dos servizos que oferta a biblioteca principalmente a través do profesorado e da páxina web do centro ou do blog.

Valoracións

En xeral, existen grandes similitudes nas respostas dadas polos diferentes axentes que participan neste estudo e que están implicados na biblioteca escolar, directores/as, equipo de apoio á biblioteca, responsable da biblioteca, alumnado e nais e pais, en relación aos aspectos que deberían ser mellorados na mesma, entre os que cabe destacar os seguintes: a utilización da biblioteca por parte das familias, o orzamento anual, a dedicación horaria do profesorado do equipo de apoio á biblioteca e do responsable, e o acceso a libros dixitais e outros recursos electrónicos. O alumnado e as nais e pais destacan, ademais,

de xeito específico, a necesidade de mellorar o equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos, o acceso a libros e documentos electrónicos, e os ordenadores con conexión a internet.

Propostas de mellora

A partir da información achegada polos diferentes colectivos participantes no estudo e dos resultados acadados despois de analizar esa información, recóllense, a continuación, algunhas propostas de mellora que permitirán identificar os principais retos de futuro que favorecerán a planificación de medidas e recursos pertinentes para a biblioteca escolar:

En relación á biblioteca no centro:

- Incrementar a presenza da biblioteca escolar no Plan de TIC.
- Mellorar a participación das familias nas actividades e dinámicas da biblioteca escolar.
- Realizar accións dirixidas ás familias para visibilizar o papel da biblioteca no centro.
- Promover nos centros sen Plambe actuacións dirixidas a integrar a biblioteca escolar na dinámica do centro.

En relación ao equipamento, instalacións e tecnoloxías

- Incrementar o equipamento tecnolóxico da biblioteca escolar para atender ás necesidades do currículo escolar.

En relación aos recursos documentais

- Incrementar o número de materiais axeitados para o alumnado con necesidades educativas específicas.
- Ter en conta, na selección dos materiais da biblioteca escolar, as necesidades de nais e pais.

En relación ao persoal:

- Incrementar o número de horas de dedicación do persoal responsable da biblioteca escolar e do equipo de apoio.
- Fomentar a participación do persoal da biblioteca, equipo de apoio, e responsable da biblioteca escolar en actividades de formación no ámbito da xestión e dinamización, formación de usuarios/as, tecnoloxías da información e da comunicación, lectura e literatura infantil e xuvenil.

En relación á xestión:

- Incrementar o orzamento da biblioteca escolar.
- Fomentar a colaboración de nais e pais e alumnado na avaliación do plan de traballo da biblioteca escolar.
- Lograr unha maior coordinación nos plans de lectura como marco de traballo compartido polo equipo docente.
- Incrementar o horario de apertura e a oferta de servizos da biblioteca escolar no período extraescolar.

En relación á dinamica, uso e redes de colaboración:

- Incrementar o número de actuacións da biblioteca escolar e a oferta de servizos destinados á formación para o uso, tratamento e produción da información (ALFIN) e dos medios de comunicación (alfabetización mediática).
- Fomentar un maior uso da biblioteca escolar por parte do profesorado e alumnado.
- Deseñar actividades específicas para as familias.
- Realizar actuacións de difusión das actividades da biblioteca escolar e da oferta de servizos dirixidos ás familias a través de diferentes medios.
- Favorecer a consolidación de estruturas e redes de colaboración entre as bibliotecas escolares e outras institucións como asociacións, bibliotecas municipais, etc.…

En relación á biblioteca e currículo

- Incrementar o número de actuacións dirixidas ao desenvolvemento de competencias dixitais, de formación en estratexias de busca, selección e análise crítica da información.
- Realizar maior número de actividades de fomento de lectura destinadas ás familias.

En relación ás tecnoloxías da Información e da comunicación

- Incrementar o número de lectores dixitais e ordenadores.
- Incentivar a creación de blogs de bibliotecas escolares para a difusión das actividades da biblioteca.

Propostas de mellora aprobadas polo Consello Escolar de Galicia

A continuación recóllense as propostas de mellora aprobadas polo pleno do Consello Escolar de Galicia na súa sesión do 20 de decembro de 2016.

En relación á biblioteca do centro:

- Ampliar progresivamente a rede de centros acollidos ao "Plan de mellora de bibliotecas escolares" de xeito que, nun prazo razoable, todos os centros sostidos con fondos públicos teñan a oportunidade de mellorar as súas bibliotecas co apoio extraordinario da Administración educativa.
- Adicionalmente poñer en marcha medidas que favorezan as transformacións metodolóxicas en paralelo ás transformacións físicas das bibliotecas de xeito que se adapten ás novas realidades sociais e ás novas tendencias educativas.
- Mellorar desde as propias bibliotecas e desde os centros a información ás familias sobre a existencia da biblioteca, dos seus recursos e das súas actividades (no que se refire ao alumnado e ás propias familias).
- Deseñar medidas para favorecer un maior coñecemento da biblioteca e de todas as súas actividades e servizos por parte de todo o alumnado.
- Posibilitar que, mediante os correspondentes convenios, as bibliotecas poidan abrirse á comunidade educativa fóra do horario escolar.
- Prestar unha atención especial á promoción da cultura, da lingua e da literatura galegas por ter as bibliotecas escolares unha especial importancia para mantelas vivas.

En relación ao equipamento, instalacións e tecnoloxías:

- Ampliar os orzamentos especialmente destinados á mellora dos equipamentos tecnolóxicos (audiovisuais e informáticos) das bibliotecas escolares.

En relación aos recursos documentais:

- Deseñar e poñer en marcha iniciativas destinadas ao alumnado con necesidades educativas específicas: maior acceso, mellores equipamentos, recursos especialmente deseñados para atender as súas necesidades, actividades adaptadas, etc.

En relación ao persoal:

- Reforzar con orzamentos e outras medidas necesarias a formación do profesorado nos contidos relacionados coas competencias informacionais e a formación en medios de comunicación.

- Atender á formación do profesorado e doutros axentes educativos (directores, inspectores, familias) en relación co uso da biblioteca escolar e o coñecemento de todas as posibilidades que ofrece como instrumento esencial para a mellora do éxito académico, tal e como demostran os estudos a nivel internacional.
- Abordar a necesidade de horario do profesorado que atende as bibliotecas escolares, á vista das funcións que este recurso educativo ten que cumprir no seo da institución escolar: a xestión técnica dos recursos, o deseño e organización dos servizos, pero moi especialmente a función formativa tanto en materia de lectura como en materia de competencias en información e medios de comunicación, posibilitando que todos os centros conten cun equipo de apoio e un docente responsable, coa redución horaria suficiente para realizar o seu traballo e garantir así a atención adecuada á biblioteca escolar. Cómpre estudar as medidas necesarias para atender a cuestión dos recursos humanos nas bibliotecas escolares: docentes con formación pedagóxica e tamén con formación específica para xestionar as bibliotecas e atender ás funcións formativas correspondentes (en materia de lectura e de información), orientando e apoiando ao conxunto do profesorado do centro.

En relación á xestión:

- Ampliar os orzamentos destinados aos programas de bibliotecas escolares de forma que se poidan abordar as transformacións necesarias.

En relación á Dinámica. Uso e Redes de Colaboración:

- Elaborar e poñer en marcha un plan de lectura a nivel de Comunidade Autónoma, con implicación no ámbito educativo, que recolla iniciativas para a incorporación á lectura de todos os membros da comunidade educativa e principalmente dos grupos de risco como os adolescentes ou o alumnado dos sectores máis desfavorecidos.
- Estender a todo o sistema educativo as medidas necesarias para que as competencias informacionais e as competencias dixitais sexan traballadas desde a biblioteca escolar de todos os centros.
- Promover concursos autonómicos de boas prácticas para a dinamización e innovación das bibliotecas escolares.

En relación á Biblioteca e Currículo:

- Enfrontar de forma decidida a formación audiovisual do alumnado co apoio da biblioteca escolar, como espazo natural para a comprensión e adquisición de todas as linguaxes, tamén as audiovisuais.

- Incluír a biblioteca escolar como ferramenta e como mediadora das aprendizaxes en todas as áreas do currículo.

En relación ás tecnoloxías da Información e da Comunicación:

- Prestar unha especial atención aos equipamentos que favorezan a lectura dixital.
- Buscar solucións á necesaria presenza do libro dixital nas bibliotecas escolares, a través de plataformas de préstamo dixital axeitadas ao alumnado destas idades, tanto en contidos como en facilidade de acceso.

Bibliografía

@bareque: Revista de Bibliotecas Escolares (2010). *Rede de Bibliotecas Escolares de Asturias*. Dispoñible en :http://web.educastur.princast.es/proyectos/abareque/web/index.php?option = com_k2&view = item&id = 340.

Baró, M., Mañá, T., Miret, I., Montero, I. e Vellosillo, I. (2010). *Bibliotecas escolares "entre comillas". Estudio de casos: buenas prácticas en la integración de la biblioteca en los centros educativos*. España: Ministerio de Educación y Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Recuperado de http://www.fundaciongsr.com/uploads/contenidos/doc/122-2-BE%20entre_comillas.pdf.

Bartolomé Martínez, B. (1992). Las bibliotecas públicas y la lectura, en Escolano, A.: *Leer y escribir en España. Doscientos años de alfabetización,* pp. 309-334. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

Bastos, G., Conde, E. e Martins, R. (2010). *Modelo da avaliação da biblioteca escolar. Rede da bibliotecas escolares.* Lisboa: Ministerio da Educação de Portugal. Recuperado de http://www.rbe.min-edu.pt/np4/83.html#4.

Camacho Espinosa, J. A. (2004). *Las bibliotecas escolares en España: pasado, presente… y un modelo para el futuro*. Madrid: De la Torre.

Chartered Institute of Library and Information Professionals. (2002). *Survey of Secondary School Libraries. Main Findings*. CILIP: United Kingdom.

Ciudad Autónoma de Ceuta (s.f.). *Educación: Guía Educativa 2015/16*. Dispoñible en: http://www.ceuta.es/ceuta/guiaeducativa.

Coles, L., Wavell, C. e Williams, D. (2001). *Impact of School Library Services on Achievement and Learning. School of Information and Media, Faculty of Management*. The Robert Gordon University Scotland. Recuperado de http://iws.rgu.ac.uk/files/impact%20of%20secondary%20school%20libraries.pdf.

Comesaña, M. (2013). *O Plan Lector de Centro e as Bibliotecas Escolares. Marco teórico e estudo de campo nos centros do Concello de Redondela* (Traballo de Fin de Grado). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Ciencias da Educación, Dpto. de Didáctica e Organización Escolar.

Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares (2011). *Marco de Referencia para las Bibliotecas Escolares. Madrid: Ministerio de Educación*. Recuperado de

Comunidad de Madrid (s.f.). *Plan de Bibliotecas Escolares en rede da Comunidade de Madrid*. Dispoñible en http://www.madrid.org/cs/Satellite?c = CM_ContenComplem_FA&cc = 1142627967440&cid = 1142627993630&languag

e = es&pageid = 1167899195791&pagename = PortalEducacion%2FCM_InfPractica_FA%2FEDUC_InfPractica.

Concejalía de Educación (s.f.) *Red Andaluza de Bibliotecas Escolares*. Dispoñible en http://www.juntadeandalucia.es/educacion/webportal/web/lecturas-y-bibliotecas-escolares.

Conclusiones del Consejo, del 26 de noviembre, sobre alfabetizaciones múltiples. *Diario Oficial de la Unión Europea*, 19 de decembro de 2012, pp. 391–394. Recuperado de http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri = CELEX:52012XG1219(01)&from = ES.

Consejería de Educación de Castilla-La Mancha (s.f.). *Sistema Educativo*. Dispoñible en http://www.educa.jccm.es/es/sistema-educativo

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (s.f.). *PLAN LÍA 2010/2015 de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe)*. Recuperado de http://www.edu.xunta.es/portal/node/2280.

Cossío, M. B. (1899): «La reforma escolar», *Revista Nacional*, Madrid, 31 de octubre de 1899, pp. 321-323. En Reproducida no tomo 33 da Biblioteca Costa, Madrid, 1916, e en. Madrid: Servicio de Publicaciones del MEC, 1982, pp. 328-399.

Ciudad Autónoma de Melilla (s.f.). *Área de Educación da Cidade Autónoma de Melilla*. Dispoñible en http://www.melilla.es/melillaPortal/contenedor.jsp?seccion = s_lloc_d10_v1.jsp&codbusqueda = 222&language = es&codResi = 1&codMenuPN = 601&codMenuSN = 5&codMenu = 177&layout = contenedor.jsp.

Decreto de 18 de xaneiro de 1869, dictando varias disposicións para a construción de escolas públicas de Instrución primaria. *Gaceta de Madrid*, 23, 23 de enero de 1869, pp. 1-2.

Decreto de 29 de maio de 1931, polo que se crea o Patronato de Misiones Pedagógicas *Gaceta de Madrid*, 30 de maio de 1931, núm. 150, pp. 1.033–1.034. Recuperado de https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1931/150/A01033-01034.pdf.

Decretos 130/2007, de 28 de xuño, que regulan as ensinanzas de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia,* 9 de xullo de 2007, núm. 132, pp. 11.666-11.760. Recuperado de http://www.edu.xunta.es/centros/ceipfogarcarballo/system/files/u1/CURRICULUN_DA_EDUCACI__N_PRIMARIA.pdf.

Decreto 133/2007, de 5 de xullo, que regulan as ensinanzas de educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 13 de xullo de 2007, núm. 136, pp. 12.032-12.199. Recuperado de http://sid.usal.es/idocs/F3/LYN14655/14655-eso.pdf.

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 9 de setembro de 2014, núm. 171, pp. 37.406-38.087. Recuperado de http://www.santillana.es/lomce/LOMCE_Curr%C3%ADculo_Primaria_Galicia.pdf.

Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 29 de xuño de 2015, núm. 120, pp. 25.434-27.073. Recuperado de http://www.mecd.gob.es/dms/mecd/educacion-mecd/mc/lomce/mapa-ccaa/bachillerato/galicia-curriculo-eso-bach/galicia-curriculo-eso-bach.pdf.

Department for Education and Skills (2004). *Improve your library: A Self-Evaluation Process for Primary Schools.* London: DfES. Recuperado de http://dera.ioe.ac.uk/5293/1/Self-evaluation%20process%20for%20Primary%20school%20libraries.pdf

Durand, M. e Waltmann, M. (2001). *Elementary and Secondary Schools: The Role, Challenges and Financial Conditions as School and School Library Resources in Canada.* Culture, Tourism and the Center for Education Statistics: Canadá.

Durban Roca, G. (2010). *La biblioteca escolar hoy*. Barcelona: Graó.

Escolano Benito, A. (2002). *La educación en la España contemporánea. Políticas educativas, escolarización y culturas pedagógicas*. Madrid: Biblioteca Nueva.

Escolar, H. (1990). *Historia de las bibliotecas*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

Federación Internacional de Asociaciones de Bibliotecarios y Bibliotecas. Organización de las Naciones Unidas para la Educación, la Ciencia y la Cultura (2001). *Directrices IFLA/UNESCO para el desarrollo del servicio de bibliotecas públicas.* Recuperado de http://bibliotecadegalicia.xunta.es/adjuntos/cEnlacesDescargas/14_2_directrices.pdf

Fierro, J. (2008). Bibliotecas Escolares a examen. Consideraciones en torno al último estudio sobre la situación de las bibliotecas escolares en España

(2005, Fundación Germán Sánchez Ruipérez). *CEE Participación Educativa, 8*, pp. 93-108. Recuperado de http://www.mecd.gob.es/revista-cee/pdf/n8-fierro-javier.pdf

Foro Red (s.f.). Portal de Bibliotecas Escolares de Navarra: Disponible en:_ http://www.alfared.org/blog/bibliotecas-escolares/198

Fuentes Romero, J. J. (2006). *La biblioteca escolar*. Madrid: Arco/Libros.

García Guerrero, J. (2007). La biblioteca escolar, recurso al servicio del proyecto educativo. En Ministerio de Educación y Ciencia, *La articulación de los recursos en el funcionamiento de la biblioteca, pp 11 – 56*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia. Recuperado de https://sede.educacion.gob.es/publiventa/PdfServlet?pdf = VP12333.pdf&area = E

García Hoz, V. (1980). *La educación en la España del siglo XX*. Madrid: Rialp.

Gómez Hernández, J.A. (2002). Gestión de bibliotecas. Texto-Guía de las asignaturas de "Bibliotecoeconomía General" y "Bibliotecoeconomía Especializada". Murcia: Universidad de Murcia. Recuperado de: http://www.fceqyn.unam.edu.ar/file/concursos/Gestion_de_Bibliotecas_Gomez-Hernandez_2002.pdf

Govern des Illes Balears (s.f.). *Biblioteques Escolars IB*. Disponible en: http://www.llegirib.ieduca.caib.es/

Gobierno de Aragón (s.f.). *Red de Bibliotecas Escolares*. Disponible en: http://188.244.80.204/ ~ bibliesc/httpdocs/blogs-de-bibliotecas-escolares/

Gobierno de Canarias (s.f.). *Programa de Lectura y Bibliotecas Escolares de Canarias*. Disponible en: http://www.gobiernodecanarias.org/educacion/web/programas-redes-educativas/programas-educativos/lectura-bibliotecas/

Gobierno de la Rioja (s.f.). Consejería de Educación do Gobierno de La Rioja: https://www.larioja.org/npRioja/default/defaultpage.jsp?idtab = 740917

Gómez Hernández, J.A. (2002). *Gestión de bibliotecas. Texto-Guía de las asignaturas de "Bibliotecoeconomía General" y "Bibliotecoeconomía Especializada"*. Murcia: Universidad de Murcia. Recuperado de: http://www.fceqyn.unam.edu.ar/file/concursos/Gestion_de_Bibliotecas_Gomez-Hernandez_2002.pdf

HM Inspectorate of Education. (2002). *How good is our school? Incorporating the six-point scale. Self-evaluation using quality indicators.* Norwich: Crown. Recuperado de http://www.educationscotland.gov.uk/Images/HMIEREPORTFINAL2005C_tcm4-712739.pdf

Institute for Management, Governance & Society. (2013). I*mpact of school libraries on learning, Critical review of published evidence to inform the work of the Scottish education community.* The Robert Gordon University: Scotland. Recuperado de https://openair.rgu.ac.uk/bitstream/handle/10059/1093/Williams%20Impact%20of%20school%20libraries%20on%20learning%20SLIC.pdf?sequence=1&isAllowed=y

Instituto Superior de Formación del Profesorado (Ed.) (2007). *La biblioteca escolar como espacio de aprendizaje*. Madrid: Ministerio de Educación, Política Social y Ciencia.

Instrucións de 1 de setembro de 2014, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en Relación coa Organización e o Funcionamento das Bibliotecas Escolares, durante o curso 2012/2015, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. *Xunta de Galicia*. Recuperado de https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/instrucions_14_15_cl.pdf

Instrucións de 1 de setembro de 2015, en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares para o curso 2015/2016. *Xunta de Galicia*. Recuperado de http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/instrucions_dxcentrosrrhh_bibliotecaescolar_15_16.pdf

Junta de Andalucía (2013). *Instrucciones de 24 de julio de 2013, de la dirección general de innovación educativa y formación del profesorado, sobre la organización y funcionamiento de las bibliotecas escolares de los centros docentes públicos que imparten educación infantil, educación primaria y educación secundaria*. Andalucía: Consejería de Educación. Recuperado de: http://www.juntadeandalucia.es/educacion/webportal/ishare-servlet/content/dfc494e6-9585-4814-ab2e-d0dc2b018b71

Junta de Castilla y León (s.f.). *Educacyl*. Disponible en: http://www.educa.jcyl.es/fomentolectura/es

Junta de Extremadura (s.f.). *Bibliotecas Esocolares (REBEX)*. Disponible en: http://bibliotecasescolares.educarex.es/principal-4/legislacion-y-normativa-en-bibliotecas-escolares-y-lectura/

Lei de Instrucción Pública de 9 de septiembre de 1857. En *Historia de la Educación en España, tomo II. De las Cortes de Cádiz a la Revolución de 1868* (1979). Colección Legislativa de España, tomo LXXIII, (pp. 244-305). Madrid: Ministerio de Educación, Secretaría General Técnica.

Lei de 17 de xullo, sobre Educación Primaria. *Boletín Oficial do Estado*, 18 de xullo de 1945, núm. 199, pp. 385–496. Recuperado de http://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1945/199/A00385-00416.pdf

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. *Boletín Oficial de Estado,* 4 de maio de 2006, núm. 106, pp. 17.158–17.207. Recuperado de https://www.boe.es/boe/dias/2006/05/04/pdfs/A17158-17207.pdf

Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia. *Diario Oficial de Galicia,* 27 de xuño de 2012, núm. 122, pp. 25.553-25.579. Recuperado de http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120627/AnuncioC3B0-200612-0001_gl.pdf

Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mejora da calidad educativa. *Boletín Oficial do Estado,* 10 de decembro de 2013, núm. 295, pp. 97.858-97.921. Recuperado de https://www.boe.es/boe/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886.pdf

Llopis, R. (2005). *La revolución en la escuela. Dos años en la Dirección General de Primera Enseñanza*. Madrid: Biblioteca Nueva.

Londsdale, M. (2003). *Impact of School Libraries on Student Achievement a Review of the Research*. Australian Council for Educational Research: Australia. Recuperado de http://files.eric.ed.gow/fulltext/ED482253.pdf

Ministerio de Educación de la República de Chile (2010). *Estándares para bibliotecas Escolares CRA*. Santiago de Chile: Ministerio de Educación de la República de Chile. Recuperado de http://www.bibliotecas-cra.cl/sites/default/files/publicaciones/estandarescra.pdf

Ministerio de Educación y Ciencia (2007). *Bibliotecas escolares: Ideas y buenas prácticas II*. Madrid: Secretaría General Técnica.

Miret, I. (Dir.) (2013). *Las bibliotecas escolares en España. Dinámicas 2005-2011*. España: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte y Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Recuperado de http://www.canallector.com/uploads/website/docs/656-1-BE%20estudio.pdf

Miret, I. et al. (2011). *Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes?* Madrid: Ministerio de Educación e Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Recuperado de http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/dms/mecd/cultura-mecd/areas cultura/bibliotecas/mc/consejocb/comisiones-tecnicas-de-cooperacion/escolares/Bibliotecasentreinterrogantes.pdf

National Center for Education Statistics (2004). The status of Public and Private School Library Media Centers in the United States 1999 – 2000. NCES: United States. Recuperado de https://nces.ed.gov/pubs2004/2004313.pdf

North Lanarkshire Council Education Resource Service (2003). *Examples of Good Practice in Primary and Nursery School Libraries.* Scotland: autor. Recuperado de http://www.ea.n-lanark.sch.uk/ersweb/PDFs/Good%20Practice%20In%20Primary%20School%20Libraries.pdf

Novoa, C. (2007). Bibliotecas Escolares de Galicia: tejiendo redes de colaboración a favor de la educación. *Educación y Biblioteca, 161*, pp. 93-97. Recuperado de https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/BEGA_EDUC_BIBLIO07.pdf

Office for Standards in Education, Children's Services and Skills (2006). *Improving performance through school self-evaluation and improvement planning*. London: Ofsted. Recuperado de http://dera.ioe.ac.uk/5986/1/Improving%20performance%20through%20school%20self-evaluation%20and%20improvement%20planning%20(PDF%20format).pdf

Onieva, A. J. e Piedrahita, J. (1950). *Vida profesional y administrativa del maestro*. Madrid: Magisterio Español.

Orde do 25/04/1932 sobre as bibliotecas do Patronato das Misións Pedagóxicas. *Gaceta de Madrid* 26/04/1932.

Orde do 15/03/1934 dictando normas relativas ao servizo estadístico do movimento de obras e lectores nas bibliotecas públicas de España. *Gaceta de Madrid* 18/03/1934.

Orde de 17/05/1934 resolvendo o concurso para seleccionar obras de lectura para uso das escolas públicas. *Gaceta de Madrid* 18/05/1934.

Orden 18 de septiembre de 1869, organizando 20 bibliotecas populares, dos en cada distrito universitario, empleando al efecto libros que se mencionan. *Gaceta de Madrid*, 265, 22 de septiembre de 1869, p. 1.

Orde de 17 de xullo de 2007, que regula a percepción do componente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes. *Diario Oficial de Galicia*, 14 de xullo de 2007, núm. 143, pp. 12.688-12.692. Recuperado de https://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/system/files/funcion_titorial.pdf

Orde de 28 de xuño de 2010, que modifica normativa anterior en materia de horarios do profesorado para a atención de determinados programas da Consellería. *Diario Oficial de Galicia,* 6 de xullo de 2010, núm. 127, pp. 12.305-12.309. Recuperado de http://www.xunta.es/dog/Publicados/2010/20100706/Anuncio2536E_gl.pdf

Orde do 16 de maio de 2013, pola que se convoca o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares en centros públicos non universitarios de titularidade desta consellería para o curso 2013/14. *Diario Oficial de Galicia*, 29 de maio de 2013, núm. 101, pp. 18.947-18.975. Recuperado de http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2013/05/29/20130529_plan_mellora_bibliotecas.pdf

Orde do 25 de marzo de 2014, pola que se convoca o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2014-2015. *Diario Oficial de Galicia*, 10 de abril de 2014, núm. 70, pp. 16.099-16.131. Recuperado de http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140410/AnuncioG0164-030414-0003_gl.pdf

Orde do 23 de xullo de 2014, pola que se regula a implantación para o curso 2014/2015 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa. *Diario Oficial de Galicia*, 14 de agosto de 2014, núm. 154, pp. 35.042-35.420. Recuperado de http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2014/08/14/20140814_implantacion_1_3_5.pdf

Orde do 1 de setembro de 2014, pola que se resolve a convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade desta consellería, para o curso 2014/15. *Diario Oficial de Galicia*, 9 de setembro de 2014, núm. 171, pp. 38.088-38.108. Recuperado de http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2014/04/10/201409090_resolucion_plambe.pdf.

Orde do 30 de marzo de 2015, pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade desta consellería para o curso 2015/16. *Diario Oficial de Galicia*, 15 de abril de 2015, núm.70, pp. 14.384-14.418. Recuperado de http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2015/04/15/20150415_plan_bibliotecas_escolares.pdf

Osoro, K. (2006). ¿Qué es (o debe ser) una biblioteca escolar? Fases del proyecto. *Mi biblioteca*, (5). Recuperado de http://gredos.usal.es/jspui/bitstream/10366/120039/1/MB2_N5_P68-74.pdf

Osoro, K. (2006a). *Concepto y modelo de biblioteca escolar.* Recuperado de: http://www.cepazahar.org/recursos/file.php/19/CONCEPTO_Y_MODELO_DE_BE.pdf

Patronato de Misiones Pedagógicas (1934). *Septiembre de 1931, Diciembre de 1933*. Madrid: S. Aguirre.

Patronato de Misiones Pedagógicas (1935). *Memoria de la Misión Pedagógico-social en Sanabria (Zamora) en el año 1934*. Madrid: S. Aguirre.

Plan General de Estudios, aprobado por el Real Decreto de 17 de septiembre de 1845. En Ministerio de Educación y Ciencia (1979), *Historia de la Educación en España II. De las Cortes de Cádiz a la Revolución de 1868*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia – Secretaría General Técnica.

Plan General de Instrucción Pública, aprobado por Real Decreto de 4 de agosto de 1836. *Colección de Decretos de S.M. la Reina Doña Isabel II*, Tomo XXI, pp. 301-328.

Real Decreto de 23 de setembro, reorganizando a Instrucción primaria. *Gaceta de Madrid*, 27 de setembro de 1847, núm. 4.761, pp. 1-2.

Real Decreto de 6 de mayo de 1882 creando en Madrid un Museo de Instrucción primaria. *Colección Legislativa de España*. Tomo CXXVIII, pp. 688-690. Recuperado de http://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1882/127/A00384-00384.pdf

Real Decreto 582/1989, de 19 de maio, sobre Reglamento de Bibliotecas Públicas do Estado e do Sistema Español de Bibliotecas. Boletín Oficial do Estado, núm. 129, pp. 16.279- 16281. Recuperado de https://www.boe.es/boe/dias/1989/05/31/pdfs/A16279-16281.pdf

Real Decreto do 18/04/1900 suprimindo o Ministerio de Fomento e creando no seu lugar os de Instrucción Pública e Obras Públicas. *Gaceta de Madrid*.

Real Decreto 1004/1991, de 14 de xuño, polo que se establecen os requisitos mínimos dos Centros que impartan ensinanzas de réxime xeral non universitarias. *Boletín Oficial do Estado*, de 26 de xuño de 1991, núm. 152, pp. 21.181-21.187. Recuperado de http://www.boe.es/boe/dias/1991/06/26/pdfs/A21181-21187.pdf

Real Decreto 1537/2003, de 5 de decembro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral. *Boletín Oficial do Estado*, de 10 de decembro de 2003, núm. 295, pp, 43.808-43.813. Recuperado de http://www.boe.es/boe/dias/2003/12/10/pdfs/A43808-43813.pdf

Real Decreto 1513/2006, de 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Primaria. *Boletín Oficial do Estado*, 8 de decembro

de 2006, núm. 293, pp. 43.053–43.102. Recuperado de https://www.boe.es/boe/dias/2006/12/08/pdfs/A43053-43102.pdf

Real Decreto 1467/2007, de 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do Bacharelato e se fixan súas ensinanzas ensinanzas mínimas. *Boletín Oficial do Estado*, 6 de novembro de 2007, núm. 266, pp. 1–165. Recuperado de https://www.boe.es/buscar/pdf/2007/BOE-A-2007-19184-consolidado.pdf

Real Orde de 12/10/1849 que publica as regras que observarán os inspectores provinciais de instrucción primaria para as visitas das escolas. *Colección Lexislativa de España, Tomo XLVIII*, pp. 153-172.

Real Orde de 08/07/1882 aprobando o regulamento para o réxime do Museo de Instrucción. *Gaceta de Madrid* 06/08/1882.

Región de Murcia (s.f.). Programa de fomento de Bibliotecas Escolares da Rexión de Murcia. Dispoñible en: http://servicios.educarm.es/admin/webForm.php?aplicacion = BIBLIOTECAS&mode = visualizaAplicacionWeb&web = 14

Resolución de 28 de abril de 2010, de la Secretaría de Estado y Educación, por la que se convoca el concurso nacional de buenas prácticas para la dinamización e innovación de las bibliotecas de los centros escolares para el año 2010. *Boletín Oficial do Estado*, 4 de maio de 2010, núm. 108, pp. 39.641 – 39.651. Recuperado de https://www.boe.es/boe/dias/2010/05/04/pdfs/BOE-A-2010-7119.pdf

Subdirección General de Ordenación (s.f.). Bibliotecas Escolares Comunidad Valenciana. Disponible en: http://www.cece.gva.es/ocd/areaord/es/biblio.htm

Educantabria (s.f.). Bibliotecas Escolares de Cantabria. Dispoñible en: http://arbidoc.blogspot.com.es/2009/01/bibliotecas-escolares.html

Eusko Jaurlaritza Gobierno Vasco (s.f.). Ámbito de Bibliotecas Ecolares del País Vasco. Disponible en: http://www.acex.hezkuntza.net/web/guest/claves_bibliotecas

XTEC- Xarxa Telemática Educativa de Cataluña (s.f.). Bibliotecas Escolares de la Generalitat de Catalunya. Dispoñible en: http://xtec.gencat.cat/ca/projectes/biblioteca/.

Xunta de Galicia (2014). *Bibliotecas Escolares de Galicia*. Recuperado de http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/.

Acrónimos

ALFIN Alfabetización Informacional

art. Artigo

CDU Clasificación Decimal Universal

CEIP Colexio de Educación Infantil e Primaria

CEP Colexio de Educación Primaria

CPI Centro Público Integrado

CPR Centro Privado

CRA Colexio Rural Agrupado

EOI Escola Oficial de Idiomas

ESO Educación Secundaria Obligatoria

CIFP Centro Integrado de Formación Profesional

EEI Escola de Educación Infantil

EEUU Estados Unidos

IFLA Federación Internacional de Asociacións de Bibliotecarios e Institucións

ILE Institución Libre de Enseñanza

LOCE Lei Orgánica de Calidade da Educación

LOE Lei Orgánica de Educación

LOMCE Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa

O Orde

pp. Páxinas

Plambe Plan de mellora de bibliotecas escolares

Plan LIA Plan para a Lectura, Información e Aprendizaxe

RD Real Decreto

